

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL

Sesión do 14 de agosto de 2006

SEÑORES/AS ASISTENTES:

D^a. Corina Porro Martínez
D. José Manuel Figueroa Vila
D^a. Lucía Molares Pérez
D^a. Soledad Polo Lima
D. Antonio Coello Bufill
D. José Manuel Couto Pérez
D^a. Marta Iglesias Bueno

NON ASISTEN:

D. Ignacio López-Chaves Castro.
D. Javier Jorge Guerra Fernández
D. Carlos Comesaña Abalde

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e trinta minutos do día catorce de agosto de dous mil seis e baixo a presidencia da Excm. Alcaldesa, Sra. Porro Martínez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Molares Pérez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están presentes por invitación, o Secretario Xeral do Pleno, Sr. Riesgo Boluda, por ausencia do titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, o xefe de Investimentos, Sr. Suárez Sánchez, por ausencia do interventor xeral e o titular da Asesoría Xurídica, Sr. Rivas Romero.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(1059).- ACTA SESIÓN ORDINARIA DO 26 DE XUÑO DE 2006. Apróbase a acta da sesión ordinaria do día 26 de xuño de 2006. Deberá incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila da Sra. alcaldesa-presidenta.

2(1060).- DAR CONTA DOS CONTRATOS MENORES DO DEPARTAMENTO DE BENESTAR SOCIAL NOS MESES DE MAIO E XUÑO DE 2006. EXPTE. 16691/301.

A técnica de Benestar Social, con data 11 de xullo de 2006, informa do seguinte:

“Cumprindo as instrucións da base 31 das de execución do presuposto en vigor, dáse conta dos expedientes de gasto menor tramitados polo departamento de Benestar Social nos meses de: MAIO e XUÑO de 2006.

DEPARTAMENTO: BENESTAR SOCIAL. FUNCIONAL:3130/MAIO E XUÑO 2006-08-18

DATA	CONCEPTO	PARTIDA	Nº OPERACIÓN	IMPORTE €	TERCEIRO
03.05.06	SERVIZO VIAXES EN BARCO PARA MAIORES	2260804	200600019296	11.925,00	VIAJES MARSANS
05.05.06	APLICACIONES INFORMÁTICAS	2270600	200600019738	11.954,32	AULA INFORMATICA DE GALICIA
09.05.06	PREVENCIÓN DRO-GODEPENDENZAS	2270608	200600019896	15.000.00	KARMA

Fago constar que no período anterior á data de remisión á Comisión informativa de Control da Contratación, a relación comprende a totalidade dos contratos concertados polo Servizo, sen omisión ningunha.”

A Comisión de Control da Contratación, en sesión do 21 de xullo, quedou enterada do anterior.

A Xunta de Goberno Local queda enterada.

3(1061).- CONCESIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR. EXPTE. 1/1730.

Examinadas as actuacións o expediente, de acordo co informe proposta de data 8 de agosto de 2006 do xefe do Sector de Acción Social, conformado pola Delegada da área de Participación Cidadá, a Xunta de Goberno Local acorda:

Conceder a prestación do Servizo de Axuda no Fogar a D^a Angeles Calvo Antón.

4(1062).- DENEGACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR. EXPTE. 3/1470.

Examinadas as actuacións o expediente, de acordo co informe proposta de data 8 de agosto de 2006 do xefe do Sector de Acción Social, conformado pola Delegada da área de Participación Cidadá, a Xunta de Goberno Local acorda:

Denegar a prestación do Servizo de Axuda no Fogar a D^a Araceli Otero Vázquez.

5(1063).- CONCESIÓN DO SERVIZO DE CENTRO DE DÍA. EXPTE. 11/111.

Examinadas as actuacións o expediente, de acordo co informe proposta de data 3 de agosto de 2006 do xefe do Sector de Acción Social, conformado pola Delegada da área de Participación Cidadá, a Xunta de Goberno Local acorda:

Conceder a prestación do Servizo de Centro de Día a D^a María Rodríguez Fernández.

6(1064).- CONVENIO DE COLABORACIÓN CONCELLO DE VIGO-R.C. CELTA DE VIGO, SAD-TROFEO CIDADE DE VIGO DE FÚTBOL 2006. EXPTE. 6227/333.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 14.06.06, o informe de fiscalización do 31.07.06 e de acordo co informe-proposta do director deportivo do IMD do 3.08.06, conformado pola concelleira delegada da Área de Promoción Económica e Desenvolvemento Local, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar o proxecto de convenio para a celebración do Trofeo Cidade de Vigo de Fútbol 2006, entre o Concello de Vigo e o R.C.Celta de Vigo, que de seguido se transcribe.

2º.- Aprobar o gasto de 100.000 euros a favor da entidade R.C.Celta de Vigo CIF:G-36609105, consonte co convenio que se achega con cargo á partida 4521.470.00.00 do vixente orzamento.

Así mesmo a Xunta de Goberno local condiciona esta subvención a que a celebración do trofeo se realice, en todo caso, na cidade de Vigo.

CONVENIO EXCMO. CONCELLO DE VIGO-REAL CLUB CELTA DE VIGO SAD, PARA A CELEBRACIÓN DO TROFEO CIDADE DE VIGO DE FÚTBOL 2006.

En Vigo, a de de 2006.

REUNIDOS

Dunha parte: D^a. Corina Porro Martínez, Alcaldesa-presidenta do Excmo. Concello de Vigo.

Doutra parte: D. Carlos Mourino Atanes, presidente do R.C.Celta, S.A.D , cif: A-36609105

MANIFESTAN QUE

Que en aras do interese deportivo que para a cidade de Vigo ten a realización do Trofeo Cidade de Vigo de Fútbol, que cun grande éxito e tradición vense celebrando, o Excmo. Concello de Vigo e o Real Club Celta de Vigo, SAD, conveñen a realización do devandito evento no ano 2006, nos seguintes termos

ESTIPULACIÓNS

PRIMEIRA: A lexislación aplicable a este convenio é a que sinala o artigo 5 la LXS, que se refire o réxime xurídico das subvencións, do que resulta a seguinte normativa configuradora do réxime xurídico destas subvencións: Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, co carácter básico e supletoria que resulta da súa disposición final primeira; a normativa autonómica sobre subvencións; o Real Decreto 2225/1993, de 17 de decembro, polo que se aproba o Regulamento do procedemento para a concesión de subvencións públicas, en canto non se opoña ó establecido na LXS; as normas de desenvolvemento da LXS que se aproben, nos termos da súa aprobación; as Bases de execución do orzamento do Concello de Vigo para o ano 2006; as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

En canto a subcontratación das actividades subvencionadas estarase conforme o establecido no artigo 29 da LXS.

Por outra banda o Real Club Celta é a única entidade que ten capacidade organizativa para desenvolver o Torneo Cidade de Vigo de Fútbol 2006, polo que non cómpre aplicar os principios de publicidade e concorrencia.

O R.C. Celta de Vigo para obter a condición de beneficiario deberá reunir os requisitos establecidos no artigo 13 de LXS.

SEGUNDA: O Excmo. Concello de Vigo comprométese a:

2.1.- Autorizar a organización do Trofeo Cidade de Vigo de Fútbol ao Real Club Celta de Vigo, SAD, para a celebración do mesmo no ano 2006.

2.2.- A cesión das instalacións municipais necesarias para a celebración do dito evento na data indicada.

2.3.- Aboar o Real Club Celta de Vigo, SAD, a cantidade de 100.000 €, con cargo á partida 4521.470.00.00 do orzamento da Concellería de Deportes. Este pagamento realizarase á entidade Real Club Celta de Vigo, SAD nun ingreso único na conta bancaria estipulada ao efecto. O pagamento realizarase tralo informe técnico do servizo de Deportes de que se desenvolveu a actividade. O Servizo de deportes a través do seu servizo técnico controlará o correcto desenvolvemento da actividade. A xustificación da subvención farase consonte co disposto na Lei LXS.

2.4.- A xustificación da subvención, por parte do R.C. Celta, farase en forma de conta xustificativa, ao abeiro do previsto no artigo 30 da Lei 38/2003 LXS, acreditándose os gastos realizados mediante facturas e demais documentos de valor probatorio equivalente. A presentación da conta debera realizarase nun prazo máximo de 3 meses dende o remate da actividade subvencionada.

TERCEIRA.- O Real Club Celta de Vigo, SAD asume as seguintes obrigas:

3.1.- Organizar o Trofeo Cidade de Vigo de Fútbol 2006, asumindo a responsabilidade da boa marcha do mesmo.

3.2.- En toda a publicidade do evento figurará o logo do Concello de Vigo-Concellería de Deportes.

3.3.- O Real Club Celta de Vigo, SAD, porá a disposición da Concellería de Deportes as invitacións que sexan precisas para a promoción o evento na Cidade.

3.4.- Todos os medios de promoción e difusión, deberán de empregar o Galego coma idioma oficial do evento.

3.5.- Asumir tódalas responsabilidades derivadas da organización do evento.

3.6.-Cumprir tódalas normas establecidas no clausurado do convenio.

3.7.- Responder da veracidade dos datos da solicitude.

3.8.- Remitir a conta xustificativa e demais documentos esixidos neste Convenio ao Concello de Vigo-Concellaría de Deportes, con carácter previo ao pagamento do mesmo, e sempre nun prazo máximo de tres meses a contar dende a finalización do evento a subvencionar.

CUARTA: A Concellería de Deportes aportará os medios necesarios para a coordinación das necesidades derivadas do cumprimento do presente convenio, así como o seguimento das tarefas de organización.

A aceptación por parte da R.C. Celta de Vigo, implica as obrigas derivadas da normativa sobre axudas e subvencións a entidades deportivas.

O órgano instructor poderá solicitar maior información ou verificar calquera aspecto relacionado coa solicitude subvencionada.

Unha vez concedidas as subvencións, o Concello de Vigo a través dos seus servizos municipais, poderá comprobar o correcto destino da subvención, procedendo de se lo caso, á revogación da subvención outorgada e a inhabilitación da entidade, para os efectos de non poder volver a solicitar axudas do Concello de Vigo.

A concesión da subvención implica a aceptación por parte dos adjudicatarios das obrigas sinaladas no dito artigo 14 da LXS.

QUINTA: O seguimento da execución deste Convenio será realizado pola Concellería de Deportes do Excmo. Concello de Vigo, comprometéndose o Real Club Celta de Vigo, SAD a facilitar o dito labor, debendo o técnico encargado, de emitir Certificación da realización do evento, previa ao pagamento da cantidade sinalada na disposición 2.3.

SEXTA: A vixencia do presente convenio é para a realización da edición do ano 2006 do Trofeo Cidade de Vigo.

SETIMA: A concelleira-delegada da Area de Promoción Económica e Desenvolvemento Local queda facultada para solucionar posibles controversias derivadas da execución e interpretación do convenio.

OITAVA: As causas de reintegro da subvención serán as que se determinan no artigo 37 da LXS.

NOVENA: A entidade R. C. Celta de Vigo, debera comunicar o Concello de Vigo calquera subvención que reciba para a organización do Torneo Cidade de Vigo de Fútbol 2006.

7(1065).- DAR CONTA DOS EXPEDIENTES DE CONTRATACIÓN TRAMITADOS POLO RÉXIME DE GASTO MENOR, NO SERVIZO DE FESTAS E ANIMACIÓN SOCIOCULTURAL NO MES DE XULLO DE 2006. EXPTE. 2000/335.

Dase conta dos seguintes expedientes de contratación tramitados polo réxime de gasto menor no Servizo de Festas e Animación Sociocultural no mes de xullo de 2006:

EXPTE. 1978/335. CONTRATACIÓN DA ACTUACIÓN DA CORAL CASABLANCA. FESTAS DO CRISTO DA VITORIA.

DECRETO CONCELLEIRO DATA: 09-07-06

INFORME INTERVENCIÓN: RC. 33100

ADXUDICATARIO: CÍRCULO CULTURAL MERCANTIL E INDUSTRIAL DE VIGO

IMPORTE: 6.000,00 €

EXPTE. 1981/335. RESERVA DE CRÉDITO PARA ATENDER OS GASTOS VARIOS OU IMPREVISTOS DERIVADOS DA PROGRAMACIÓN DAS FESTAS DO CRISTO DA VITORIA.

DECRETO CONCELLEIRO DATA: 09-07-06

INFORME INTERVENCIÓN: RC. 33102

ADXUDICATARIO: VARIOS

IMPORTE: 12.000,00 €

EXPTE. 1987/335. CONTRATACIÓN DA ORGANIZACIÓN E SEGUIMENTO DA XI EDICIÓN DO MARATÓN FOTOGRÁFICO. FESTAS DO CRISTO DA VITORIA.

DECRETO CONCELLEIRO DATA: 12-07-06

INFORME INTERVENCIÓN: RC. 34359

ADXUDICATARIO: AGRUPACIÓN FOTOGRÁFICA GALEGA

IMPORTE: 6.000,00 €

EXPTE. 1988/335. CONTRATACIÓN DO CICLO DE CINE AO AIRE LIBRE REALIDADE 2006.

DECRETO CONCELLEIRO DATA: 17-07-06

INFORME INTERVENCIÓN: RC. 34358

ADXUDICATARIO: PRODUCCIÓN E XESTIÓN CULTURAL, S.L.

IMPORTE: 11.948,00 €

EXPTE. 1980/335. RESERVA DE CRÉDITO ASISTENCIA TÉCNICA PARA SERVIZOS DE INSPECCIÓN, CONTROL DE ADECUACIÓN E MANTEMENTO DAS INSTALACIÓNS DO AUDITORIO AO AIRE LIBRE DE CASTRELOS, DURANTE AS FESTAS DO CRISTO DA VITORIA.

DECRETO CONCELLEIRO DATA: 09-07-06

INFORME INTERVENCIÓN: RC. 33103

ADXUDICATARIO: PRODUCCIÓN E XESTIÓN CULTURAL, S.L.

IMPORTE: 11.610,59 €

A Xunta de Goberno queda enterada.

8(1066).- BASES DE CONVOCATORIA DE SUBVENCIONS PARA ACTIVIDADES SOCIOCULTURAIS REALIZADAS DURANTE O EXERCICIO 2006 DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 2002/335.

Examinadas as actuacións do expediente, de acordo co informe-proposta da técnica do Servizo de Festas e Animación Sociocultural de data 31 de xullo, conformado polo concelleiro delegado, co selo do “intervido e conforme” do interventor xeral de data 4 de agosto, a Xunta de Goberno acorda:

1.- Aprobar as bases, que se achegan no expediente, de convocatoria de subvencións para actividades socioculturais realizadas durante o exercizo 2006.

2.- Autorizar un gasto por un importe total de 95.000 euros con cargo á partida 451.2.489.00.00 do programa presupostario de Festas e Animación Sociocultural para o vixente exercizo, para atender as solicitudes presentadas ó abeiro desta convocatoria.

*PROPOSTA DE CONVOCATORIA DE SUBVENCÍONS PARA ACTIVIDADES
SOCIOCULTURAS REALIZADAS DURANTE O EXERCICIO 2006 DO CONCELLO DE VIGO.*

Primeiro.-

En virtude do establecido no artº 28 da Lei de Bases do Réximen Local e disposicións concordantes, a Concellaría de Festas e Animación Sociocultural do Concello de Vigo convoca a concesión de subvencións en réxime de concurrencia competitiva destinadas a programas e actividades de ámbito sociocultural que se realicen con carácter público en Vigo durante o exercizo do 2006.

Segundo

A contía da presente convocatoria ascende a 95.000 €, con cargo á partida 451.2.489.00.00 (transferencias a entidades sen ánimo de lucro) do programa orzamentario de Festas e Animación Sociocultural.

Terceiro.-

O prazo para a presentación de solicitudes será de 20 días naturais dende a súa publicación no Diario Oficial da Provincia de Pontevedra.

Cuarto.-

As solicitudes presentaránse no Rexistro Xeral do Concello de Vigo, no modelo que se engade como Anexo II, xunto coa documentación requirida nas bases destas subvencións, que se atopan no taboleiro municipal e na web do Concello de Vigo (www.vigo.org).

Quinto.-

O prazo para a execución das actividades subvencionables será ata o 31 de decembro de 2006.

Sexto.-

Aprobanse as Bases que se relacionan no Anexo I e que rexerán a convocatoria de subvencións destinadas a programas e actividades de ámbito sociocultural, dentro do marco xurídico definido na Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións.

ANEXO I

BASES QUE REXIRAN AS CONVOCATORIAS DE SUBVENCÍONS PARA ACTIVIDADES
SOCIOCULTURAS

PRIMEIRA .- OBXECTIVO

A presente convocatoria pública de subvencións terá como principais obxectivos:

1.- Apoiar os programas e actividades socioculturais realizados por entidades ou particulares que complementen a programación e os servizos municipais neste ámbito e que se realicen con carácter público en Vigo. Subvencionaranse como máximo tres proxectos por solicitante.

2.- Favorecer o desenvolvemento de programas e actividades que contribúan á recuperación ou potenciación das tradicións locais no ámbito cultural e festivo.

3.- Estimular a participación da cidadanía e dos diversos axentes socioculturais locais.

SEGUNDA.- TIPOLOXÍAS

Os programas e actividades subvencionables deberán encadrarse dentro das seguinte tipoloxías:

- 1.- Programas socioculturais xerais.
- 2.- Programas socioculturais específicos: música, teatro, danza e artes plásticas.
- 3.- Festas populares e tradicionais.

TERCERA.- BENEFICIARIOS:

1.- Poderán ser beneficiarios destas subvencións:

- a) As asociacións, comisións de festas e outras realidadeas asociativas sen ánimo de lucro, que figuren inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións a data de presentación da solicitude e que teñan a súa sede social ou delegación no termo municipal de Vigo, que teñan capacidade para levar a cabo as actividades subvencionables.
- b) As persoas físicas con domicilio no termino municipal de Vigo e que se atopen empadroadas no Concello, que teñan capacidade para levar a cabo as actividades subvencionables.

2.- Non poderán acollerse a estas bases de convocatoria os seguintes tipos de solicitantes:

- a) As asociacións e entidades exclusivamente deportivas de carácter federado.
- b) As persoas físicas e xurídicas con ánimo de lucro
- c) As administracións públicas, así como as entidades ou departamentos que dependan directa ou indirectamente delas, orgánica ou orzamentariamente.

CUARTA: CRITERIOS DE VALORACIÓN.

1.- As solicitudes de subvención poderán ser desestimadas con base en:

- a) Que a entidade solicitante e o proxecto de programación teña unha relación máis específica con outras áreas do Concello: deportivo, benéfico-social, educativo, promoción turística, xuvenís, muller, medio ambiente...
- b) Que o proxecto inclúa actividades docentes previstas nos planos de ensino vixentes, as propias dos clubs deportivos ou as de carácter político e doutrinal de signo partidario ou confesional.
- c) Que o proxecto inclúa os gastos xerais das entidades ou persoas solicitantes relativos á administración, xestión, funcionamento, adquisición de patrimonio, investimentos e equipamento, mantemento ou alugamento do local social.
- d) Que a solicitude se presente fóra do prazo estipulado nas presentes bases, calquera que sexa a causa do retraso.
- e) Que a entidade non presente a documentación requirida e nos prazos estipulados nas presentes bases, ou non cumpra os requisitos esixidos.
- f) Que se considere que o proxecto de programación non reúne unhas condicións mínimas de interese, baseándose nos criterios de adxudicación estipulados anteriormente.
- g) Que a entidade solicitante que non hubiera presentado xustificación algunha da subvención concedida na convocatoria do ano 2005 no prazo establecido nas bases.

2.- Os criterios que se analizarán para a concesión das subvencións terán en conta a adaptación do proxecto aos fins perseguidos polas presentes bases. Subvencionaranse como máximo tres proxectos por solicitante. Puntuaranse ata un máximo de 24 puntos, sendo a valoración individual de cada criterio a seguinte:

- a) Calidade do proxecto e adecuación ós obxectivos recollidos na cláusula primeira das bases: 9 puntos.
- b) Características do proxecto: ámbito de aplicación, sector e número de poboación beneficiaria, interese sociocultural, incorporación de actividades innovadoras: 6 puntos
- c) Formas de financiamento dos proxectos e achegas económicas dos solicitantes, patrocinios, etc.. Valorarase o maior investimento de recursos propios do solicitante nos distintos proxectos presentados, así como a infraestrutura, equipamento e recursos con que conta a entidade para o devolvemento do proxecto: 3 puntos
- d) Antigüidade e posibilidades de continuidade do programa ou actividade en anos sucesivos. Experiencia acreditada na realización de propostas de similar natureza á que se presenta. 3 puntos
- e) Os resultados obtidos polos solicitantes en anteriores subvencións outorgadas polo Concello de Vigo. 3 puntos.

QUINTA: PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES. PRAZO E DOCUMENTACIÓN.

1.- As solicitudes de subvención dirixiranse a Ilma. Sra. alcaldesa e presentaranse a través do Rexistro Xeral do Concello ou por calquera dos procedementos establecidos no art. 38.4 da Lei 4/1999 do 13 de xaneiro, de modificación da Lei 30/1992 do 26 de novembro de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, mediante a presentación da solicitude de subvención, nos impresos normalizados.

Durante todo este período e co obxecto de garantir a igualdade de oportunidades e a concorrencia, as bases serán publicadas nos medios de comunicación local e atoparanse expostas no taboleiro de anuncios da Casa do Concello e no Rexistro Xeral, ademais de darlle cumprida publicidade á convocatoria na prensa local.

2.- Será imprescindible presentar a solicitude de subvención cuberta en todos os Modelos que figuran no Anexo II (solicitude, proxecto/s de programación/s e ficha xeral da entidade), e achegar a seguinte documentación :

- a) Fotocopia compulsada do CIF ou NIF das ou dos solicitantes, segundo proceda.
- b) Certificación bancaria: incluírá o/a titular e o número de conta, nome da entidade e enderezo completo.
- c) Certificacións de estar ó corrente nos pagamentos ó Concello de Vigo, Seguridade Social, Consellería de Facenda da Xunta e Axencia Estatal de administración Tributaria.
- e) Orzamento detallado de gastos e ingresos do proxecto presentado.
- f) Declaración responsable de que a entidade peticionaria non se atopa incurso en ningunha das circunstancias a que se refire o artigo 13 da Lei 38/2003 de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, e polo tanto, cumpre todos e cada un dos requisitos que a mesma esixe para obter a condición de beneficiaria.

1. A mera presentación da solicitude suporá que o/a solicitante coñece e acepta as presentes bases de convocatoria.

2. A mera presentación da solicitude suporá que o/a solicitante coñece e acepta as presentes bases de convocatoria. A mera presentación da solicitude suporá que o/a solicitante coñece e acepta as presentes bases de convocatoria.

SEXTA.- TRAMITACIÓN, PROCEDEMENTO DE CONCESIÓN E XESTIÓN DAS SUBVENCIÓNS.

1.- A instrución do procedemento de concesión das subvención convocadas correspóndelle o departamento de Festas e Animación Sociocultural.

2.- Recibidas as solicitudes, procederase ó estudio destas e da documentación que debe de acompañalas. Se a solicitude, documentación e información presentada non reúne os requisitos esixidos nestas bases, o/a interesado/a será requirido/a para que no prazo de dez días, que se contarán dende a recepción da notificación, corrixa as faltas e achegue os documentos preceptivos, con indicación de que, de non facelo así, se desestimarán a súa petición, que se arquivará sen máis trámites ó abeiro do disposto no artigo 71 da Lei 30/1992.

3.- Rematada a instrución do expediente, este será remitido a Comisión de Avaliación, integrada polo concelleiro delegado de Festas e Animación Sociocultural que actuará como presidente, a técnica do departamento de Festas e Animación Sociocultural e o asesor xurídico da Area.

4.- A valoración individual das subvencións determinarase procedendo primeiro á exclusión das solicitudes a que se refire o Párrafo 1º da Base Cuarta e valorando as restantes solicitudes, conforme o establecido no Párrafo 2º da mesma Base.

5.- A resolución de solicitudes de subvención será competencia da Xunta de Goberno Local, por proposta da Comisión de Avaliación da Concellaría de Festas e Animación sociocultural.

6.- As subvencións outorgadas polo concello ós proxectos presentados ó abeiro desta convocatoria non poderán exceder do 50% do custo definitivo da actividade á que se aplique.

SÉTIMA.- OBRIGACIONS:

1.- Os/as solicitantes de subvencións quedan obrigados/as a:

- a) Cumprir todas as estipulacións establecidas nestas bases e no marco xurídico definido na Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións.
- b) Asumir as responsabilidades que poidan derivarse da realización dos programas e actividades.
- c) Solicitar e dispor dos permisos e autorizacións necesarios para o desenvolvemento das actividades.
- d) Aboar as taxas, impostos, dereitos de autor e todos os demais gastos derivados da realización das actividades para as que se solicita a subvención .
- e) Estar ó corrente nos pagamentos ó Concello de Vigo, así como nos das restantes obrigas tributarias e coa Seguridade Social, de ser o caso.

- f) Responder legalmente da veracidade dos datos expostos na solicitude e na documentación presentada.
- g) Comunicar calquera eventualidade, no momento en que se produza, na programación, desenvolvemento ou finalización de actividade subvencionada.
- h) Someterse o seguimento, control e comprobación de execución das actividades obxecto da subvención que estime procedente levar a cabo a Concellaría de Festas e Animación Sociocultural, segundo o disposto no art. 46 da Lei 38/2003 do 17 de novembro xeral de subvencións.
- i) Informar e publicitar as actividades subvencionadas, facendo constar nun lugar destacado da publicidade das actividades e programas subvencionados, a participación da Concellaría de Festas e Animación Sociocultural do Concello de Vigo, mediante a inclusión do seu logotipo e anagrama.
- j) Se no financiamento interveñen outras entidades distintas do Concello de Vigo, a prelación en orde e tamaños será proporcional á contía achegada por cada unha delas.
- k) A lingua que se empregará, nos distintos soportes de difusión da actividade, será o galego dentro do ámbito territorial de Galicia; a Concellaría de Festas e Animación Socio-Cultural estudiará cál sería a lingua que empregar para a difusión noutros ámbitos territoriais. En todo caso, actuaríase conforme á Ordenanza de normalización lingüística do Concello de Vigo.

OITAVA.- COMPATIBILIDADE

A concesión de subvencións ó abeiro da presente convocatoria será compatible con outras outorgadas para a mesma finalidade por outras administracións públicas, sempre que o seu importe global das mesmas non supere o custo total do programa ou actividade obxecto da subvención.

NOVENA.- PAGAMENTO E XUSTIFICACIÓN

1.- O pagamento das subvencións efectuarase mediante transferencia bancaria e tramitarase unha vez rematadas as actividades ou programas obxecto da subvención, tras a presentación a través do Rexistro Xeral da seguinte documentación xustificativa:

- a) Solicitude de liquidación da subvención concedida.
- b) Memoria-avaliación da actividade ou programa subvencionado, que deberá incluír como mínimo os seguintes datos:
 - Datos sobre os participantes na actividade: número, perfil, etc.
 - Explicación detallada do desenvolvemento da actividade.
 - Memoria de prensa.
 - Relación detallada de ingresos e gastos.
- c) Balance económico das actividade

Gastos: Facturas orixinais polo importe subvencionado e fotocopia compulsada de facturas ata un importe equivalente ó dobre da subvención concedida. Neste sentido, non se admitirán facturas duplicadas, nin aquelas que non reúnan as condicións esixidas polo art. 6 do R.d. 1496/2003 polo que se regula o deber de expedir e entregar facturas que incumben a empresarios e profesionais.

Os efectos do pago da subvención polo Concello considerárase gasto realizado o que fose efectivamente acreditado con calquer documento de validez xurídica con anterioridade á finalización do período de xustificación determinado nesta convocatoria e respondan á natureza da actividade subvencionada.

*Ingresos.- Detalle das contías ingresadas por todos os tipos de conceptos: contribución económica da entidade beneficiaria da subvención ; contías das subvencións recibidas de institucións; achegas económicas doutros patrocinadores; ingresos diversos, contías e procedencia.

- d) Cinco (5) exemplares de impresos publicitarios realizados con motivo da actividade subvencionada; en caso de non terse editado ningún material publicitario, deberá indicarse este extremo.
- e) Calquera outro que sexa solicitado polo Concello.

2.- A solicitude de pagamento das subvencións concedidas deberá terse presentada no Rexistro Xeral do Concello con data límite de 10 de decembro.

3.- Procedera, por razóns xustificadas, o dereito ao cobro parcial e redución da subvención no caso da non execución dalgunha das actividades previstas no proxecto ou incumprimento dalgunha das obrigas do beneficiario. A resolución da redución das axudas será competencia da Concelleira/o Delegado de Festas e Animación Sociocultural. Asemade, reduciráse a subvención cando os gastos xustificadas fosen inferiores a os subvencionados, ou se obtúvesen ingresos superiores a os previstos

DÉCIMA- REVOGACIÓN, RENUNCIA, REINTEGRO E RÉXIME SANCIONADOR

1. *Procede a revogación das subvencións concedidas en caso de:*

a) *Incumprimento por parte do/a beneficiario/a das subvencións de calquera das obrigas, requisitos, condicións e demais circunstancias que produciron o seu outorgamento, así como a variación da finalidade da actuación, a insuficiente xustificación do proxecto, ou obtención concurrente doutras axudas compatibles ou incompatibles dará lugar a revogación parcial ou total da subvención e a obriga do reintegro das cantidades percibidas máis o correspondentes xuros de demora dende o momento do seu pago, sen menoscabo das sancións que, no seu caso, resulten esixíbeis.*

b) *A non xustificación da subvención no prazo concedido.*

2. *O beneficiario poderá renunciar voluntariamente a subvención, reintegrando, no seu caso, o importe percibido, nas condicións que establece a normativa legal de aplicación. A renuncia soamente poderá admitirse no prazo de tres meses a contar dende a notificación definitiva do outorgamento da axuda, no caso contrario procederá a anulación por incumprimento, coa conseguinte esixencia das responsabilidades que dela se deriven.*

3. *Tanto as causas coma o procedemento de reintegro, infraccións e sancións rexeráse polas disposicións xerais sobre procedementos administrativos contidas no Título VI da Lei 30/1992, do 26 de novembro LRX-PAC, sen prexuízo das especialidades que se establecen na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e disposicións de desenvolvemento.*

4.- *Os beneficiarios das subvencións quedarán sometidas ás prescricións que en materia de control financeiro, reintegro e réxime sancionador por infraccións administrativas en materia de subvencións, establece a Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.*

DÉCIMO PRIMEIRA.- PUBLICIDADE

As subvencións concedidas publicaranse no Boletín Oficial da Provincia, se o importe da subvención individualmente considerado, supera os 3.000 euros, ou no taboleiro de anuncios da entidade local nos restantes casos. En ambos casos expresarase o beneficiario, a candidade concedida e a finalidade da subvención.

DECIMO SEGUNDA.-SEGUIMIENTO, CONTROL E INSPECCION.

O Concello de Vigo, polos medios que estime oportunos e conforme a Lei xeral de subvencións, comprobará a realización das actividades e o cumprimento dos requisitos e condicións baixo os cales se concedeu a axuda.

DECIMO TERCEIRA.- DISPOSICIÓN FINAIS

1.- *O Concello de Vigo quedará exento de calquera responsabilidade civil, mercantil, laboral ou calquera outra derivada das actuacións á que están obrigadas as persoas ou entidades destinatarias das subvencións outorgadas.*

2.- *En todo aquilo non previsto na presente convocatoria estarase ó establecido nas disposicións legais vixentes aplicables en materia de subvencións.*

ANEXO II

Modelos para a

SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN PARA ACTIVIDADES SOCIOCULTURAIS 2006

A.- Datos da persoa solicitante ou representante da entidade:

1º APELIDO	2º APELIDO	NOME			
CARGO NA ENTIDADE					
ENDEREZO:RÚA, PRAZA...			Nº	PISO	LETRA
LOCALIDADE		NIF		TELÉFONO	

B.- Datos da entidade:

DENOMINACIÓN				
ENDEREZO:RÚA, PRAZA...		Nº	PISO	LETRA
LOCALIDADE		C. POSTAL		
NIF ou CIF		TELÉFONO		FAX
IMPORTE TOTAL SOLICITADO:				

Vigo, de de 2006
Sinatura do/a solicitante

ILMA. SRA. ALCALDESA-PRESIDENTA DO EXCMO. CONCELLO DE VIGO

ANEXO III

PROXECTO DE ACTIVIDADE
(cubrir un para cada actividade proposta, MÁXIMO TRES PROXECTOS)

1. DENOMINACIÓN DA ACTIVIDADE

--

2. BREVE DESCRICIÓN

Lugar: _____
Destinatarios: _____
Características e obxectivos: _____

3. TEMPORALIDADE

<i>Data de inicio</i>	<i>Data de remate</i>	<i>Horario/s</i>

4. ORZAMENTO E FINANCIACIÓN

<i>CUSTO TOTAL DA ACTIVIDADE</i>	<i>EUROS</i>
<i>Contribución da entidade</i>	
<i>Subvención solicitada ó CONCELLO</i>	
<i>Subvencións solicitadas a outras administracións</i>	
<i>Outras achegas (empresas, cotas, etc.)</i>	

ANEXO IV

FICHA XERAL DA ENTIDADE SOLICITANTE

DENOMINACIÓN DA ENTIDADE

--

1.1 *Nº de asociados Nº Rexistro Xeral Asociacións Núm Rexistro Mpal. Asociacións*

--	--	--

FINS E OBXECTIVOS XERAIS

--

SERVIZOS PRESTADOS POLA ENTIDADE

<i>ÁS E ÓS ASOCIADOS</i>	<i>ÁS E ÓS NON ASOCIADOS</i>

RESUMO DAS ACTIVIDADES REALIZADAS NO ANO 2005

--

ANEXO V

DECLARACION RESPONSABLE

D/Dª _____ con DNI _____

En representación de _____ con relación á convocatoria de subvencións para actividades socioculturais realizadas durante o exercicio 2006.

DECLARO BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE

Que a entidade peticionaria á que representa non se atopa incurso en ningunha das circunstancias a que se refire o artigo 13 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, e polo tanto, cumpre todos e cada un dos requisitos que a mesma esixe para obter a condición de beneficiaria.

En Vigo, a _____ de _____ de 2006
(sinatura e selo)

EXCMA. SRA. ALCALDESA DO EXCMO. CONCELLO DE VIGO.

9(1067).- APROBACIÓN DAS NORMAS PARA A MATRÍCULA NA ESCOLA MUNICIPAL DE DANZA E PERCUSIÓN TRADICIONAL NO CURSO 2006-7. EXPTE. 2008/335.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da técnica do Servizo de Festas do 21.08.06, conformado pola concelleira da Área de Promoción Económica, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar as normas e a oferta de prazas para a matrícula nas ensinanzas na Escola Municipal de Danza e Percusión Tradicional no curso 2006-07, que se achegan no expediente.

2º.- Facultar ao concelleiro de Festas e Animación Sociocultural para resolver as solicitudes de inscrición e as posibles modificacións que se precisen nas seccións da Escola Municipal de Danza. e Percusión Tradicional.

OFERTA DE PRAZAS PARA O CURSO 2006-2007

A Escola Municipal de Danza e Percusión Tradicional impartirá ensinanzas de danza popular da tradición galega, dirixida a afeccionados sen limitación de idade.

1.- ÁMBITO FORMATIVO "MÚSICA E MOVEMENTO".

Está dirixido aos alumnos de catro a oito anos. O ensino integrado de música e movemento realizarase en grupo e organizarase en dous niveis de dous cursos de duración cada un deles.

☐ 4-6 ANOS.

NIVEL DE "INICIACIÓN".

NÚMERO DE ALUMNOS/GRUPO.- Máximo de 12 alumnos/grupo.

NÚMERO DE GRUPOS NO NIVEL.- 4 grupos.

NÚMERO DE ALUMNOS.- 48 alumnos.

HORARIO.- Unha sesión semanal de 90 minutos para cada grupo.

Grupo 1.- MÉRCORES; de 17,30 a 19,00 horas.

Grupo 2.- MÉRCORES; de 17,30 a 19,00 horas.

Grupo 3.- MÉRCORES; de 17,30 a 19,00 horas.

☐ 6-7 ANOS.

NIVEL DE "FORMACIÓN BÁSICA".

NÚMERO DE ALUMNOS/GRUPO.- Máximo de 15 alumnos/grupo.

NÚMERO DE GRUPOS POR NIVEL.- 4 grupos, como máximo.
NÚMERO DE ALUMNOS.- 60 alumnos.
HORARIO.- Unha sesión semanal de 90 minutos para cada grupo.
Grupo 1.- VENRES; de 18,30 a 20,00 horas.
Grupo 2.- VENRES; de 18,30 a 20,00 horas.

2.- ÁMBITO FORMATIVO DE "DANZA".

Ensinanzas dirixidas a alumnos que teñan, como mínimo, 8 anos de idade. Para estas ensinanzas non se establece límite máximo de idade.

O agrupamento do alumnado farase en función das idades correspondentes ós ciclos do ensino obrigatorio (8-9,10-11,12-13,14-15 anos); para cada ciclo determínanse dous cursos.

A partir dos 16 anos o agrupamento do alumnado queda a criterio da dirección da Escola Municipal de Danza.

□ 8-16 ANOS.

NIVEIS "DANZA PARA ESCOLARES".

NÚMERO DE ALUMNOS/GRUPO.- Máximo de 20 alumnos/grupo.

NIVEIS.- a) 8-9 anos; b) 10-11 anos; c) 12-13 anos; d) 14-15 anos.

NÚMERO DE GRUPOS.- 10 grupos.

NÚMERO DE ALUMNOS.- 200 alumnos.

HORARIO.- Dúas sesións semanais de 60 minutos para cada grupo.

Grupo 1 (8-9 anos).- MARTES e XOVES de 19,00 a 20,00 horas.

Grupo 1 (10-11 anos).- MARTES e XOVES de 19,00 a 20,00 horas.

Grupo 2 (10-11 anos).- MARTES e XOVES de 19,00 a 20,00 horas.

Grupo 1 (12-13 anos).- LUNS E MÉRCORES DE 19,00 a 20,00 horas.

Grupo 1 (14-15 anos).- LUNS E MÉRCORES DE 19,00 a 20,00 horas.

□ MÁIS DE 16 ANOS, SEN LÍMITE DE IDADE.

NIVEIS DE "DANZA XUVENIL E DE ADULTOS".

CURSOS.- Cada nivel desenvolverá o 1º curso e o 2º curso. Cada curso poderá incluír só alumnos da mesma idade ou ben alumnos de distinta idade.

NÚMERO DE ALUMNOS/GRUPO.- Máximo de 20 alumnos/grupo.

NÚMERO DE GRUPOS.- 3 grupos no nivel de "Danza xuvenil e de adultos".

NÚMERO DE ALUMNOS.- 60 alumnos.

HORARIO.- Dúas sesións semanais de unha hora cada unha.

Grupo 1.- LUNS E MÉRCORES DE 20,00 a 21,00 horas.

Grupo 2.- LUNS E MÉRCORES DE 20,00 a 21,00 horas.

Grupo 3.- LUNS E MÉRCORES DE 21,00 a 22,00 horas.

Grupo 4.- LUNS E MÉRCORES DE 21,00 a 22,00 horas.

Grupo 5.- LUNS E MÉRCORES DE 21,00 a 22,00 horas.

3.- ÁMBITO FORMATIVO "ENSINANZAS DE PERCUSIÓN TRADICIONAL".

3.1.- Grupo de ensinanzas de instrumentos vencellados á danza tradicional galega (máis de 16 anos).

NÚMERO DE GRUPOS.- 3 grupos.

NÚMERO DE ALUMNOS.- 45 alumnos.

HORARIO.- Unha sesión semanal de unha hora cada unha.

Grupo 1A.- XOVES DE 20,00 A 21,00 horas. INICIACIÓN.

Grupo 1B.- XOVES DE 21,00 A 22,00 horas. PERFECCIONAMENTO.

Grupo 1C.- XOVES DE 18,00 A 19 horas. INICIACIÓN.

3.2.- Grupo de ensinanzas de instrumentos vencellados á danza tradicional galega (de 8 a 15 anos)

NÚMERO DE GRUPOS.- 2 grupos.

NÚMERO DE ALUMNOS.- 30 alumnos.

HORARIO.- Dúas sesións semanais de media hora cada unha.

Grupo 2A.- luns e mércores de 18,30 a 19,00 horas.

Grupo 2B.- Martes e xoves de 18,30 a 19,00 horas.

4.- GRUPOS DE AMPLIACIÓN.-

Hai unha reserva de dous grupos para ampliar no nivel que se precise en función da demanda. O número de alumnos: 40 como máximo. Horario: pendente determinar.

SECCIÓNS DA ESCOLA MUNICIPAL DE DANZA E PERCUSIÓN TRADICIONAL.

9 MÓDULOS

- ❑ *Iniciación (4-5 anos): 3 grupos (máximo 15 alumnos c/u): 36 alumnos.*
- ❑ *Formación básica (5-6 anos): 3 grupos: 45 alumnos.*
- ❑ *“Danza para escolares” (8 a 15 anos): 3 grupos (máximo de 20 alumnos c/u), 60 alumnos.*

LUGARES DE ENSEÑANZAS.-

As seccións do curso 05-06 foron: SEIS DO NADAL-COIA; CEIP FRIÁN-TEIS; E CEIP DOBLADA. Neste curso 2006-2007 as seccións poderían ampliarse aos seguintes centros: CEIP BALAIOS (Balaidos), CEIP CARRASQUEIRA (Coruxo), CEIP O POMBAN (Seijo Lavadores) e CEIP O SELLO (Cabral).

NORMAS PARA A MATRÍCULA DO CURSO 2006-2007

1. REQUISITOS PARA MATRICULARSE NA EMDPT

- a) As persoas beneficiarias das ensinanzas de danza tradicional galega impartidas pola EMDPT estarán empadroadas no Concello de Vigo. Quen non estivo matriculado no curso anterior, deberá acreditarlo mediante VOLANTE DE EMPADROAMENTO, que solicitará no servizo de Estatística do Concello de Vigo e que entregará antes de finalizar o prazo de solicitude de inscrición. No caso do alumnado matriculado no curso anterior non será necesario.*
- b) O alumnado poderá asistir ás clases da EMDPT nas DEPENDENCIAS CENTRAIS (na Casa do Concello-praza do Rei, s/n) ou nas SECCIÓNS. Quen solicite praza nas seccións asistirá ás clases no centro que se lle indique en función da proximidade do seu domicilio ou da dispoñibilidade de prazas para o nivel que lle corresponde pola súa idade.*
- c) Para asistir ás clases aboarase con anterioridade o importe de matrícula correspondente.*

2. PRESENTACION DE SOLICITUDES PARA INSCRICIÓN NA EMD

Todas as solicitudes de ensinanzas na Escola Municipal de Danza presentaranse, en impreso normalizado, nas dependencias da escola situada no soto primeiro do Concello, de luns a venres, de 9 a 13 horas, e os xoves de 17 a 19 horas.

O prazo de solicitude irá dende o día 4 ao 27 de setembro de 2006.

3. CRITERIOS DE ADMISIÓN NA ESCOLA MUNICIPAL DE DANZA

Os criterios para a admisión do alumnado da EMD serán o cumprimento das presentes normas e a dispoñibilidade de prazas no grupo correspondente. As prazas da EMD son limitadas.

4. PAGAMENTO DE MATRÍCULA

O alumnado admitido formalizará o pagamento da matrícula entre os días 2 e 6 de outubro, ambos inclusive. Quen non formalice a matrícula ou non teña aboado o seu importe dentro do prazo establecido poderá perder a súa praza unha vez iniciado o curso.

5. PREZO DA MATRÍCULA

DANZA DE 4 A 7 ANOS: 18.-€ curso completo (1,30 h semanal)
RESTANTES CURSOS DE DANZA: 24.-€ curso completo (2 h semanais)
PERCUSIÓN: 12.-€ curso completo (1 h semanal)

6. CALENDARIO DO CURSO NA EMD

O curso iniciarase o día 9 de outubro de 2006 e rematará o 22 de xuño de 2007; dentro deste período o calendario axustarase ás xornadas festivas e de vacacións establecidas pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria para centros educativos non universitarios.
O primeiro día de clase, o alumnado presentará unha fotografía de tamaño "carné".

7. GRUPOS E HORARIOS.

Na Escola Central o horario de ensinanzas será entre as 17,00 h e as 22,00 h de luns a venres.
Nas seccións os horarios definitivos fixaranse en canto se dispoña da matrícula mínima.
A oferta total da Escola Municipal de Danza é de 34 grupos para varios niveis de formación (inicialmente, 20 para a Escola Central e 14 para as seccións).
A dirección da escola, en función da demanda, propondrá a adscrición do alumnado aos grupos ata que estes se completen. Procurarase a homoxeneidade dos niveis, polo que pode, antes do comezo do curso, modificarse o número de grupos dos distintos ámbitos formativos ou niveis e tamén dos horarios para atender adecuadamente a demanda.

10.- EXPOSICIÓN Ó PÚBLICO DOS PREGOS DE CONDICIÓN ADMINISTRATIVAS PARTICULARES E TÉCNICAS DO CONCURSO PARA A ADXUDICACIÓN DO CONTRATO DE XESTIÓN DE SERVIZO PÚBLICO PARA A CONSTRUCCIÓN E EXPLOTACIÓN DE DÚAS PISCINAS CUBERTAS NAS PARCELAS DO PERI-4 BARREIRO II E NA PRAZA CENTRAL DO POLÍGONO I DO PERI II-12 FLORIDA B. EXPTE. 6322/333.

Examinadas as actuacións do expediente, de acordo co informe proposta de data 4 de agosto de 2006 do Técnico Municipal de Deportes e dada conta á Comisión de Control da Contratación de data 7.08.06, a Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro.- Someter a información pública por un período de UN MES mediante anuncio a publicar no BOP os Pregos de Cláusulas Administrativas e Prescricións Técnicas que no seu caso rexerán no concurso que se convoque para a xestión indirecta (concesión) do servizo público da actividade deportiva mediante a construción e posterior explotación de dúas piscinas cubertas nas seguintes parcelas: Parcela na praza central do polígono 1 do PERI "II-12 A Florida B" e Parcela no PERI 4-Barreiro II. Transcríbense a continuación.

Segundo.- Someter a información pública polo prazo DUN MES mediante anuncio a publicar no BOP o Anteproxecto de explotación e de obras referido á construción de dúas piscinas cubertas nas seguintes parcelas: Parcela na praza central do Polígono 1 do PERI II-12 A Florida B e Parcela no PERI 4-Barreiro II.

PREGO DE CONDICIÓN ADMINISTRATIVAS PARTICULARES DO CONCURSO PARA A ADXUDICACIÓN DO CONTRATO DE CONSTRUCCIÓN E EXPLOTACIÓN DE DÚAS PISCINAS CUBERTAS NAS PARCELAS DO PERI-4 BARREIRO II E NA PRAZA CENTRAL DO POLÍGONO I DE PERI II – 12 A FLORIDA B

CONDICIÓNS XERAIS

1. ANTECEDENTES

O Concello de Vigo ten a intención de promover a construción e explotación de dúas piscinas cubertas nas parcelas do PERI-4 Barreiro II e na Praza Central do Polígono I do PERI II-12 a FLORIDA B en aras do fomento da práctica do deporte da natación no Municipio. A dita finalidade é de interese social, entre outros, en aplicación do artigo 43.3 da Constitución Española.

2. OBXECTO DO PREGO.

Constitúe o obxecto do contrato a que este Prego se refire, a explotación de dúas piscinas cubertas, así como a elaboración do proxecto e construción destas instalacións nas parcelas do PERI-4 Barreiro II e na Praza Central do Polígono I de PERI II -12 A FLORIDA B.

A construción e explotación das instalacións obxecto deste contrato realizaranse baixo o réxime que se determina nestes Pregos.

A ocupación por quen resulte adxudicatario deste concurso realizarase durante o período da concesión a efectos, exclusivamente, do fin específico da mesma.

O chan entrégase como corpo certo, nas condicións nas que se atope no intre en que se adxudique o contrato, non sendo susceptible de reclamación como consecuencia das condicións xeolóxicas e topográficas ou análogas que encarezan a construción.

Revestirán carácter contractual, ademais do presente Prego, o de Condicións Técnicas, o Anteprojecto de Construción, Explotación e os Proxectos Básico Xeral e de Execución, unha vez aprobados polo Concello de Vigo.

Sen prexuízo do anterior, o concesionario quedará obrigado ao cumprimento das disposicións vixentes en materia de lexislación laboral, seguridade social e de prevención de riscos laborais. O incumplimento destas obrigacións por parte de contratista non implicará responsabilidade algunha para esta Administración.

O presente contrato adxudicarase mediante concurso e procedemento aberto en base ao establecido no art. 159.1 do R.D.L. 2/2000, de 16 de xuño, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos das Administracións Públicas.

3. NATUREZA XURÍDICA E RÉXIME XURÍDICO

3.1 Natureza do contrato

O contrato derivado da adxudicación do presente Prego é de natureza administrativa e tipifícase como contrato de xestión de servizo público, que comprende a redacción do proxecto e a execución das correspondentes obras, ao abeiro do previsto no artigo 158.2 do Real Decreto Legislativo 2/2000, de 16 de Xuño, polo que se aproba o TRLCAP.

3.2 Réxime xurídico

1. Trátase dun contrato de xestión de servizo público que comprende a redacción do proxecto e a execución das correspondentes obras e a xestión do servizo público.

2. Rexerase polo presente Prego de Prescricións Administrativas Particulares (en diante tamén, PCAP), polo Prego de Condicións Técnicas (en diante PCT), polo documento formalizador do Contrato que se asine co adxudicatario, e polos distintos anexos que se incorporen nos citados documentos. O presente Prego, o PCT, os seus anexos e o resto de documentos relativos ao concurso revisten carácter contractual e son de obrigado cumprimento para as partes.

3. O contrato ao que se refire o presente prego rexerase tamén polas disposicións do Real Decreto Legislativo 2/2000, de 16 de xuño, que aproba o TRLCAP, xunto coas súas normas de desenvolvemento e, en particular, o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, aprobado por Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro (RGCAP).

Supletoriamente aplicaranse as restantes normas de Dereito Administrativo e, na súa falla, as normas de dereito privado.

4. O contrato que se perfeccione atópase regulado nos artigos 154 e seguintes do Real Decreto Legislativo 2/2000, de 16 de xuño, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos das Administracións Públicas,

coa particularidade de que o Proxecto da obra deberá ser presentado polos licitadores (artigo 125 de devandito texto legal). Aplícase o réxime do contrato de xestión de servizos públicos baseándose no disposto no artigo 6 do Real Decreto Legislativo 2/2000, xa que como se acredita a explotación do servizo ten maior importancia desde o punto de vista económico.

5. Polo que se refire ao réxime xurídico dos bens afectados, será a de uso privativo de “bens de dominio público” a que se refire ao artigo 78.1 a) do Regulamento de Bens das Entidades Locais, aprobado por R.D. 1372/1986, de 13 de xuño, consistente na concesión administrativa a que alude o apartado a) do párrafo 2 do artigo 114 do Regulamento de Servizos das Corporacións Locais, aprobado por Decreto de 17 de xuño de 1955, de tal modo que non poderán ser contemplados os efectos xurídicos da construción das obras con independencia dos concernentes á prestación do servizo público a que se destinan.

3.3 Interpretación do contrato e xurisdicción

1. O órgano municipal de contratación ostenta a prerrogativa de interpretar o contrato e resolver as dúbidas que ofrezca o seu cumprimento. Igualmente poderá modificalo por razóns de interese público e acordar a súa resolución con suxeición aos límites e efectos sinalados na lexislación aplicable

2. A Xurisdicción Contencioso-Administrativa será a competente para coñecer e resolver todas as cuestións litixiosas que se susciten sobre a interpretación, modificación, execución e efectos do contrato.

4. CONDICIÓN TÉCNICAS

As condicións técnicas con arranxo ás cales se executarán as obras de edificación das instalacións, así como as que se refire ao seu posterior mantemento, contéñense no Prego de Condicións Técnicas, que servirá de base para a presente licitación xunto con este Prego de Prescricións Administrativas Particulares e o Anteproxecto de Explotación e das Obras precisas.

5. PRAZO DA CONCESIÓN

O prazo máximo de duración da concesión será de 50 anos, contados a partir da notificación da adxudicación, comprendéndose no mencionado prazo o necesario para a execución das obras de construción de dúas piscinas cubertas e, no seu caso, de todas as súas instalacións, construción que ha de executarse nun prazo máximo fixado no anteproxecto da obra (14 meses), a contar desde a sinatura do Acta de Comprobación do Replanteo. Estes prazos poderán ser minorados polos licitadores nas súas ofertas.

O prazo da concesión terá carácter improrrogable polo que unha vez cumprido o mesmo, a totalidade das obras e instalacións revertirán ao Concello de Vigo, en perfecto estado de conservación e libres de calquera carga ou gravame.

CAPITULO II DO RÉXIME ECONÓMICO FINANCEIRO

6. FINANCIAMENTO

O concesionario asumirá o financiamento da totalidade das obras das instalacións obxecto do presente contrato, incluíndo todas as súas instalacións. O Concello de Vigo non avalará ningún tipo de empréstito, nin participará, en forma algunha, no financiamento.

Os concursantes xustificarán a forma de financiamento a que proxecten recorrer e o concesionario deberá de garantir as operacións de financiamento complementarias, se eventualmente fosen precisas por unha elevación de custos.

Todos os gastos de formalización da concesión serán de conta da empresa concesionaria.

Poderá autorizarse, previa solicitude do adxudicatario debidamente documentada, a constitución de cargas e gravames sobre o dereito real da concesión, pero non sobre os bens sobre os que a concesión recae, debendo garantir que as cargas e gravames estarán canceladas tres anos antes da data fixada para a reversión, caso de constituílas.

Se o Concello, excepcionalmente, executase ao seu cargo algunha obra (desvío de servizos, excavacións, etc.) para facilitar a execución das Instalacións, o concesionario virá obrigado a sufragar o monto das mesmas.

7. CANON

- a) *O concesionario obrígase a abonar ao Concello de Vigo un canon anual, este canon é o establecido polo adxudicatario na súa oferta.*
- b) *A contía do canon revisarase anualmente en función das valoracións que experimente o Índice de prezos ao consumo ou índice que o substitúa, tomando como inicial o correspondente á data de adxudicación da concesión.*
- c) *O canon farase efectivo no mes de xaneiro de cada ano de vixencia da concesión.*
- d) *O concesionario realizará o cálculo do canon a ingresar, comprobando o Concello a exactitude dos cálculos e reclamando, no seu caso, as diferenzas que puideran producirse.*
- e) *O concesionario presentará os datos dos seus beneficios debidamente auditados. A falta de presentación destas declaracións ou a súa inexactitude das mesmas, dará lugar á imposición de sancións por importe do medio ao tanto da cantidade ocultada.*
- f) *O pago do canon rexerese polo Regulamento Xeral de Recaudación, cos prazos, recargos e procedementos de prórroga e de apremio establecidos no mesmo para as débedas non tributarias. Con independencia do anterior, a demora no pagamento do canon considérase falta leve e o impago durante tres meses seguidos, dará lugar á caducidade da concesión.*
- g) *Con independencia do citado canon, tamén deberá pagar o adxudicatario as taxas e impostos que puderan derivarse de la ocupación, explotación e exercicio da actividade.*

8. RETRIBUCIÓN CONCESIONARIO

8.1 Tarifas

Tendo en conta as tarifas máximas que constan no apartado 3.2.1. do Prego de Prescricións Técnicas propoñeranse polos licitadores as tarifas para a entrada e uso das instalacións deportivas, así como as referidas ás actividades complementarias que se presten nas mesmas.

As tarifas deberán sinalarse con desglose dos seus factores constitutivos, os cales servirán de base para futuras revisións de tarifas, que de suscitarse haberán de respectar a evolución do IPC.

As tarifas poderanse establecer por períodos dun ano. O primeiro período contarase a partir da data de apertura ao público das instalacións.

As actividades e eventos puntuais organizados polo Concello de Vigo quedarán exentas do pagamento de tarifas.

Os licitadores na súa oferta podían propoñer conceptos de tarifas distintos ós básicos que constan no apartado 3.2.1. do Prego de Prescricións Técnicas.

8.2 Revisión de tarifas

8.2.1 Revisión ordinaria de tarifas

Verificarase anualmente, en función das variacións que experimente o Índice de Prezos ao consumo do conxunto nacional ou índice que o substitúa, tomando como inicial o correspondente ao da data en que entre en funcionamento as instalacións deportivas, aínda que sexa parcialmente e como final o último aprobado, aínda que sexa provisional.

CAPITULO III

PROCEDIMENTO DE LICITACIÓN E FORMA DE ADXUDICACIÓN DO CONTRATO

9. PROCEDEMENTO E FORMA DE ADXUDICACIÓN DO CONTRATO

El presente contrato adxudicarase por procedemento aberto mediante a forma de concurso, consonte co establecido polo artigo 159 TRLCAP.

10. DOCUMENTACIÓN DISPONIBLE PARA OS CANDIDATOS

O Órgano de Contratación poñerá a disposición dos licitadores o conxunto de Documentación relativa ao presente concurso, composta por:

- Anuncios do concurso.
- Anteproxecto de Explotación e de Construcción das obras precisas.
- Prego de Prescricións Administrativas Particulares (PCAP).
- Prego de Condicións Técnicas Particulares (PCTP).

11. DOCUMENTACIÓN CONTRACTUAL E CLÁUSULA XERAL DE CONTRADICIÓN

1. Terán carácter contractual os seguintes documentos:

- O documento de formalización do contrato.
- O presente Prego de Cláusulas Administrativas Particulares (PCAP).
- O Prego de Prescricións Técnicas Particulares (PCTP).
- O Anteproxecto de Explotación e de Construcción das obras precisas.
- A oferta presentada polo adxudicatario.
- O Plan Económico-Financeiro presentado polo adxudicatario.

2. Os documentos relacionados interpretaranse, no suposto de existir calquera contradición nos seus termos, tendo en conta a orde de prelación pola que se enumeran nesta cláusula, de modo que cada un deles terá preferencia a respecto dos que le siguen, segundo a súa orde.

12. CAPACIDADE PARA CONCORRIR

12.1 Capacidade e solvencia das empresas e prohibicións para contratar

Poderán ser licitadores, as persoas naturais ou xurídicas, españolas ou estranxeiras que teñan plena capacidade de obrar, non se atopen comprendidas nalgunha das circunstancias expresadas no artigo 20 de devandita Lei, e acrediten a súa solvencia económica, financeira e técnica conforme aos medios e criterios establecidos nos artigos 15, 16, 19 e, no seu caso, 23 do TRLCAP.

12.2 Clases de licitadores e forma de presentación das ofertas.

1. Poden presentar ofertas como licitadores as persoas físicas ou xurídicas individual, ou conxuntamente con outros, sen que sexa necesario que no caso de oferta conxunta exista entre eles, ata que non se produza a adxudicación, ningunha modalidade xurídica de asociación.

2. Quen concorra individual ou conxuntamente con outros deberán facer a licitación dous seguintes xeitos:

- Co compromiso de constituír unha sociedade que será a titular da concesión, e que haberá de ser constituída, no seu caso, nun prazo máximo de 45 días naturais desde a notificación da adjudicación da concesión, coas condicións e na forma reguladas no presente Pliego.

- Como Unión Temporal de Empresas (UTE). Neste caso, non será necesaria a formalización da UTE en escritura pública ata que se efectue a adxudicación ao seu favor. De acordo co artigo 24 TRLCAP, todos os empresarios que formen a UTE quedarán obrigados solidariamente ante a Administración.

3. Cada licitador non poderá presentar máis que unha proposición. Tampouco poderá subscribir ningunha proposta en unión con outros se o fixo individualmente ou participar en máis dunha agrupación de licitadores.

4. A infracción destas normas dará lugar á non admisión de todas as propostas subscritas polo licitador.

5. As empresas que presenten conxuntamente a súa candidatura ao presente concurso serán solidariamente responsables fronte á Administración contratante.

13. LUGAR, PRAZO E REQUISITOS DE PRESENTACIÓN DAS PROPOSTAS

13.1 Lugar e prazo de presentación das proposicións

1. O prazo de presentación de proposicións será de 52 días a partir da data de envío de anuncio do contrato á Oficina de Publicacións Oficiais da Comunidades Europeas. Publicaránse anuncios no DOUE, BOE, DOG e BOP, debéndose entregar as ofertas no Rexistro Xeneral do Concello de Vigo dirixidas á Alcaldesa

Presidenta do Concello de Vigo, Praza do Rei s/n 36211 Vigo, onde tamén se poderá examinar la demais documentación administrativa relacionada co concurso.

2. Cando a documentación sexa enviada por correo, o empresario deberá xustificar a data de imposición do envío na oficina de Correos e anunciar ao órgano de contratación a remisión da oferta mediante télex, fax ou telegrama no mesmo día.

3. Sen a concurrencia de ambos requisitos non será admitida a proposición se é recibida pola Administración con posterioridade á data e hora da terminación do prazo sinalado no anuncio.

4. Entanto, non será admitida, en ningún caso, a documentación que non se recibira transcorridos 10 días naturais dende a finalización do prazo fixado para a admisión de propostas.

13.2 Requirimentos da documentación

1. A presentación das proposicións presume a aceptación incondicionada por parte do licitador das cláusulas e condicións deste Prego e do PCTP e dos restantes documentos que teñen carácter contractual, sen excepcións, así como a declaración responsable de que reúne todas e cada unha das condicións esixidas para contratar coa Administración. Calquera excepción entenderase, en todo caso, como non posta.

2. As proposicións presentaranse en lingua galega ou castelá e toda a información debe facilitarse tanto en papel impreso como en soporte informático. En caso de discrepancia entre os datos ou información de ambos soportes prevalecerá a contida na documentación presentada en papel impreso.

3. As ofertas presentaranse escritas a máquina ou outro tipo de impresión mecánica ou informática, e non se aceptará ningún documento manuscrito nin con omisións, erros ou emendas que non permitan coñecer claramente as condicións para valorar a oferta.

h)

4. A totalidade do custo da elaboración da documentación para a confección das ofertas que se presentan ao concurso será por conta dos licitadores, que non poderán reclamar compensación económica algunha en caso de non resultar adxudicatarios.

5. Non serán aceptadas aquelas proposicións que teñan omisións, erros ou tachaduras que impidan coñecer claramente todo aquilo que a Administración estime fundamental para a oferta, ou que incurran nos supostos establecidos no artigo 84 RGCAP.

6. Sen prexuízo do establecido no artigo 62 RGCAP, a retirada antes da adxudicación do contrato da proposición presentada por un licitador determinará a incautación por parte da Administración da garantía provisional constituída por aquel, nos termos do presente PCAP.

7. As ofertas terán unha validez de 6 meses, contados a partir da data de apertura das proposicións.

8. A documentación que terá que presentar o licitador será a que se dispón tanto no Prego de Cláusulas Administrativas Particulares como no Prego de PRESCRICIÓNs Técnicas.

14. GARANTÍAS PROVISIONAL E DEFINITIVA

1. *Garantía provisional:* Para tomar parte na licitación é preciso constituír unha Fianza Provisional por importe de 169.183 euros, a cal será devolta aos licitadores, unha vez que efectuada a adxudicación do contrato ou se declare deserta a licitación. Esta garantía provisional será incautada ás empresas que retiren inxustificadamente a súa proposición antes da adxudicación.

2. O adxudicatario do contrato, a fin de garantir o cumprimento das obrigacións contraídas, quedará obrigado a constituír, no prazo de quince días a partir da data da notificación da adxudicación, unha garantía definitiva pola obra por importe do 4% do orzamento total contido na súa oferta.

3. A garantía definitiva pola obra devolverase unha vez vencido o prazo de garantía e previa constitución doutra Garantía Definitiva de 600.000 euros pola xestión do servizo, a fin de garantir o cumprimento das obrigacións contraídas, especialmente as relativas á reversión das instalacións.

4. As garantías depositaranse na Tesorería Municipal e poderanse constituír en metálico ou en calquera outro medio dos admitidos pola lexislación vigente.

15. Contido das proposicións

Os licitadores presentarán as súas proposicións en tres sobres pechados de forma que se garanta o segredo do seu contido, sinalados cos números 1, 2 e 3 e coa firma do presentador no reverso, en cuxas portadas deberá figurar a inscrición:

“Proposición para tomar parte no Procedemento Aberto do Concurso para a redación do proxecto de obras, construción e posterior explotación de dúas Piscinas cubertas nas parcelas do PERI-4 BARREIRO II e na Praza Central do Polígono I do PERI II-12 A FLORIDA B no Concello de Vigo”.

O sobre nº 1 subtitularase: “Documentación Administrativa” e o sobre nº 2 subtitularase: “Proposición económica e de xestión” e o sobre 3 “Proposición arquitectónica e volumétrica”.

No contido de cada un dos sobres deberán figurar os seguintes documentos:

15.1 Sobre nº 1 – Documentación Administrativa

No SOBRE número 1 figurarán os seguintes documentos, orixinais ou copias dos mesmos que teñan o carácter de auténticas, conforme á lexislación vixente, acompañados, en folia independente, dunha relación de todos os documentos que o licitador inclúa neste sobre.

a) Documentos acreditativos da personalidade empresarial e a capacidade de obrar dos licitadores na forma esixida polo TRLCAP

Cando dous ou máis empresarios presenten unha oferta conxunta, cada un deles acreditará a súa personalidade e capacidade na forma descrita a continuación:

1.- Se o licitador foran unha ou varias persoas xurídicas, deberán presentar copia autorizada ou testemuño notarial da escritura de constitución ou de modificación, no seu caso, inscritas no Rexistro Mercantil, cando este requisito fose esixible conforme coa lexislación mercantil que lle sexa aplicable. Se non o fora, a acreditación da capacidade de obrar realizarase mediante a escritura ou documento de constitución, estatutos, ou acto fundacional, na que constarán as normas polas que se regula a súa actividade, inscritos, no seu caso, no correspondente rexistro oficial.

2.- No caso de que varios licitadores concorresen co compromiso de constituír unha sociedade concesionaria, facilitarase polos licitadores un escrito que consista nunha relación dos futuros promotores da sociedade, así como unha descrición das características tanto xurídicas como financeiras da mesma, as porcentaxes de participación dos promotores na citada sociedade, así como o compromiso da sociedade de adoptar o modelo de contabilidade previsto no presente Prego.

Así mesmo, nomearase un apoderado que representará aos promotores da sociedade concesionaria ata a constitución da mesma. O escrito haberá de estar asinado polos representantes das diversas empresas promotoras, así como polo citado apoderado.

3.- No caso de que se presenten proposicións subscritas conxuntamente por varios licitadores como Unión Temporal de Empresas (UTE), incorporarase un compromiso polos licitadores para constituír unha UTE no caso de que sexan adxudicatarios. En todo caso, os empresarios que desexen concorrer integrados nela, deberán indicar na proposta os nomes e circunstancias dos que a constitúan, a participación de cada un deles e a asunción do compromiso de constituírse formalmente en unión temporal, caso de resultaren adxudicatarios. O escrito haberá de estar asinado polos representantes das diversas empresas promotoras así como polo apoderado único que estarán obrigadas a nomear as empresas ata para o período de licitación.

4.- Os empresarios individuais deberán presentar o Documento Nacional de Identidade ou, no seu caso, o documento que faga as súas veces. En caso de seren adxudicatarios deberán constituír unha sociedade concesionaria.

5.- A capacidade de obrar das empresas estranxeiras acreditarase conforme ao establecido nos artigos 9 e 10 RGCAP.

6.- Para as empresas estranxeiras, esíxese asemade unha declaración expresa de sometimento á xurisdición dos Xulgados e Tribunais españois de calquera orde, para todas as incidencias que de modo directo ou indirecto puidesen xurdir do contrato, con renuncia, no seu caso, ao fuero xurisdiccional estranxeiro que puidese corresponder ao licitador.

7.- Deberá presentarse declaración responsable, outorgada ante unha Autoridade Administrativa, notario público ou organismo profesional cualificado, ou ante unha autoridade xudicial nos supostos admitidos normativamente dos seguintes extremos:

- Non estar incurso en prohibición de contratar conforme ao artigo 20 TRLCAP.
- Acharse ao corrente do cumprimento das obrigacións Tributarias e coa Seguridade Social impostas polas disposicións vigentes, sen prexuízo da xustificación acreditativa de que tal requisito se esixa antes da adxudicación conforme ao presente prego. Para acreditar o cumprimento das obrigacións tributarias e coa Seguridade Social, achegaranse os seguintes documentos:

a) Certificación positiva expedida pola Tesorería Territorial correspondente da Seguridade Social, de estar ao corrente no cumprimento das obrigacións para con esta.

b) Certificación positiva da Axencia Estatal da Administración Tributaria de estar ao corrente das obrigacións tributarias a que fai referencia o artigo 7 do TRLCAP, ou declaración responsable de non estar obrigado a presentar as declaracións ou documentos a que se refire este artigo.

c) Declaración de alta no Imposto sobre Actividades Económicas, e último recibo do mesmo (no seu caso).

As certificacións requiridas no presente apartado poderán ser substituídas pola solicitude das mesmas, sen prexuízo da obrigación do adxudicatario de presentar as correspondentes certificacións antes da formalización do contrato.

- As persoas físicas, mediante declaración responsable, ou os administradores das persoas xurídicas, mediante a oportuna certificación expedida polo seu órgano de dirección ou representación competente, deberán acreditar que non están incursas nos supostos a que se refire a Lei 12/1995, de 11 de maio, de Incompatibilidade de Altos Cargos da Administración do Estado nin na Lei 9/1996, de 18 de outubro, de Incompatibilidades dos membros da Xunta e Altos Cargos da Administración Autonómica e as normas que a modifican e a desenvolven e a Lei 53/1984, de 26 de Decembro, de Incompatibilidades do Persoal ao servizo das Administracións Públicas.

- No seu caso, non existir obrigación de presentar as declaracións ou documentos a que se refiren os artigos 13 e 14 do RGCAP.

8.- Xustificación da clasificación requirida para a construción das obras na forma solicitada neste Prego.

9.- Resgardo acreditativo de constituír garantía provisional nos termos sinalados neste Prego.

10.- Póliza ou proposición en firme de Seguro, conforme ao disposto neste Prego.

11.- Para as empresas estranxeiras a declaración de someterse á xurisdición dos xulgados e tribunais españois de calquera orde, para todas as incidencias que de modo directo ou indirecto puidesen xurdir do contrato, con renuncia no seu caso, ao fuero xurisdiccional estranxeiro que puidese corresponder ao licitante.

b) Documentos acreditativos da representación

Respecto aos documentos acreditativos da representación, haberá de incluírse a seguinte documentación:

- 1) Os que comparezan ou asinen proposicións no nome doutro, presentarán documentación acreditativa da representación debidamente bastantada polos Servizos Xurídicos da Corporación.
- 2) Porén, a persoa con poder bastante a efectos de representación, deberá acompañar copia compulsada, notarial o administrativamente, do seu Documento Nacional de Identidade.
- 3) Cuando dous ou máis empresarios presenten unha oferta conxuntamente, cadanseu acreditará representación na forma descrita anteriormente.

c) *Solvencia económica e financeira*

1.- Os licitadores terán que achegar o/os seguinte/s documento/s, sen prexuízo de que por razóns xustificadas podan presentar calquera outra documentación considerada suficiente para o Concello:

- Informe das institucións financeiras ou, no seu caso, xustificante de existencia dun seguro de indemnización por riscos profesionais.
- Tratándose de persoas xurídicas, presentación das contas anuais ou extracto das mesmas no suposto de que a publicación destas sexa obrigada nos Estados onde aquelas se atopen establecidas.
- Declaración relativa á cifra de negocios global e dos servizois ou traballos realizados pola empresa, ou ben a entidade, no curso dos tres últimos exercicios.

d) *Solvencia técnica e relación de medios persoais e equipos*

Para acreditar a solvencia técnica ou profesional, os licitadores terán que aportar obrigatoriamente os documentos que se relacionan a continuación:

- As titulacións académicas, deportivas e profesionais e experiencia do persoal de dirección da empresa e, en particular, do persoal responsable da execución do contrato.
- Unha relación dos principais servizois ou traballos relacionados co obxecto do contrato, realizados nos últimos tres anos, con expresión dos importes, datas e beneficiarios públicos ou privados daqueles traballos. Os servizois ou traballos realizados acreditaranse mediante certificados de boa execución expedidos ou visados polo órgano competente cando o destinatario fose unha entidade do sector público. Cando o destinatario houbera sido un suxeito privado mediante certificado expedido por este. A falta de certificado mediante unha declaración de empresario.
- Unha descrición do equipo técnico e unidades técnicas participantes no contrato, estean ou non integrados directamente na empresa do contratista, especialmente dos responsables de control de calidade.
- Unha declaración do material, as instalacións e o equipo técnico de que dispón o empresario para a realización do contrato.
- Unha declaración que indique o promedio anual de persoal, indicando no seu caso o grado de estabilidade dos postos de traballos e o persoal de persoal directivo durante os tres últimos anos.
- Unha declaración das medidas adoptadas polos empresarios para controlar a calidade e tamén os medios de estudo e de investigación de que dispoñan.

15.2 *Sobre nº 2 – Proposición Económica y de Gestión*

Este sobre deberá conter a documentación que se relaciona especificada separadamente para cada unha das instalacións obxecto de licitación:

- a) *Proxecto de xestión, que inclúe (como mínimo) a seguinte documentación:*
- *Descrición do programa de actividades así como o plan de utilización das instalacións, sinalando as actividades a desenvolver durante todo o periodo da concesión.*
 - *Detalle da estrutura de persoal, con indicación das funcións e custo do mesmo.*
 - *Plan económico e financeiro da concesión, que incluírá, entre os aspectos que lle son propios, a proposta de tarifas para os diferentes servizois (prezos individuais, cursos, abonos, descontos, etc.), que permitan o equilibrio do contrato, o investimento e os custos de explotación e obrigas de pago e custos financeiros, directos ou indirectos, estimados, o plan de investimentos para a construción e mantemento da instalación, a previsión de ingresos de explotación da piscina, a previsión de gastos para a execución do contrato, o plan de amortización.*

- *Fórmula proposta polo licitador para a revisión da retribución do Concesionario pola explotación das instalacións.*
- b) *Plan de realización das obras con indicación das datas previstas para o seu inicio, terminación e apertura ao uso ao que se destinen.*
- c) *Programa de Funcionamento, Mantemento e Conservación das instalacións e todo o seu inmovilizado que rexerá durante todo o periodo de vixencia da concesión.*
- d) *Anteproxecto de Regulamento de utilización das instalacións.*
- e) *Referencias do licitador en canto á xestión de contratos similares.*
- f) *Proposición económica axustada ao seguinte modelo:*

“D.....con enderezo en.....CP....., D.N.I. nº....., teléfono.....en plena posesión da súa capacidade xurídica e de obrar, en nome propio (ou en representación de.....con enderezo en..... CP....., teléfono....., e D.N.I. ou C.I.F. (segundo se trate de persoa física ou xurídica) nº.....)), enterado do concurso convocado polo Concello de Vigo, para a contratación e explotación de dúas piscinas cubertas nas parcelas do PERI-4 Barreiro II e na Praza Central do Polígono I de PERI II - 12 A FLORIDA B, declaro:

1º) Que asumo o compromiso de executar todas as obras obxecto da licitación, consonte co Proxecto Básico aportado como parte da oferta, polo prezo de (en letra e número).....euros IVE incluído., debendo entenderse comprendidos no prezo todos os conceptos incluíndo os impostos, gastos, taxas e arbitrios de calquera esfera fiscal, do mesmo xeito que o beneficio industrial do contratista pola execución da obra.

2º) Que asumo o compromiso de executar as citadas obras no prazo de meses contados a partir do día seguinte ao da firma do acta de comprobación do Planeamento (que se expedirá no prazo dun mes desde a sinatura do contrato), con arranxo ao seguinte Plano de execución ou calendario das obras:

*Data de inicio: .../...../....
 Data de terminación:.../...../....
 Data de apertura da instalación:.../...../....*

Que para iso achégase cronograma de execución dos traballos durante o tempo de execución previsto, con inclusión dos prazos parciais da obra, que serán vinculantes caso de resultar adxudicatario.

3) Que o canon a abonar ao Concello será de _____ euros anuais, consonte coa disposición ____ do presente Prego.

*4º) Que as tarifas propostas para a explotación das instalacións obxecto de licitación serán:
*

5º) Que coñezo o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares e demais documentación que ha de rexer o presente contrato, que expresamente asumo e acato na súa totalidade.

*En Vigo, a.....de.....de 2006
 Sinatura _____”*

15.3 Sobre nº 3 – Proposición Arquitectónica e volumétrica

La oferta deberá acompañarse da seguinte documentación para cada unha das instalacións:

- a) *Proxecto Básico das obras de construción das dúas Piscinas Cubertas, que contará, como mínimo, os seguintes documentos:*

- I. Memoria de execución.
 - Xeneralidades.
 - Descrición do proxecto.
 - Descrición da obra.
 - Orzamento de execución material.
 - Anexos: Cumplimentacións técnicas.
- II Planos.
- III Orzamento.

b) Proposta técnica de ordenación e urbanización do contorno inmediato das instalacións proxectadas, na que se definirán os diferentes usos a implantar e parámetros de ordenación a aplicar.

16. NOTIFICACIÓNS

Os licitadores consignarán na documentación e na proposición o número de FAX ao cal poidan dirixirse as notificacións oficiais, no desenvolvemento da licitación e no caso do concesionario durante o prazo da concesión, aceptándose por estes, a efectos de cómputo de prazos, a data en que se teñan cursado os mesmos.

17. MESA DE CONTRATACIÓN, CUALIFICACIÓN DE DOCUMENTOS E APERTURA DE PROPOSICIÓNS.

1.- A Mesa de Contratación é a da Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo.

2.- Ás 11.30 horas do luns seguinte ó día de remate do prazo para a participación das proposicións constituirase a Mesa de Contratación, que procederá, segundo establece o TRLCAP, á cualificación dos documentos presentados en tempo e forma, mediante a apertura do Sobre nº 1, certificando o Secretario da Mesa a relación de documentos que figuren nos mesmos. Se a mesa observase defectos ou omisións subsanables na documentación presentada, comunicaraos aos interesados mediante fax, a fin de que, nun prazo máximo de tres días hábiles presenten e acrediten a subsanación no Concello ata as catorce horas do día en que venza o prazo sinalado.

3.- Unha vez concluído o exame e calificación da documentación incluída no sobre nº 1 realizarase acto público de apertura de proposicións económicas contidas no Sobre nº 2 e a proposición arquitectónica e volumétrica do Sobre nº 3.

No caso de que na apertura do Sobre nº 1 resultase a existencia de defectos subsanables, téndose concedido en consecuencia, o prazo establecido no apartado anterior para a subsanación, a apertura das proposicións económicas realizaranse o luns seguinte á mesma hora.

4.- Pola Mesa de Contratación só se procederá á apertura daquelas que, segundo o acta de cualificación fosen admitidas inicialmente e as que se emendaron en prazo, sen que neste momento poida a Mesa facerse cargo de documentos que non fosen entregados durante o prazo de admisión de ofertas, ou o de corrección ou subsanación de defectos ou omisións descritos nos parágrafos anteriores.

18. PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN.

A Mesa de Contratación, previos os informes técnicos correspondentes, procederá a propoñer ao órgano de contratación a proposta de adxudicación, que incluírá en todo caso a ponderación dos criterios indicados neste Prego, de entre as ofertas de aqueles licitadores que cumpran cos requirimentos enunciados no artigo anterior.

19. ADXUDICACIÓN E FORMALIZACIÓN DO CONTRATO.

1.- O contrato adxudicarase á proposición máis vantaxosa, mediante a aplicación dos criterios establecidos no Prego. Alternativamente, poderase declarar deserto o concurso.

2.- O órgano de contratación, adxudicará ou declarará deserto o concurso, no prazo máximo de tres meses de acordo coa proposta formulada pola Mesa de Contratación ou ben a outra oferta, debendo neste caso motivar a súa decisión.

3.- A adxudicación notificarase ao adxudicatario, o cal:

- 1º) *No prazo de 10 días hábiles contados dende o seguinte á notificación da adxudicación, deberá presentar en no Rexistro Xeral do Concello de Vigo o documento que acredite ter constituído a garantía definitiva, a póliza de seguro esixida e a acreditación de ter efectuado o pagamento dos gastos de publicación.*
- 2º) *Dentro del plazo de 30 días naturais, contados dende o seguinte ao da notificación da adxudicación, deberá comparecer diante do Concello, co fin de formalizar o contrato en escritura pública notarial, sendo pola súa conta os gastos derivados do seu outorgamento.*

4.- *O contrato entenderase aceptado a “risco e ventura” do adxudicatario, de conformidade co disposto no TRLCAP. A presentación de oferta na licitación supón a aceptación expresa polo licitador, sen excepción algunha, de todas as obrigas consignadas no presente Prego de Condicións.*

5.- *En xeral, a obriga de pagamento de gastos por parte do adxudicatario comprende todos os ocasionados por mor dos trámites de iniciación, preparación e formalización do contrato, e expediente administrativo correspondente.*

20. CRITERIOS PARA A ADXUDICACIÓN.

Os criterios obxectivos que servirán de base para a adxudicación, ordenados por aspectos e por orde decrecente de importancia e a ponderación que se lles atribúe, son os seguintes:

20.1.1 . Aspectos de xestión (valoración máxima de 45 puntos):

Plan de mantemento: investimento anual e mantemento das instalacións e equipamento. Ata un máximo de 10 puntos.

Programa de actualización e reposición de equipamento deportivo, indicando a cantidade económica anual que se destinará a este fin. Ata un máximo de 10 puntos.

Programa de xestión das instalacións. Inclúese neste apartado, as características do sistema informático de control de usuarios. Ata un máximo de 10 puntos.

Protocolos e procedementos de control que incidan na avaliación da calidade do SERVIZO. Ata un máximo de 10 puntos

Proposta da estrutura de persoal asignado ao servizo, detallando a súa adicación e horario (horas de traballo efectivo, dedicadas á instalación, con detalle das súas funcións e número de traballadores/as, equipo humano e cualificación do mesmo, que se adscribirá á explotación da instalación. Ata un máximo de 5 puntos.

20.1.2 . Aspecto financeiros (Valoración máxima: 20 puntos):

Proposta de tarifas de utilización dos diferentes servizos, e racionalidade do Plan Económico-financieiro. Ata un máximo de 15 puntos.

Canon ofertado a favor da Administración. Ata un máximo de 5 puntos.

20.1.3 . Aspectos arquitectónicos, de construción e deseño (Valoración máxima de 20 puntos):

Importe orzamentario das obras a executar. Ata un máximo de 5 puntos.

Características do deseño das propostas presentadas. Ata un máximo de 5 puntos.

Características de funcionamento da instalación: accesos, circulación, adecuación a discapacitados, funcionalidade. Ata un máximo de 5 puntos.

Outras melloras relacionadas cos aspectos arquitectónicas, de construción e deseño non incluídas nos apartados anteriores. Ata un máximo de 5 puntos.

20.1.4 . Reducción do prazo da concesión (Valorarase ata un máximo de 5 puntos):

Outorgaríanse 5 puntos ao licitador que oferte o mínimo prazo. Os demais, valoraríanse proporcionalmente.

20.1.5 Prazo de execución das obras (Valorarase ata un máximo de 5 puntos):

2 puntos por cada mes de redución sobre o prazo máximo de execución das obras.

21 POLIZAS DE SEGUROS

O contratista, con anterioridade á sinatura do contrato, subscribirá a súa costa as pólizas de seguros específicas para o risco asegurado coa cobertura e nos termos que a continuación se indican:

1.- Póliza de Todo Risco en construción e montaxe e perda de beneficios para cadaún das piscinas cubertas adxudicadas.

1.1. A adxudicataria presentará condicionado particular, xeral e copia do recibo pagado dunha póliza de todo risco de Construción/Montaxe cun capital asegurado que garanta o 100% do valor total do presuposto estimativo da obra a realizar e cubrirá, alomenos, os danos propios que durante a execución e posterior mantemento puideran sufrir.

1.2. A póliza cubrirá, como mínimo, os seguintes riscos e conceptos:

1.2.a.- Todo risco de construción montaxe: O asegurador indemnizará os danos e/ou perdas materiais directas debidas ó todo risco non expresamente excluído. A título enunciativo, pero non limitativo, inclúense as seguintes causas:

- Obra civil e instalacións: 100% do valor dos traballos de construción/montaxe.
- Riscos convencionais: Incendio, explosión e caída do raio.
- Choque de vehículos e impactos.
- Gastos de salvamento: Incluídos
- Gastos de Extinción: 5% do valor da obra.
- Gastos de Aceleración ou Extraordinarios: 10% do valor da obra.
- Gastos suplementarios ou incremento de custos de reconstrución: 10% do valor da obra.
- Roubo e Expoliación: Incluído.
- Riscos político-sociais.
- Terrorismo.
- Honorarios profesionais: segundo escala oficial de honorarios.
- Probas.
- Error Deseño/Risco de Fabricante: Incluído.
- Defecto nos materiais.
- Aplicación inadecuada ou incorrecta de man de obra.
- Defectos na Dirección e ou supervisión de obra.
- Danos a bens preexistentes: 20% do valor da obra en caso de existencia de ditos preexistentes.
- Transporte e ou acarreo de materiais no recinto da obra, así como entre as zonas ou campamentos de almacenaxe de materiais previo á construción e a zona de obras.
- Calquera outra causa accidental ou imprevisible non excluída expresamente na póliza.

1.2.b.- A póliza incluírá un período de mantemento de 12 meses que asegurará toda perda ou dano que se cause á obra accidentalmente en aqueles traballos ós que este obrigado o adxudicatario nese período, asemesmo cubrirá os danos que causen á obra os vicios ou defectos ocultos cando o feito xerador se atope no período de construción.

1.2.c.- Póliza de perda de beneficios anticipada: Referirase, con carácter xeral ó retraso na terminación dos traballos derivados dun sinistro cuberto pola póliza de Todo Risco de Construción sendo a suma asegurada o importe total do beneficio bruto máis os gastos fixos previstos no prazo de retraso.

2.- Póliza de Todo Risco Danos Materiais para cada unha das piscinas adxudicadas.

Terá carácter anual renovable e cubrirá durante todo o período concesional os danos causados ó continente, contido e instalacións do conxunto da obra a partir da súa recepción e unha vez iniciada a fase de explotación.

2.1.- A suma que asegure esta póliza determinarase segundo o valor da inversión realizada ó momento de subscrición da acta de comprobación, terá unha cobertura de danos materiais e outra de interrupción do negocio.

2.1.a.- A cobertura de danos materiais terá o seguinte desglose:

a) *Garantías:* A compañía aseguradora, dentro dos límites previstos na Lei e no contrato garantirá ó asegurado o pago das indemnizacións derivadas dos danos materiais e directos sufridos polos bens asegurados por calquera feito súbito e accidental, con exclusión de aqueles que teñan a súa orixe en causas expresamente excluídas (excluída a avería de maquinaria). A título enunciativo e non limitativo, a cobertura inclúe os seguintes riscos:

- Incendio
- Explosión
- Caída de raio.
- Golpes
- Caidas
- Derrames
- Actos de vandalismo ou malintencionados.
- Accións tumultuarias, folgas xerais.
- Fenómenos atmosféricos: Vento, Choiva, Granizo, pedrisco, neve.
- Danos por auga (reventón, rotura, atascos de tuberías.
Omisión de peche de grifos ou chaves de paso
Gastos de localización e reparación de avarías.
- Inundación
- Fumo
- Caída ou impacto de aeronaves
- Ondas sónicas
- Choque de vehículos terrestres e impacto de obxectos.
- Fallo das instalacións de extinción de incendios.
- Roubo
- Rotura de cristais, lunas, espellos e rótulos.

b) *Outros prexuízos:*

- Gastos de salvamento e desescombros
- Danos polas medidas adoptadas pola autoridade ou o asegurado.
- Transporte dos bens co fin de salvalos.
- Obxectos desaparecidos
- Danos nos obxectos salvados
- Gastos de extinción
- Reposición de documentos
- Reposición, reobtención e transcripción de planos, patrones, deseños, moldes, modelos, matrices.
- Honorarios de profesionais
- Gastos de obtención de permisos e licencias
- Gastos e honorarios de Peritos.
- Gastos de desaloxamento provisional e forzoso (transportes e aluguer).
- Maquinaria de procedencia extranxeira
- Mercaderías de procedencia extranxeira.

c) *Outras condicións*

- Danos eléctricos a trafos e cadros
- Danos eléctricos a aparatos eléctricos
- Compensación de capitais
- Cobertura automática de sumas aseguradas
- Cobertura de riscos extraordinarios
- Indemnización a Valor de Novo.

2.1.b. A cobertura de interrupción de negocio terá o seguintes desglose:

- a) A Compañía indemnizará a perda real sufrida polo asegurado motivada por:
- 1.- Diminución do Volume de Negocio.
 - 2.- Aumento do custo de explotación, consecuente da interrupción temporal, total ou parcial, da actividade como consecuencia dos danos materiais directos derivados dos riscos previstos na:
 - A cobertura de Todo Risco Danos Materiais.
- b) Periodo de indemnización: 12 meses.
- c) Ampliación de Garantías:
- Por sinistros cubertos polo C.C.S.
 - Cobertura automática de sumas aseguradas
- d) Cobertura de equipos electrónicos. Incluído
- e) Cobertura de riscos extraordinarios ampliación de garantía. Incluído.
- 3.- Póliza de Responsabilidade Civil para cada unha das piscinas adxudicadas.

3.1.- Responsabilidade Civil en fase de proxecto.

O Adjudicatario contratará unha póliza de Responsabilidade Civil Profesional para os danos e prexuízos que se causen a terceiras persoas por feitos que se deriven de erros ou omisións en que se poda incurrir con motivo do exercizo da súa actividade profesional de acordo a como a mesma veña regulada nas disposicións e regulamentos vixentes. Dita Póliza, que deberá contar cun límite de indemnización non inferior a 1.200.000 euros, deberá incluír entre outras a cobertura ós danos patrimoniais puros así como os danos producidos á propia obra proxectada e dende a data de inicio dos Traballos ata a expiración do Periodo de Garantía. Deberá contemplar así mesmo a cobertura de Defensa Xurídica e Fianzas.

3.2.- Responsabilidade Civil durante a construción.

- Suma xeral Asegurada por sinistro e duración da obra será 1.600.000 €
- Sublímite vítima tódalas garantías (incluída patronal e cruzada) 150.000 €

Dita póliza deberá conter ó menos as seguintes coberturas:

- Responsabilidade Civil de Explotación.
- Responsabilidade Civil Patronal
- Responsabilidade Civil Cruzada.
- Responsabilidade Civil directa de subcontratistas.
- Responsabilidade Civil por danos e colindantes.
- Responsabilidade Civil por danos a conducións subterráneas.
 - Responsabilidade Civil derivada do uso de explosivos.
- Responsabilidade Civil Pos-traballos: ata 12 meses dende a finalización dos traballos.
- Responsabilidade Civil por contaminación Accidental.
- Responsabilidade civil pola utilización de maquinaria e vehículos industriais.
- Responsabilidade Civil por transporte de mercaderías e operacións de carga e descarga.
- Defensa xurídica e Fianzas.

3.3.- Responsabilidade Civil durante a explotación.

O adjudicatario deberá subscribir unha Póliza de Responsabilidade civil xeral con carácter anual renovable mediante a cal e durante todo o periodo da concesión o Asegurador garantirá, a partir da súa recepción e unha vez aberta a fase de explotación, ós asegurados as prestacións abaixo indicadas no caso de calquera Reclamación de Responsabilidade Civil de acordo á lexislación vixente, que se formule contra ditos asegurados por feitos acaecidos durante o Período de Seguro e reclamados durante a súa vixencia ou ata 24 meses despois do seu vencemento, polo danos corporais, danos materiais e os prexuízos económicos que sexan consecuencia directa de tales danos, incluído o persoal vinculado á empresa adjudicataria (R.C. Patronal), derivados de calquera actuación cometidos polos asegurados no exercizo da actividade asegurada.

Garantías de Responsabilidade Civil, coas seguintes sumas aseguradas.

- Suma xeral Asegurada por sinistro e duración da obra será 1.200.000 €
- Sublímite vítima tódalas garantías (incluída patronal e cruzada).150.000 €

Dita póliza deberá conter ó menos as seguintes coberturas:

- *Responsabilidade Civil de Explotación.*
- *Responsabilidade Civil Patronal.*
- *Responsabilidade Civil Cruzada*
- *Responsabilidade Civil de Productos.*
- *Responsabilidade Civil Postraballos.*
- *Responsabilidade Civil de subcontratistas.*
- *Responsabilidade Civil por danos a colindantes.*
- *Responsabilidade Civil por contaminación Accidental.*
- *Responsabilidade Civil pola utilización de maquinaria e vehículos industriais.*
- *Responsabilidade Civil por transporte de mercadorías e operación de carga e descarga.*
- *Cobertura de danos e obxectos confiados.*
- *Defensa xurídica e fianzas.*

4.- O concesionario subscribirá Seguro Obrigatorio de Accidentes de Tráballo para todo o persoal do Adxudicatario, Seguro de Responsabilidade Civil Obrigatorio e Voluntario de vehículos e maquinaria empregados na realización dos traballos, así como calquera outro seguro de contratación obrigatoria conforme á lexislación en vigor durante o periodo de duración dos traballos.

5.- Cláusulas Comúns a todas as coberturas e fases:

5.1.- Asegurados. Terán a condición de asegurados:

- a) O Concello de Vigo e o seu persoal, como promotor e propietario das obras, os técnicos intervincentes do Concello de Vigo calquera que sexa a relación xurídica que a él lles vincule.*
- b) O adxudicatario/sociedade concesionaria das obras licitadas e adxudicadas.*
- c) Contratistas, subcontratistas e demais axentes intervincentes nas obras.*
- d) Arquitectos, aparelladores, enxeñeiros e calquera outros técnicos intervincentes nas obras.*

5.2. Antes da sinatura do presente contrato, o Adxudicatario deberá ter constituídas as Pólizas relativas á fase de construción cos seus correspondentes recibos liquidados e presentará as pólizas do programa de seguros relativo á explotación antes da data da acta de Comprobación das obras cos seus correspondentes recibos liquidados.

5.3.- O Adxudicatario comprométese expresamente ó puntual abono dos recibos xerados pola Pólizas reseñadas nos puntos anteriores, tanto no momento da súa contratación como no de renovación así como calquera outro que se devengue durante a vida das citadas Pólizas, sendo da súa exclusiva responsabilidade calquera defecto de cobertura orixinado pola falta de pagamento dos citados recibos. Comprométese así mesmo a manter as Pólizas en concordancia coa fase nas que se atopa o desenvolvemento dos traballos e actualiza-las sumas aseguradas anualmente na mesma proporción que as tarifas.

5.4.- O Adxudicatario queda obrigado a informar ó Concello de Vigo de calquera incidencia que afecte á vixencia e condicións dos seguros contratados, descritos nas cláusulas anteriores, prestándose a colaborar cos empregados, axentes ou representantes do Concello para o bo fin dos mesmos.

5.5.- No caso de sinistro, calquera diferenza que xurda no pago das indemnizacións, xa sexa por aplicación de franquicias ou outro tipo de descuberto, dos seguros contratados, deberán ser soportados polo Adxudicatario.

5.6.- O Adxudicatario obrígase a repara-los danos e responder por aqueles riscos que non queden garantidos nas pólizas de seguro descritas anteriormente, a fin de levar a bo termo a obra conforme as obrigas e responsabilidades asumidas no contrato.

5.7.- Calquera modificación nas pólizas de seguro deberán ser aprobadas previamente polo órgano de contratación.

5.8.- Deberá ser obxecto de especial consideración en calquera tipo de cobertura as edificacións lindantes existentes ata a finalización da totalidade das obras de estrutura da obra nova.

CAPITULO IV DEREITOS E OBRIGAS DAS PARTES

22 RELATIVOS ÁS OBRAS

22.1.1 . Proxecto de execución

O contratista presentará o proxecto no prazo de dous meses, contados dende a data da formalización do contrato, ao órgano de contratación para a súa supervisión e aprobación. Se a Administración observara defectos, insuficiencias técnicas, erros materiais, omisións e infraccións de preceptos legais ou regulamentarios, requirirá a súa subsanación outorgándolle ó efecto o correspondente prazo que non excederá dun mes, se neste prazo non se houberan corrixido as deficiencias o Concello poderá optar pola resolución do contrato con incautación da garantía ou por conceder un novo prazo ó contratista que non excederá de quince días, de producirse un novo incumprimento acordarase a resolución do contrato e a incautación da fianza depositada.

Asemade, no mesmo prazo (2 meses) o adxudicatario presentará para a súa aprobación un estudio xeotécnico e o estudio de seguridade e saúde da obra de referencia.

22.1.2 . Entrega de terreos

O Concello poñerá a disposición do concesionario as parcelas do PERI-4 Barreiro II e na Praza Central do Polígono I de PERI II - 12 A FLORIDA B e que se detallan no plano que figura como Anexo a este Prego.

Se o concesionario inclúise na súa oferta unha menor ocupación de terreos do previsto no presente Prego, a dita superficie sobrante quedará a libre disposición por parte do Concello de Vigo.

22.1.3 . Execución das obras

As obras executaranse con estrita suxeición ás prescricións estipuladas no contrato e aos proxectos que serven de base ao mesmo e conforme ás instrucións que en interpretación destes, dera ao contratista o facultativo supervisor das obras designado polo Concello, que serán de obrigado cumprimento para aquel, sempre que o sexan por escrito.

En caso de incumplimento destas ordes, o facultativo supervisor das obras deberá propoñer ao órgano competente a paralización das mesmas, ata que sexa atendido o requirimento efectuado.

22.1.4 . Prazo de comprobación do replanteo.

O prazo para a comprobación do replanteo das obras será de quince días, a partir de la data de aprobación do proxecto.

22.1.5 . Prazo de garantía da obra

O prazo de garantía será dun ano, contado a partir da data de recepción de cada unha das fases de execución das obras, por parte do Concello de Vigo.

22.1.6 . Oficina e técnico facultativo da empresa

O adxudicatario quedará obrigado a comunicar ao Concello, con carácter previo á comprobación do replanteo, o nome do técnico facultativo que ostentará a dirección de obra, sendo a cargo do adxudicatario cantos gastos ocasione esta designación e intervención de facultativo, sendo conveniente que o mesmo manteña unha oficina aberta en Vigo no tempo que dure a execución da obra.

22.1.7 . Responsabilidade por danos e seguros

O contratista será responsable dos danos que podan ocasionarse como consecuencia da execución das obras e da explotación do servizo.

Virá obrigado a acreditar diante do supervisor facultativo, con anterioridade ao comezo das obras, no prazo de dez días dende a notificación da adxudicación do contrato, ter ou constituír póliza de seguro concertada con calquera entidade ou compañía legalmente constituída, que garanta o pagamento dos danos que se podan ocasionar a terceiros, así como os que se produzan por incendio e accidente nas obras e instalacións ata a finalización do prazo de garantía nos termos da Lei 38/1999, de 5 de novembro, de Ordenación da Edificación.

22.1.8 . Forma de execución das obras. Subcontratación.

En canto á porcentaxe de obra autorizada por subcontratación estarase ao disposto no artigo 115 do TRLCAP.

- 1.- As obras de construción axustaranse estrictamente ó especificado nos proxectos aprobados polo órgano de contratación e ós prazos establecidos na oferta presentada polo adxudicatario.*
- 2.- O concesionario poderá optar por realizar directamente as obras de calesquera fracción, ou subcontratar con terceiros a súa execución, axustándose neste senso ó previsto na súa oferta adxudicataria.*
O Complexo Deportivo esbozado estará asentado na praza central do Polígono 1 do PERI II-12-A Florida B, que limita coa Avda. de Castela.

Esta é unha zona deficitaria nesta clase de dotacións, e a previsión é un incremento da demanda dado o desenvolvemento urbanístico da zona.

Os datos físicos da citada parcela son os consignados na documentación do PERI correspondente, no que se di:

*“As dimensións da parcela posibilitan un vaso de 12m*25m de longo e outro de aprendizaxe, incluíndo vestíbulo de almacéns e zona de instalacións. O desnivel existente na zona permite a construción da piscina cuberta a cota 342"00m e conserva-la pista polideportiva aberta a cota 348"00m ou a cota superior segundo o proxecto de urbanización. En todo caso respectarase unha altura mínima de 6.00m dende o solo da praia da piscina ata o solo da pista polideportiva, conseguindo así unha altura libre interior mínima de 4.50m. O acceso á piscina cuberta fariase dende a parte baixa da praza polo que habería que rectifica-la cota 344.42m baixándoa ata os 342.00m.*

*Deste xeito temos a fachada principal da piscina cuberta a cota co parque exterior. O proxecto de urbanización resolverá os saltos de cota que se produzan nas rúas laterais garantindo en todo momento unha axeitada accesibilidade a tódalas zonas. Sendo a cota da praia da piscina a 342"00m haberá que afondar ata os 338"50m aproximadamente para a construción do vaso e das salas de instalacións. a construción dunha piscina cun mais pequeno (7"50m*12"50m) para acceso e control, vestiarios”.*

Proponse, como mínimo, unha instalación que contará con dous vasos. Un deles terá un obxectivo deportivo e de saúde, e o outro estará enfocado a poboacións especiais e a actividades máis innovadoras de medidas mínimas de 10 x 6 m cunha profundidade mínima de de 0.8m e máxima de 1.4 m..

Se valorá especialmente que piscina dispoña dun tercer vaso de medidas mínimas de 10 x 6 m cunha profundidade mínima de de 0.8m e máxima de 1.4 m. Asemade este tercer vaso disporá de chorros, cañóns e cortinas de auga.

O vaso maior, terá como mínimo unhas dimensión de 25 x 12m. Unha praia que circundará o vaso, facilitando o acceso ao mesmo en todo o seu perímetro, o pavimento será antideslizante.

Vestiarios comúns e tamén específicos de grupos, para dar cabida a centros de ensino e similares e dous para os empregados. Os vestiarios terán que poder ser utilizados por discapacitados físicos, así como en xeral toda a instalación deportiva.

Un ximnasio e salas de actividades completarán a oferta de servizos deportivos nas instalacións.

O modelo proposto neste estudio é unha instalación polivalente, acondicionada para obter un óptimo rendemento nas diferentes estacións do ano.

A solución debe ter en conta o contorno do edificio, e que no exterior modifique o espazo dun xeito acolledor e que favoreza a integración cidadá. Cómpre ter moi presente que o edificio non pode ser un elemento agresivo nunha praza que xa ten moita densidade de edificación.

1.2.3. Piscina Barreiro

O Complexo Deportivo suscitado estará situado na Parcela “D-1” do PERI “4-Barreiro-2” que limita coa Avda. de Ramón Nieto onde se emprazaba antigamente o Cuartel de Barreiro.

Esta é unha zona deficitaria nesta clase de dotacións.

A parcela é practicamente rectangular cunha superficie de 2.792 m². Na actualidade non ten ningunha edificación.

Propónse unha instalación que contará con dous vasos. O vaso maior será de 25 x 12.5 m. Un andén ou praia circundará o vaso, facilitando o acceso ao mesmo en todo o seu perímetro. O custo de construción resultará adecuado, comparado coa optimización futura da instalación e as posibilidades que aportará. O aforo será dunhas 130 persoas. O outro vaso terá unhas medidas mínimas de 10 x 6 m cunha profundidade mínima de 0.8m e máxima de 1.4 m..

Se valorará especialmente que piscina dispoña dun terceiro vaso de medidas mínimas de 10 x 6 m cunha profundidade mínima de 0.8m e máxima de 1.4 m. Asemade este terceiro vaso disporá de chorros, cañóns e cortinas de auga.

O centro deportivo disporá de vestiarios, entre os que incluiremos vestiarios específicos de grupos para dar cabida a centros de ensino e similares, e dous para os empregados. Os vestiarios terán que poder ser utilizados por discapacitados físicos, así como en xeral toda a instalación deportiva.

Un ximnasio e salas de actividades completarán a oferta de servizos deportivos nas instalacións. Una zona de squash que el licitador poderá substituír por salas polivalentes, segundo o seu plan deportivo para a instalación.

O modelo proposto neste estudo é unha instalación polivalente, acondicionada para obter un óptimo rendemento nas diferentes estacións do ano.

Na redacción das solucións arquitectónicas se terá especial coidado en integrar o edificio no contorno, en concreto manterá unha liguaxe armónica co edificio do centro xeriatrico de recente construción.

As dependencias interiores situaranse en planta en función do seu uso, permitindo a entrada de luz á zona de baño co consecuente aforo enerxético.

2. SOBRE A PROPOSTA ARQUITECTÓNICA E VOLUMETRICA.

Os licitadores ademais da documentación a que se fai referencia no Prego de Clausulas Administrativas, deberá acompañar a seguinte documentación.

2.1. O proxecto básico das obras de construción.
O proxecto básico conterá, como mínimo, os seguintes documentos

2.1.1. Memoria de execución.

2.1.1.1. Generalidades

2.1.1.2. Descrición do proxecto. *Entre outros conterá memoria constructiva pormenorizada indicando as características de cada un dos materiais así como as súas calidades.*

2.1.1.3. Descrición da obra. *Se detallará o cadro de superficies útiles e constructivas. Asemade ser fará unha descrición técnica dos capítulos máis importantes*

2.1.1.4. Presuposto de execución material

2.1.1.5. Anexos

Nesta memoria se incluírá: Unha descrición detallada da solución global adoptada e xustificando o programa de necesidades da instalación, facendo unha descrición detallada do mesmo, destacando os xeitos que a xuízo do proxectista deban mencionarse, a súa ordenación, orientación, etc.

Descrición detallada do funcionamento, distribución, situación e adecuación ao uso específico dos espazos e locais que integrarán cadanseu dos proxectos de execución en que se desenvolva.

Programa de execución marcando prazos precisos e elementos construtivos que inclúa cada un dos proxectos en que se desenvolva.

2.1.2. Planos.

O licitador presentará como mínimo os seguintes planos:

- Plano de situación. Escala 1:2000*
- Planos de plantas, alzados, e seccións. Escala 1:100*

Estas escalas son orientativas, poidendo o licitador aportar toda a documentación gráfica que se precise e a escala que estime oportuno.

2.1.3. Orzamento

2.2. Proposta técnica de ordenación e urbanización do entorno inmediato das instalación proxectadas.

2.2.1.1. Generalidades

2.2.1.2. Descrición do proxecto

2.3. Catro infografías 3D das dimensións dun A1

2.4. Cantos documentos considere oportunos o licitador aportar en relación os criterios para a adjudicación sinalados no apartado 20 do Prego Clausulas Administrativo.

3. PROGRAMA E DESCRICION DA CONSTRUCCIÓN E XESTIÓN DAS PISCINAS.

3.1. Construcción das piscinas.

O licitador deberá presentar o proxecto básico de construción. Tamén terá a obriga de presentar, co proxecto básico, una memoria constructiva pormenorizada indicando as características de cada un dos materiais así como as súas calidades.

Entanto, nas propostas que se presenten poderanse incluír solucións e sistemas diferentes ás propostas definidas na documentación achegada, sempre que non minoren a filosofía, e previa xustificación das vantaxes que aporten aos intereses das mesmas.

Para a construción e posterior xestión das piscinas, obxecto do presente concurso, o adxudicatario deberá realizar: os acondicionamentos da parcela, nivelacións, movementos de terra e urbanizacións que sexan precisas. Neste sentido, considéranse básicas:

Urbanización global da parcela incluíndo cerramentos, realización de viais de conexión, accesos rodados e peonais ao recinto, aparcadoiros, zonas verdes e sistema de rego, alumeado, zonas de recreo e circulacións interiores. O licitador xustifica detalladamente todos estes extremos no seu proxecto básico.

Construción das instalacións necesarias definidas como mínimos para desenvolver o Programa descrito nestes Pregos.

Dotación do equipamento mínimo necesario para a proposta de funcionamento das piscinas e para a prestación dun servizo de calidade aos usuarios. Unha relación desta dotación (incluíndo o número de unidades, características detalladas dos distintos elementos) a incluírá o licitador na súa oferta.

Deberán cumprirse estrictamente cantas normativas (estatais, autonómicas ou locais), incidan sobre o obxecto do contrato.

O licitador, no seu proxecto básico de construción realizará con precisión o acoutamento da superficie que pretenda explotar, no caso de que non se corresponde coa totalidade da superficie descrita no Prego. O sobrante da parcela quedará para libre disposición do Concello de Vigo. Os anteproyectos arquitectónicos das piscinas que forman parte deste expediente é o mínimo esixido polo Concello de Vigo, podendo o licitador plantexar solucións incrementado as superficies ata o máximo legal que permite a normativa urbanística en vigor.

3.2. Explotación e xestión das piscinas.

O concesionario obrígase a manter en perfecto estado de conservación, seguridade, salubridade e ornato público o conxunto inmobiliario e cada unha das súas partes e a prestar un servizo de vixilancia.

As cantidades ofertadas polo adxudicatario para os traballos de mantemento e reposición de equipamento deportivo, axustaránse ao seguinte esquema de gasto:

- O adxudicatario, presentará con carácter anual, diante do Concello de Vigo, o Plan de Investimento, que terá correlación coa oferta presentada. O devandito Plan, terá que ser aprobado polo Concello de Vigo.
- Unha vez aprobados os investimentos, un técnico municipal designado ao efecto, procederá a certificar a realización destes subministros e investimentos.
- Todos os aspectos ofertados polo adxudicatario (investimentos, programas, reposición de material, etc), deberán ser comprobados e certificada a súa execución por un técnico municipal.

3.2.1. As tarifas de aplicación:

As tarifas son as que figuran no proxecto de explotación do SERVIZO (documento que forma parte deste expediente) e que son as seguintes –Cun prazo de explotación de 50 anos-: Os abonos se refiren a prezo por mes

- Entrada individual 3.00 €
- Abono individual 31 €
- Abono matinal 22 €
- Abono joven 26 €
- Abono terceira idade 22 €
- Abono familiar titular 31 €
- Abono facimiliar conxuxe 6 €
- Abono familiar fillo 6 €

Os licitadores na súa oferta poderá propoñer trifas máis baratas, mantendo o equilibrio da concesión.

3.2.2. Recursos humanos:

O adxudicatario disporá dos recursos humanos cualificados, en numero suficiente, feito que deberá xustificar no acto de licitación, para a atención do Centro e das actividades que a desenvolver (persoal técnico, administrativo, de mantemento, etc.).

O licitador incluírá na súa proposición unha relación do persoal que pretenda adscribir ao Centro, co seu cualificación técnica ou profesional. Asemade, detallaránse as funcións que desenvolverá cada un dos traballadores, así como a adicación en horas que terán os traballadores nas instalacións obxecto de explotación.

O profesional responsable máximo do mantemento das dúas piscinas terá que ter a titulación mínima de inxeñeiro técnico e adicación exclusiva para estas dúas instalacións.

Para a supervisión, control e planificación dos programas que se desenvolvan no conxunto de cada unha das instalacións será necesario que este persoal teña a titulación de Lic, en CC da Actividade Física e do Deporte ou equivalente (Un dedicado as actividades de auga e outro o resto das actividades en cada unha das instalacións). Este persoal que como minimo será de catro persoas tera dedicación exclusiva nas piscinas de Barreiro e Coia.

O Concello de Vigo poderá, en calquera momento, comprobar que o adxudicatario cumpre a proposta realizada en relación co persoal, solicitando ao adxudicatario a documentación que considere oportuna.

3.2.3. Dirección:

Ao fronte da instalación figurará como Director Técnico, que terá a titulación de licenciado e ampla experiencia en xestión deportiva.

Do mesmo xeito, a empresa designará a un representante da dirección da mesma que será a persoa con quen se relacione o Concello de Vigo.

3.2.4. Proxecto de xestión.

O licitador presentará un proxecto de xestión que incluírá, como mínimo:

- *Descrición do programa de actividades e deportivo, cun plan de utilización de instalacións, actividades a desenvolver durante todo o periodo de concesion.*
- *Estructura de persoal detallada, con indicación de funcións e custe do mesmo.*
- *Sistema de control de calidade do servizo.*
- *Plan económico e financeiro da concesión. Que terá que incluír, como mínimo, a proposta de tarifas para os diferentes SERVIZOs que permitan o equilibrio do contrato, os investimentos, o custo da explotación e obrigas de pagamento, custos financeiros, a previsión de ingresos de explotación da piscina, previsión de gastos para execución do contrato, plan de amortización, plan de investimentos para a construción e mantemento da construción.*
- *Plan de mantemento detallado.*

3.2.5. Programa deportivo e de actividades.

En relación co programa deportivo: O licitador presentará un programa deportivo e de actividades para todas as idades, con expresa mención dos detalles de horarios, números de prazas, modalidades deportivas, etc.

A asignación concreta das prazas dos distintos programas regularase no correspondente Regulamento do Servizo e realizarase polo concesionario con respecto escrupuloso dos principios de igualdade e non discriminación. En todo caso, respectaranse as seguintes normas:

Inserción de anuncios de apertura do prazo de matriculación en, polo menos dous diarios de máxima tirada en Vigo. Prazo de matriculación non inferior a vinte días naturais.

Asignación das prazas por rigorosa orde de entrada das solicitudes.

Dentro de este programa de actividades os licitadores incluírán actividades para persoas con discapacidade, así como programas de integración. Estes programas terán, como mínimo, unha periodicidade de dous días semanais.

Os licitadores proporán dentro deste apartado a realización de campañas de promoción da saúde a través da actividades física e o deporte para os distintos colectivos.

3.2.6. Programa de mantemento

En relación co programa de mantemento (se incluírá a limpeza e a vixianza). O licitador presentará un programa sobre estes aspectos onde se detallará a periodicidade das actuacións, investimentos, posta a punto e renovación de equipos, cronograma de actuacións. Se fixará a cuantía das distintas intervencións.

O control hixiénico sanitaria das condicións da auga se realizará consorte coas disposicións vixente de rango estatal ou autonómico que resulten de aplicación.

No plan de mantemento se detallará o mantemento predictivo e de conservación, preventivo e de optimización, técnico legal, e correctivo.

O adxudicatario terá que remitir mensualmente un informe cos traballos realizados polo SERVIZO de mantemento, así mesmo o adxudicatario presentará unha memoria anual do mantemento da instalación e das incidencias producidas, co obxectivo de que o Concello de Vigo dispoña dun histórico de cada unha das máquinas e elementos da instalación.

Se se producise algunha incidencia na instalación ou nos seus equipos ou maquinaria, esta será notificada inmediatamente ó Concello.

O adxudicatario realizara o pintado xeral interior da instalación que será realizado cando dispoña o Concello de Vigo, con pinturas de primeira calidade, remitindo ó Concello de Vigo para a súa conformación as pinturas e cores que se utilicen utilizar. Este pintado xeral inclúe (como mínimo):

- Pintado de paramentos verticais, columnas.
- Pintado de portas
- . Pintado de elementos metálicos, bancos etc.

O persoal referido no precedente apartado, en canto o seu número e cualificación profesional que propoña o licitador que resulte adxudicatario, será como mínimo, o esixido no Decreto número 53/1989 da Xunta de Galicia, e o posterior decreto que o modifica número , 122/1995, do 20 de abril.

O contratista comprométese por causa xustificada de ausencia na prestación dos SERVIZOs a substituí-lo persoal do cadro por outro persoal que dispoña da mesma cualificación profesional en casos de enfermidade, vacacións, permisos regulamentarios ou por calquera outro motivo que forzosamente esixan ser substituídos.

4. SOBRE PROXECTO DE EXECUCIÓN DAS PISCINAS.

O ontratista presentará o proxecto no prazo de dous meses, contados dende a data da formalización do contrato.

O proxecto conterá o orzamento detallado especificando todos os conceptos citados na memoria. Téñase en conta que as piscinas deben realizarse no prazo determinado na oferta a contar desde a sinatura da Acta de Comprobación do Planeamento e debe incluír todas as instalacións a que faga mención o licitador no seu proxecto básico.

Dentro dos orzamentos parciais das edificacións detalláranse ou dividiranse por capítulos. O orzamento global conterá os seguintes custos: Orzamento de execución material das obras, Estudio e Plans de Seguridade, Estudio xeotecnico, hidrolóxico e ensaios, urbanizacións, instalacións, dereito de acometida, centros de transformación, permisos e impostos aplicables.

Conterá a descrición dos materiais e das unidades de obra, xustificando as solucións construtivas e os criterios adoptados para a execución das distintas unidades de obra, debéndose adaptar á memoria presentada na licitación.

Proxecto de execución do conxunto de edificacións que integrarán as piscinas, e visados polos colexios profesionais correspondentes. Proxectos de instalacións e legalización dos mesmos (incluso visado e dirección de obra).

Estudios de seguridade e saúde, planos de seguridade e saúde e coordinacións en materia de seguridade e saúde das obras.

Todos os proxectos estarán visados polos colexios profesionais correspondentes.

Os documentos integrantes de cada proxecto serán, como mínimo os seguintes:

- 1.- Encargo e Equipo Técnico Redactor.
- 2.- Terreos, descrición, emprazamento, topografía, planeamento en vigor, características dos servizos existentes e dos que haxan de establecerse, servidumes.
- 3.- Manifestación xustificada de que o proxecto comprende unha obra completa no sentido esixido polos art.58`58 e 64 do R.G.C.E., Modelo RP.1 do Anexo.
- 4.- Mención expresa do cumprimento da Normativa básica, Decreto 462/71.
- 5.- Memoria de calculo de estrutura.

- 6.- *Memoria de Cálculo das instalacións.*
- 7.- *Memória de xustificación do cumprimento da NBE-CT-79*
8. *-Memoria de xustificación do cumprimento da NBE-CPI-96. Memoria de xustificación do cumprimento da NBE-CA-82. Memoria de instalacións.*
- 9.- *Programa de posible desenvolvemento da obra, diagrama de Gantt. Estudio económico.*
- 10.- *Memoria e anexos dos aspectos máis relevantes.*
- 11.- *Planos. Utilizaráanse as escalas convenientes para a mellor definición do proxecto, e como norma xeral as seguintes:
Planos xerais e urbanización: 1:500
Planos de edificación, estrutura e instalacións: 1:50 e 1:100.
Planos de detalles: 1:20, 1:10, 1:5
Incluiráanse todos os necesarios para unha perfecta definición do Proxecto e do súa execución.
Planos de instalacións. Incluiráanse os que procedan (rede de sumidoiros e drenaxes, subministro de auga, electricidade, rede de interconexions entre o edificio e os elementos de acometida e/ou almacenamento). Así como de todas as instalacións especialmente as de climatización e depuración.
Planos de arquitectura (Distribución, superficies útiles e construídas), de usos e de mobiliario. Levarán cotas xerais de edificación e de eixes estruturais.
Planos de cubertas (definido pendentes, recollidas e evacuación de augas, lucernarios, chemineas, axudas fixas para mantemento e conservación, etc).
Alzados xerais de todas as fachadas. Seccións lonxitudinais e transversais.
Planos de albanería ou construción (cotas, superficies útiles e acabados).
Detalles construtivos (muros de fachada en pranta e sección, formación de cubertas, escaleiras, pavimentos deportivos, etc).
Planos de carpintería e cerrallería (cadro xeral relacionando tipos, dimensións, número de unidades, especificacións e ferraxes).
Planos de detalle de carpintería e cerrallería.
Planos de rotulación e sinalización da edificación e os locais.
Planos de estrutura e cimentación (dimensións, armaduras, forxados, cadro de características EH-91, pórticos e cadro de piares).
Planos de instalacións (saneamento e rede horizontal, con trazado dimensións e pendentes). Electricidade con trazado, seccións e esquemas unifilares e alumeado, fontanería, con auga proxecta-dasfría e quente, trazado, dimensións, aparellos sanitarios e detalles de cada núcleo sanitario. Alumeado, con luminarias, equipos e cadros, alumeado de emerxencia e sinalización. Calefacción, con trazado, características, dimensións e elementos calefactores. Previsión de canalizacións para instalación de telefonía, megafonía, gas etc. Depuración e tratamento de augas, con trazado, características, dimensións e elementos.
Planos do equipamento deportivo e os seus mecanismos e ancoraxes.*
- 12.- *Prescricións técnicas do Proxecto. O documento fará expresa mención de que as obras proxectadas rexeranse pola normativa vixente.*

As "Prescricións Técnicas do Proxecto" será o documento do proxecto no que se fará mención expresa de todas aquelas cuestións da obra proxectada que non estean contempladas no anteriormente citado "Prego Xeral de Condicións Técnicas".

O documento mencionará que se aplicaron os criterios de medición e valoración do citado "Prego Xeral de Condicións Técnicas", ou en caso contrario, indicarán os criterios adoptados.

Nas Prescricións Técnicas do Proxecto definiranse as especificacións sobre os materiais, sistemas, instalacións ou unidades de obra do proxecto e a especificación sobre o seu control en obra (frecuencia, extensión e tamaño das mostras, tipo e número de ensaios e condicións de aceitación e rexeitamento), que estean suxeitos a unhas condicións distintas das xerais contidas no "Prego de Condicións Técnicas".

Farase expresa mención á prioridade que se concede aos materiais, sistemas, prototipos e equipos que posúan selos e marcas de calidade vixentes e, referendadas pola Administración. Igualmente, terán preferencia os novos produtos amparados polo Documento de Idoneidade Técnica (DIT).

Mencionaranse as Normas e Ordenanzas que serán de aplicación na execución das obras:

- Ordenanza de traballo para as industrias da construción, vidro e cerámica.
- Ordenanza Xeral de Seguridade e Hixiene no Traballo.
- Prego de Condicións Técnicas do Dirección Xeral de Arquitectura.
- Ordenanzas Municipais da localidade onde se asenta o proxecto.
- Outras Ordenanzas.

13.- Medicións e orzamento.

Constituirá un único documento, cuxo tamaño normalizado insírese a continuación. Cada unidade de obra ou partida terá a súa medición correspondente, o prezo unitario da mesma e o resultado de multiplicar ambos conceptos. Esa cifra será a que represente o custe de execución de cada partida.

As unidades de obra agruparanse seguindo a orde de capítulos expresados na Memoria. Numerarase cada unidade, ou partida, diferenciada por apartados e acorde co Código, adoptado no Cadro de prezos. As partidas irán ordenadas segundo a orde de execución en obra, sempre que sexa posible.

As medicións estarán referidas a datos existentes nos planos e coas precisións necesarias, que permitan a súa fácil comprobación e identificación nos mesmos. Conterán a especificación completa e detallada de todas as unidades de obra que se inclúen no proxecto.

A medición de cada unidade definirase da forma que quede perfectamente claro o elemento ou zona do edificio a que corresponda, e delimitarse de tal xeito que comprenda conxuntos diferenciais, definidos nos planos do Proxecto.

O criterio de medición, tanto en proxecto como en obra, que deberá seguirse será o indicado nas Prescricións Técnicas do Proxecto.

Nas definicións das unidades ou dos materiais identificaranse polas súas características técnicas.

A suma dos casos de execución material de todas as partidas e capítulos que compoñen o proxecto, constitúen o Orzamento de Execución Material.

Ao comezo de cada capítulo de instalacións farase mención expresa de que no prezo de cada unidade esta incluída a parte proporcional de custe de posta en funcionamento, permisos, boletíns, licencias, taxas ou similares, considerándose sempre a instalación, completamente acabada, probada e en funcionamento.

O cálculo de prezos das distintas unidades farase como suma de:

- Custes Directos:
 - Man de obra directa.
 - Materiais a pé de obra.
 - Amortización e conservación.
- Custes Indirectos:
 - Se cifran nun 1% dos custes directos, igual para todas as unidades de obra.
- Inclúiranse os seguintes cadros:
 - Man de obra. Custes horarios de man de obra, segundo categorías.
 - Materiais. Prezos a pé de obra dos utilizados.

Prezos unitarios. Non se admitirán prezos sen descomposición, nin partidas a lizadas, salvo casos especiais debidamente xustificadas.

O orzamento recollerase nun resumo xeral e outro final, cuxos contidos serán:

- Resumo xeral por capítulos, que incluírá a suma de capítulo e o importe total.
- O orzamento de contrata, que se obterá por adición ao de execución material dun 13% sobre este, en concepto de gastos xerais, dun 6%, en concepto de beneficio industrial, un 2% en concepto de control de calidade e dun 16% de IVE sobre a suma dos conceptos anteriores.

14.- Programa de desenvolvemento dos traballos.

15.- Acta de planeamento previo.

16.- *Declaración da obra completa.*

17.- *Estudio de seguridade e saúde.*

18.- *Estudio xeotecnico.*

5. **SOBRE LA DIRECCIÓN Y SUPERVISIÓN DE LAS OBRAS.**

Con independencia da dirección facultativa que ostenta o técnico facultativo designado polo adjudicatario, as obras estarán sometidas en todo momento á supervisión dos técnicos que designe o Concello de Vigo. Estós técnicos desenvolverán a función de comprobación, coordinación e vixilancia da correcta realización do proxecto, e establecerá os criterios, liñas xerais e complementarias do presente Prego, para a actuación do Adjudicatario. Os citados técnicos non serán responsables dos cálculos, especificacións, medicións, etc, realizados polo Adjudicatario, que asume a plena responsabilidade do traballo en todas as ordes.

Neste sentido, calquera modificación que haxa que introducir no proxecto, xa sexa por defecto ou omisión deste, correrá a cargo do Adjudicatario, sen que teña dereito por eles a ningún tipo de compensación económica.

O Adjudicatario, manterá cos citados técnicos, tantas xuntanzas como estes consideren convenientes para a correcta marcha dos traballos. As devanditas xuntanzas, haberán de ter lugar sempre que a Supervisión así o manifeste.

O adjudicatario informará por escrito ao Supervisor municipal durante os cinco primeiros días de cada mes, sobre a marcha dos traballos encomendados.

11(1069).- EXPOSICIÓN Ó PÚBLICO DOS PREGOS DE CONDICIÓN ADMINISTRATIVAS E TÉCNICAS DO CONCURSO PARA A CONTRATACIÓN DA XESTIÓN DO SERVIZO PÚBLICO DE ESTACIONAMENTO REGULADO MEDIANTE EXPENDEDORES DE TICKETS NA VÍA PÚBLICA (XER). EXPTE. 72171/210.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe da xefa de Área de Mobilidade e Seguridade, de 17.07.06 conformado polo concelleiro de dita Área, e de acordo coa proposta do xefe do negociado de Contratación, do 7.08.06, conformado polo xefe da Área de Contratación e Novos Proxectos, a Xunta de Goberno local acorda:

Someter a información pública por un período de un mes mediante anuncio a publicar no BOP os pregos de cláusulas administrativas e prescricións técnicas que no seu caso rexerán no concurso que se convoque para axestión indirecta (concesión) do servizo público de estacionamento regulado mediante expendedores de tiquets na vía pública (XER).

PREGO DE CONDICIÓN TÉCNICAS QUE DEBE REXER O CONCURSO, MEDIANTE CONCESIÓN PARA A ADJUDICACIÓN DO CONTRATO DE SERVIZO DE XESTIÓN DE ESTACIONAMENTOS REGULADO MEDIANTE EXPENDEDORES DE TIQUETS NA VÍA PÚBLICA (X.E.R)

I.- OBXECTO DO CONTRATO

Xustificación do expediente.

O Excmo. Concello de Vigo, entendendo prioritaria a potenciación do transporte colectivo e a racionalización dos espazos de vías urbanas destinados á circulación e a escasa oferta de estacionamento na vía pública, pretende contratar os servizos de control do estacionamento de vehículos na vía pública mediante máquinas expendedoras de tiquets. Todo iso de conformidade co previsto nos artigos 7 e 38 do Real Decreto Lexislativo 339/1990, de 2 de marzo, que aproba o Texto articulado da Lei sobre Trafico, Circulación de Vehículos a motor

e *Seguridade Vial*; artigos concordantes do *Regulamento Xeral de Circulación e de conformidade* así como coas *Ordenanzas Municipais de aplicación*.

O presente contrato debe considerarse de xestión de servizo público de acordo co establecido nos artigos 154 e seguintes do *Real Decreto Lexislativo 2/2000 de 16 de xuño polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos das Administracións públicas*.

Obxecto.

O obxecto deste Prego é a xestión integral do servizo para a ordenación e regulación de aparcamentos na vía pública mediante máquinas expendedoras de tiquets no termo municipal de Vigo, todo iso nos termos e condicións do presente Prego, e de conformidade coas disposicións legais vixentes.

1- Ten por obxecto limitar o tempo de permanencia nas prazas de estacionamento situadas nas vías públicas das áreas urbanas de maior demanda de accesibilidade da cidade, sexa polo seu carácter comercial, administrativo ou xestións, de forma que a oferta de estacionamento en superficie que existe, sexa aproveitada polo máximo número de usuarios, nas mellores condicións de seguridade e cercanía ao destino.

2-A fixación do tempo máximo de estacionamento, derivado da análise da demanda de estacionamento, así como a taxa cuantificadora da utilidade derivada, reflíctense no presente prego, e constitúen os dous elementos estratéxicos do servizo de regulación na consecución dun modelo sostenibel de mobilidade para a cidade.

3- O presente prego de prescricións define unha proposta inicial o base do servizo de Estacionamento Regulado en Superficie sobre a que o licitador poderá establecer modificacións xustificadas a modo de melloras sen que as mesmas constituán variantes nin alternativas, sobre os elementos e nas condicións que se establecen no articulado do mesmo.

4- O adxudicatario deberá facer fronte a tódolos custes derivados da xestión do servizo, pola que percibirá a correspondente contraprestación.

II.- DIRECCIÓN MUNICIPAL DO CONTRATO.

A dirección, e control da prestación do servizo estará encomendado á Xefatura de Área de Mobilidade e Seguridade, do Concello de Vigo (en adiante Dirección municipal do contrato), que serán os interlocutores coa concesionaria dos servizos, en relación co cumprimento do previsto no presente prego de prescricións.

III.- REPRESENTANTE DA MERCANTIL CONCESIONARIA.

Unha vez adxudicada a xestión do servizo público, se nomeará pola concesionaria un Delegado con poderes suficientes para responder ante o Concello do normal desenvolvemento na prestación do servizo.

O Delegado, responsabel ante a Dirección municipal do contrato de tódolos traballos a efectuar na cidade para a posta en funcionamento dos mesmos así como da súa explotación, deberá ter o seu domicilio en Vigo ou zona cercana co obxecto de ofrecer unha total disponibilidad diaria ante as demandas municipais e cidadás.

IV. - DURACIÓN DO CONTRATO E POSTA EN SERVIZO

O prazo concesional comenará a computarse a partir do día primeiro do mes seguinte ao da formalización do contrato , e rematará para os efectos, aos catorce (14) anos, agás que se autorice as prórrogas, que o Concello exercese as potestades de rescate ou supresión do servizo.

1. Se establece a posibilidade de prórrogas expresas de dous anos , até máximo de dúas prorrogas, requiríndose, para a efectividade de cada unha, que polo adxudicatario se presente unha solicitude por escrito cunha antelación mínima de seis (6) meses respecto á data de remate do contrato, debendo adoptarse, polo órgano de contratación competente do Concello a oportuna resolución expresa.
2. O adxudicatario disporá dun prazo máximo de tres (3) meses para pór en funcionamento a totalidade dos servizos contratados, poidendo entrar en funcionamento paulatinamente, dentro do indicado prazo máximo. Sen prexuízo do anterior se contempla para a ampliación total da rede de comunicacións , o sistema de control automático e o de aplicación de tódalas funcionalidades ofertadas até un máximo adicional de dous meses.
3. Seis meses antes da finalización da xestión do servizo público, se formalizará entre o contratista e o concello un acta de ultimación do servizo na que se especificará, con todo detalle, a reversión ao

Concello de tódolos materiais e instalacións que terán carácter de acta de recepción. Tódolos materiais se encontrarán en perfectas condicións de conservación e uso, a partir de cuxa data comezará o prazo de garantía de seis meses até o remate do contrato.

V.- DESCRICIÓN DO SERVIZO

1 - Ámbito de aplicación

O alcance e contido do servizo de Estacionamento Regulado en Superficie vén especificado no anexo número 1 do presente Prego como proposta base, con relación ao ámbito de aplicación.

O número de prazas a regular da proposta básica, reflectida neste prego e que, en calquera caso, deberá o licitador contemplar na súa oferta, é o correspondente ao número de prazas reais actuais, é dicir 2.850 prazas das que 50 corresponden a prazas de minusválidos, tendo en conta neste número total de prazas unha posible variación do 7%.

PRAZAS AZUIS: Destinadas preferentemente a visitantes e xestións de curta duración, quen terán unha limitación de tempo máximo de aparcamento de dúas horas e un máximo de 7 días consecutivos para os residentes na mesma praza

Sen prexuízo do anterior o Concello poderá determinar lixeiras variacións en relación ao número total de prazas ou a tipoloxía das mesmas sen que isto signifique modificacións substanciais no contrato, cando non superen o dous por cento en máis ou menos das prazas reais.

Non obstante, o licitador poderá xustificar, como mellora sen que constitúa variante nin alternativa, modificacións da proposta base sempre dentro do ámbito espacial establecido, mantendo, cando menos, o número de prazas reseñadas. Estas melloras serán ampliación ou modificación de espazos destinados a minusválidos, ciclomotores e motos así como zonas de carga e descarga. Neste sentido, se deberá achegar a proposta cos estudos e documentos técnicos pertinentes que argumenten a mellora en cuestión. O conxunto de todo iso constituirá unha oferta única, non podendo presentar máis dunha.

Sen prexuízo de todo o anterior, o Concello poderá, en virtude de demandas de colectivos veciñais ou empresariais e/ou analizadas as demandas reais de prazas de aparcar controladas, ampliar o número de prazas de aparcar reguladas mediante o sistema proposto no seguinte prego, sempre e cando se xustifiquen suficientemente estas demandas.

2- Modificación do ámbito

O Concello se reserva o dereito de modificar o número de prazas de estacionamento reguladas, mediante aumento, diminución ou supresión das inicialmente existentes, así como modificar as condicións iniciais do servizo, e poderá acordar a variación na calidade, cantidade e límite horario ou lugar das prestacións, sempre que se preserve o equilibrio económico da concesión.

Non obstante, se admitirán nas proposicións e achegas adicionais que supoñan melloras, sin que constitúan variantes nin alternativas, na eficiencia do servizo. O conxunto de todo iso constituirá unha oferta única, e non poderá presentarse máis dunha por licitador.

3- Medios humanos

O licitador definirá o programa de tarefas do persoal de vixilancia que xustifique o número de vixilantes resultante do estudo de necesidades. O licitador deberá achegar na súa oferta o programa de tarefas a realizar polos vixilantes, tendo en conta o sistema automático de control nos estacionamentos, do equipamento informático e de comunicacións e en xeral, das características do Sistema de Control da XER que oferte.

Deberá ser considerado en todo caso que o licitador acepta expresamente a subrogación do persoal que actualmente presta o seu servizo na actual concesionaria.

O licitador especificará no seu proxecto a persona designada como representante da empresa, o xefe do servizo, o persoal destinado a vixilancia, conservación, recadación, administración, etc., cubrindo as necesidades do

servizo, considerando a turnicidade, vacacións, absentismo, etc. de forma que se garantice un perfecto control das prazas que non supere as 150 prazas/vixilante para rotación e as 200 por si se creara no futuro a zona verde e/ou exclusiva de residentes.

O persoal deberá ir con todo detalle na Memoria de Servizo, nas ofertas dos licitadores.

Os vixilantes irán equipados con PDA que integrarán un eficiente sistema de comunicación co seu xefe inmediato ou a central operativa do adxudicatario, e que permitirá a transmisión de voz, datos e imaxes.

No anexo número 2 se relaciona o persoal da actual empresa concesionaria, coa antigüidade e dereitos laborais adquiridos, achegándose a efectos informativos, sen prexuízo da súa comprobación polos licitadores.

Os vixilantes observarán calquera anomalía ou incidente, referente ao servizo, que aconteza na vía pública, advirtindo diso o antes posible ao xefe inmediatamente superior quen adoptará as medidas que considere oportunas en cada caso. Os vixilantes estarán, en caso necesario e en relación co servizo, a disposición dos requirimentos da dirección municipal do contrato.

O sistema de control proposto polo licitante para a XER permitirá aos vixilantes emitir de forma rápida e normalizada os citados partes, debendo o licitador achegar a documentación que detalle a súa confección e contido.

4- Aparellos expendedores: características técnicas.

Os aparellos expendedores de recibos (tiquets) a instalar serán, na súa totalidade de nova adquisición e de recoñecida e constatada calidade, reunindo como mínimo as seguintes características:

Características básicas:

O expendedor deberá ser un equipo adaptado ás necesidades tecnolóxicas avanzadas que se necesitan; deberá ser fabricado por empresa de normativa europea de certificación CE de aparellos electrónicos e electro-mecánicos.

Teranse moi en conta na valoración da oferta técnica tódalas circunstancias que tendan a asegurar a existencia de asistencia técnica próxima e os recambios necesarios para o seu perfecto funcionamento durante o tempo que se atope en servizo.

Condicións de operatividade:

a) Medios de pagamento:

Moedas: unha soa entrada de moeda, que deberá admitir a introducción de calquera tipo de moeda de curso legal até un mínimo de cinco (5) céntimos de euro.

Tarxetas magnéticas de pagamento, recargables, así como o uso da Tarxeta Monedeiro Municipal (Tarxeta Verde) entre outras.

b) O expendedor estará preparado para entregar un recibo (tiquet) no que apareza, cando menos, a hora de expedición do mesmo, o importe pagado e a hora de finalización do estacionamento autorizado e a zona, podendo ser aceptados outros sistemas tecnoloxicamente máis avanzados.

Tamén deberá entregar un recibo que sirva para anular a penalización por exceso de tempo segundo se establece na ordenanza municipal correspondente. O expendedor deberá dispor dunha caixa, coa capacidade suficiente para recibir os recibos de anulación da penalidade.

c) Flexibilidade total na programación de tarifas e horarios

d) Posibilidade de desconto dos periodos gratuitos de sé-lo caso de que estes fosen establecidos.

e) Posibilidade de anulación de sé-lo caso de equivocación

f) Sinalización da hora de fin de estacionamento autorizado, para información do usuario a medida que introduza as moedas

g) Limitación automática do tempo autorizado con rechazo de moedas

h) Rapidez no suministro de información.

i) Identificación de matrícula e posición.

j) Transmisión de datos “tempo real” entre expendedores e a oficina da adxudicataria, así como ao terminal sito no Concello.

Condições de seguridade

O expendedor se presentará como unha caixa forte na vía pública.

A porta estará equipada con pechadura de seguridade e tres puntos de ancoraxe.

Tódolos elementos de funcionamento estarán localizados dentro da caixa e o dixuntor estará localizado nun sitio adecuado atendendo a razóns de seguridade.

O diñeiro quedará dentro dunha caixa forte e transferirá a outro recipiente o seu contido, ben pola gravidade, mediante a apertura dunha trampa de aceiro accionada por unha cabeza especial, ou mediante o cambio de alcancía.

O sistema de introducción de moedas deberá ir provisto dun dispositivo que impida a introducción pola ranura de calquera obxeto non metálico que poida impedir o normal funcionamento do equipo. Polo tanto, que a entrada de moedas poida quedar bloqueada automaticamente durante a noite.

Condições de estética.

O proveedor deberá propor un equipo que polo seu tamaño, deseño, e cor entre en perfecta harmonía co contorno urbano no que vai ser instalado.

Poderá o Concello elixir a cor e textura de acabado dos expendedores, quen deberán proporse polos licitadores nas súas ofertas.

Condições de mantemento:

Co fin de asegurar unha conservación e mantemento áxil e sinxelo, os aparellos deberán cumprir estrictamente coas condicións de mantemento do fabricante.

A concepción completamente modular do distribuidor de recibos (tiquets), deberá permitir o mantemento doado e rápido por substitución do elemento que presente problemas de funcionamento.

A única tarefa de mantemento corrente será o reemprego periódico do rolo de recibos (tiquets). Cada rolo contará dun mínimo de ao redor de 3.000 recibos (tiquets), así como un sistema de comunicación coa central cando se produza unha alarma do sistema como:

- Nivel de papel de tiquets*
- Nivel de batería*
- Nivel de moedas*
- Impresora atascada*
- Falta de papel*
- Alcancía chea*
- Apertura porta alcancía*
- Apertura porta parquímetro*
- Recadación*
- Respostas ante test*
- Tarxeta atrapada (Pasados 30 segundos, a tarxeta non se expulsa)*
- Erro de lectura (Repetición de movementos da tarxeta)*

- Devolve moedas legais (Se un 20% de aperturas de antitrombón non conducen a un valor recoñecido de moeda)
- Baixa produtividade (Non emitir ningún tiquet nunha hora)

Cando rematen os recibos (tiquets), o aparello se porá automaticamente fóra de servizo e se pechará a entrada de moedas.

Autonomía

A autonomía mínima dos expendedores será de 10 meses, a un consumo medio de 100 recibos (tiquets) por día.

Protección:

- a) Tanto o reloxo dixital como tódalas zonas de información da parte frontal de expendedor (táboa de tarifas, instrucións de funcionamento), deberán ir protexidas por unha superficie de policarbonato ou material equivalente que os ille das inclemencias atmosféricas e que protexa de actos de vandalismo.
- b) A caixa do expendedor deberá dispor dun tratamento que a faga susceptible de resistencia á intemperie, anti graffiti, así como duns sistemas de suxeición de pé e apertura que impidan que poida ser violentada.
- c) Protección técnica: Integrará dous compoñentes básicos para a protección do equipo e do usuario, combinando dispositivos magneto térmicos cun diferencial. Estará localizado no pé da máquina para facilitar a súa manipulación e quedar afastado da corrente electromagnética do parquímetro.

Integrará dous compoñentes básicos para a protección do equipo e do usuario, combinando un dispositivo magneto-térmico cun diferencial.

Estará localizado no pé da máquina para facilitar a súa manipulación e quedar afastado da parte electrónica do parquímetro.

- **Displai Visualizador:**

Os expendedores irán provistos de displai visualizador, iluminado automaticamente ao oscurecer, incluso sen presenza do alumeado.

- **Tarifa e horario:**

- a) Se aplicará en todo momento as tarifas horarias establecidas na Ordenanza aprobada polo Concello. Os aparellos expendedores deberán estar preparados para que se poidan realizar facilmente modificacións dos mesmos, mediante un accionamiento sinxelo na memoria do ordenador.
- b) Tamén deberá permitir o equipo o tratamento de distintas modalidades de usuarios, segundo os lugares de localización , aos que lles sexan aplicables tratamentos diferentes en materia de tarifas e periodos de estacionamento. Debendo preverse a utilización polos residentes de pagos mensuais e anuais.

- **Recibo (Tiquet):**

- a) O expendedor deberá proporcionar ao usuario un recibo (tiquet) como resguardo a conservar no seu poder a título de comprobante do tempo de estacionamento que pagou.
- b) A impresión do recibo (tique) será térmica e o tempo de emisión non superará os 3 segundos.

- **Autoprotección e aviso de avaría:**

O expendedor deberá dispor dunha serie de mecanismos de autoprotección e de aviso de avaría que permitan unha rápida localización das mesmas. Entre estes mecanismos se consideran.

1. Peche automático da ranura de admisión de moedas ante a presenza de obxectos extraños.
2. Testemuña dixital de apreciación de avarías, mediante códigos numéricos que aparecen no visor.

Capacidade de depósito de moedas

A capacidade da alcancía será, cando menos, de 6 litros.

Xustificante de tiquet de xestión:

Ao rematar a recadación e retirar a chave de seguridade, o expendedor emitirá un xustificante (tiquet) de xestión estatística onde deberán aparecer as seguintes informacións , entre outras:

- Número de expendedor
- Número de recadación efectuada a orixe
- Data e hora de recadación
- Total recadado a orixe
- Total recadado dende anterior recadación
- Recadación efectuada, tanto en metálico como por tarxetas.
- Recibos (tiquet) emitidos, segundo tarifas e segundo demanda de tipos de estacionamento.
- Zona de emisión

Localización e instalación.

1-Os aparellos expendedores de tiquets necesarios para o Servizo de Estacionamento Regulado en Superficie se situarán nas zonas propostas polo concesionario e aceptadas polo Concello . O criterio de mínima distancia entre o expendedor e o coche estacionado, utilizado para determinar o número de aparellos expendedores, obriga a que o usuario, en ningún caso, camiñe máis de 50 metros dende a súa praza azul e 75 metros prazas verdes.(si se considera oportuno a súa implantación nun futuro). Non obstante, este criterio de distancias deberá adaptarse en cada localización, ponderando coas barreiras naturais (costas, edificacións etc.) o artificiais (tráfico, inexistencia de pasos de peóns , etc.) que poidan atoparse.

2- O emprazamento definitivo se determinará pola dirección municipal do contrato, previo levantamento das correspondentes actas. A acometida á rede de alumeadado público así como tódalas obras necesarias para a súa instalación serán por conta do adxudicatario debendo, en calquera caso, repoñer os servizos urbanísticos existentes afectados pola instalación, ao seu estado primitivo.

Para a execución destas obras, o adxudicatario deberá cingirse ao Prego de Prescricións técnicas establecidas polos servizos municipais de Electromecánicos e Vías e Obras.

As acometidas eléctricas se realizarán baixo tubo corrugado nos seus treitos de beirarrúa e coa protección debida nunha altura de 3.00 metros na fachada de edificios

Nas instalacións eléctricas deberán atenderse ao establecido no Regulamento Electrónico para Baixa Tensión vixente.

Os gastos de enerxía eléctrica serán por conta do Excmo. Concello

Deberán na súa instalación adecuarse o REBT, ser revisados polos servizos de electromecánicos municipais e pola Consellería de Industria e presentar, á dirección municipal do contrato, un boletín dilixenciado por instalador autorizado.

5 – Instalacións fixas:

A empresa adxudicataria disporá dun local destinado a oficinas, onde terá a súa sede o Xefe de Servizo e a administración e incluírá sala de reunións.A superficie será superior a 70 metros cadrados e estará situado no termo municipal de Vigo e en un lugar próximo ao centro urbano e ben comunicado.

As oficinas de xefe de servizo contarán co adecuado equipo informático, con soporte lóxico idéntico ao municipal, correo electrónico, etc., que deberá posibilitar a comunicación e tramitación de datos coas dependencias municipais.

Ademais do anterior a empresa adxudicataria disporá, cando menos, dun local destinado a almacén e garaxe. Os vestiarios, servizos, duchas e casetas, serán separados para o diferente persoal do servizo e público en xeral.

A parte destinada ao almacén e garaxe do vehículo de recadación non deberá ser inferior á superficie 40 mts², poidendo conformar un só espazo.

Ademais dos espazos anteriormente descritos deberán ser incluídos espazos destinados a arquivos, material de oficina e material de limpeza. Debendo contar as instalacións mencionadas de servizo de alumado eléctrico de emerxencia, auga potable, teléfono e calefacción.

A superficie total mínima para tódolos espazos anteriormente descritos non será en ningún caso inferior a 125 mts²

Tamén disporá dun distribuidor con atención ao público e acceso ao recinto mediante porta accionada dende a oficina.

6- Equipamento

Tódolos medios materiais deberán ser novos na súa implantación, incluso a sinalización vertical, vehículos de retirada da recadación, control e mantemento de expendedores.

Como medios auxiliares se disporá dunha central de telecomunicacións de tecnoloxía actual para a comunicación con calquera vixilante e outros sistemas de comunicacións contemplados no presente prego.

Se deberá propor logotipo do servizo e imaxe corporativa.

7- Sistema móbil de control.

O adxudicatario disporá dun vehículo de control equipado cun sistema lector de matriculas, posicionamento GPS, con conexión cunha central de datos que xerará, automaticamente, a denuncia voluntaria ao infractor. Este vehículo poderá porse a disposición da Policía Local que, conectado ao banco de datos do Concello, entre outras aplicacións, tamén se pode empregar para a búsqueda ou detección de vehículos roubados, vixilancia de estradas, control de residentes en zonas restrinxidas, controles policiais, etc.

8 – O sistema proposto polo licitador deberá poder operar con visión artificial, describindo un proxecto operativo e funcional cun mínimo de 12 cámaras.

9 – Comunicacións

Co propósito de asegurar a comunicación en tempo real entre os equipos en rúa do sistema de explotación da X.E.R e o servidor municipal, superando os inconvenientes que poidesen presentar os medios de transmisión como GPRS e afíns dependentes de operadoras externas, tales como saturacións de liñas en determinados momentos, os ofertantes deberán propor un medio alternativo para a comunicación que cando menos cumpra os requisitos seguintes:

- Comunicará cando menos un 25 % dos expendedores de cada unha das zonas O.R.A.
- Estará baseado en liñas dedicadas e non propietarias dun terceiro.

10 – Sinalización horizontal.

Toda a sinalización horizontal na implantación e inicio do servizo será por conta do adxudicatario incluíndo a marcaxe de tódalas prazas suxeitas a control, sobre o pavimento, tanto en liña como en batería. Tamén terá que pintar as reservas de prazas para as operacións de carga e descarga.

Os labores de conservación e mantemento de toda a sinalización corresponderá ao concesionario coa supervisión do Concello ao obxecto de homoxenizar o estado da sinalización na cidade e para mellora da operatividade no funcionamento e cumprimento dos planes municipais de sinalización

En relación cos materiais, dimensións e métodos de aplicación se cingirán ao prego de prescricións técnicas que determinen os diversos servizos municipais.

O Concello poderá efectuar as modificacións necesarias para adecuar a sinalización existente ás novas condicións de regulación do tráfico no caso de calquera cambio do mesmo, estando o adxudicatario obrigado a aceptar as mesmas.

Na memoria anual do servizo se especificarán as datas das incidencias e modificacións que se tivesen producido durante o dito período.

11 – Sinalización vertical

O adxudicatario estará obrigado ao subministro, colocación e instalación na implantación e inicio do servizo manténdose inicialmente as actuais aplicacións que se situarán no sentido da marcha, e que deberán ser do tipo que actualmente se está colocando polo Concello así como as súas calidades e demais parámetros definitorios.

A cantidade, tipo e localización dos diferentes sinais será a adecuada para acadar os obxetivos de informar ao conductor de forma que non lle xurdan dúbidas sobre as características da praza a ocupar. As diferentes características se marcarán, en cada caso, pola dirección municipal do contrato.

En calquera caso, ademais dos sinais preceptivos de entrada de zona regulada para favorecer a visibilidade das máquinas expendedoras, cada unha levará incorporada un sinal vertical identificado (a mán) de cor azul, a unha altura visible dende calquera punto de estacionamento.

Ao igual que no apartado anterior, tódolos elementos e materiais se cingirán ao Prego de Prescricións Técnicas do M.O.P.U. (px/3-75) e posteriores actualizacións, e ao vixente Prego de Prescricións Técnicas Particulares de Sinalización Vertical do Concello no que se definen os materiais a empregar e as calidades dos mesmos.

Os labores de conservación e mantemento de toda a sinalización corresponderá ao concesionario coa supervisión do Concello, co obxecto de homoxeneizar o estado da sinalización na cidade e para a mellora da operatividade no funcionamento e cumprimento dos planes municipais de sinalización.

O Concello poderá efectuar as modificacións necesarias para adecuar a sinalización existente ás novas condicións de regulación do tráfico no caso de calquera cambio do mesmo, estando o adxudicatario obrigado a aceptalas.

Na memoria anual de servizo se especificarán as incidencias e modificacións que se tivesen producido durante o dito período.

12 - Horario de regulación.

As zonas definidas no ámbito obxecto do servizo, disporán do horario que se indica a continuación:

✓ De luns a venres: (agás festivos)

De 9.00 a 14.00 e de 16.00 a 20.00 horas.

Dado que o obxecto do servizo de Estacionamento Regulado en Superficie é acadar o incremento da capacidade de estacionamento nalgunhas zonas da cidade que rexistran unha forte demanda, se establece como fundamento esencial o tempo máximo de ocupación dunha praza, en dúas horas a zona azul. Non poderá ningún vehículo, incluso abonando a tarifa correspondente, permanecer nunha mesma praza por un período de tempo superior ao sinalado exceptuando os vehículos con identificación de residente que terán límite de tempo de sete (7) días.

13 - Base de datos e explotación da información.

O adxudicatario deberá realizar mensualmente unha estatística das zonas reguladas, onde se recolla a base de datos necesaria para coñecer os diferentes índices de ocupación das prazas, utilización dos expendedores, tempos de estancia, recadación e demais datos que solicite a dirección municipal do contrato.

Todo iso deberá ser entregado ao Concello dentro dos 10 primeiros días do mes seguinte, en soporte informático compatible co hardware e soporte lóxico municipal. Neste sentido, de toda a documentación a presentar se achegará copia en formato dixital en soporte CD-ROM ou sistemas que substitúan a este, lexible dende calquera unidade estándar compatible. Os ficheiros deberán ser creados, preferiblemente, con aplicacións compatibles do OFFICE profesional ou sistemas que substitúan a éste ou, no seu defecto, deberán incluírse as utilidades ou visores necesarios para a súa consulta e impresión sen necesidade de soporte lóxico adicional ao mencionado.

Sen prexuízo do anterior o soporte lóxico de Control, así como o de Aplicación instalado nos postos de operación de sistema, incluído por suposto os instalados no Concello, deberá ser capaz de xerar de forma automática as estatísticas das zonas reguladas.

O adxudicatario deberá realizar periodicamente estudos de afluencias real aos sectores regulados e no contorno de afectación, entendendo por tal o que se atopa a menos de 250 metros das prazas reguladas. A periodicidade destes estudos será anual e o contido será fixado pola dirección municipal do contrato.

14 - Prazas perdidas na Regulación do Estacionamento en Superficie

O adxudicatario deberá recoller nos informes mensuais do funcionamento do servizo así como posteriormente, na Memoria anual do mesmo, todas as prazas perdidas de regulación motivadas por calquera incidencia, debendo definir a mesma e documentando a súa cuantificación da mellor forma posible.

Unicamente terán a consideración de prazas perdidas, e consecuentemente se contabilizarán como tales, aquelas cuxa utilización sexa distinta á de Regulación de Estacionamento en Superficie e a súa duración sexa igual ou maior ao horario diario de funcionamento do servizo por un periodo superior a 30 días

A contía destas prazas perdidas será recollida na liquidación anual do servizo, para tódolos efectos, a non ser que sexa compensado co incremento de prazas noutra zona.

Á marxe das consideracións anteriores e tal cual se recolle na ordenanza fiscal reguladora de taxas para o aproveitamento especial da vía pública se considerará que por parte do servizo de regulación poderá requirirse en calquera momento a quen ocupen prazas reguladas por contedores, obras, reservas de espazo u outras, que presenten o pagamento do tiquet correspondente ás prazas ocupadas.

15 - Campaña de publicidade.

O adxudicatario deberá efectuar unha campaña de publicidade previa á posta en marcha do servizo, así como informar de calquera modificación das zonas reguladas, mediante edición de folletos informativos, anuncios en prensa e radio e locais e demais medios que se estimen oportunos.

Previamente, o deseño de dita campaña deberá ser presentado ao Concello para a súa aprobación.

VI.- OBRIGAS DO CONCELLO

1- O Excmo. Concello de Vigo outorgará á mercantil concesionaria a protección necesaria para que poida prestar o servizo adecuadamente, para tal efecto deberá:

✓ Por medio da Policía Local proceder á formulación das denuncias por calquera tipo de infracción que se cometa na zona de Estacionamento Regulado en Superficie con limitación de horario, independentemente da actuación dos vixilantes do servizo.

✓ Ordear o remolque e/ou a inmovilización dos vehículos que incumpran as normas da circulación e a Ordenanza municipal nos sectores regulados e colindantes, así como a utilización de cepos para inmovilizar vehículos.

✓ Tramitar e resolver cantas denuncias se presenten na dependencia municipal que tramita os expedientes sancionadores e xestionar o cobro das mesmas.

Os labores mencionados no apartado anterior se coordinarán pola Xefatura da Policía Local e o departamento de tráfico, no ámbito das súas funcións.

Asimesmo, se designarán pola Policía Local, cando menos, 2 axentes na quenda da mañá e outros 2 axentes pola quenda de tarde, para garantir a debida observancia, cumprimento e normal funcionamento do servizo.

VII.- OBRIGAS DO ADXUDICATARIO

O control, vixilancia e denuncia das infraccións á Ordenanza Reguladora do Estacionamento en Superficie con limitación horaria.

A comunicación á Policía Local de calquera trasgresión ás normas de estacionamento establecidas nas zonas reguladas que precise a intervención da mesma.

O subministro, instalación, mantemento e reparación dos aparellos expendedores de recibos (tiquets), en perfecto estado de funcionamento durante toda a vida concesional.

O subministro e instalación da sinalización horizontal e vertical.

A conservación de tódolos elementos tales como instalacións adscritas, PDA, radioteléfonos, vehículos de inspección e outros, necesarios para o bo funcionamento do servizo.

A realización dunha Memoria Anual do servizo, de informe de seguemento mensual do funcionamento do servizo, así como o estudo anual de impacto da regulación na mobilidade.

Cantas outras obrigacións se desprendan dos pregos de condicións, da oferta ou do contrato que se asine.

Dispor do persoal suficiente para garantir a prestación do servizo, que terá exclusivamente dependencia laboral co adxudicatario e reunirá os requisitos que legalmente sexan esixibles para a función que desempeñen, e poderá contratar a vixilancia e control das instalacións con Empresas de Seguridade.

O persoal afecto á concesión actual será obxecto de subrogación nas condicións establecidas no Convenio en vigor que se considerarán mínimas e deberán recoller as esixencias recollidas no Prego no que ao persoal se refire.

O pagamento de tódolos gastos de persoal, incluídos salarios e cotizacións á Seguridade Social, así como os gastos xerais e tributos calquera que sexa súa natureza durante todo o tempo de duración do contrato. Manter o persoal debidamente uniformado e en correcto estado de aseo.

VII.- MODO DE PRESTAR O SERVIZO

As zonas definidas no ámbito obxecto do servizo, disporán do horario que se indica a continuación:

✓ De luns a venres (agás festivos)

De 9.00 a 14.00 e de 16.00 a 20.00 horas.

Dado que o obxecto do servizo de Estacionamento Regulado en Superficie é acadar o incremento da capacidade de estacionamento nalgunhas zonas da cidade que rexistran unha forte demanda, se establece como fundamento esencial o tempo máximo de ocupación dunha praza, en dúas horas, e non poderá ningún vehículo, incluso aboando a tarifa correspondente, permanecer nunha mesma praza por un periodo de tempo superior ao sinalado.

IX.- FORMA DE ACTUACIÓN

A cantidade de vixilantes precisos e o persoal de administración para a realización do servizo, debe contar cun número deles suficiente que contemple as diferentes quendas , vacacións , absentismo, etc., de forma que se garantice un perfecto control das prazas que non superará as 150 prazas por vixilante en zona Azul, así, como 200 en zona Verde e residentes, se fosen creadas nun futuro por decisión municipal.

- Prazas azuis: cunha limitación do tempo máximo de aparcamento de dúas horas.

O persoal deberá ir con todo detalle na Memoria de Servizo, nas ofertas dos licitadores e se manterá cando menos o mesmo número de persoal existente na actualidade sen prexuízo da ratio establecida.

Tódolos vixilantes irán equipados con PDA para comunicarse, ante calquera incidencia, co seu xefe inmediato ou a central operativa do adxudicatario e que permita comunicación no tempo real que servirá ademais para o control de denuncias voluntarias dos vixilantes mediante un terminal a disposición do Concello.

Ademais do equipamento anterior deberán contar os vixilantes cun sistema que permita a impresión das denuncias a colocar no parabrisas do vehículo infractor e conservarán unha copia da mesma.

No anexo número 2 se relaciona o persoal da actual mercantil concesionaria, coa antigüidade e dereitos laborais adquiridos, achegándose para os efectos informativos, sen prexuízo da súa comprobación polos licitadores.

O comportamento do persoal de vixilancia, representa para moitos cidadáns de Vigo e para a gran maioría dos visitantes da cidade, a imaxe do Concello, polo que debe ser especialmente significativa a súa formación, subliñada a importancia directa e indirecta do seu traballo atendendo especialmente o trato co cidadán e a súa imaxe persoal.

O persoal que utilice o concesionario para a prestación do Servizo e que teña relación co público deberá estar debidamente uniformado. Para a fixación definitiva do modelo de uniforme a utilizar o adxudicatario deberá seguir as indicacións municipais.

A uniformidade comprenderá como mínimo:

Estacionamento Regulado en Superficie.

- Camisa verán e inverno
- Cazadora verán e inverno
- Anorak verán e inverno
- Zapatos ou botas
- Pantalón
- Gorra de prato ou visera
- Elementos distintivos do servizo en brazos e peito nas prendas de uso externo
- Tódolos elementos de protección individual necesarios de conformidade coa Lei de Prevención de Riscos Laborais.

Neste sentido os vixilantes deberán atender cantas solicitudes de información de usuarios, fundamentalmente en relación co servizo.

Os vixilantes observarán calquera anomalía ou incidente, referente ao servizo, que ocorra na vía pública, advertindo diso o antes posible ao xefe inmediatamente superior quen adoptará as medidas que considere oportunas en cada caso. Os vixilantes estarán, en caso necesario e en relación co servizo, a disposición dos requerimentos da dirección municipal do contrato.

Os vixilantes realizarán, asimesmo, un parte diario referente ás denuncias, ratificacións realizadas, así como das anomalías ou incidentes acaecidos durante o día.

- Proceso para cumprimentar denuncias

O proceso que se seguirá para cumprimentar as denuncias en relación coa xestión de estacionamento regulado (XER) deberá establecerse con detalle no Regulamento de Réxime Interno do funcionamento do Servizo, que os licitadores terán que presentar e que, e no seu caso, deberá ser aprobado polo Concello , e especificará:

- ✓ As tarefas e procedementos que deba levar a cabo o vixilante na rúa
- ✓ O procedemento xestión de paralización de denuncia (anulación)

- ✓ O procedemento de denuncia voluntaria incorporará unha fotografía ao expediente como proba do feito denunciado, deixando constancia da circunstancia da denuncia.
- ✓ O procedemento de recollida das denuncias
- ✓ O procedemento de clasificación das denuncias
- ✓ O proceso de ratificación das denuncias

- Denuncias

O persoal da empresa adxudicataria deberá contar cos medios necesarios que lle permitan a formulación de denuncias por infraccións á normativa do Servizo. A empresa adxudicataria deberá enviar diariamente ao Concello, na forma que determine o servizo, tódolos avisos de denuncia voluntarios debidamente asinados mediante dispositivos electrónicos validados pola Real Casa Española de Moeda e Timbre, para efectos da súa adecuada tramitación.

O persoal da empresa adxudicataria estará na obriga a realizar a denuncia voluntaria e comunicar, en tempo real, ao Servizo Municipal correspondente, a situación daqueles vehículos que de conformidade co establecido na Lei sobre Tráfico, Circulación de Vehículos a motor e Seguridade Vial, se atopen estacionados de forma non regulamentaria, aínda cando non perturben gravemente a circulación e o seu conductor non se atopase presente ou de estar, se negase a retiralo.

As denuncias que se formulen se efectuarán polo adxudicatario de acordo co disposto na normativa vixente e mediante o soporte e/ou modelo que o Concello estableza, denunciando ademais das infraccións recollidas na Ordenanza de Regulación do Servizo, todas as contempladas pola lexislación actual e Ordenanzas Municipais con relación ao estacionamento.

Os licitadores ofertarán un sistema de mecanización informatizado de denuncias que, como mínimo, cumpra as seguintes especificacións:

- ✓ As denuncias ademais das remitidas polo PDA directamente ás oficinas do Concello, serán entregadas á dependencia municipal que trámite os expedientes sancionadores, pola empresa, con periodicidade diaria en método e forma compatible co sistema informático municipal, achegadas de fotografías dixitais dos vehículos infractores, sen prexuízo das actuacións que aol respecto poida exercer a Policía Local
- ✓ O Concello facilitará ao adxudicatario o modelo de Formulario de Denuncia, será integrado a cargo do adxudicatario, quen estará igualmente obrigado a cumprimentar a totalidade dos datos que nel se esixan, de acordo coas instrucións municipais.
- ✓ Permanente e continua adaptación, durante a duración do servizo, á lexislación vixente das características do sistema informático municipal.

X.-Condicións económicas

-Tarifa:

O Adxudicatario estará obrigado a aplicar a tarifa aprobada en cada momento polo Concello. Tarifas propostas para o ano 2006 (segundo Ordenanza Fiscal en vigor)

zona azul	Tarifa VIGO	Prezo
	actual	Minuto
Até 28 minutos	0,20 €	0,007142 €
De 28 min até 70 min	0,55 €	0,007857 €
De 70 min a 90 min	0,85 €	0,009444 €
De 90min a 120 min	1,15 €	0,009583 €

Adaptación da tarifa polas limitacións de fracción de moeda sendo esta dun mínimo de 0,05 €

En cuanto á tarifa de post-pago será de 2,05€ considerando que esta tarifa corresponde á posibilidade de anulación da proposta de denuncia no suposto de superar o tempo de estacionamento aboado polo usuario nun máximo dunha hora, sempre que non se supere tempo máximo autorizado.

En cuanto ás tarifas de residente tanto abonos anuais como trimestrais así como o pagamento mediante tarxeta específica a través dos expendedores e tras unha sondaxe de distintas cidades españolas a observar a disparidade de tarifas aplicadas a actual aplicada en Vigo se sitúa en prezo de termo medio polo que se cre conveniente o manter a tarifa actual resultando a excepción do pagamento mediante tarxeta magnética nos expendedores en cuxo caso se adaptará á tarifa estándar e corresponderá o prezo mínimo establecido de 0,25€. 120 minutos.

Abono anual 82 €

Abono trimestral 28 €

Ingresos

O adxudicatario recadará con medios propios, os ingresos por tarifas correspondentes ao área regulada.

Entre os días 1 e 5 de cada mes, se practicará unha liquidación para o que o adxudicatario presentara ao Excmo. Concello:

- Relación de prazas contratadas
- Relación de prazas en servizo
- Relación de horas de servizo
- Ingresos resultado da recadación
- Tarifa media
- % de ocupación
- Custo do servizo prorrateado en 12 meses

TIPO DE LICITACIÓN

O canon anual a aboar polo concesionario ao Concello, se establece segundo o remanente do mencionado periodo, que se obterá sumando o importe de explotación ao importe de amortización das instalacións e restando esta suma do importe de real da recadación sen I.V.E.

O importe a aboar ao Concello será, como mínimo, o 80% do remanente obtido, quedando o 20% como máximo, para o concesionario, como beneficio ou incentivo polo servizo prestado.

PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES PARA A CONTRATACIÓN DA XESTIÓN DO SERVIZO PÚBLICO DE ESTACIONAMENTO REGULADO MEDIANTE EXPENDEDORES DE TIQUETS NA VÍA PÚBLICA (XER).

1. RÉXIME XERAL DA CONTRATACIÓN

1.1 RÉXIME XURÍDICO DO CONTRATO

1.1.1 O contrato obxecto do presente prego é un contrato de xestión de servizos baixo a modalidade de concesión administrativa que se rexerá polo disposto neste prego, no que se inclúen os pactos e condicións definidores dos dereitos e obrigas que asumirán o órgano de contratación, os licitadores e, no seu momento, a empresa adxudicataria, e polo disposto no prego de prescricións técnicas particulares que regula as características da prestación que é obxecto desta contratación, así como a súa execución.

1.1.2 En todo o non previsto expresamente nos citados pregos estarase ao disposto no Texto Refundido da Lei de Contratos das Administracións Públicas, en especial artigos 154 e seguintes, (en adiante TRLCAP), aprobado por Real Decreto 2/2000, de 16 de xuño, e polo Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, aprobado polo Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro (en adiante RXCAP) e o Regulamento de Servizos das Corporacións Locais (RS), de 17 de xuño de 1955, Ordenanza Reguladora do servizo de aparcamento na vía pública mediante máquinas expendedoras de tikets na cidade de Vigo e a Ordenanza fiscal reguladora das taxas por aproveitamento especial da vía pública con estacionamento de vehículos de tracción mecánica en determinadas rúas municipais.

1.1.3 Terán o carácter de documentos contractuais, pola orde de prelación en que se indican, os seguintes :

1º.- O presente prego de cláusulas administrativas particulares.

2º.- O prego de prescricións técnicas particulares.

3º.- A oferta do que resulte adxudicatario.

4º.- O documento no que se formalice o contrato, e, no seu caso, os acordos suscritos entre o Concello e o Contratista, así como calquera outro documento polo que se modifiquen, complementen ou desenvolvan tales acordos con suxeición ao disposto no Contrato aprobados polo órgano de Contratación.

1.2 PROCEDEMENTO E FORMA DE CONTRATACIÓN

A adxudicación do contrato levarase a cabo polo procedemento aberto, mediante a forma de concurso, de conformidade co réxime xeral previsto nos artigos 85 e 159 do TRLCAP.

A tramitación do expediente de contratación farase pola forma ordinaria.

1.3 RECURSOS

1.3.1 As cuestións litixiosas xurdidas sobre a interpretación, modificación, efectos e resolución do contrato serán resoltas pola Xunta de Goberno do Concello de Vigo ou órgano que o substitua no futuro.

1.3.2 As resolucións da Xunta de Goberno do Concello de Vigo, incluída a de adxudicación do contrato, poderán ser recurridas potestativamente en reposición, no prazo dun mes, ou ser impugnados directamente perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo mediante a interposición do correspondente recurso contencioso-administrativo de conformidade co disposto na Lei da Xurisdicción Contencioso-Administrativa, sen perxuício do exercicio do dereito regulado no artigo 60 bis do TRLCAP.

1.4 XURISDICCIÓN

O coñecemento das cuestións litixiosas que poidesen derivarse da presente contratación corresponderá á xurisdicción contencioso-administrativa, sendo competentes para o seu coñecemento e resolución os xulgados do contencioso-administrativo de Vigo.

2. ELEMENTOS DO CONTRATO

2.1 OBXECTO DO CONTRATO

Constitúe obxecto do presente contrato a xestión do servizo público de control de estacionamentos regulados na vía pública mediante máquinas expendedoras de tiquets no termo municipal de Vigo, cuxas especificacións técnicas se describen e establecen no prego de prescricións técnicas particulares.

1.2 O contrato inclúe os seguintes produtos e actividades de acordo coa nomenclatura da Clasificación de Produtos por actividades 2002: 632124

2.2 VARIANTES

Non se admitirá a presentación de variantes.

2.3 POSTA EN FUNCIONAMENTO DO SERVIZO, PRAZO DE EXECUCIÓN E PRÓRROGA

2.3.0 O adxudicatario deberá pór en funcionamento a totalidade dos servizos contratados nun prazo máximo de tres (3) meses dende a sinatura do contrato, poidendo entrar en funcionamento paulatinamente dentro do indicado prazo máximo. Sen perxuício do sinalado, para a ampliación total da rede de comunicacións, do sistema de control automático e do de aplicación de tódalas funcionalidades ofertadas, o prazo máximo é de dous(2) meses.

2.3.1 O prazo do contrato é de catorce (14) anos, a contar dende o día primeiro do mes seguinte á data de formalización do contrato, sen perxuício de que o Concello exerza as potestades de rescate ou supresión do servizo.

2.3.2 O contrato pode ser prorrogado expresamente ata un máximo de dúas prórrogas dunha duración máxima cada prórroga de dous anos. Para elo é preciso que, para cada prórroga, polo adxudicatario se presente solicitude por escrito cunha antelación mínima de seis (6) meses antes da data de remate do contrato, debendo ser aceptada expresamente polo Órgano de Contratación.

3. PRESUPOSTO, PREZO, CONDICIÓN ECONÓMICAS E CANON

3.1 Fíxase como cantidade de equilibrio da concesión se fixa a de 2.100.000 €/ano,(cantidade que podera ser rebaixada polos licitadores) incluídos os gastos financeiros, xerais, beneficio industrial, IVE e demais impostos. Dito prezo correspóndese a unha ocupación do 68,5 % de acordo co sinalado no prego de prescricións técnicas particulares, en especial o seu anexo 2.

O concesionario será retribuído directamente mediante as tarifas que abonen os usuarios do servizo.

Si o concesionario nalgunga anualidade non obtivera o prezo do contrato por el ofertado na súa proposta, terá dereito a ser compensado, na diferenza, polo Concello na anualidade seguinte co fin da súa consignación presupostaria

3.2 Condicións económicas :

-Tarifa : o adxudicatario estará obrigado a aplicar a tarifa aprobada en cada momento polo Concello.

- Ingresos : o adxudicatario recadará con medios propios os ingresos por tarifas correspondentes á área regulada.

Entre os días 1 e 5 de cada mes practicarase unha liquidación para o que o concesionario achegará ao Concello :

- Relación de prazas contratadas.
- Relación de prazas en servizo.
- Relación de horas de servizo.
- Ingresos resultado da recadación.
- Tarifa media : ponderación das tarifas das prazas azuis e dos prezos hora dos periodos horarios de 28, 70, 90, 120 minutos e prezo hora residente, de acordo coa seguinte fórmula, $T_m = \text{plazas azuis (prezo hora treito 28 minutos + prezo hora treito 90 minutos + prezo hora treito 120 minutos)} \times A + (\text{prezo hora residente}) \times B$: Tarifa media (A e B son coeficientes de participación relativos á incidencia porcentual, sendo A o índice correspondente a prazas azúis, e B a prazas residentes); resultando a T_m . para o ano 2006, coas tarifas vixentes, 0,49463 €.
- % de ocupación.
- Custo do servizo prorrateado en 12 meses, (calculado en 175.000 €/mes).
- O concesionario presentará unha factura anual que contemplará a diferenza existente entre o custo anual do servizo e a recadación real, efectuándose de igual forma a liquidación anual do excedente resultante segundo o establecido neste Prego.

3.3 REVISIÓN DA CANTIDADE DE EQUILIBRIO DA CONCESIÓN

3.3.1 Conforme á aplicación do incremento anual do Índice de Prezos ao Consumo (IPC) anual estatal, no ano anterior á data en que se produza a revisión de prezos.

3.3.2 A primeira revisión da cantidade de equilibrio da concesión se efectuará transcorrido un ano dende a data do inicio do contrato e recollera a variación do IPC xeral do estado dende a data de apertura da oferta económica e a data en que proceda a primeira revisión. As seguintes revisións se efectuaran transcorrido un ano dende a inmediata anterior.

3.3.3 Para o suposto de prórroga do contrato procederá a revisión acordo co previsto nos parágrafos anteriores.

3.3.4 As revisións de prezos deberán ser aprobadas pola Xunta de Goberno Local ou organo que o substitua.

3.3.5 A cantidade de equilibrio da concesión revisada será a que se teña en conta ós efectos previstos na cláusula 3.1 de este prego.

3.4 EXISTENCIA DE CRÉDITO

3.4.1 A execución dos compromisos económicos derivados da presente contratación non require existencia de crédito, ao pagarse o servizo coas tarifas que cobra o adxudicatario, de acordo co equilibrio económico e previsións económicas fixadas no prego de prescricións técnicas.

3.4.2 O concello comprométese a incluír, se fose o caso, nos seus orzamentos anuais as cantidades necesarias para corrixir o equilibrio económico financeiro da concesión a que se refire a cláusula 3.1. de este prego.

3.5 CANON

O canon anual a aboar polo concesionario ao Concello establécese en base á diferenza existente entre os ingresos anuais e os custos anuais do servizo (cantidade fixada na cláusula 3.1. de este prego), sempre que da dita diferenza resulte un saldo positivo, de acordo co disposto no prego de prescricións técnicas particulares atendendo á proposta establecida nos mesmos como base.

O importe a aboar, por este concepto, será como mínimo o 80 % do remanente obtido, quedando o 20 % restante como máximo para o concesionario como beneficio ou incentivo pola prestación do servizo contratado.

A porcentaxe do 20% poderá ser reducido a baixa polos licitadores

4. GASTOS DE PUBLICIDADE

O importe dos gastos da publicidade dos anuncios de licitación e adxudicación do contrato a insertar nos boletíns oficiais serán aboados polo adxudicatario. O devantido importe será o establecido no anuncio de licitación, non podendo superar a contía de 2.000 €.

5. CAPACIDADE PARA CONTRATAR

5.1 CAPACIDADE DAS PERSOAS NATURAIS OU XURÍDICAS

5.1.1 Poderán contratar coa Administración as persoas naturais ou xurídicas, españolas ou extranxeiras, a título individual ou en agrupación ou unión temporal, que teñan plena capacidade de obrar, que desenvolvan unha actividade que teña relación directa co obxecto da presente contratación, segundo resulte dos seu respectivos estatutos ou regras fundacionais e dispoñan dunha organización con elementos persoais e materiais suficientes para a debida execución do contrato, acrediten a súa solvencia económica e técnica como se indica no presente prego e non se atopen incursas en ningunha das prohibicións de contratar establecidas no art. 20 do TRLCAP.

5.2 UNIÓNS DE EMPRESARIOS

5.2.1 Nas unións de empresarios, cada un dos empresarios que a integran acreditará a súa personalidade e capacidade de obrar nos termos establecidos no apartado anterior.

5.2.2 A duración da unión temporal de empresarios será coincidente coa do contrato ata a súa extinción.

5.2.3 A solvencia económica, financeira e técnica esixida para participar na licitación valorarase para o conxunto da unión temporal de empresas.

6. CONTIDO DAS PROPOSICIÓNS

6.1 A proposición entregárase dentro de dous sobres pechados, que poderán estar lacrados, contendo cada un deles a seguinte documentación :

SOBRE NUM. 1- Levará o seguinte título : “Documentación administrativa xeral para participar no concurso para a adxudicación do contrato de concesión administrativa da xestión do servizo público de estacionamento regulado mediante expendedores de tiquets na vía pública (XER) presentada por----- “.

O sobre terá a sinatura do licitador ou persoa que o represente, nome, apelidos ou razón social da empresa e enderezo, número de rexistro, no seu caso, de contratista da Xunta de Galicia, NIF, teléfono e fax. Conterá a seguinte documentación :

A.- As empresas que se atopen inscritas e coa documentación actualizada no Rexistro de Contratistas da Xunta de Galicia presentarán, pola orde que se indica, a seguinte documentación :

a) Declaración responsable do licitador co seguinte contido :

- 1.- Non incorrer en ningunha das prohibicións previstas no artigo 20 do TRLCAP.*
- 2.- Non ter débedas de carácter tributario co Concello de Vigo.*
- 3.- Estar inscrito no Rexistro de Contratistas da Xunta de Galicia coa documentación actualizada e co número de inscrición correspondente.*

As circunstancias previstas nos números 2 e 3 deste apartado será comprobadas de oficio polo Concello, e no suposto de que o declarado non fora certo suporá a exclusión da licitación.

A declaración xurada terá que estar asinada polos representantes con facultades suficientes e que consten inscritos no Rexistro de Contratistas da Xunta de Galicia.

b) A solvencia económica e financeira acreditarase coa presentación de calquera dos seguintes documentos :

- Informe dalgunha institución financeira debidamente inscrita no Rexistro de Entidades Financeiras do Banco de España sobre a situación financeira do licitador no que se valore a súa capacidade de facer fronte ás obrigas financeiras derivadas do futuro contrato comención expresa das características deste (obxecto, prazo concesional, etc.).*
- Declaración relativa á cifra de negocios global realizado polo licitador nos últimos tres exercizos. Considerarase acreditada a solvencia se a cifra global de negocios para o total dos tres exercizos supera os 2.100.000 euros.*

c) A solvencia técnica apreciarase tendo en conta os coñecementos técnicos, a eficacia, a experiencia e a fiabilidade, o que se acreditará mediante a presentación do seguinte documento :

Certificacións de boa execución do Órgano competente dos Concellos de estar realizando, ou ter realizados, a prestación dos servizos obxecto desta contratación nos últimos tres anos, que inclúa importe e datas, esixíndose que tal certificación conteña que a prestación se fai, ou fíxose, en Concellos de máis de 50.000 habitantes e cun número superior a 1.000 plazas reguladas de estacionamento. Para a acreditación desta solvencia basta a certificación dun Concello coas indicacións sinaladas.

- d) Número de fax, teléfono e enderezo a efectos de notificacións.*
- e) Xustificante de ter depositada a garantía provisional.*
- f) Declaración de someterse á xurisdicción dos xulgados e tribunais españoles de calquera orde, para todas as incidencias que de xeito directo ou indirecto poideran xurdir do contrato con renuncia, no seu caso, ao foro xurisdiccional estranxeiro que lle poidera corresponder ao licitante.*

B.- As empresas que non están inscritas ou a súa documentación non estea actualizada no Rexistro de Contratistas da Xunta de Galicia presentarán, pola orde que se indica, a seguinte documentación :

- a) Documento Nacional de Identidade da persoa asinante da proposición.*
- b) Persoas xurídicas : escritura de constitución ou modificación, se é o caso, inscrita no Rexistro Mercantil.*
- c) Escritura de poder debidamente bastantada, se actúa e representación doutra persoa.*
- d) Declaración responsable do licitador, co seguinte contido :*

1.- Non incorrer en ningunha das prohibicións previstas no artigo 20 TRLCAP.

2.- Estar dado de alta no imposto de actividades económicas cando exerzan actividades suxeitas ó imposto reguladas polo Real Decreto 1175/1990.

3.- Estar ó día nas súas obrigas tributarias co alcance previsto nos artigos 13, 15 e 16 do Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro.

4.- Estar ó corrente no cumprimento das súas obrigas coa Seguridade Social co alcance previsto nos artigos 14, 15 e 16 do referido Real Decreto 1098/2001.

5.- Non ter débedas de carácter tributario co Concello de Vigo.

Das circunstancias previstas nos números 2, 3 e 4 deste apartado terá que presentar o licitador que vaia resultar adxudicatario as xustificacións acreditativas de tales requisitos, no prazo máximo dos cinco días hábiles seguintes a aquel no que se lle notifique o acordo de adxudicación. A circunstancia prevista no número 5 será comprobada de oficio polo Concello.

- e) A solvencia económica e financeira acreditarase coa presentación dos documentos sinalados na letra b) do anterior apartado A.
- f) A solvencia técnica acreditarase mediante a presentación dos documentos sinalados na letra c) do anterior apartado A.
- g) Nº de fax, teléfono e enderezo a efectos de notificacións.
- h) Xustificante de ter depositada a garantía provisional.
- i) Declaración de someterse á xurisdicción dos xulgados e tribunais españois de calquera orde, para todas as incidencias que de xeito directo ou indirecto poideran xurdir do contrato con renuncia, no seu caso, ao foro xurisdiccional estranxeiro que poidera corresponder ao licitador.

C.- Se as propostas fosen presentadas por estranxeiros, ademais da anterior documentación, terán que aportar a seguinte :

- a) Os licitadores estranxeiros de estados membros da Unión Europea ou asinantes do acordo sobre o espazo económico europeo acreditarán a súa capacidade de obrar mediante a inscrición nos rexistros ou presentación das certificacións que se indican no Anexo I do Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro.
- b) Os contratistas de estados non membros da Comunidade Europea e dos non asinantes do acordo sobre o espazo económico europeo, ademais de acreditar a súa capacidade para contratar e obrigarse consonte á lexislación do seu Estado e a súa solvencia económica, financeira e técnica, deberán presentar os seguintes documentos :
 - Certificación expedida pola respectiva representación diplomática española na que se faga constar que figuran inscritas no rexistro local, profesional, comercial ou análogo, ou, no seu defecto, que actúan habitualmente no tráfico local.
 - Informe da representación diplomática española sobre a condición do Estado sinatario do acordo sobre contratación pública da organización mundial do comercio ou, no caso contrario, o informe de reciprocidade a que se refire o artigo 23-1º do TRLCAP.
- c) Declaración de sometemento á xurisdicción dos xulgados e tribunais españois de calquera orde para a resolución de calquera das cuestións litixiosas que poideran xurdir durante a formalización e execución do contrato.

Os licitadores estranxeiros presentarán os documentos que teñan que achegar traducidos de forma oficial en calquera dos idiomas galego ou castelán.

D.- Especialidades en relación coas Unións Temporais de Empresarios.

- Poderán concurrir á licitación as unións de empresarios que se constitúen temporalmente ao efecto, sen que sexa necesaria a formalización das mesmas en escritura pública ata que se haxa efectuado a adxudicación do contrato ao seu favor.

Os empresarios que concurran agrupados en unións temporais de empresarios quedarán obrigados solidariamente e deberán nomear un representante ou apoderado único con poderes bastantes para exercita-los dereitos e cumpra-las obrigas que do contrato se deriven ata a extinción do mesmo, sen perxucio da existencia de poderes mancomunados que poidan outorgar para cobros e pagos de contía significativa.

A efectos da licitación, os empresarios que desexen concurrir integrados nunha unión temporal deberán indica-los nomes e circunstancias das que as constitúan e a participación de cadaún; así como asumen o compromiso de constituirse formalmente en unión temporal en caso de resultaren adxudicatarios do contrato.

- Cada un dos empresarios que a compoñan deberá acreditar a súa capacidade de obrar.
- A solvencia económica, financeira e técnica será a da o conxunto da UTE.
- Só no caso de resultar adxudicataria a UTE, deberá acreditar a súa constitución en escritura pública. Non obstante, deberán achegar ao acto de licitación o proxecto de estatutos polo que se deberá rexer a UTE.

SOBRE NUM. 2.- Levará o seguinte título : “ Oferta económica e documentación técnica para participar no concurso..... presentada por..... “.

O sobre terá a sinatura do licitador ou persoa que o represente e indicación do nome e apelidos e a razón social da empresa, así como o CIF ou o NIF.

a) Presentarase de acordo o seguinte modelo de proposición :

D./Dña _____ DNI _____ en representación de _____, veciño de _____, con enderezo en _____, enterado do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares (PCAP) e do Prego de Prescripcóns Técnicas que regulan o concurso por procedemento aberto para a adxudicación dun CONTRATO DE XESTIÓN DE SERVIZO PÚBLICO MEDIANTE CONCESIÓN PARA O ESTACIONAMENTO REGULADO MEDIANTE EXPENDEDORES DE TIQUETS NA VÍA PÚBLICA (XER), manifesto :

- Que acepto na súa integridade os pregos que regulan a contratación e me comprometo a tomar ao meu cargo o mencionado servizo, con estricte suxeición aos requisitos e condicións establecidos nos ditos Pregos.
- Que me comprometo a súa execución con arreglo aos citados documentos por un precio de _____ €/ano(en letra e número)___ e un canon que ascende ao _____ % (en letra e número)

Vigo, (data e sinatura).

b) Documentación Técnica :

- Conterá os documentos acreditativos dos elementos distintos da oferta económica onde se reflicten as

características da oferta do licitador, en relación coa realización do servizo obxecto de licitación.

- A documentación esixida no prego de prescripcóns técnicas particulares.
- Proxecto técnico para a execución dos servizos.
- Plans de melloras, conservación e mantemento dos medios materiais e instalacións afectos á concesión.
- Proxecto de xestión e tratamentos de denuncias.
- Sistemas de xestión e control de recadación.
- Sistemas de comunicacións e proceso de datos.

- Estudo económico-financieiro do servizo.
- A documentación acreditativa dos criterios de adxudicación.
- Calquera outra información que o licitador estime oportuno incluíla para facer máis comprensiva a súa oferta.

Non se aceptarán aquelas proposicións que teñan omisións, erros ou tachóns que impidan coñecer claramente o que o órgano de contratación estime fundamental para considerar a oferta.

Cada licitador presentará unha soa proposición, non podendo suscribir ningunha proposición en unión temporal con outros se o fixo individualmente ou figura en máis dunha agrupación temporal. A infracción destas normas dará lugar á non admisión de todas as proposicións por él suscritas.

6.2 RESGARDO

Os licitadores teñen dereito a obter unha copia selada dos sobres que conteñan a súa proposición. A tal efecto acompañarán copia simple dos mesmos.

6.3 RETIRADA DAS PROPOSICIÓNS UNHA VEZ PRESENTADAS

De non dictarse a resolución da adxudicación dentro do prazo, os licitadores teñen dereito a retiraren a súa proposición e a que se lle devolva ou cancele a garantía prestada.

Se algún licitador retira a proposición inxustificadamente antes da súa adxudicación, procederase á execución da garantía provisional.

7.- GARANTÍA PROVISIONAL

Para tomar parte neste concurso é preciso acompañar á proposición e demais documentos esixidos o resguardo da Tesourería Municipal de ter constituída unha garantía provisional de 588.000 EUROS, que se constituirá mediante algunha das formas sinaladas no artigo 35 do TRLCAP.

No suposto de que a garantía se formalice mediante aval ou seguro de caución, constituirase perante o órgano de contratación e incorporarase ao expediente.

No caso de agrupación de empresarios a garantía provisional poderá constituirse por unha ou por varias das empresas participantes, sempre que en conxunto se acade a contía esixida e garanta solidariamente a tódolos integrantes da agrupación.

8.- LUGAR E PRAZO DE PRESENTACIÓN

8.1 A documentación deberá presentarse no Rexistro Xeral do Concello en horario de 9 a 13 horas.

8.2 Non obstante o disposto no punto anterior, os licitadores poderán enviar as súas proposicións por correo; en tal caso terán que xustificar a data e hora de imposición do envío na oficina de correos e anunciar ao órgano de contratación a remisión da oferta mediante fax, telex ou telegrama no mesmo día. Esta notificación cursarase ao Rexistro Xeral do Concello de Vigo. Sen a concurrencia dos dous requisitos non será admitida a proposición. Transcorridos, nembargantes, dez días seguintes á data de finalización do prazo de presentación de proposicións sen terse recibido a documentación, esta non será admitida.

8.3 O prazo de presentación será o de 30 días seguintes a derradeira publicación dos anuncios a inxerir no Boletín Oficial do Estado, Diario Oficial de Galicia e Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra.

9.- CRITERIOS PARA A ADXUDICACIÓN DO CONCURSO

Os criterios de adxudicación e os seu baremos correspondentes son os seguintes :

1.- Proposición Técnica : ata 65 puntos

- a) Polo proxecto técnico para a execución dos servizos, modo de funcionamento e realización dos traballos : ata 20 puntos.*
- b) Plans de mellora, conservación e mantemento dos medios materiais e instalacións afectos á concesión : ata 10 puntos.*
- c) Proxecto de xestión e tratamentos de denuncias : ata 10 puntos.*
- d) Sistemas de xestión e control de recadación : ata 10 puntos.*
- e) Sistemas de comunicacións e proceso de datos : ata 10 puntos.*

- f) Melloras directamente aplicables á xestión do servizo, descritas e cuantificadas economicamente, sin custo adicional para o Concello: ata 5 puntos.*

2.- Proposición Económica : ata 35 puntos

- a) Canon ofertado ao Concello, dándose 1 punto por cada unidade incrementada sobre o tipo de canon previsto neste prego : ata 15 puntos.*
- b) Prezo anual do servizo ofertado, outorgándose 2 puntos por cada 1% en que se rebaixe o prezo de licitación, : ata 10 puntos.*
- c) Fiabilidade, calidade e grao de detalle do estudo económico financeiro presentado polo licitador : ata 10 puntos.*

10.- APERTURA E EXAME DAS PROPOSICIÓNS

10.1 Constitución da Mesa de Contratación

10.1.1 A Mesa de Contratación reunirse ás 11,30 horas do primeiro luns seguinte ao reamate do prazo para a presentación das proposicións. No suposto de que fora inhábil, ou coincidira coa realización dunha sesión plenaria do Concello, reunirse ó día seguinte hábil.

10.1.2 O presidente ordenará a apertura dos sobres nº 1 e o Secretario certificará a relación de documentos que figuran en cada un deles.

10.1.3 Se a Mesa observase defectos materiais ou omisións subsanables na documentación presentada, o comunicará ao licitador afectado, concedéndolle un prazo non superior a 3 días hábiles para que os corrixa ou subsane ante a propia Mesa de Contratación.

10.1.4 A Mesa de Contratación calificará a documentación incluída no sobre nº 1 e subsanados, no seu caso, os defectos ou omisións da documentación presentada, determinará os empresarios que cumpren os requisitos esixidos, con pronunciamento expreso sobre os admitidos á licitación, e os rexeitados con expresión da causa do rexeitamento.

10.1.5 De tódolo actuado deixarase constancia na acta que necesariamente se deberá estender.

10.2 Apertura das Proposicións

10.2.1 O acto público de apertura das Proposicións contidas no sobre 2 realizarase no Concello ás 11,30 horas do segundo luns seguinte á data de remate do prazo de presentación de proposicións, se este fose inhábil ou se celebrase Pleno do Concello, será o día seguinte á hora sinalada.

10.2.2 O Secretario da Mesa dará lectura ao anuncio do Contrato e, a seguir, procederase ao reconto das Proposicións presentadas e á súa confrontación cos datos que figuren no certificado estendido polo Xefe da Oficina do Rexistro Xeral. A continuación, darase coñecemento ao público do número de Proposicións recibidas

e nome dos licitadores, dando ocasión aos interesados para que poidan comprobar que os sobres nº 2 que conteñen as Proposicións se atopan na Mesa en idénticas condicións en que foron entregados.

10.2.3 O Presidente manifestará o resultado da calificación dos documentos presentados nos sobres nº 1, con expresión das Proposicións admitidas, das rexeitadas e causa ou causas de inadmisión destas últimas, e notificará verbalmente e a través do Taboleiro de Edictos e da páxina web do Concello o resultado da calificación. As ofertas que correspondan a Proposicións rexeitadas quedarán excluídas do procedemento de adxudicación do contrato e os sobres que as conteñan non poderán ser abertos.

10.2.4 O Presidente invitará ós licitadores interesados a que manifesten as dúbidas que se lles ofrezan ou pidan as explicacións que estimen necesarias, procedéndose pola Mesa ás aclaracións e contestacións pertinentes.

10.2.5 Seguidamente o Presidente procederá á apertura das proposicións presentadas e á lectura do escrito dos modelos de proposición.

11.- PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN

11.1 A Mesa de Contratación en sesións convocadas ao efecto analizará e estudará as proposicións inicialmente admitidas.

11.2 A Mesa, na súa función de estudo e información, poderá solicitar antes de formular a súa proposta cantos informes técnicos coide precisos. Tales informes poderán ter por obxecto a puntuación razoada dos distintos criterios de adxudicación, ou ben o mero análise de tales criterios.

11.3 De conformidade co previsto no artigo 84 do RGLCAP, dos estudos e das análises indicados, a Mesa poderá acordar o rexeitamento das proposicións inicialmente admitidas, sempre e cando as mesmas e a documentación técnica e/ou económica que conteñan variasen as previsións dos Pregos. Desta circunstancia darase coñecemento inmediato ao licitador.

11.4 A Mesa de Contratación en sesión non pública determinará a proposición máis vantaxosa atendendo aos criterios de adxudicación establecidos no presente prego, elevando a acta da sesión e os informes solicitados ao órgano de contratación, que efectuará a adxudicación do contrato. A Mesa poderá, así mesmo, propoñer motivadamente que o concurso se declare deserto, ben porque as distintas ofertas non se axustan ás condicións esixidas nos pregos, ben porque non son convenientes para os intereses públicos municipais.

11.5 A proposta de adxudicación non crea ningún dereito a favor do licitador proposto.

12.- DOCUMENTACIÓN A ESIXIR PREVIAMENTE Á ADXUDICACIÓN

12.1 A proposta de adxudicación quedará condicionada a que o licitador proposto acredite estar ao corrente do cumprimento das súas obrigas tributarias estatais e autonómicas e coa Seguridade Social. A tal efecto requiriráselle para que no prazo de cinco días hábiles contados a partir da notificación do devantido requerimento, achegue os seguintes documentos orixinais ou copias dos mesmos que teñan carácter de auténticas consonte coa lexislación vixente aplicable, no suposto de que os presentados á licitación caducasen.

- (a) Certificacións expedidas polos órganos competentes, coa forma e cos efectos previstos nos artigos 13,14,15 e 16 do RGCAP, acreditativas de estaren ao corrente do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social impostas polas disposicións vixentes.
- (b) No caso de estare suxeito ao Imposto de Actividades Económicas, Alta no mesmo, referida ao exercicio corrente, ou o último recibo, completado cunha declaración responsable de non terse dado de baixa na matrícula do devantido imposto.

12.2 Se no prazo indicado non se recibise esta documentación ou o licitador non xustificase que se atopa ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, a Mesa de Contratación propondrá coma adxudicatario ao licitador seguinte, segundo corresponda, atendendo á orde de valoración obtida nas ofertas.

12.3 Os empresarios inscritos no Rexistro Xeral de Contratistas da Xunta de Galicia cuxa documentación se atope debidamente actualizada, unicamente deberán presentar un certificado do Rexistro actualizado no caso de que o presentado á licitación estivese caducado.

13.- ADXUDICACIÓN

13.1 A Xunta de Goberno Local, no prazo máximo de tres meses a contar dende o acto de apertura das ofertas económicas, á vista da proposta formulada pola Mesa de Contratación, terá alternativamente a facultade de adjudicar o contrato á proposición máis vantaxosa, mediante a aplicación dos criterios de adjudicación, ou declarar deserto o concurso, motivando en todo caso a súa decisión.

13.2 A garantía provisional será devolta aos interesados inmediatamente despois da adjudicación, a excepción da do adjudicatario ata que constitúa a garantía definitiva.

13.3 A documentación restante presentada polos licitadores non adjudicatarios, a excepción da proposición económica, poderá ser retirada polos licitadores transcurridos os prazos para a interposición de recursos sen que se interpuxeran. Si tal retirada conleva gastos para o Concello estes satisfaranse polos licitadores.

14.- FORMALIZACIÓN DO CONTRATO

14.1 O contrato formalizarase en documento administrativo dentro do prazo de trinta días a contar dende o seguinte ó da notificación da adjudicación.

14.2 Cando o solicite o concesionario, poderá elevarse a escritura pública, sendo da súa conta os gastos derivados do seu otorgamento.

15.- GARANTÍA DEFINITIVA

15.1 O adjudicatario está obrigado a constituir e depositar na Tesourería do Concello de Vigo garantía definitiva polo importe do 4 % do importe de adjudicación, que se corresponde co precio do contrato atendendo á súa proposta e a súa duración (14 anos).

15.2 Acreditarase mediante documento orixinal no prazo de quince (15) días dende a notificación da adjudicación.

15.3 No suposto de adjudicación a un empresario cuxa proposición estivese incurso en presunción de temeridade, o órgano de contratación esixirá ao contratista a constitución dunha garantía definitiva polo 20% do importe de adjudicación.

16.- EXECUCIÓN DO CONTRATO

16.1 FORMA DE EXECUCIÓN

16.1.1 O contrato executarase con suxeición ás cláusulas do mesmo e de acordo coas instrucións que para a súa interpretación dese ao contratista pola Administración. En todo caso executarase a risco e ventura do contratista, correspondendo ó contratista indemnizar todos os danos que se causen tanto á Administración contratante como a terceiros derivados dos traballos realizados para a execución do servizo, salvo cando tales perxuizos fosen ocasionados como consecuencia inmediata e directa dunha orde da Administración.

16.1.2 O contratista será responsable da calidade técnica dos traballos que desenvolve e das prestacións e servizos realizados, así como das consecuencias que se deduzan para o Concello ou para terceiros das omisións, erros, métodos inadecuados ou conclusións incorrectas na execución do contrato.

16.1.3 O concesionario está obrigado ao cumprimento de todas as disposicións vixentes en relación coa actividade desenvolvida. Para utilizar materiais, subministracións, procedementos e equipos na execución do obxecto do contrato deberá obter as cesións, permisos e autorizacións precisas dos titulares das patentes, modelos e marcas de fabricación correspondentes.

16.1.4 Cando o concesionario, ou persoas del dependentes, incorra en actos ou omisións que comprometan ou perturben a boa marcha do contrato, o órgano de contratación poderá esixir a adopción de medidas concretas para conseguir ou restablecer a boa orde na execución do pactado.

16.1.5 O contratista e as persoas del dependentes deberán gardar sigilo e garantir a confidencialidade das actuacións practicadas con motivo da prestación do servizo, así como cumprir co disposto na lexislación de Protección de Datos. Considerarase confidencial toda a información que reciba do Concello de Vigo.

16.2 PERSOAL DO CONTRATISTA

16.2.1 O concesionario disporá en todo momento do persoal preciso e adecuado para a execución do servizo contratado nos termos contractuais e os legalmente establecidos. Particularmente garantizará :

- A cobertura en todo momento dos postos de traballo e as súas correspondentes funcións, que ofertase na súa proposición. En consecuencia o concesionario efectuará ao seu cargo de xeito inmediato as substitucións precisas do persoal que teña asignado ao servizo. Ademais, en caso de que o persoal se demostrase insuficiente para o cumprimento das prestacións obxecto do contrato, o adxudicatario deberá aumentalo en número suficiente para a boa prestación do servizo, sendo ao seu cargo o incremento de costes que se produza por tal causa.
- A cobertura, formación, experiencia e aptitude profesional do persoal. A incapacidade dalgún empregado poderá xustificar o requerimento da súa substitución polo órgano de contratación.

16.2.2 O persoal asignado ao contrato dependerá exclusivamente da empresa adxudicataria, sendo o Concello totalmente alleo a estas relacións laborais.

16.2.3 O concesionario comprométese a retribuír adecuadamente ao persoal con cargo ao prezo da adxudicación do contrato, asumindo de forma directa e nunca trasladábel ao Concello o custo de calquera mellora nas condicións de traballo e/ou nas súas retribucións, xa sexa como consecuencia de Convenios Colectivos, pactos ou acordo de calquera índole; deste xeito, en ningún caso poderá repercutir ditas modificacións sobre o importe a facturar polo servizo.

16.2.4 O concesionario queda obrigado ao cumprimento da normativa laboral, da Seguridade Social e de prevención dos riscos laborais vixente en cada momento.

16.2.5 Unha vez adxudicado o contrato, o concesionario comunicará ao Concello a relación de persoal que adscriba ó servizo, con indicación do nome, categoría, antigüidade e demais datos necesarios, así como calquera variación nestes datos.

16.2.6 O concesionario soamente poderá recorrer á contratación de persoal por medio de empresas de traballo temporal en casos excepcionais e esporádicos que deberán ser xustificados e autorizados pola Xunta de Goberno do Concello.

16.2.7 O concesionario obrígase a cumprir as obrigas que, en relación co persoal, se establecen no prego de prescricións técnicas desta contratación.

16.2.9 Antes do inicio da execución do contrato, o adxudicatario terá que acreditar por escrito ante o concello de Vigoservizo xestor do expediente as seguintes circunstancias de acordo co artigo 10 do Real Decreto 171/2004 de Coordinación de actividades empresariais:

- Que o contratista e as súas subcontratas realizaron para o servizo obxecto do contrato a avaliación dos riscos e a planificación da súa actividade preventiva.
- Que o contratista e as súas subcontratas cumpriron coas súas obrigas en materia de información e formación respecto dos traballadores que vaian a executar os traballos

16.3 FACULTADE DE DIRECCIÓN E INSPECCIÓN DO CONCELLO

16.3.1 O Concello poderá exercer a facultade de dirección e inspección, previa comunicación ao contratista.

16.3.2 A inspección poderá ter por obxecto as condicións técnicas de execución do servizo, as obrigas asumidas polo contratista en canto a súa execución ou a xustificación dos aboamentos a conta percibidos ou propostos polo contratista.

16.3.3 O adxudicatario acatará exacta e inmediatamente as ordes e as instrucións que lle comunique o Concello.

17.- SUBCONTRATACIÓN DO SERVIZO

Estarase ao disposto no artigo 170 do TRLCAP.

18.- EQUILIBRIO ECONÓMICO-FINANCIERO

18.1 No suposto de que o Concello de Vigo, por razóns de interese público, modifícase as características do servizo público e estas modificacións afecten ó réxime económico-financieiro do contrato, a administración municipal deberá compensar ao contratista ó obxecto de manter o equilibrio dos supostos económicos que foron considerados básicos na adxudicación.

18.2 Non dará lugar a indemnización os acordos do Concello respecto do desenvolvemento do servizo que carezan de trascendencia económica.

18.3 O Concello, tendo en conta que a execución do contrato realízase a risco e ventura do contratista, manterá o equilibrio financeiro da concesión mediante unha distribución proporcional e razoable das posibles perdas cando, sen mediar modificacións do servizo, circunstancias sobrevenidas e imprevisibles alleas ao contrato e á vontade das partes determinen a alteración do equilibrio económico-financieiro.

18.4 En ningún caso dará lugar á revisión de tarifas ou ao pedimento de subvencións os aumentos salariais pactados en Convenios de Empresa.

19.- PRERROGATIVAS DA ADMINISTRACIÓN

1.- Interpreta-lo contrato e resolver as dúbidas que ofrezca o seu cumprimento.

2.- Modificar o contrato por razóns de interese público debidamente xustificadas.

3.- Acordar a resolución do contrato nos caos e nas condicións que se establezan no presente prego e no TRLCAP.

4.- Vixiar e controlar o cumprimento das obrigas do concesionario.

5.- Asumi-la xestión e explotación total ou parcial do servizo público nos supostos nos que se produza o secuestro da súa concesión.

6.- Impoñer ao concesionario as penalidades por razón dos incumplimentos en que incurra, nos casos e nas condicións que se establecen no presente prego e na lexislación vixente.

7.- Exercer as funcións de policía no uso e explotación do servizo público.

8.- Calquera outra prerrogativa recoñecida na lexislación.

20.- DEREITOS DO CONCESIONARIO

Son dereitos do concesionario os recollidos na lexislación vixente aplicable, así como percibir o importe da adxudicación na contía e forma establecida no presente prego e no documento contractual.

21.- OBRIGAS DO CONCESIONARIO

- a) *As sinaladas na cláusula V do prego de prescripcíons técnicas.*
- b) *Indemnizar a terceiros polos danos que poida ocasionar.*
- c) *Manter en bo estado as máquinas expendedoras de tiquets e demais elementos auxiliares, de xeito que o seu funcionamento sexa correcto.*
- d) *Non enaxenar os bens adscritos ao obxecto do contrato durante a súa vixencia, nin cedelos, gravalos ou arrendalos.*
- e) *Aboar os gastos de control, mantemento e de persoal incluídos salarios e cotización á Seguridade Social.*
- f) *En canto a subrogación do persoal da empresa concesionaria salinte, estarase ao disposto na lexislación laboral vixente. O Concello non ten, nin terá, en ningún caso, relación laboral algunha co persoal.*
- g) *Pagar os tributos que lle corresponda pola súa actividade.*
- h) *Suministro, instalación, mantemento e incluso reposición dos aparatos expendedores de tiquets; mantemento da sinalización horizontal e vertical, do sistema de comunicacións utilizado e tódolos demais elementos necesarios para o bó funcionamento do servizo.*
- i) *O pago do canon ofertado.*
- j) *Calquera outra que estableza o presente prego ou o de prescripcíons técnicas particulares.*

22.- OBRIGAS DO CONCELLO

Son as establecidas na cláusula IV do prego de prescripcíons técnicas particulares, así como calquera outra sinalada nese prego ou no presente.

23.- REVERSIÓN E RESCATE

23.1 Ao vencimento da concesión os vehículos, medios e equipos técnicos revertirán ao Concello en perfectas condicións de uso e libres de calquera tipo de cargas, gravámenes ou arrendamento, de acordo co disposto no artigo 164 do TRLCAP.

23.2 De conformidade co sinalado no artigo 167 do TRLCAP o Concello de Vigo poderá extinguir a concesión de xestión do serizo público antes do vencimento do prazo estipulado, de xeito unilateral, por razón do interese público e mediante a correspondente indemnización, asumindo a xestión directa do servizo por si ou por medio dun ente dependente.

24.- INCUMPLIMENTOS , PENALIDADES E RESOLUCIÓN DO CONTRATO

Sen perxuicio dos casos nos proceda a rescisión ou a resolución de acordo coa lexislación vixente, procederá a imposición de incumplimentos e penalidades atendendo á calificación que se outorgue ao feito cometido (leve, grave e moi grave).

24.1 Penalidades por demora na execución :

24.1.1 En caso de que o contratista incorrese en demora no cumprimento do prazo total ou parcial do contrato por causas imputabeis ao mesmo, o órgano de contratación, sen necesidade de intimación previa, poderá optar pola resolución do contrato con perda da garantía definitiva e indemnización dos danos e perdas ocasionados ao Concello, no que exceda do importe da garantía incautada ou pola imposición das penalidades diarias na proporción de 0,12 por 601,01 euros do prezo do contrato.

24.1.2 Se a demora fose por causas non imputabeis ao contratista e este ofrecese cumprir os seus compromisos, o órgano de contratación prorrogaralle o prazo nun tempo igual, ao menos, ó tempo perdido, salvo que o contratista solicítase outro menor.

24.2 Penalidades por execución deficiente do contrato. As infraccións que cometa o contratista na execución do contrato poderán ser calificadas como moi graves, graves e leves.

24.2.1 Terán a consideración de faltas MOI GRAVES as seguintes :

- a) A paralización total e absoluta da execución das prestacións obxecto deste contrato imputábel ao contratista, por un prazo que exceda de 48 horas, agás nos supostos de folga non imputábeis ao contratista.
- b) A prestación manifestamente irregular do servizo
- c) A cesión, subarrendo ou traspaso en todo ou en parte do servizo contratado, baixo calquera modalidade xurídica ou título, sen a previa autorización expresa da Xunta de Goberno Local, sen perxucio das prestacións de carácter accesorio que autorice a normativa vixente de aplicación.
- d) A acumulación de dúas faltas graves dentro dun ano, se denunciada e sancionada a primeira se incorrese na segunda.
- e) O incumplimento das obrigas laborais, das da Seguridade Social e de todas aquelas correspondentes á lexislación de seguridade e saúde laboral.
- f) A percepción polo adxudicatario ou por persoal do servizo de calquera remuneración ou contraprestación dos usuarios pola prestación do servizo, sempre que neste último caso, apercibido o adxudicatario, non adopte as necesarias medidas para evitalo.
- g) O incumplimento do disposto na cláusula 16.1.5 deste prego.
- h) A utilización de sistemas de traballo, elementos, materiais, máquinas ou persoal diferentes aos previstos nos pregos e nas ofertas do contratista.
- i) A modificación na prestación do servizo sen previa autorización municipal.

24.2.2 Terán a consideración de faltas GRAVES as seguintes :

- a) O atraso na prestación do servizo de forma non reiterada nin sistemática.
- b) A interrupción do servizo por calquera causa que sexa por prazo non superior ás 24 horas, agás en caso de folga legal.
- c) Os incidentes habituais, a incorrección e descortesía do persoal do servizo co público.
- d) A inobservancia das prestacións sanitarias ou incumplimentos de ordes sobre evitación de situacións insalubres, perigosas ou que provoquen incomodidades.
- e) A desobediencia por dúas ou máis veces das ordes dadas ao adxudicatario polo Concello.
- f) A reiteración na comisión de faltas leves, sempre que sexan da mesma natureza.
- g) A contratación de persoal a través de empresas de traballo temporal de forma habitual e sen que medien causas excepcionais autorizados polo Concello.
- h) A falta de aseo ou uniforme regulamentario do persoal adscrito ao servizo.
- i) O incumprimento do disposto na ordenanza de Normalización Liguística do Concello de Vigo.

24.3 Terán a consideración de faltas LEVES as seguintes :

- a) O atraso inxustificado nunha hora respecto ao horario do servizo.
- b) A imperfección non reiterada na prestación dos servizos.
- c) Calquera outro incumprimento non cualificado de falta grave ou moi grave.
- d) Falta de respecto ao público, aos inspectores municipais ou axentes da autoridade.
- e) Os altercados ou disputas entre persoal do servizo durante a súa prestación.

24.4 As faltas moi graves sancionaranse con multa comprendida entre o 2,01 e o 3% da cantidade de equilibrio da concesión vixente no momento de cometerse a infracción, ou coa rescisión do contrato, previa tramitación do correspondente expediente sancionador.

24.5 As infraccións graves sancionaranse con multa comprendida entre o 1,01 e o 2% da cantidade de equilibrio da concesión vixente no momento de cometerse a infracción .

24.6 As infraccións leves sancionaranse con apercibimento ou imposición de multa de ata o 1% da cantidade de equilibrio da concesión vixente no momento de cometerse a infracción .

24.7 As sancións serán independentes da reparación do dano causado, no seu caso, e da indemnización de danos e perdas a que houbese lugar, no caso de incumprimento na prestación dos servizos.

24.8 As sancións imporanse previa incoación do correspondente expediente sancionador, do que se dará traslado ao adxudicatario por un prazo non inferior a 10 días a fin de formular alegacións e propoñer probas.

24.9 A resolución do expediente sancionador corresponderá á Xunta de Goberno Local. O importe das penalidades farase efectivo mediante deducción das mesmas nas correspondentes facturas, respondendo, en todo caso, a garantía definitiva da súa efectividade.

24.10 RESOLUCIÓN DO CONTRATO

24.10.1 O contrato resolverase polas causa previstas nos artigos 111 e 167 do TRLCAP.

24.10.2 Considerarase causa de resolución por incumprimento das obrigas contractuais esenciais as seguintes :

- a) Incumprimento reiterado das Prescripcíons Técnicas Particulares.
- b) Obstrucción reiterada ás facultades de dirección e inspección do Concello.
- c) As demais previstas no presente prego ou no de prescripcíons técnicas particulares.

24.10.3 Para a aplicación e os efectos das causas de resolución estarase ao disposto nos artigos 112,113 e 168 do TRLCAP.

24.10.4 Acordada a resolución do contrato por causas imputábeis ao adxudicatario, este perderá o seu dereito a seguir percibindo a prestación ou compensación económica, ademáis perderá a garantía definitiva e indemnizará ao Concello polos danos e perdas motivados por tal resolución

25.- MULTAS COERCITIVAS

25.1 Con independencia do réxime de penalidades o Concello poderá impoñer ao concesionario multas coercitivas cando persista no incumprimento das súas obrigas.

25.2 En caso de reiteración dos incumprimentos previstos na cláusula precedente, o Concello poderá impoñer ao concesionario as seguintes multas coercitivas :

- a) No caso de incumplimentos leves, multa de 1 a 600 € por día que persista o incumprimento.
- b) No caso de incumprimentos graves, multa de 601 a 3.000 € por día que persista o incumprimento.
- c) No caso de incumprimentos moi graves, no seu caso, multa de 3.001 a 6.000 € por día que persista o incumprimento.

Ditos importes incrementaranse cada ano no IPC anual estatal fixado polo INE , co límite máximo que se estableza na lexislación vixente.

25.3 As multas coercitivas serán independentes e compatibles coas penalizacións previstas no artigo precedente deste Prego.

25.4 En todo caso, o Concello, con independencia da imposición da multa, poderá adoptar a costa do contratista as medidas necesarias para poñer fin á infracción, con dereito a repetir contra o Concesionario e, no seu caso, contra o contratista ou subcontratista responsables da infracción.

12(1070).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO CONCURSO PARA A XESTIÓN MEDIANTE CONCESIÓN DE SERVIZO PÚBLICO DE APARCADOIROS SUBTERRÁNEOS DE USO MIXTO EN DIFERENTES LUGARES DA CIDADE. EXPTE. 72151/210.

Examinadas as actuacións do expediente, de acordo co informe proposta de data 1 de agosto de 2006 da xefa da Área de Mobilidade e Seguridade conformada polo concelleiro delegado, e dada conta á Comisión de Control da Contratación de data 7.08.06, a Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro.- Estimar, estimar parcialmente e desestimar as alegacións presentadas no prazo de información pública no senso sinalado no informe-proposta de data 10 de xullo, sendo a redacción

definitiva do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares a que se transcribe no ANEXO a este acordo.

Segundo.- Aprobar o expediente de contratación e os distintos pregos incorporados así como o Anteproxecto de explotación e das obras precisas no que se integra o documento denominado “Análises Económico Financeiro”.

Terceiro.- Dispoñer a apertura do procedemento de adxudicación.

Cuarto.- Notificar ós alegantes o contido íntegro do acordo con mención dos recursos que procedan.

ÍNDICE
TÍTULO I
CONDICIÓN XERAIS DO CONTRATO

<i>Artigo</i>	<i>1.-</i>	<i>CALIFICACIÓN DO CONTRATO E LEXISLACIÓN APLICABLE</i>
<i>Artigo</i>	<i>2.-</i>	<i>OBXECTO DO CONTRATO</i>
<i>Artigo</i>	<i>3.-</i>	<i>ORGANO DE CONTRATACIÓN</i>
<i>Artigo</i>	<i>4.-</i>	<i>MESA DE CONTRATACIÓN</i>
<i>Artigo</i>	<i>5.-</i>	<i>DURACION DA CONCESIÓN E PRAZOS PARA A PRESENTACIÓN DE PROXECTOS.</i>
<i>Artigo</i>	<i>6.-</i>	<i>PRAZO DE CONSTRUCCION</i>
<i>Artigo</i>	<i>7.-</i>	<i>FINANCIAMENTO E CUSTO DAS OBRAS</i>
<i>Artigo</i>	<i>8.-</i>	<i>PROCEDEMENTO E FORMA DE ADXUDICACIÓN</i>
<i>Artigo</i>	<i>9.-</i>	<i>GASTOS DE PUBLICIDADE DA LICITACIÓN E DA ADXUDICACIÓN.</i>
<i>Artigo</i>	<i>10.-</i>	<i>CAPACIDADE XURIDICA.</i>

TÍTULO II
ADXUDICACIÓN E FORMALIZACIÓN DO CONTRATO

<i>Artigo</i>	<i>11.-</i>	<i>GARANTIA PROVISIONAL</i>
<i>Artigo</i>	<i>12.-</i>	<i>PRAZO DE PRESENTACIÓN DE PROPOSICIÓN</i>
<i>Artigo</i>	<i>13.-</i>	<i>CONTIDO DAS PROPOSICIÓN</i>
<i>Artigo</i>	<i>14.-</i>	<i>CRITERIOS PARA A ADXUDICACIÓN DO CONCURSO</i>
<i>Artigo</i>	<i>15.-</i>	<i>APERTURA E EXAME DAS PROPOSICIÓN</i>
<i>Artigo</i>	<i>16.-</i>	<i>PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN</i>
<i>Artigo</i>	<i>17.-</i>	<i>DOCUMENTACIÓN A ESIXIR PREVIAMENTE Á ADXUDICACIÓN</i>
<i>Artigo</i>	<i>18.-</i>	<i>ADXUDICACIÓN</i>
<i>Artigo</i>	<i>19.-</i>	<i>GARANTÍA DEFINITIVA</i>
<i>Artigo</i>	<i>20.-</i>	<i>PÓLIZAS DE SEGUROS</i>
<i>Artigo</i>	<i>21.-</i>	<i>FORMALIZACIÓN DO CONTRATO</i>
<i>Artigo</i>	<i>22.-</i>	<i>INCORPORACIÓN DO PLAN ECONÓMICO FINANCIERO</i>
<i>Artigo</i>	<i>23.-</i>	<i>SEN CONTIDO</i>
<i>Artigo</i>	<i>24.-</i>	<i>CONTABILIDADE E AUDITORÍA</i>
<i>Artigo</i>	<i>25.-</i>	<i>INVESTIMENTOS DE MANTEMENTO EXTRAORDINARIOS (FONDOS DE INVESTIMENTOS) E CLÁUSULA DE PROGRESO</i>
<i>Artigo</i>	<i>26.-</i>	<i>PROPIEDAD DOS TRABALLOS E DEBER DE GARDAR SIXILO.</i>

TÍTULO III
RÉXIME ECONÓMICO E XURÍDICO DA CONCESIÓN

<i>Artigo</i>	<i>27.-</i>	<i>FINANCIAMENTO</i>
<i>Artigo</i>	<i>28.-</i>	<i>RETRIBUCIÓN DO CONCESIONARIO</i>
<i>Artigo</i>	<i>29.-</i>	<i>EQUILIBRIO ECONÓMICO-FINANCIERO</i>
<i>Artigo</i>	<i>30.-</i>	<i>PRERROGATIVAS DA ADMINISTRACIÓN</i>
<i>Artigo</i>	<i>31.-</i>	<i>DEREITOS DO CONCESIONARIO</i>

- Artigo 32.- OBRIGAS DO CONCESIONARIO
- Artigo 33.- ASUNCIÓN DE RISCOS
- Artigo 34.- INCUMPRIMENTO DO CONCESIONARIO
- Artigo 35.- MULTAS COERCITIVAS
- Artigo 36.- APLICACIÓN DAS PENALIDADES E MULTAS POR INCUMPRIMENTO

TÍTULO IV
SECUESTRO, EXTINCIÓN DA CONCESIÓN E CESIÓN DO CONTRATO

- Artigo 37.- SECUESTRO DA CONCESIÓN
- Artigo 38.- CAUSAS DE EXTINCIÓN
- Artigo 39.- CADUCIDADE DA CONCESIÓN
- Artigo 40.- RESCATE DA CONCESIÓN
- Artigo 41.- CESIÓN DO CONTRATO
- Artigo 42.- EFECTOS DA EXTINCIÓN
- Artigo 43.- ACTA DA RECEPCIÓN FORMAL DAS INSTALACIÓNS

TÍTULO V
FASE DE CONSTRUCCIÓN

- Artigo 44.- PRESENTACIÓN DOS PROXECTOS DE CONSTRUCCIÓN
- Artigo 45.- REPOSICIÓN DE SERVIZOS
- Artigo 46.- DO PROXECTISTA E DIRECCIÓN FACULTATIVA
- Artigo 47.- COMPROBACIÓN DO REPLANTEO DO PROXECTO DE OBRA NOVA
- Artigo 48.- DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR ANTES DO INICIO DAS OBRAS DE CONSTRUCCIÓN DA OBRA NOVA.
- Artigo 49.- FORMA DE EXECUCIÓN DAS OBRAS. SUBCONTRATACIÓN.
- Artigo 50.- MODIFICACIÓNS NA FASE DE EXECUCIÓN DAS OBRAS
- Artigo 51.- RETRASOS NA EXECUCIÓN DAS OBRAS
- Artigo 52.- DO DIRECTOR DO PROXECTO
- Artigo 53.- CONSTRUCCIÓN DAS OBRAS
- Artigo 54.- LIBRO DE INCIDENCIAS DAS OBRAS. SEGURIDADE E SAÚDE
- Artigo 55.- USO DOS BENS DE DOMINIO PÚBLICO NECESARIOS PARA A CONSTRUCCIÓN DOS APARCADOIROS.
- Artigo 56.- OBXECTOS ATOPADOS EN TERREOS UTILIZADOS DURANTE A CONSTRUCCIÓN.
- Artigo 57.- CONDICIÓNS PARA A POSTA EN SERVIZO
- Artigo 58.- ACTA DE COMPROBACIÓN DAS OBRAS E AUTORIZACIÓN PARA APERTURA Ó USO PÚBLICO.
- Artigo 59.- ESTADO DE DIMENSIÓNS E CARACTERÍSTICAS DA OBRA EXECUTADA.

TÍTULO VI
PARTICULARIDADES DA PRESTACIÓN DO SERVIZO (USO ROTACIONAL)

- Artigo 60.- MODIFICACIÓNS FUTURAS
- Artigo 61.- USO DO APARCADOIRO PÚBLICO
- Artigo 62.- CANON ANUAL DE ROTACIÓN
- Artigo 63.- TARIFAS
- Artigo 64.- DEREITOS DOS USUARIOS DO SERVIZO
- Artigo 65.- OBRIGAS DOS USUARIOS DO SERVIZO
- Artigo 66.- FOLLA DE RECLAMACIÓNS
- Artigo 67.- UTILIZACIÓN O APARCADOIRO
- Artigo 68.- PECHE DE ACCESOS PEATONAIS E DE VEHÍCULOS
- Artigo 69.- SINALIZACIÓN E CIRCULACIÓN INTERIOR
- Artigo 70.- SINALIZACIÓN EXTERIOR
- Artigo 71.- MELLORAS NO SERVIZO
- Artigo 72.- SEN CONTIDO
- Artigo 73.- DATOS ESTATÍSTICOS A SUBMINISTRAR Ó CONCELLO DE VIGO
- Artigo 74.- INSPECCIÓNS MUNICIPAIS

Artigo	75.-	APARCADOIRO DOS USUARIOS
Artigo	76.-	SERVIZOS HIXIÉNICOS
Artigo	77.-	LAVADO
Artigo	78.-	CAIXEIROS MANUAIS
Artigo	79.-	CAIXEIROS AUTOMÁTICOS
Artigo	80.-	CONSIGNAS AUTOMÁTICAS
Artigo	81.-	MÁQUINAS EXPENDEADORAS DE REFRESCOS OU OUTROS ARTIGOS
Artigo	82.-	ABONO MULTIAPARCADOIRO
Artigo	83.-	ABONOS DIURNOS
Artigo	84.-	ABONOS NOCTURNOS
Artigo	85.-	ABONOS 24 HORAS
Artigo	86.-	ABONOS CON RESERVA DE PRAZA
Artigo	87.-	PERDA OU EXTRAVÍO DE TICKET
Artigo	88.-	PUBLICIDADE NO INTERIOR E NO EXTERIOR DO APARCADOIRO

TÍTULO VII
USO DAS PRAZAS DE RESIDENTES

Artigo	89.-	INFORMACIÓN ÓS RESIDENTES-CESIONARIOS
Artigo	90.-	CESIÓN DAS PRAZAS DE RESIDENTES
Artigo	91.-	TITULARES DO DEREITO DE USO DA PRAZA
Artigo	92.-	SOLICITUDES
Artigo	93.-	DETERMINACIÓN DO NÚMERO DE ORDE DAS SOLICITUDES
Artigo	94.-	NOTIFICACIÓN Ó SOLICITANTE
Artigo	95.-	CONTRATO DE CESIÓN
Artigo	96.-	-LISTA DE ESPERA
Artigo	97.-	AMPLIACIÓN DA ÁREA DE INFLUENCIA
Artigo	98.-	SEGUNDA PRAZA POR VIVENDA
Artigo	99.-	CESIÓN DO DEREITO DE USO
Artigo	100.-	ARRENDAMENTO
Artigo	101.-	FÓRMULA DE REDUCCIÓN DE PREZOS
Artigo	102.-	USO DAS PRAZAS
Artigo	103.-	MODIFICACIÓN NO DAS INSTALACIÓNS DO APARCADOIRO
Artigo	104.-	CANON DE RESIDENTES A SATISFACER POLO CONCESIONARIO
Artigo	105.-	GASTOS XERAIS
Artigo	106.-	COMPROMISOS ECONÓMICOS
Artigo	107.-	MODIFICACIÓN DO USO DO APARCADOIRO DE RESIDENTES
Artigo	108.-	COMUNIDADE DE USUARIOS E ESTATUTOS

ANEXOS Ó PREGO

ANEXO Nº 1	MODELO DE PROPOSICIÓN
ANEXO Nº 2	PLANOS DE DELIMITACIÓN DA ÁREA DE INFLUENCIA DE CADA UN DOS APARCADOIROS
ANEXO Nº 3	PLANOS DE DELIMITACIÓN DA ÁREA DE SUPERFICIE A URBANIZAR EN CADA UN DOS APARCADOIROS
ANEXO Nº 4	MODELO DE CONTRATO DE CESIÓN DE USO.

TÍTULO I

CONDICIÓNS XERAIS DO CONTRATO

Artigo 1.- **CALIFICACIÓN DO CONTRATO E LEXISLACIÓN APLICABLE.**

O contrato obxecto do presente prego é un contrato de xestión do servizo público para a ordenación do tráfico (estacionamento de vehículos) con execución de obras de aparcadoiros subterráneos (art. 158.2 TRLCAP) baixo a modalidade de concesión administrativa (ART. 114.2.A) R.S.). Rexerase polo Texto Refundido da Lei de Contratos das Administracións Públicas (en adiante “TRLCAP”), aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2000, de 16 de xuño, e, en particular polo Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións

Públicas, aprobado por Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro (en adiante "RGCAP), así como polo previsto no presente prego que determina o réxime xurídico básico regulador do servizo e no Regulamento de Servizos das Corporacións Locais (R.S.) do 17 de xuño de 1955.

Artigo 2.- OBXECTO DO CONTRATO

1.- O obxecto do contrato é a redacción dos proxectos, a execución das obras de construción e a subseguinte prestación do servizo público de aparcadoiro a realizar mediante concesión administrativa nos aparcadoiros subterráneos que se constrúan repartidos nos lotes que se citan a continuación:

Lote nº 1: Rúa Areal; Rúa Policarpo Sanz e Rúa Pintor Colmeiro.

Lote nº 2: Avenida de Castelao, Rúa Genaro de la Fuente e Rúa Rosalía de Castro.

2.- A concesión administrativa para a xestión e prestación do servizo público e a subseguinte explotación dos aparcadoiros para vehículos automóbiles será en réxime de uso mixto (residentes e rotatorio), reservarase para uso de residentes en réxime de cesión de uso o 20 % das prazas de cada un dos aparcadoiros, excepto no aparcadoiro da Avda. de Castelao onde a reserva será do 50%. Ademais, e sen prexuízo do 20% mencionado o aparcadoiro da Rúa Rosalía de Castro ten vinculado un aparcadoiro exclusivo para residentes de 70 prazas a localizar no ámbito da Unidade de Execución 1-06 Rosalía de Castro 2.

3.- As capacidades mínimas dos aparcadoiros seran as seguintes:

Lote 1: Rúa Areal 538 prazas, Rúa Policarpo Sanz 560 prazas e Rúa Pintor Colmeiro 390 prazas.

Lote 2: Avenida de Castelao 366 prazas, Rúa Genaro de la Fuente 445 prazas e Rúa Rosalía de Castro 520 prazas mais 70 prazas de uso exclusivo para residentes en aparcadoiro contiguo exento e vinculado.

4.- En todo caso reservarase un 2% das prazas de ambos usos para persoas discapacitadas na súa mobilidade, en todo caso existirá alomenos unha praza desta categoría. Estas prazas, convenientemente sinalizadas, terán as dimensións previstas na normativa aplicable e localizaranse preto das saídas peonís.

5.- As capacidades mínimas sinaladas no apartado 3 deste precepto estarán referidas a prazas de aparcamento de vehículos automóbiles, non obstante en tódolos aparcadoiros deberán dedicarse ó estacionamento de motos e motocicletas alomenos o 1% das prazas de uso libre, a estos efectos entenderase que dúas prazas deste uso son equivalentes a unha praza de vehículo. No suposto de que non se apreciase demanda deste servizo o órgano de contratación poderá acordar a súa supresión.

Artigo 3. ORGANO DE CONTRATACIÓN

O órgano de contratación será a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo.

Artigo 4. MESA DE CONTRATACIÓN

1.- A Mesa de Contratación é a da Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo. na súa función de estudio e información poderá solicitar, antes de formular a súa proposta, cantos informes técnicos coide precisos.

Artigo 5. DURACION DA CONCESIÓN E PRAZOS PARA A PRESENTACIÓN DE PROXECTOS.

1.- De conformidade co sinalado no art. 157.a) do TRLCAP, a concesión administrativa terá unha duración improrrogable de 50 anos e serán computados en cada aparcadoiro a partir da data da Acta de Comprobación das obras (artigo 58) que levará implícita a apertura ó uso público do servizo. O remate da concesión reverterán ó Concello de Vigo a totalidade das instalacións construídas obxecto do contrato (artigo 43).

2.- De conformidade co sinalado no Prego de PRESCRICIÓNs Técnicas (PPT) o concesionario de cada lote presentará dentro dos tres meses seguintes á data de formalización do contrato os Proxectos de Construción subscritos por técnico titulado superior competente. A Xunta de Goberno Local adoptará acordo sobre tales Proxectos no prazo dos 30 días seguintes.

3.- A aprobación dos Proxectos pola Xunta de Goberno Local efectuarase previos os informes correspondentes que terán en conta as disposicións xerais de carácter legal ou regulamentario, así como a normativa técnica que resulte de aplicación.

Artigo 6. PRAZO DE CONSTRUCCION

1.- Os prazos máximos de construción, sen prexuízo dos menores que sinalen os adxudicatarios nas súas ofertas, serán os seguintes:

Rúa Areal	26 meses.
Rúa Policarpo Sanz	36 meses
Rúa Pintor Colmeiro	24 meses.
Avenida de Castelao	26 meses
Rúa Jenaro de la Fuente	26 meses.
Rúa Rosalía de Castro	24 meses

2.- Os prazos computaranse a partir da data de formalización da Acta de Comprobación do Replanteo (artigo 47) que será asinada pola Dirección Facultativa, un representante do concesionario e un representante da Administración Municipal.

3.- Previa solicitude do concesionario, e previo informe escrito dos Servizos Técnicos, o tempo transcurrido como consecuencia das interrupcións que se produzan no desenvolvemento das obras por causas non imputables ó concesionario, será engadido, previo acordo do órgano de contratación, ó prazo de execución das mesmas.

4.- Dado que o concurso se convoca para a construción e para a xestión (servizo público) de seis aparcadoiros e outro anexo a un deles situados todos en diferentes zonas do núcleo urbano central da cidade, a realización das diferentes obras, ó obxecto de evitar problemas no tráfico rodado, adecuarase á seguinte programación:

- a) En primeiro lugar executaranse os aparcadoiros localizados nas Rúas Areal (Lote Nº 1) e Genaro de la Fuente (Lote Nº 2).
- b) Ó obxecto de evitar obras continuas en lugares cercanos contiguos os aparcadoiros das Rúas Pintor Colmeiro (Lote Nº 1) e Rosalía de Castro e anexo (Lote Nº 2) construíranse ó mesmo tempo que os Proxectos de Urbanización deses ámbitos a executar polas respectivas Xuntas de Compensación. Nestes supostos os Proxectos de Construción deberán ter en conta e coordinarse co previsto nos Proxectos de Urbanización. Non obstante o exposto ó órgano de contratación, xustificadamente, en virtude dos informes que neste senso se emitan, poderá autorizar o comenzo das obras mencionadas sempre e cando tales informes indiquen que as obras de urbanización dos ámbitos urbanísticos concluíranse antes ou ó mesmo tempo que as dos aparcadoiros citados.
- c) Os aparcadoiros da rúa Policarpo Sanz (Lote Nº 1) e da Avda. de Castelao (Lote Nº 2) construíranse, respectivamente, unha vez rematadas as obras dos aparcadoiros das Rúas Areal (Lote Nº 1) e Pintor Colmeiro (Lote Nº 1) ou ben, cando ó xuízo do órgano de contratación, previo informe da Xefatura da Área de Tráfico e Mobilidade, se considere que o estado e fase das obras dos últimos aparcadoiros citados non afectan á fluidez do tráfico rodado no seu contorno.

5.- No suposto de que para a execución das obras dos aparcadoiros localizados nas Rúas Rosalía de Castro e no anexo (Lote nº 2) e Pintor Colmeiro (Lote nº 1) deban modificarse os Proxectos de Urbanización aprobados para eses ámbitos, o adxudicatario dos lotes asumirá integramente o custo de redacción de tales proxectos que serán contratados polo Concello de Vigo.

6.- A minoración dos custos da obra urbanizadora a executar polas respectivas Xuntas de Compensación nos ámbitos urbanísticos das Rúas Rosalía de Castro e Pintor Colmeiro non suporá para o adxudicatario ningún dereito a reintegros económicos ou outros de similar natureza.

7.- Calquera controversia que xurda no proceso de execución material das obras de construción dos aparcadoiros e da urbanización nos ámbitos das rúas Areal e Pintor Colmeiro será resolta, oidas as distintas

partes, polo Concello de Vigo na súa condición de Administración contratante e Administración receptora de ambas obras.

Artigo 7. FINANCIAMENTO E CUSTO DAS OBRAS

1.- O concesionario asumirá o financiamento do custo das obras, así como os gastos totais que se deriven das modificacións e desviacións que se teñan que introducir nos servizos existentes como consecuencia daquelas. Se o Concello de Vigo, excepcionalmente, executase ó seu cargo algunha obra (desvío de servizos, excavación, etc.) para facilita-la execución dos aparcadoiros, o concesionario, previo expediente contradictorio, estará na obriga de custear o total da mesma.

2.- O Concello de Vigo non avalará ningún tipo de empréstito nin participará, de ningunha forma no financiamento.

3.- Os concursantes xustificarán a forma de financiación á que proxectan recorrer e o adxudicatario deberá garantir as operacións de financiamento complementarias se, eventualmente, se precisaran por unha elevación de custos.

4.- Os concursantes deberán incluír nas súas propostas os proxectos básicos dos aparcadoiros e fixarán un presuposto de execución material e por contrata, desglosado en capítulos, indicando a referencia do cadro de prezos empregado.

Artigo 8. PROCEDIMENTO E FORMA DE ADXUDICACIÓN

A adxudicación do contrato levarase a cabo polo procedemento aberto, mediante a forma de concurso, de conformidade co réxime xeral previsto nos artigos 85 e 159 do TRLCAP.

Artigo 9. GASTOS DE PUBLICIDADE DA LICITACIÓN E DA ADXUDICACIÓN.

O importe dos gastos da publicidade dos anuncios de licitación e adxudicación do contrato a insertar nos boletíns oficiais serán aboados polo adxudicatario. O devandito importe será o establecido no anuncio de licitación, non podendo superar en cada lote a contía de 2.000 €.

Artigo 10. CAPACIDADE XURIDICA.

1.- Poderán concorrer a esta licitación, as persoas físicas ou xurídicas que se atopen en plena posesión da súa capacidade xurídica de obrar e non estean comprendidas en ningún dos casos de incompatibilidade ou incapacidade establecidos no artigo 20 do TRLCAP, poderán facelo por sí ou representadas por persona autorizada mediante poder bastanteado. Cando en representación dunha sociedade concorra algún membro da mesma, deberá xustificar documentalmente que está facultado para elo. Tanto en nun como noutro caso, ó representante aféctanlle as causas de incapacidade ou incompatibilidade do devandito Artigo 20.

2.- O contrato outorgarase cunha soa persoa ou entidade. Non obstante poderá concertarse con dúas ou máis persoas se se obligaren á constitución da UTE correspondente, cuxos dereitos fronte á mesma serán en todo caso indivisibles, debendo formalizarse en escritura pública unha vez se adxudique ó seu favor.

TITULO II

ADXUDICACIÓN E FORMALIZACIÓN DO CONTRATO

Artigo 11. GARANTIA PROVISIONAL

Para tomar parte no concurso é preciso acompañar á proposición e demais documentos esixidos, o resguardo da Tesourería Municipal de ter constituída unha garantía provisional de 200.000 EUROS en cada lote. Constituirase mediante algunha das formas sinaladas no artigo 35 do TRLCAP. No suposto de que a garantía se formalice mediante aval ou seguro de caución constituirase perante o órgano de contratación e incorporarase

ó expediente. No caso de agrupación de empresarios a garantía provisional poderá constituirse por unha ou por varias das empresas participantes, sempre que en conxunto se acade a contía esixida e garanta solidariamente a todos os integrantes da agrupación.

Artigo 12. PRAZO DE PRESENTACION DE PROPOSICIÓNs.

1.- O prazo de presentación das ofertas será 75 días naturais dende a data de envío do anuncio á oficina de Publicacións Oficiais das Comunidades Europeas ó obxecto da súa publicación no Diario Oficial da Comunidade Europea (DOCE). Con posterioridade a este anuncio publicaranse outros no BOE, DOG e BOP de Pontevedra.

2.- As proposicións presentaranse no Rexistro Xeral do Concello, de 9 a 13 horas, ou por correo na forma legalmente determinada.

3.- Cada licitador presentará unha única proposición sen prexuízo de presentar ofertas para os dous lotes obxecto do concurso, neste suposto o “modelo de proposición” a incluír no sobre nº 2 será individualizado para cada lote. A oferta en calquera dos dous Lotes significa o compromiso expreso de construír e prestar o servizo público de aparcadoiro nos tres aparcadoiros do Lote. Non se poderá subscribir propostas con outras empresas se se fixo individualmente ou formando parte dun grupo de empresas. A contravención desta prohibición dará lugar á non admisión de tódalas proposicións subscritas.

4.- A totalidade do custo de elaboración da documentación para a confección das ofertas que se presenten ó concurso será por conta dos licitadores que non poderán reclamar compensación económica ningunha, resulten ou non adxudicatarios.

5.- A presentación de proposicións supón, por parte dos licitadores, a aceptación incondicional das cláusulas –artigos- deste Prego e do Prego de PRESCRICIÓNs Técnicas, así como a declaración responsable de que o licitador reúne todas e cada unha das condicións esixidas para a contratación.

6.- Non se admite a posibilidade de presentar variantes.

Artigo 13. CONTIDO DAS PROPOSICIÓNs

A proposición entregarase dentro de dous sobres pechados, que poderán estar lacrados, formando unha soa plica contendo cada un deles a seguinte documentación:

SOBRE NUM.1.- Levará o seguinte título: “Documentación administrativa xeral para participar no concurso para a adxudicación dun contrato de concesión administrativa de xestión de servizos públicos con execución de obra (construcción) e posterior xestión de aparcadoiros de uso mixto na cidade de Vigo presentada por _____”.

O sobre terá a sinatura do licitador ou persoa que o represente, nome, apelidos ou razón social da empresa e enderezo, número de rexistro, no seu caso, de contratista da Xunta de Galicia, NIF, teléfono e fax. Conterá a seguinte documentación:

A.- As empresas que se atopen inscritas e coa documentación actualizada no Rexistro de Contratistas da Xunta de Galicia presentarán, pola orde que se indica, a seguinte documentación:

a) Declaración responsable do licitador co seguinte contido:

1.- Non incorrer en ningunha das prohibicións previstas no artigo 20 do TRLCAP.

2.- Non ter débedas de carácter tributario co Concello de Vigo.

3.- Estar inscrito no Rexistro de Contratistas da Xunta de Galicia coa documentación actualizada e co número de inscrición:

As circunstancias prevista nos números 2 e 3 deste apartado serán comprobadas de oficio polo Concello, no suposto de que o declarado non fora certo suporá a exclusión da licitación.

A declaración xurada terá que estar asinada polos representantes con facultades suficientes e que consten inscritos no Rexistro de Contratistas da Xunta de Galicia.

b) *A solvencia económica e financeira acreditarase coa presentación dos seguintes documentos:*

- *Informe dalgunha institución financeira debidamente inscrita no Rexistro de Entidades Financeiras do Banco de España sobre a situación financeira do licitador no que se valore a súa capacidade de facer fronte ás obrigas financeiras derivadas do futuro contrato, con mención expresa das características deste (obxecto, prazo concesional ...etc.).*
- *Tratándose de persoas xurídicas, presentación das contas anuais dos últimos tres anos ou extracto das mesmas no suposto de que a publicación destas sexa obrigatoria nos Estados onde aquelas se atopen establecidas, así como informe dos auditores no caso de que a empresa estea obrigada a auditarse ou a faga voluntariamente.*
- *Declaración relativa á cifra de negocios global e das obras ou servizos realizados polo licitador no curso dos tres últimos exercizos.*

1.-A solvencia técnica apreciarase tendo en conta os coñecementos técnicos, a eficacia, a experiencia e a fiabilidade o que se acreditará mediante a presentación dos seguintes documentos:

- *Unha relación dos principais servizos públicos ou traballos de análoga natureza prestados nos últimos tres anos que inclua importe, datas e beneficiarios públicos ou privados dos mesmos.*
- *Unha descrición do equipo técnico que xestionará o servizo público obxecto do contrato, estean ou non integrados directamente na empresa do contratista, indicando particularmente a titulación académica e profesional do persoal que se responsabilizará da xestión do servizo.*

Os servizos ou traballos realizados acreditaranse mediante certificados de boa execución expedidos ou visados polo órgano competente, cando o destinatario fose unha entidade do sector público, cando o destinatario hubese sido un suxeito privado mediante un certificado expedido por este, a falta de certificado mediante unha declaración do empresario.

En caso de que o equipo técnico non estea integrado directamente na empresa ou empresas licitadoras, deberá achegarse cartas nas que aqueles se comprometan a prestar a súa colaboración ó licitador ou licitadores, nas súas respectivas áreas de actividade, para a execución do contrato no suposto de que o licitador ou licitadores resulten adxudicatarios.

2.- En calquera caso o equipo directamente encargado da dirección dos proxectos (artigo 52) estará integrado por.

- *1 Titulado Superior con ó menos 5 anos de exercizo profesional que conte na súa experiencia profesional coa dirección de ó menos 2 obras de aparcadoiros subterráneos.*
- *1 Titulado Técnico con 5 anos de exercizo profesional como mínimo e que colaborase en, alomenos, 2 obras de aparcadoiros subterráneos.*

O titulado ou titulados superiores actuarán como interlocutores cos Servizos Técnicos Municipais.

- c) *Número de fax, teléfono e enderezo a efectos de notificacións.*
- d) *Xustificante de ter depositada a garantía provisional.*
- e) *A execución das obras dos distintos aparcadoiros no cómputo global do contrato é concebida como unha prestación accesoria polo que poderá ser contratada en todo ou en parte con terceiros. No suposto de que o licitador, a través das empresas agrupadas para obter a concesión ou a través de empresas vinculadas, non vaia a efectuar directamente as obras de construción deberá indicar na súa oferta que parte das obras previstas no seu proxecto básico ten previsto subcontratar, sinalando o seu importe así como os subcontratistas, no seu caso, propostos.*
- f) *Declaración de someterse á xurisdicción dos xulgados e tribunais españoles de calquera orde, para todas as incidencias que de xeito directo ou indirecto poideran xurdir do contrato con renuncia, no seu caso, ó foro xurisdiccional estranxeiro que lle poidera corresponder ó licitante*

B.- As empresas que non están inscritas ou a súa documentación non estea actualizada no Rexistro de Contratistas da Xunta de Galicia presentarán, pola orde que se indica, a seguinte documentación:

- a) Documento Nacional de Identidade da persoa asinante da proposición.
- b) Persoas xurídicas: Escritura de constitución ou modificación, se é o caso, inscrita no Rexistro Mercantil.
- c) Escritura de poder se actúa en representación doutra persoa, debidamente bastanteadada.
- d) Declaración responsable do licitador, co seguinte contido:

1.- Non incorrer en ningunha das prohibicións previstas no artigo 20 TRLCAP.

2.- Estar dado de alta no imposto de actividades económicas cando exerzan actividades suxeitas ó imposto reguladas polo Real Decreto 1175/1990.

3.- Estar ó día nas súas obrigas tributarias co alcance previsto nos artigos 13, 15 e 16 do Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro.

4.- Estar ó corrente no cumprimento das súas obrigas coa Seguridade Social co alcance previsto nos artigos 14, 15 e 16 do Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro.

5.- Non ter débedas de carácter tributario co Concello de Vigo.

Das circunstancias previstas nos números 2, 3 e 4 deste apartado terá que presentar o licitador que vaia resultar adxudicatario as xustificacións acreditativas de tales requisitos, no prazo máximo dos cinco días hábiles seguintes a aquel no que se lle notifique o acordo de adxudicación. A circunstancia prevista no número 5 será comprobada de oficio polo Concello.

- a) A solvencia económica e financeira acreditarase coa presentación dos documentos sinalados na letra b) do anterior apartado A.
- b) A solvencia técnica, excluída a construción, acreditarase mediante a presentación dos documentos sinalados na letra c) do anterior apartado A.
- c) Nº de fax, teléfono e enderezo a efectos de notificacións.
- d) Xustificante de ter depositada a garantía provisional.
- e) A execución das obras dos distintos aparcadoiros no cómputo global do contrato é concebida como unha prestación accesoria polo que poderá ser contratada en todo ou en parte con terceiros. No suposto que o licitador, a través das empresas agrupadas para obter a concesión ou a través de empresas vinculadas, non vaia a efectuar directamente as obras de construción deberá indicar na súa oferta que parte das obras previstas no seu proxecto básico ten previsto subcontratar, sinalando o seu importe así como os subcontratistas, no seu caso, propostos.
- f) Declaración de someterse á xurisdicción dos xulgados e tribunais españoles de calquera orde, para todas as incidencias que de xeito directo ou indirecto poideran xurdir do contrato con renuncia, no seu caso, ó foro xurisdiccional estranxeiro que poidera corresponder ó licitante.

C.- Se as propostas fosen presentadas por estranxeiros ademais da anterior documentación, terán que aportar a seguinte:

a) Os licitadores estranxeiros de estados membros da Unión Europea ou asinantes do acordo sobre o espazo económico europeo acreditarán a súa capacidade de obrar mediante a inscrición nos rexistros ou presentación das certificacións que se indican no Anexo I do Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro.

b) Os contratistas de estados non membros da Comunidade Europea e dos non asinantes do acordo sobre o espazo económico europeo ademais de acreditar a súa capacidade para contratar e obrigarse consonte a lexislación do seu Estado e a súa solvencia económica, financeira e técnica deberán presentar os seguintes documentos:

- *Certificación expedida pola respectiva representación diplomática española na que se faga constar que figuran inscritas no rexistro local, profesional, comercial ou análogo ou, no seu defecto que actúan habitualmente no tráfico local.*

- *Informe da representación diplomática española sobre a condición do Estado sinatario do acordo sobre contratación pública da organización mundial do comercio ou, no caso contrario, o informe de reciprocidade a que se refire o artigo 23-1º do TRLCAP.*

c) *Declaración de sometemento á xurisdicción dos xulgados e tribunais españois de calquera orde para a resolución de calquera das cuestións litixiosas que poideran xurdir durante a formalización e execución dos contratos.*

Os licitadores estranxeiros presentarán os documentos que teñan que achegar traducidos de forma oficial en calquera dos idiomas galego ou castelán.

D.- *Especialidades en relación coas Unións Temporais de Empresarios.*

- *Poderán concurrir á licitación as unións de empresarios que se constituen temporalmente ó efecto, sen que sexa necesaria a formalización das mesmas en escritura pública ata que se haxa efectuado a adxudicación do contrato o seu favor.*

Os empresarios que concurran agrupados en unións temporais de empresarios quedarán obrigados solidariamente e deberán nomear un representante ou apoderado único con poderes bastantes para exercita-los dereitos e cumprilas obrigas que do contrato se deriven ata a extinción do mesmo, sen prexuízo da existencia de poderes mancomunados que poidan outorgar para cobros e pagos de contía significativa.

A efectos da licitación, os empresarios que desexan concurrir integrados nunha unión temporal deberán indica-los nomes e circunstancias das que as constituan e a participación de cadaún; así como que asumen o compromiso de constituirse formalmente en unión temporal en caso de resultar adxudicatarios do contrato.

- *Cada un dos empresarios que a compoñan deberá acreditar a súa capacidade de obrar*
- *A solvencia económica financeira e técnica será a da o conxunto da UTE.*

- *Só no caso de resultar adxudicataria a unión, deberá acreditar a súa constitución en escritura pública. Non obstante isto, deberán achegar ó acto de licitación o proxecto de estatutos polo que se deberá rexer a UTE.*

E.- *Persoas xurídicas dominantes.*

A efectos de capacidade e dos requisitos de solvencia financeira, económica e técnica esixibles, no suposto que liciten persoas xurídicas dominantes dun grupo de sociedades terase en conta as características das sociedades pertencentes ó grupo, sempre e cando a sociedade dominante acredite que ten de modo específico e certo a libre e plena dispoñibilidade dos medios doutras sociedades do grupo que sexan necesarias para a execución do contrato. Presumirase a existencia de “influencia dominante” cuando se dean os supostos sinalados no art. 234.2 do TRLCAP.

F.- *Documentos.*

Tódolos documentos citados terán que ser orixinais ou fotocopias dilixenciadas notarialmente ou por funcionario público, nas que conste que foron verificadas cos seus orixinais.

Os licitadores presentarán a documentación correspondente a este sobre nun CD en versión PDF.

SOBRE NUM.2.- Levará o seguinte título: “Modelo de proposición e contidos técnicos e económicos da proposición para participar no concurso para a adxudicación dun contrato de concesión administrativa de xestión de servizos públicos con execución de obra (construcción) e posterior xestión de aparcadoiros de uso mixto na cidade de Vigo sobre nº 2 Lote Nº ... presentada por _____”.

O sobre terá a sinatura do licitador ou persoa que o represente e indicación do nome e apelidos e a razón social da empresa, así como o CIF ou o NIF.

Ademais do modelo de proposición, que se deberá axustar ó que figura no ANEXO I do presente Prego de Cláusulas Administrativas Particulares e que á súa vez conterase, dentro deste sobre nº 2, noutro sobre pechado denominado “Modelo”, achegarase a seguinte documentación:

- Proxectos básicos dos tres aparcadoiros nas condicións indicadas no Prego de Condicións Técnicas.
- Plans de desvío do tráfico durante as distintas fases de execución das obras en cada un dos aparcadoiros nos que se prevexan os distintos gastos de implantación a costa do adxudicatario.
- Plan Económico-Financeiro que demostre a viabilidade da prestación do servizo e cálculo da rentabilidade en función da amortización, intereses, gastos de explotación e ingresos probables.

O Plan Económico-Financeiro estará sempre referido a un lote, enténdese, polo tanto, que no suposto de que un licitador presente oferta para os dous lotes obxecto de concurso presentaranse dous sobres nº 2, que asemesmo conteran os respectivos Proxectos Básicos.

O Plan Económico-Financeiro incluirá: a proxección da conta de perdas e ganancias anuais correspondentes ó prazo do Contrato; a proxección do balance de situación previsto ó peche de cada exercizo correspondentes ó prazo do Contrato; a proxección do estado de orixes e aplicación de fondos; a proxección dos fluxos de caixa, distinguindo os fluxos de caixa do proxecto e os fluxos de caixa dos accionistas; análises de viabilidade (VAN e TIR do proxecto) e análises de rendabilidade (VAN e TIR do accionista).

Así mesmo achegarase unha Memoria explicativa dos valores fundamentais que interveñen no Plan Económico-Financeiro que incluirá os seguintes documentos:

(i) *Detalle das fontes de financiamento previstas: recursos propios, financiamento alleo:*

- Deberán indicarse as condicións principais das distintas fontes de financiamento: identidade dos financiadores, importe, divisa, prazo, amortización, tipo de interese, comisións e outros gastos, garantías, carácter subordinado no seu caso, aplicación.
- En relación co financiamento alleo, deberá expresarse o grao de compromiso adquirido polos licitadores coas entidades financeiras que se reflectirá nun documento onde as mesmas expresen: ter un coñecemento claro da documentación entregada sobre o proxecto en cuestión; a súa disposición a financiar o devandito proxecto, se a Proposición apoiada é seleccionada; o momento no que se atopa a negociación e o prazo en que se podería dar por concluída a mesma, a partir da data de adxudicación do Concurso; os termos e condicións indicativas dos eventuais bonos a emitir ou dos préstamos en negociación; garantías que poideran chegar a se constituir, tanto personais, coma reais. As entidades financeiras indicarán as ratios de cobertura do servizo da débeda esperadas e as condicións financeiras a cumprir polo licitador, se este gañara o Concurso.
- Deberá indicarse a data na que se prevé ter pechado o financiamento definitivo.
- O licitador deberá garantir e xustificar suficientemente que no período dende que se asina o Contrato ata que se completen os investimentos previstos, disporá dos recursos necesarios, ben a través dun crédito ponte ou ben a través da aportación de recursos propios adicionais por parte do licitador, para construír e explotar a obra do xeito previsto.

(ii) *Explicación e detalle dos ingresos, a súa evolución e incidencia na Concesión:*

- Demanda de utilización do servizo, é dicir, da utilización dos aparcadoiros, así coma dos rendementos esperados.
- Análises de ratios: grao de apalancamento e a súa evolución; análises do RCSD (ratio anual de cobertura do servizo da débeda) mínimo e medio e análises de sensibilidade das principais variables do proxecto para permitir xulgar a solidez do mesmo.
- Prezo, para cada un dos tres aparcadoiros, das prazas que se ofertarán ós residentes en contratos de cesión de uso referidas ó ano 2006.
- Tarifas propostas para as prazas de uso público para cada un dos tres aparcadoiros referidas ó ano 2006.
- Prazo de execución das obras en cada un dos tres aparcadoiros (Plan de Obra).
- Outros aspectos técnicos que se coiden convenientes.

Os licitadores presentarán a documentación correspondente a este sobre por duplicado e tamén nun CD en versión PDF.

Artigo 14. CRITERIOS PARA A ADXUDICACION DO CONCURSO

A. Os criterios de adxudicación e os seus baremos correspondentes son os seguintes:

1. Importe das tarifas medias polo uso rotatorio dos aparcadoiros, ata 25 puntos.
2. Calidade e fiabilidade dos proxectos básicos ata 20 puntos.
3. Compromiso de aportacións específicas en dotación para urbanización de cuberta e mellor solución a urbanización en relación co entorno urbano na que se localiza, ata 20 puntos.
4. Compromiso de aportacións de interese público en acabados e instalacións de obra. Melloras, ata 8 puntos.
5. Importe do prezo medio das prazas de cesión para residentes, ata 6 puntos.
6. Fiabilidade do plan financeiro, ata 5 puntos
7. Metodo constructivo que supoña menor impacto na ordenación de tráfico durante a execución da obra, ata 4 puntos
8. Menor porcentaxe para os abonos diurnos, nocturnos e de 24 horas dos previstos nos artigos 83.5; 84.5 e 85.4 do PCAP, ata 4 puntos.
9. Mellor proxecto de desvío de tráfico en función das diversas fases de execución da obra, ata 2 puntos.
10. Redución dos prazos máximos de execución, ata 2 puntos
11. Maior porcentaxe da provisión anual que, para a execución das obras de mantemento extraordinarias se fixan no artigo 25 do presente prego, ata 2 puntos
12. Propostas tecnolóxicas que melloren o Prego de Cláusulas Administrativas orientadas a facilita-lo servizo ó usuario e a información municipal, ata 2 puntos.
13. Menor importe das cotas trimestrais que deben aboar os titulares das prazas de cesión de uso: 2 puntos.

B.- Cuantificación de baremos de adxudicación do concurso.

1.- Importe das tarifas medias polo uso rotatorio dos aparcadoiros, 25 puntos.

As tarifas máximas a percibir dos usuarios polo uso das prazas de uso rotatorio postos o servizo de calquera aparcadoiro, referidas ó 1 de xaneiro do ano 2.006, serán as seguintes:

Cada minuto ou fracción 2,74 cts/euro

A tarifa da fracción “minuto” en cadaún dos aparcadoiros revisarase a data de 1 de xaneiro de cada ano tendo en conta a variación experimentada polo IPC para Galiza no índice anual que a esa data sexa coñecido.

Atoparase a tarifa media fraccionaria (cada minuto ou fracción) dos tres aparcadoiros de cada lote ponderando o número de prazas rotatorias neles existentes do seguinte xeito:

Aparc. Nº 1: x nº de prazas rotatorias. tarifa fraccionaria = x'

Aparc. Nº 2: y nº de prazas rotatorias. tarifa fraccionaria = y'

Aparc. Nº 3: z nº de prazas rotatorias. tarifa fraccionaria = z'

$$\text{Tarifa Media Fraccionaria} = \frac{x'+y'+z'}{x+y+z}$$

Por este concepto adjudicarase 25 puntos á tarifa media menor, o resto das ofertas valoraranse proporcionalmente á baixa ofertada na tarifa media fraccionaria.

De conformidade co indicado no artigo 86.3 do TRLCAP considerarase, en principio, unha oferta desproporcionada ou temeraria no suposto de que as tarifas ofertadas neste criterio de adjudicación estean incursas nos supostos previstos no artigo 85 do RGCAP.

A declaración expresa pola Mesa de Contratación dunha proposición como desproporcionada ou temeraria requirirá previa audiencia (información) do licitador na que se xustifiquen os fundamentos económicos-financieros das tarifas propostas.

2.- Calidade e fiabilidade dos proxectos básicos 20 puntos.

1º) Calidade do deseño, das solucións técnicas xerais, e da viabilidade técnica que incidan nunha mellor prestación do servizo: ata 14 puntos.

2º) Coherencia, racionalidade e fiabilidade do Plan de Obra: ata 4 puntos.

3º) Maiores valores de accesibilidade e de supresión de barreiras arquitectónicas que os mínimos previstos na normativa vixente: ata 2 puntos.

3.- Compromiso de aportacións específicas en dotación para urbanización de cuberta e mellor solución a urbanización en relación co entorno urbano na que se localiza, 20 puntos.

Outorgaranse 20 puntos á oferta que presente un maior incremento sobre as cantidades establecidas no Prego de PRESCRICIÓNs Técnicas para urbanización da cuberta expresada en EUROS/m2., o resto das ofertas valoraranse proporcionalmente ó incremento ofertado.

4.- Compromiso de aportacións de interese público en acabados e instalacións de obra. Melloras, 8 puntos.

Os concursantes indicarán especificamente nas súas ofertas as melloras en acabados e instalacións da obra sobre os estándares mínimos establecidos no Prego de PRESCRICIÓNs Técnicas. Estas melloras, que deberán estar relacionadas coa explotación e funcionamento do servizo de aparcadoiro, atoparanse convenientemente valoradas e xustificarán a súa incidencia na prestación do servizo.

5.- Importe do prezo medio das prazas de cesión para residentes, 6 puntos.

Os concursantes deberán acompañar as súas ofertas, o prezo do dereito de uso das prazas de estacionamento para residentes.

O prezo máximo da cesión para residentes referido o ano 2006 non será superior en ningún dos aparcadoiros que se citan os seguintes importes, IVE engadido:

Rúa Arenal (Lote nº 1):	44.000.- €
Rúa Policarpo Sanz (Lote nº 1):	44.000.- €
Rúa Pintor Colmeiro (Lote nº 1):	35.000.- €
Avda. Castelao (Lote nº 2):	27.000.- €
Rúa Genaro de la F (Lote nº 2):	35.000.- €
Rúa R. de Castro (Lote nº 2):	44.000.- € (Inclue anexo)

Atoparase, en cada lote, o prezo medio das prazas de cesión de uso dos tres aparcadoiros de cada lote ponderando o número de prazas desa clase, do seguinte xeito:

Aparc. Nº 1: x nº de prazas para residentes. prezo = x'

Aparc. Nº 2: y nº de prazas para residentes. prezo = y'

Aparc. Nº 3: z nº de prazas para residentes. prezo = z'

$$\text{Prezo final Medio} = \frac{x'+y'+z'}{x+y+z}$$

Adjudicaranse 6 puntos ó prezo medio menor e 0 puntos ó maior. A puntuación das restantes ofertas realizarase proporcional á rebaixa do prezo medio das prazas.

6.- *Fiabilidade do Plan Económico-Financeiro, 5 puntos.*

Para o outorgamento da puntuación sinalada teranse en conta as seguintes características:

- a) *Fiabilidade das contas de explotación con especial incidencia no rigor técnico da prognose da demanda do servizo e a axeitada proxección dos gastos de explotación.*
- b) *Racionalidade das tarifas previstas.*
- c) *Firmeza dos compromisos de financiamento de terceiros.*
- d) *Estructura de financiamento proposta.*

7.- *Método constructivo que supoña menor impacto na ordenación do tráfico durante a execución da obra: 4 puntos.*

De conformidade co sinaldo no Prego de PRESCRICIÓNs Técnicas en todo caso os aparcadoiros a ubicar nas Rúas Policarpo Sanz (Lote Nº 1), Genaro de la Fuente (Lote Nº 2) e Avda. de Castelao (Lote Nº 2) construíranse polo sistema inverso, é dicir, de enriba a abaixo comezando a construción pola cuberta.

8.- *Menor porcentaxe para os abonos diurnos, nocturnos e de 24 horas dos previstos nos artigos 83.5; 84.5 e 85.4 do Prego: 4 puntos.*

Atopárase, en cada lote, a porcentaxe media ponderada das tres modalidades de abono.

Outorgáranse 4 puntos á oferta que presente menor porcentaxe medio. Outorgáranse 0 puntos á oferta que o presente maior, a puntuación das restantes ofertas obterase interpolando liñalmente ambas cifras.

9.- *Mellor Plan de desvío de tráfico en función das diversas fases de construción da obra: 2 puntos.*

Advírtese que calquera gasto referido á implementación dos Plans citados será da exclusiva conta do adjudicatario.

10.- *Redución dos prazos máximos de execución no total do Lote: 2 puntos.*

Outorgáranse 2 puntos á oferta que no cómputo total da construción dos tres aparcadoiros teña previsto un prazo menor de tempo. O resto das ofertas valoráranse proporcionalmente en función dos días de rebaixa do conxunto total da construción. O prazo de execución total calcularase sumando o previsto para cada un dos aparcadoiros.

11.- *Maior porcentaxe da provisión anual que, para a execución das obras de mantemento extraordinarias se fixen na cláusula 25 do presente prego, 2 puntos.*

Outorgáranse 2 puntos a oferta que presente maior porcentaxe da provisión. O resto das ofertas valoráranse proporcionalmente ó incremento da porcentaxe fixada na cláusula 25 deste Prego.

12.- *Propostas tecnolóxicas que melloren o Prego de Cláusulas Administrativas orientadas a mellora-lo servizo ó usuario e a información municipal: 2 puntos.*

Valoráranse as melloras que debidamente razoadas e xustificadas incidan positivamente no funcionamento da explotación e uso do servizo e en especial aquelas que proporcionen ó Concello maior información e control sobre a ocupación, mantemento e rendabilidade das instalacións e da concesión.

13.- *Menor importe das cotas trimestrais de mantemento que deben aboar os titulares das prazas de cesión de uso (art. 105).*

Outorgarase 2 puntos á oferta que presente menor importe nas cotas, o resto das ofertas valoraranse proporcionalmente. En todo caso os licitadores deberán xustificar a cantidade proposta ou relación cos gastos de explotación e mantemento dios distintos aparcadoiros en lote.

Artigo 15º APERTURA E EXAME DAS PROPOSICIÓNS.

1. Constitución da Mesa de Contratación
 - 1.1 A Mesa de Contratación reunirse ás 11,30 horas do primeiro luns seguinte ó remate do prazo para a presentación das proposicións. No suposto de que fora día inhábil reunirse ó día seguinte.
 - 1.2 O Presidente ordenará a apertura do sobre nº 1 e o Secretario certificará a relación de documentos que figuren en cada un deles.
 - 1.3 Se a Mesa de Contratación observase defectos materiais ou omisións subsanables na documentación presentada, o comunicará ó licitador afectado, concedéndolle un prazo non superior a 3 días hábiles para que os corrixa ou subsane ante a propia Mesa de Contratación.
 - 1.4 A Mesa de Contratación calificará a documentación incluída no sobre nº 1 e subsanados, no seu caso, os defectos ou omisións da documentación presentada, determinará los empresarios que cumpren os requisitos esixidos, con pronunciamento expreso sobre os admitidos á licitación, e os rexeitados con expresión da causa do rexeitamento.
 - 1.5 Do actuado consonte con este artigo deixarase constancia na acta que necesariamente se deberá estender.
 - 1.6 No suposto que o día luns mencionado no apartado 1.1. coincidira coa realización dunha sesión plenaria do Concello a Mesa constituiríase ó día habil seguinte.
2. Apertura das Proposicións (sobre nº 2)
 - 2.1 O acto público de apertura das Proposicións realizarase unha vez concluído o exame e calificación da documentación incluída no sobre nº 1.
 - 2.2 O Secretario da Mesa de Contratación dará lectura ó anuncio do Contrato e a seguir procederase ó reconto das Proposicións presentadas e á súa confrontación cos datos que figuren no certificado estendido polo Xefe da Oficina do Rexistro Xeral, feito iso darase coñecemento ó público do número de Proposicións recibidas e nome dos licitadores, dando ocasión ós interesados para que poidan comprobar que os sobres nº 2 que conteñen as Proposicións se atopan na Mesa en idénticas condicións en que foron entregados.
 - 2.3 O Presidente manifestará o resultado da calificación dos documentos presentados nos sobres nº 1, con expresión das Proposicións admitidas, das rexeitadas e causa ou causas de inadmisión destas últimas e notificará verbalmente e a través do Taboleiro de Edictos e da páxina web do Concello o resultado da calificación. As ofertas que correspondan a Proposicións rexeitadas quedarán excluídas do procedemento de adxudicación do Contrato e os sobres que as conteñan non poderán seren abertos.
 - 2.4 O Presidente invitará ós licitadores interesados a que manifesten as dúbidas que se lles ofrezan ou pidan as explicacións que estimen necesarias, procedéndose pola Mesa ás aclaracións e contestacións pertinentes.
 - 2.5 Seguidamente o Presidente procederá á apertura das proposicións presentadas e á lectura do escrito dos seus modelos de proposición.

Artigo 16. PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN.

- 1.- A Mesa de Contratación en sesións convocadas para os efectos analizará e estudará as proposicións inicialmente admitidas.
- 2.- A Mesa de Contratación, na súa función de estudo e información, poderá solicitar antes de formular a súa proposta cantos informes técnicos coide precisos. Tales informes poderán ter por obxecto a puntuación razoada dos distintos criterios de adxudicación, ou ben o mero análise de tales criterios.
- 3.- De conformidade co previsto no artigo 84 do RGLCAP, dos estudos e das análises indicadas, a Mesa poderá acordar o rexeitamento das proposicións inicialmente admitidas, sempre e cando as mesmas e a documentación técnica e/ou económica que conteñan variasen as previsións dos Pregos. Desta circunstancia darase coñecemento inmediato ó licitador.

4.- A Mesa de Contratación en sesión non pública determinará a proposición máis vantaxosa atendendo ós criterios de adxudicación establecidos no presente prego, elevando a acta da sesión e os informes solicitados, ó órgano de contratación que efectuará a adxudicación do contrato. A Mesa poderá así mesmo propoñer motivadamente que o concurso se declare deserto, ben porque as distintas ofertas non se axustan ás condicións esixidas nos pregos, ben porque non son convenientes para os intereses públicos municipais por non acadar ningunha delas a puntuación mínima de 55 puntos.

5.- A proposta de adxudicación non crea ningún dereito en favor do licitador proposto, mentres no se lle adxudique o contrato por acordo do órgano de contratación, é dicir, pola Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo.

Artigo 17. DOCUMENTACIÓN A ESIXIR PREVIAMENTE Á ADXUDICACIÓN.

1.- A proposta de adxudicación quedará condicionada a que o licitador cuxa proposición sexa a máis vantaxosa acredite estar ó corrente do cumprimento das súas obrigas tributarias estatais e autonómicas e coa Seguridade Social. A tal efecto, requiriráselle pola Mesa de Contratación para que, no prazo de cinco días hábiles contados a partir da notificación do devandito requerimento, achegue os seguintes documentos orixinais ou copias dos mesmos que teñan carácter de auténticas consonte coa lexislación vixente, no suposto de que os presentados á licitación caducasen.

(a) Certificacións expedidas polos órganos competentes en cada caso, coa forma e cos efectos previstos nos artigos 13, 14, 15 e 16 do RGCAP, acreditativas de estaren ó corrente do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social impostas polas disposicións vixentes.

(b) No caso de estaren suxeito ó Imposto de Actividades Económicas, Alta no Imposto de Actividades Económicas, referida ó exercizo corrente, ou o último recibo, completado cunha declaración responsable de non se ter dado de baixa na matrícula do devandito imposto.

2.- Se no prazo sinalado non se recibise esta documentación ou o licitador non xustificase que se atopa ó corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, a Mesa de Contratación proporá coma adjudicatario ó licitador ou licitadores seguintes, segundo corresponda, atendendo á orde da valoración obtida nas ofertas, ó que requirirá para cumprir o esixido no apartado anterior.

3.- Os empresarios inscritos no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galiza cuxa documentación se atope debidamente actualizada, unicamente, deberán presentar un certificado do Rexistro actualizado no caso de que o presentado á licitación estivese caducado.

Artigo 18.- ADXUDICACIÓN

1.- A Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, no prazo máximo de dous meses, a contar dende o acto de apertura das ofertas económicas, á vista da proposta formulada pola Mesa de Contratación, terá alternativamente a facultade de adxudicar o contrato á proposición máis vantaxosa, mediante a aplicación dos criterios de adxudicación, ou declarar deserto o concurso nun Lote ou en ambos motivando neste caso a súa resolución con referencia ós criterios de adxudicación anteditos no senso de que as distintas ofertas non se axustan ás condicións esixidas nos pregos, ou ben porque as ofertas presentadas non acaden a puntuación mínima de 50 puntos.

2.- De non se dictar o acordo de adxudicación en prazo, os empresarios admitidos ó concurso terán dereito a retirar a súa proposición e a que se lles devolva ou cancele a garantía que prestasen.

3.- As proposicións presentadas, tanto as declaradas admitidas coma as rexeitadas sen abrir e as desestimadas unha vez abertas, a excepción da que resulte adjudicataria, serán arquivadas no seu expediente. Adxudicado o contrato e transcorridos os prazos para a interposición de recursos sen que se interpuxeran, a documentación que acompaña ás proposicións quedará ó dispor dos interesados que poderán retirala previa solicitude por escrito. No suposto de que tal retirada conleve gastos para o Concello estes satisfaranse previamente.

Artigo 19. GARANTIA DEFINITIVA.

A garantía definitiva, en canto á execución das obras, ascenderá en cada lote ó 4% do presuposto dos proxectos básicos presentados polo licitador que resulte adxudicatario do concurso e en canto á concesión administrativa do servizo público fíxase estimativamente en cada lote en 300.000 Euros. As garantías definitivas deberán constituírse no prazo de quince días naturais contados a partir do seguinte no que fose notificado o adxudicatario a tal efecto, acreditando no mesmo prazo mediante comparecencia no Departamento de Patrimonio e Contratación, a constitución da mesma e o pago de anuncios, coa exhibición dos seus xustificantes.

Para unha e outra garantía admítense calquera das formas previstas na lexislación vixente.

A garantía definitiva correspondente á execución das obras deberá manterse ata que transcurra o prazo da garantía das mesmas. A correspondente á concesión do servizo deberá manterse á finalización do prazo de concesión.

No suposto que a adxudicación recaia nun licitador cuxa proposición estivera incurso inicialmente en presunción de temeridade esixírase ó contratista a constitución dunha garantía, en canto á concesión do servizo, de 1.000.000 euros.

O Concesionario estará obrigado a repoñe-la Garantía Definitiva cando a Administración fixera exercicio da mesma, en todo ou en parte, no suposto de que o garante sexa prexudicada a súa solvencia ou os bens garantidos sexan reducido o seu valor e en calquera outro suposto no que se diminua a garantía por calquera causa, agás acordo coa a Administración para a súa resolución.

Artigo 20. PÓLIZAS DE SEGUROS

O contratista, con anterioridade á sinatura do contrato, subscribirá a súa costa as pólizas de seguros específicas para o risco asegurado coa cobertura e nos termos que a continuación se indican:

1.- Póliza de Todo Risco en construción e montaxe e perda de beneficios para cadaún dos parkings adxudicados.

1.1. A adxudicataria presentará condicionado particular, xeral e copia do recibo pagado dunha póliza de todo risco de Construción/Montaxe cun capital asegurado que garanta o 100% do valor total do presuposto estimativo da obra a realizar e cubrirá, alomenos, os danos propios que durante a execución e posterior mantemento puideran sufrir.

1.2. A póliza cubrirá, como mínimo, os seguintes riscos e conceptos:

1.2.a.- Todo risco de construción montaxe: O asegurador indemnizará os danos e/ou perdas materiais directas debidas ó todo risco non expresamente excluído. A título enunciativo, pero non limitativo, inclúense as seguintes causas:

- Obra civil e instalacións: 100% do valor dos traballos de construción/montaxe.
- Riscos convencionais: Incendio, explosión e caída do raio.
- Choque de vehículos e impactos.
- Gastos de salvamento: Incluídos
- Gastos de Extinción: 5% do valor da obra.
- Gastos de demolición e desescombros: 10% do valor da obra.
- Gastos de Aceleración ou Extraordinarios: 10% do valor da obra.
- Gastos suplementarios ou incremento de custos de reconstrución: 10% do valor da obra.
- Roubo e Explotación: Incluído.
- Riscos político-sociais.
- Terrorismo.
- Honorarios profesionais: segundo escala oficial de honorarios.
- Probas.
- Error Deseño/Risco de Fabricante: Incluído.
- Defecto nos materiais.
- Aplicación inadecuada ou incorrecta de man de obra.
- Defectos na Dirección e ou supervisión de obra.
- Danos a bens preexistentes: 20% do valor da obra en caso de existencia de ditos preexistentes.
- Transporte e ou acarreo de materiais no recinto da obra, así como entre as zonas ou campamentos de almacenaxe de materiais previo á construción e a zona de obras.

- Calquera outra causa accidental ou imprevisible non excluída expresamente na póliza.

1.2.b.- A póliza incluírá un período de mantemento de 12 meses que asegurará toda perda ou dano que se cause á obra accidentalmente en aqueles traballos ós que esté obrigado o adxudicatario nese período, asemesmo cubrirá os danos que causen á obra os vicios ou defectos ocultos cando o feito xerador se atope no período de construción.

1.2.c.- Póliza de perda de beneficios anticipada: Referirase, con carácter xeral ó retraso na terminación dos traballos derivados dun sinistro cuberto pola póliza de Todo Risco de Construción sendo a suma asegurada o importe total do beneficio bruto mailos gastos fixos previstos no prazo de retraso.

2.- Póliza de Todo Risco Danos Materiais para cadaún dos parkings adxudicados. Terá carácter anual renovable e cubrirá durante todo o período concesional os danos causados ó continente, contido e instalacións do conxunto da obra a partir da súa recepción e unha vez iniciada a fase de explotación.

2.1.- A suma que asegure esta póliza determinarase segundo o valor da inversión realizada ó momento de subscrición da acta de comprobación, terá unha cobertura de danos materiais e outra de interrupción do negocio.

2.1.a.- A cobertura de danos materiais terá o seguinte desglose:

a) Garantías: A compañía aseguradora, dentro dos límites previstos na Lei e no contrato garantirá ó asegurado o pago das indemnizacións derivadas dos danos materiais e directos sufridos polos bens asegurados por calquera feito súbito e accidental, con exclusión de aqueles que teñan a súa orixe en causas expresamente excluídas (excluída a avería de maquinaria). A título enunciativo e non limitativo, a cobertura inclúe os seguintes riscos:

- Incendio
- Explosión
- Caída de raio.
- Vehículos en reposo a primeiro risco 900.000 euros.
- Golpes
- Caídas
- Derrames
- Actos de vandalismo ou malintencionados.
- Accións tumultuarias, folgas xerais.
- Fenómenos atmosféricos: Vento, Choiva, Granizo, pedrisco, neve.
- Danos por auga (reventón, rotura, atascos de tuberías.
Omisión de peche de grifos ou chaves de paso
Gastos de localización e reparación de avarías.
- Inundación
- Fumo
- Caída ou impacto de aeronaves
- Ondas sónicas
- Choque de vehículos terrestres e impacto de obxectos.
- Fallo das instalacións de extinción de incendios.
- Roubo
- Roubo vehículos en reposo a primeiro risco 300.000 euros.
- Rotura de cristais, lunas, espellos e rótulos.

b) Outros prexuízos:

- Gastos de salvamento e desescombros
- Danos polas medidas adoptadas pola autoridade ou o asegurado.
- Transporte dos bens co fin de salvalos.
- Obxectos desaparecidos
- Danos nos obxectos salvados
- Gastos de extinción
- Reposición de documentos
- Reposición, reobtención e transcripción de planos, patrones, deseños, moldes, modelos, matrices.
- Honorarios de profesionais
- Gastos de obtención de permisos e licencias

- Gastos e honorarios de Peritos.
- Gastos de desaloxamento provisional e forzoso (transportes e aluguer).
- Maquinaria de procedencia extranxeira
- Mercaderías de procedencia extranxeira.

- c) Outras condicións
- Danos eléctricos a trafos e cadros
 - Danos eléctricos a aparatos eléctricos
 - Compensación de capitais
 - Cobertura automática de sumas aseguradas
 - Cobertura de riscos extraordinarios
 - Indemnización a Valor de Novo.

2.1.b.- A cobertura de interrupción de negocio terá o seguintes desglose:

- a) A Compañía indemnizará a perda real sufrida polo asegurado motivada por:
- 1.- Diminución do Volume de Negocio.
 - 2.- Aumento do custo de explotación, consecuente da interrupción temporal, total ou parcial, da actividade como consecuencia dos danos materiais directos derivados dos riscos previstos na:
 - A cobertura de Todo Risco Danos Materiais.
- b) Periodo de indemnización: 12 meses.
- c) Ampliación de Garantías:
- Por sinistros cubertos polo C.C.S.
 - Cobertura automática de sumas aseguradas
- d) Cobertura de equipos electrónicos. Incluído
- e) Cobertura de riscos extraordinarios ampliación de garantía. Incluído.

3.- Póliza de Responsabilidade Civil para cadaún dos parkings adxudicados.

3.1.- Responsabilidade Civil en fase de proxecto.

O Adxudicatario contratará unha póliza de Responsabilidade Civil Profesional para os danos e prexuízos que se causen a terceiras persoas por feitos que se deriven de erros ou omisións en que se poda incurrir con motivo do exercizo da súa actividade profesional de acordo a como a mesma veña regulada nas disposicións e regulamentos vixentes. Dita Póliza, que deberá contar cun límite de indemnización non inferior a 1.200.000 euros, deberá incluír entre outras a cobertura ós danos patrimoniais puros así como os danos producidos á propia obra proxectada e dende a data de inicio dos Traballos ata a expiración do Periodo de Garantía. Deberá contemplar así mesmo a cobertura de Defensa Xurídica e Fianzas.

3.2.- Responsabilidade Civil durante a demolición e construción.

- Suma xeral Asegurada por sinistro e duración da obra será 1.600.000 €
- Sublímite victima tódalas garantías (incluída patronal e cruzada) 150.000 €

Dita póliza deberá conter ó menos as seguintes coberturas:

- Responsabilidade Civil de Explotación.
- Responsabilidade Civil Patronal
- Responsabilidade civil por Demolicións manuais e ou mecánicas de edificios ou obras.
- Responsabilidade Civil Cruzada.
- Responsabilidade Civil directa de subcontratistas.
- Responsabilidade Civil por danos e colindantes.
- Responsabilidade Civil por danos a conducións subterráneas.
- Responsabilidade Civil derivada do uso de explosivos.
- Responsabilidade Civil Pos-traballos: ata 12 meses dende a finalización dos traballos.
- Responsabilidade Civil por contaminación Accidental.
- Responsabilidade civil pola utilización de maquinaria e vehículos industriais.
- Responsabilidade Civil por transporte de mercaderías e operacións de carga e descarga.
- Defensa xurídica e Fianzas.

3.3.- Responsabilidade Civil durante a explotación.

O adjudicatario deberá subscribir unha Póliza de Responsabilidade civil xeral con carácter anual renovable mediante a cal e durante todo o período da concesión o Asegurador garantirá, a partir da súa recepción e unha vez aberta a fase de explotación, ós asegurados as prestacións abaixo indicadas no caso de calquera Reclamación de Responsabilidade Civil de acordo á lexislación vixente, que se formule contra ditos asegurados por feitos acaecidos durante o Período de Seguro e reclamados durante a súa vixencia ou ata 24 meses despois do seu vencemento, polo danos corporais, danos materiais e os prexuízos económicos que sexan consecuencia directa de tales danos, incluído o persoal vinculado á empresa adjudicataria (R.C. Patronal), derivados de calquera actuación cometidos polos asegurados no exercizo da actividade asegurada.

Garantías de Responsabilidade Civil, coas seguintes sumas aseguradas.

- Suma xeral Asegurada por sinistro e duración da obra será 1.200.000 €
- Sublímite vítima tódalas garantías (incluída patronal e cruzada).150.000 €

Dita póliza deberá conter ó menos as seguintes coberturas:

- Responsabilidade Civil de Explotación.
- Responsabilidade Civil Patronal.
- Responsabilidade Civil Cruzada
- Responsabilidade Civil de Productos.
- Responsabilidade Civil Postraballos.
- Responsabilidade Civil de subcontratistas.
- Responsabilidade Civil por danos a colindantes.
- Responsabilidade Civil por contaminación Accidental.
- Responsabilidade Civil pola utilización de maquinaria e vehículos industriais.
- Responsabilidade Civil por transporte de mercadorías e operación de carga e descarga.
- Cobertura de danos a obxectos confiados incluídos vehículos confiados polos clientes así como os danos causados a ditos vehículos durante a conducción dos mesmos polo asegurado ou seus empregados.
- Roubo ou furto dos vehículos confiados xa sexa a reclamación debida á perda do vehículo. Ós danos que sufran o propio vehículo ou ós danos causados a terceiros.
- Cobertura de danos e obxectos confiados.
- Defensa xurídica e fianzas.

4.- O concesionario subscribirá Seguro Obrigatorio de Accidentes de Traballo para todo o persoal do Adjudicatario, Seguro de Responsabilidade Civil Obrigatorio e Voluntario de vehículos e maquinaria empregados na realización dos traballos, así como calquera outro seguro de contratación obrigatoria conforme á lexislación en vigor durante o período de duración dos traballos.

5.- Cláusulas Comúns a todas as coberturas e fases:

5.1.- Asegurados. Terán a condición de asegurados:

- a) Concello de Vigo e o seu persoal, como promotor e propietario das obras, os técnicos intervincentes do Concello de Vigo calquera que sexa a relación xurídica que a él lles vincule.
- b) adjudicatario/sociedade concesionaria das obras licitadas e adjudicadas.
- c) Contratistas, subcontratistas e demais axentes intervincentes nas obras.
- d) Arquitectos, aparelladores, enxeñeiros e calquera outros técnicos intervincentes nas obras.

5.2. Antes da sinatura do presente contrato, o Adjudicatario deberá ter constituídas as Pólizas relativas á fase de construción cos seus correspondentes recibos liquidados e presentará as pólizas do programa de seguros relativo á explotación antes da data da acta de Comprobación das obras cos seus correspondentes recibos liquidados.

5.3.- O Adjudicatario comprométese expresamente ó puntual abono dos recibos xerados pola Pólizas reseñadas nos puntos anteriores, tanto no momento da súa contratación como no de renovación así como calquera outro que se devengue durante a vida das citadas Pólizas, sendo da súa exclusiva responsabilidade calquera defecto de cobertura orixinado pola falta de pagamento dos citados recibos. Comprométese así mesmo a manter as Pólizas en concordancia coa fase nas que se atopa o desenvolvemento dos traballos e actualiza-las sumas aseguradas anualmente na mesma proporción que as tarifas.

5.4.- O Adxudicatario queda obrigado a informar ó Concello de Vigo de calquera incidencia que afecte á vixencia e condicións dos seguros contratados, descritos nas cláusulas anteriores, prestándose a colaborar cos empregados, axentes ou representantes do Concello para o bo fin dos mesmos.

5.5.- No caso de sinistro, calquera diferenza que xurda no pago das indemnizacións, xa sexa por aplicación de franquicias ou outro tipo de descuberto, dos seguros contratados, deberán ser soportados polo Adxudicatario.

5.6.- O Adxudicatario obrígase a repara-los danos e responder por aqueles riscos que non queden garantidos nas pólizas de seguro descritas anteriormente, a fin de levar a bo termo a obra conforme as obrigas e responsabilidades asumidas no contrato.

5.7.- Calquera modificación nas pólizas de seguro deberán ser aprobadas previamente polo órgano de contratación.

5.8.- Deberá ser obxecto de especial consideración en calquera tipo de cobertura as edificacións lindantes existentes ata a finalización da totalidade das obras de estrutura da obra nova.

Artigo 21.- FORMALIZACIÓN DO CONTRATO

1.- O contrato formalizarase co concesionario, dentro do prazo de dous meses a contar dende a notificación da adxudicación, no correspondente documento administrativo.

2.- Cando por causas imputables ó contratista non puidese formalizarse o contrato dentro do prazo indicado, o Concello poderá acordar a resolución do mesmo.

3.- Como requisitos previos á formalización do contrato o adxudicatario deberá entregar ó Concello os seguintes documentos:

- Resgardo de constitución das garantías definitivas, na contía e forma indicada na Cláusula 19 do presente prego.
- Poder, inscrito no Rexistro Mercantil, a favor da persoa designada para asinar o contrato e documento nacional de identidade da persoa apoderada no caso de que esta fora diferente da que asinou o modelo de proposición.
- Póliza dos contratos de seguro subscritos polo concesionario de conformidade co esixido no prego, así como a documentación acreditativa do pagamento das primas correspondentes acompañada dun informe favorable da Correduría de Seguros preste os seus servizos á empresa adxudicataria.
- Documentación acreditativa de ter aboados todos anuncios de licitación e adxudicación.

4.- Todos os documentos presentados deberán ser orixinais ou copias dos mesmos que teñan carácter de auténticos conforme á lexislación vixente.

Artigo 22.- INCORPORACIÓN DO PLAN ECONÓMICO FINANCEIRO.

1.- O concesionario disporá de dous meses, dende o día seguinte á formalización do contrato, para a presentación da versión definitiva do Plan Económico-Financeiro da concesión cos instrumentos de financiación de que disporá durante o periodo da mesma.

1.1. O Concesionario debe presentar un Plan Económico Financeiro revisado, nos casos seguintes:

- (a) En caso de que a financiación definitiva se formalice en termos economicamente mais vantaxosos para o Concesionario que os tidos en conta para a Proposición;
- (b) No caso de que o investimento real do Concesionario no financiamento da obra resulte, por causas debidamente xustificadas, inferior ó investimento máximo previsto na súa Proposta.

1.2. Dita revisión, realizarase polo Concesionario; comprenderá únicamente a actualización dos datos indicados nos apartados precedentes e os seus efectos en viabilidade e rendabilidade da Concesión, deixando inalterados os demais termos tidos en conta no plan; estará suxeita á aprobación polo órgano de contratación; e producirá efectos dende a data na que se produciran os feitos que dean causa á revisión.

1.3. No caso de que como consecuencia da revisión, resulte un incremento da viabilidade e rendabilidade da Concesión, medida en termos de VAN e TIR de proxecto e do accionista, recollidos na Proposición do Concesionario, deberá calcularse a capitalización de dito incremento e o Concello, previa audiencia do

Concesionario, poderá dispor gastos e investimentos en beneficio de melloras nas instalacións, e a cargo do Concesionario, ata a metade do importe capitalizado, sen afectar substancialmente á liquidez do concesionario.

2.- O Plan Económico-Financeiro deberá reproducir os termos incluídos na oferta adxudicataria, desenvolvendo aqueles aspectos que, debido á súa natureza, non quedaran plenamente determinados na documentación presentada ó concurso de concesión.

3.- O Plan Económico-Financeiro cos instrumentos de financiamento será aprobado polo Concello no mes seguinte a súa recepción, incorporándose nese momento ó contrato de concesión.

4.- O prazo para a implantación do Plan Económico-Financeiro será o previsto no mesmo.

5.- A estes efectos, considerarase implantado na data na cal a totalidade dos contratos relevantes, previstos no mesmo, fosen asinados polas partes contratantes. No caso de financiamento mediante fondo de titulación, a data de implantación do Plan será a data na que se produza a verificación do mesmo por parte da Comisión Nacional do Mercado de Valores, sempre que fosen asinados a escritura de constitución do fondo e o resto de contratos relevantes previstos nel.

6.- O concesionario, dende a formalización do contrato de concesión ata que se completen os investimentos previstos, deberá contar cos recursos necesarios, ben a través dun crédito ponte ou ben a través da aportación de recursos propios adicionais por parte do concesionario, para construír a obra e explotar a servizo do xeito previsto.

7.- O incumprimento por parte do concesionario, dos prazos previstos nesta cláusula, levará consigo as penalidades correspondentes entre as previstas no presente prego.

8.- O concesionario será o único responsable da posta en práctica do Plan Económico-Financeiro aprobado, debendo executalo nos termos aprobados e asumindo integramente o resultado real da súa execución.

9.- Durante a concesión, o concesionario deberá responder con claridade e dilixencia, expresamente, a todo requerimento de explicación ou clarexamento por parte do Concello sobre a estrutura, contido e hipótese utilizadas no seu plan económico-financeiro.

Artigo 23. SEN CONTIDO

Artigo 24.- CONTABILIDADE E AUDITORIA.

1.- O concesionario do servizo público rexeráse polos principios e normas de contabilidade xeralmente aceptados. Considéranse principios e normas de contabilidade xeralmente aceptados os establecidos en:

- O Código de Comercio e o resto da lexislación mercantil.
- O Plan Xeral de Contabilidade
- O resto da lexislación que sexa especificamente aplicable.

2.- Calquera cambio na normativa vixente consecuencia da aplicación de normas internacionais de contabilidade entenderase en todo caso que non afecta ó equilibrio económico financeiro da concesión.

3.- A concesionaria poderá desfrutar durante o período concesional da facultade de amortizar os elementos do activo perecederos ou suxeitos a reversión, segundo o plan previsto na oferta adxudicataria axustándose ás normas contables que lle sexan de aplicación.

4.- A concesionaria estará obrigada á realización das seguintes auditorías:

- (a) Auditorías financeiras ó peche do seu exercizo social

- (b) Con carácter obrigatorio cada dous exercizos, a partir do inicio da fase de explotación da concesión, estará obrigada a presentar ó Concello, unha auditoria operativa do funcionamento dos servizos xestionados, na cal se evalúe o cumprimento das obrigas asumidas en relación co obxecto do contrato.

5.- O custo destas auditorías será íntegramente asumido polo adxudicatario, quen poderá seleccionar libremente a sinatura de auditoría de entre sinaturas de recoñecido prestixio. Os informes das auditorías financeiras e operativas deberán ser entregados antes do día 30 de xuño do ano seguinte a aquel exercizo ou período ó que corresponda, sendo o primeiro exercizo obrigatorio aquel no que se asine o contrato de concesión.

Artigo 25.- INVESTIMENTOS DE MANTEMENTO EXTRAORDINARIOS (Fondos de Inversións) E CLÁUSULA DE PROGRESO.

1.- O adxudicatario comprométese a constituir en cada aparcadoiro unha provisión anual, (a partires do primeiro ano de prestación do servizo) para execución de obras de mantemento extraordinarias que se levarán a cabo cada 10 anos (anualidades números 10, 20, 30, 40 e 49). A provisión anual non poderá ser inferior ó 0,20% do presuposto de execución material de cada aparcadoiro. Dito importe, o de investimento final, actualizarase anualmente mediante a aplicación do IPC para Galiza.

2.- As obras de aplicación do fondo de investimento deberán realizarse nas anualidades previstas no parágrafo anterior con consentimento do Concello. A tal efecto a concesionaria proporá cunha antelación de 3 meses á data da súa execución ás actuacións a realizar, neste senso presentarase o correspondente proxecto técnico.

3.- Toda vez que no obxecto do contrato de concesión da xestión do servizo público de aparcadoiros o mantemento, conservación e explotación das instalacións, así como a adecuación, reforma e modernización das mesmas para as adaptar ás características técnicas e funcionais requiridas corresponde ó contratista, este deberá manter e xestionar o servizo, de conformidade co que, en cada momento, e segundo o progreso da ciencia, dispoña a normativa técnica, medioambiental e de seguridade que resulte de aplicación. En ningún caso as inversións realizadas neste sentido poderán ser alegadas para o restablecemento do equilibrio económico-dinancieiro da concesión.

4.- No caso de que, aínda no habéndose incluído na normativa unha medida en concreto, determinadas medidas estean sendo esixidas de xeito habitual nas novas instalacións de características análogas, o Concello terá potestade para esixir o contratista a súa aplicación, sen que o concesionario teña dereito a compensación.

Artigo 26.- PROPIEDAD DOS TRABALLOS E DEBER DE GARDAR SIXILO.

Toda a documentación contractual, incluídos os proxectos, serán propiedade do Concello de Vigo.

TITULO III

REXIME ECONÓMICO E XURÍDICO DA CONCESIÓN

Artigo 27. FINANCIAMENTO.

1. O Concesionario estará obrigado á construción a xestión e a subseguinte explotación do servizo de aparcadoiro, para o cal poderá recorrer á aportación de recursos propios, e o financiamento privado de terceiros, nos termos que resulten do presente prego e da lexislación aplicable.

2. O Concesionario poderá substituír ou modificar en calquera momento os acordos relativos ó financiamento privado de terceiros. O Concesionario deberá comunicar ó Concello con carácter previo á súa adopción, as modificacións que pretenda introducir nos acordos relativos ó financiamento das súas actividades. O Concello prestará o seu consentimento a ditas modificacións sempre que as modificacións propostas non perxudiquen a viabilidade e solvencia da Concesión.

3. Se como consecuencia da modificación do financiamento resultare un incremento da viabilidade e rendabilidade da concesión, estarase ó disposto no artigo 22.1.3 deste Prego.

4. O Concello poderá esixir a constitución de garantías, contratación de seguros (incluído seguro de tipo de cambio), contratación de operacións de cobertura de riscos con instrumentos derivados, que deberán ser contratadas polo Adxudicatario, agás que ofrezca a constitución de outra garantía para a prevención do risco que sexa suficiente a criterio do Concello.

Artigo 28. RETRIBUCIÓN DO CONCESIONARIO

1.- O concesionario será retribuído directamente mediante as tarifas que abonen os usuarios do servizo, mediante o prezo das cesións de uso (prazas para residentes) e mediante a explotación que, no seu caso, se poda facer dos locais indicados no artigo 77 deste Prego.

2.- O importe de tarifas do servizo para cada aparcadoiro será o proposto polo Concesionario na súa Proposición. Ditos importes de tarifas, de conformidade co sinalado no artigo 14.1 do presente prego, incluírá o seguinte tipo:

- Cada minuto ou fracción.

3.- O concesionario, previa petición e acordo da Xunta de Goberno Local, poderá variar o día 1 de xaneiro de cada ano as tarifas da súa proposición tendo en conta a variación experimentada polo IPC para Galiza no índice anual que a esa data sexa coñecido, ou por calquera outro índice análogo que o substitúa.

4.- As tarifas presentadas polo adxudicatario na súa oferta e as actualizadas que se aproben polo órgano de contratación terán o carácter de máximas. O concesionario poderá aplicar tarifas máis reducidas que deberán aplicarse ós usuarios da forma non discriminatoria. O concesionario deberá comunicar ó Concello a aplicación de ditas reducións, a súa xustificación e a súa repercusión, no seu caso, no Plan Económico-Financeiro.

5.- De conformidade coa prerrogativa de modificar por razóns de interese público os distintos elementos do contrato (art. 163 TRLCAP) a Administración municipal, no momento que considere oportuno e sempre e cando elo sexa aconsellable para a promoción dunha política de mobilidade, poderá variar o réxime retributivo e tarifario previsto no presente Prego implantando a retribución que se considere máis axeitada que en todo caso respetará o equilibrio económico financeiro pactado.

6.- Os prezos dos servizos a percibir ou a prestar nos locais inalados no artigo 77 deste prego serán de libre fixación polo concesionario.

Artigo 29. EQUILIBRIO ECONÓMICO-FINANCIERO

1.- De conformidade co sinalado no apartado 3 do artigo anterior, e nos termos nel indicados, o contratista-adxudicatario ostenta o dereito á revisión das tarifas sinaladas na súa oferta ó obxecto de manter o equilibrio económico-financeiro do contrato.

2.- No suposto de que o Concello de Vigo, por razóns de interese público, modifícase as características do servizo público e estas modificacións afecten ó réxime económico-financeiro do contrato, a Administración Municipal deberá compensar ó contratista ó obxecto de manter o equilibrio dos supostos económicos que foron considerados básicos na adxudicación.

3.- Non dará lugar a indemnización os acordos da Administración Municipal respecto do desenvolvemento do servizo que carezan de transcendencia económica.

4.- O Concello de Vigo, tendo en conta que a execución do contrato se realizará a risco e ventura do contratista, manterá o equilibrio financeiro da concesión mediante unha distribución proporcional e razoable das posibles perdas cando, sen mediar modificacións do servizo, circunstancias sobrevidas e imprevisibles alleas ó contrato e á vontade das partes determinen a alteración do equilibrio económico da concesión.

5.- En ningún caso dará lugar á revisión de tarifas ou ó percibimento de subvencións os aumentos salariais pactados en Convenios de Empresa.

Artigo 30.- PRERROGATIVAS DA ADMINISTRACIÓN

1.- O Concello de Vigo, nos termos establecidos no *TRLCAP*, na lexislación vixente e no presente prego, ostentará as seguintes prerrogativas e dereitos:

- a) *Interpreta-lo contrato e resolver as dúbidas que ofrezca o seu cumprimento*
- d) *Modificar o contrato por razóns de interese público debidamente xustificadas.*
- c) *Acordar a resolución do contrato nos casos e nas condicións que se establecen no presente prego e no *TRLCAP*.*
- d) *Vixiar e controlar o cumprimento das obrigas do concesionario, a cuxo efecto poderá inspeccionar o servizo, as instalacións e locais, así como a documentación relacionada co obxecto da concesión.*
- e) *Asumi-la xestión e explotación total ou parcial do servizo público nos supostos no que se produza o secuestro da súa concesión.*
- f) *Impoñer ó concesionario as penalidades por razón dos incumprimentos en que incurra, nos casos e nas condicións que se establecen no presente prego e na lexislación vixente.*
- g) *Exercer as funcións de policía no uso e explotación de servizo público.*
- h) *Calquera outras prerrogativas recoñecidas na lexislación vigente.*

Artigo 31.- DEREITOS DO CONCESIONARIO

Sen prexuízo do dereito de inspección e vixilancia do servizo público o concesionario ostentará os seguintes:

- a) *Xestionar e explotar o servizo de aparcadoiro durante o prazo da concesión, de acordo co contrato, coas normas que sexan de aplicación e coa decisións que no exercizo das súas potestades adopte o Concello de Vigo.*
- b) *Percibir dos usuarios do servizo público as tarifas aprobadas.*
- c) *Solicitar e, no seu caso, obter do Concello de Vigo cando proceda a revisión das tarifas a fin de manter o equilibrio financeiro da concesión (artigo 29.1).*
- d) *Percibir a indemnización correspondente por rescate da concesión, agás que se adoptase por causa que lle fora imputable.*
- e) *Transmitir a concesión, a partir do seu décimo ano, previa autorización do órgano de contratación, sempre que a xuízo do mesmo quede garantida a prestación do servizo público.*
- f) *Hipotecar, previa autorización do órgano de contratación, o dereito real de concesión administrativa outorgada, debendo estar cancelada a hipoteca cinco anos antes da data fixada para a reversión. Só se admitirá a hipoteca da concesión de servizos públicos en garantía de débedas que garden relación co obxecto do contrato. En caso de resolución da concesión, o Concello de Vigo dará audiencia ó acreedor hipotecario por si este ofrecera subrogarse no seu cumprimento. O adxudicatario no procedemento de execución hipotecaria quedara subrogado na posición del concesionario previa autorización administrativa, na que se comprobará se o executante, ou algunha das empresas a el vinculadas, cumpre os requisitos esixidos ó concesionario. Se houbera finalizado a construción só se esixirán ó executante os requisitos necesarios para levar a cabo a explotación do servizo. No suposto da subrogación do acreedor hipotecario a Administración Municipal comprobará se ofrecemento formulado é 0compatible co bo fin da concesión.*
- g) *O concesionario terá, fronte a calquera persoa, dereito de retención sobre o vehículo en garantía do pagamento da tarifa do aparcadoiro.*
- h) *Denegar o acceso ó servizo a aqueles usuarios incursos en débedas por impagos.*
- i) *O concesionario poderá solicitar o auxilio e presenza da Policía Local do Concello de Vigo ó obxecto de facer cumprilo indicado nas sinalizacións interiores do aparcadoiro ou ben co fin de evitar por parte dos usuarios conductas incívicas ou antisociais.*
- l) *Calquera outro tipo de dereitos ou facultades de policía que se lle atribúan polo órgano de contratación e que sexan necesarios para a correcta prestación do servizo. Os actos do concesionario no exercizo de tales facultades serán reclamables ante o órgano de contratación.*

Artigo 32. OBRIGAS DO CONCESIONARIO.

1.- Serán obrigas do concesionario:

- a) Executar as obras afectas ó servizo público de acordo co especificado nos proxectos de construción aprobados polo Concello.
- b) Xestionar e explotar o servizo público obxecto de concesión, asumindo o seu risco económico.
- c) Prestar o servizo público durante 24 horas ininterrompidas tódolos días do ano. Asemesmo o concesionario realizará a xestión de conformidade coas ordes que dicte o órgano de contratación.
- d) Admitir a utilización do servizo público a todo usuario, de acordo cos principios de igualdade, universalidade e non discriminación, agás nos supostos sinalados no artigo 31.h).
- e) Manter e conservar as instalacións afectas ó servizo público obxecto de concesión, dentro das condicións establecidas no presente Prego e no de PRESCRICIÓNs Técnicas Particulares, seguindo as indicacións que lle efectúe o Concello, realizando pola súa conta tódalas obras de conservación e mantemento e cantos gastos sexan necesarios para elo, respondendo mesmo dos deterioros producidos polos usuarios.
- f) Facilitar ó Concello a información, o control, a inspección e a documentación, requirida polo presente prego, relativa a calquera aspecto relacionado coa execución das obras e coa xestión e explotación do servizo público proporcionando cantos datos lle sexan requiridos.
- g) Contratar e manter en vigor as pólizas de seguro previstas no presente prego.
- h) Respetar o obxecto da concesión e os límites establecidos na mesma, non podendo destinar as instalacións a un uso distinto do pactado e absterse de realizar obras ou alteracións que modifiquen a prestación do servizo público sen previa autorización do Concello.
- i) Implantar as tarifas que en cada momento estean vixentes, previa a súa aprobación pola Xunta de Goberno Local.
- l) Satisfacer ó Concello de Vigo os cánones previstos, mediante autoliquidación, nos prazos e condicións establecidos no presente prego.
- m) Indemnizar os danos que ocasionados a terceiros, nos seus bens e dereitos, por mor da construción ou da prestación do servizo, cando lle sexan imputables de acordo co artigo 97 do TRLCAP.
- n) Vixiar tódalas instalacións dos aparcadoiros, así como custodiar os vehículos nel estacionados, restituíndo ó portador do xustificante do uso do aparcadoiro, no estado no que lle foi entregado o vehículo e os compoñentes e accesorios que se atopen incorporados funcionalmente –de xeito fixo e inseparable- a aquel e sexan habituais e ordinarios, pola súa natureza e valor, no tipo de vehículo de que se trate. Os accesorios non fixos e extraíbles, coma radiocassettes e teléfonos móbiles, deberán seren retirados polos usuarios, non acadando, no seu defecto, ó concesionario a responsabilidade sobre restitución.
- ñ) Vixiar e impedir adoptando as medidas que estime oportunas, o estacionamento indebido de vehículos naquelas zonas non establecidas como dársenas.
- o) Non allear ou gravar os bens destinados ó servizo obxecto da concesión, nin se destinarán a outros fins, agás autorización expresa do Concello, que a concederá nos casos que estableza a lexislación aplicable.
- p) Aboar a súa conta os impostos, taxas e demais gravames e exaccións que resulten de aplicación segundo as disposicións vixentes co ocasión ou como consecuencia do contrato ou a súa execución.
- q) Aboar ó Concello os gastos dos anuncios de licitación que non superarán en cada Lote a cantidade de 2.000 euros.
- r) Cumprimento das normas laborais, de seguridade social, de seguridade e saúde no traballo.
- s) Entregar á Administración Municipal, no momento de finalización do contrato, a totalidade dos bens e dereitos afectos á concesión, en perfecto estado para permiti-la inmediata continuidade do servizo público.
- t) Calesquera outras previstas no presente prego ou na lexislación vixente.

Artigo 33.- ASUNCIÓN DE RISCOS

1. O concesionario asume os riscos e as responsabilidades que se deriven na execución dos Proxectos e a financiación, construción, explotación e conservación do servizo público obxecto de concesión así como dos elementos comprendidos no contrato, nos termos descritos no TRLCAP e no presente prego.

2.- A totalidade do contrato, nos seus aspectos de construción, xestión, explotación, conservación e financiación, desenvólvese a risco e ventura do concesionario.

En particular, o concesionario asume:

- (a) O risco e ventura derivado do custo, vicios e defectos da construción.
- (b) O risco e ventura da evolución das condicións financeiras do mercado ó longo do prazo concesional.
- (c) O risco e ventura de demanda de uso, sen que poida reclamarse do Concello de Vigo ningunha compensación polo feito de que a evolución real da mesma difira do previsto na súa proposición. O Concello non outorga ningunha garantía en relación co contido das previsións de demanda do servizo incluídas no anteproxecto de explotación.

3.- Así mesmo, o Concello, sen prexuízo do previsto nos artigos 97 e 161 do TRLCAP e demais disposicións concordantes, non garante fronte a terceiros as obrigas e responsabilidades do concesionario.

Artigo 34.- INCUMPRIMENTOS DO CONCESIONARIO

1.- Fase de construción

1.1 Consideraranse como incumprimentos graves:

- a) O incumprimento por causa imputable ó contratista dos prazos establecidos na súa Proposición para o inicio das obras, calquera dos fitos parciais, o prazo de terminación das obras ou o prazo para a emisión da acta de comprobación;
- b) A interrupción inxustificada da execución das obras sen previa autorización da Administración
- c) Non respecta os parámetros de calidade e seguridade establecidos no PPTP ou realizar unidades de obras defectuosas, mal executadas ou non axustadas ó proxecto, todo elo sen prexuízo das obrigas de reconstrución das mesmas.
- d) A subcontratación da construción sen observar os requisitos de procedemento regulados no presente Prego e no TRLCAP, así como a falla de abonamento da súa retribución ós subcontratistas nos termos pactados.

1.2. En caso de existencia de calquera incumprimento previsto no apartado precedente, a Administración poderá impoñer ó contratista as seguintes penalizacións:

- a) No suposto do incumprimento do prazo total previsto para a realización da obra, as penalizacións previstas no artigo 95 do TRLCAP;
- b) En calquera outro suposto, unha penalización por importe de ata o 10 por cento do presuposto total da obra deixada de executar durante a fase de construción que resulte da Proposición do Contratista.

2.- Fase de prestación do servizo

2.1. Consideraranse como incumprimentos graves:

- a) A negligencia no cumprimento das obrigas de uso, policía e conservación, reparación, adaptación e mellora do servizo público e das instalacións nos termos previstos no presente PCAP;
- b) A interrupción inxustificada total ou parcial da prestación do servizo.;
- c) A falta de adopción de medidas de seguridade que provoquen alteracións na prestación do servizo de aparcadoiro.
- d) Formalizar, para o desenvolvemento da actividade prevista no artigo 77, contrato de arrendamento, cesión de uso ou por calquera outro título dos locais sen haber sido concedida polo Concello as licencias administrativas que sexan necesarias para o exercizo da actividade.
- e) Calquera incumprimento da obriga de admitir a utilización do servizo de aparcadoiro por todo usuario, nas condicións que fosen establecidas de acordo cos principios de igualdade, universalidade e non discriminación, mediante o abonamento, no seu caso, da correspondiente tarifa.
- f) A diminución por calquera vía da solvencia do contratista en prexuízo da continuidade do servizo público.
- g) O incumprimento das obrigas contables, incluídas as relacionadas coa auditoría das contas anuais e coa constitución do fondo de reversión;
- l) Non acharse ó corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias, sociais e coa Seguridade Social;
- m) O incumprimento da normativa sobre seguridade e saúde no traballo (falta de aprobación do Plan de Seguridade e Saúde ou falta de implementación do mesmo);
- n) A falta de adopción das medidas necesarias para protexer o medio ambiente ou para manter a seguridade e limpeza nas instalacións;
- o) Calquera falta de atención ás instrucións recibidas da Administración Municipal dentro do ámbito da súa competencia;
- p) A falta de contratación dos seguros previstos no presente PCAP, ou atoparse en situación de impago das primas debidas por eles.

- q) Non levar os adecuados controis de ingresos e gastos da actividade para que a Administración poda coñecer o estado financeiro do Concesionario en calquera momento do período de explotación.
- r) A obstrución das tarefas de control do Concello, así como a falta de atención ás instrucións que recibida do mesmo dentro do ámbito das súas competencias;
- s) O maior número de vehículos no interior dos aparcadoiros, que a capacidade legalmente autorizada.
- t) Non dispoñer de follas de reclamacións segundo o modelo ó que se fai referencia no artigo 66 ó seren solicitadas polos usuarios.
- u) A reiteración de faltas leves.

2.2. No caso de existencia de calquera incumprimento previsto no apartado precedente, el Administración previo trámite de audiencia o concesionario poderá impoñer ó contratista unha penalización por importe de ata o 10 por cento dos ingresos previstos no plan económico financeiro para dito exercizo. En todo caso, o límite máximo das penalidades non poderá exceder do 20 por cento dos ingresos obtidos pola prestación do servizo obxecto de incumprimento durante o ano anterior.

3.- Consideraranse como faltas leves, o incumprimento de calquera das obrigas do contratista que non estean definidas expresamente como infracción grave, as que non afecten directamente á prestación do servizo nin a seguridade das persoas e en concreto as seguintes:

- a) Falta de limpeza ou inadecuada, en accesos peonais, interior do aparcadoiro ou aseos e dependencias anexas.
- b) Incumprimento das ordes e instrucións dictadas polos Servizos Técnicos do Concello de Vigo.
- c) Aparcadoiro indebido de vehículos no interior do aparcadoiro.
- d) Remisión da Folla de Reclamacións destinada ó Concello de Vigo fóra do prazo estipulado no artigo 66 do presente Prego.
- e) Non exhibir o modelo de cartel anunciando a existencia de follas de reclamacións ó que se fai referencia no artigo 66 do presente Prego.
- f) Non establecer os sinais indicados no artigo 70 do presente Prego.
- g) Falta de remisión dos datos estadísticos ós que se fai referencia no artigo 73 ou remisión fóra de prazo.
- h) Non cumprir o indicado no apartado “b” do artigo 77 do presente Prego.
- i) Ocupar unha superficie maior da estipulada no apartado “c” do artigo 77 do presente Prego.
- l) Non exhibir o modelo de cartel anunciando as tarifas en vigor.
- m) Non facilitar a correspondente folla de reclamacións ó usuario que a solicite.
- n) Non dar factura, no momento, ó ser solicitada por un usuario.
- ñ) Exibir publicidade no interior do aparcadoiro, non autorizada, en sitio non autorizado ou en tamaño non autorizado.
- o) Exibir publicidade no exterior do aparcadoiro, non autorizada, en sitio non autorizado ou en tamaño non autorizado.
- p) Non comunicar ós Servizos Técnicos do Concello de Vigo calquera incidencia ou anomalía producida no aparcadoiro, tanto en vehículos como en inmobile ou instalacións.

3.2.- O importe das penalizacións pola comisión de faltas leves poderá acadar a contía de 200 € en función das circunstancias concurrentes.

Artigo 35.- MULTAS COERCITIVAS

1.- Con independencia do réxime de penalidades a Administración poderá impoñer ó concesionario multas coercitivas cando persista no incumprimento das súas obrigas.

2.- En caso de reiteración dos incumprimentos previstos na cláusula precedente, a Administración poderá impoñer ó concesionario as seguintes multas coercitivas:

- a. No caso de incumprimentos leves, multa de 1 a 600 € por día que persista o incumprimento;
 - b. No caso de incumprimentos graves, multa de 601 a 3.000 € por día que persista o incumprimento;
- Ditos importes incrementaranse cada ano no IPC anual fixado polo INE para Galiza, co límite máximo que establece a lexislación vixente.

3.- As multas coercitivas serán independentes e compatibles coas penalizacións previstas no artigo precedente do presente Prego.

4.- En todos casos, o Concello, con independencia da imposición da multa, poderá adoptar a costa do contratista as medidas necesarias para poñer fin á infracción, con dereito a repetir contra o Concesionario e no seu caso, contra o contratista ou subcontratistas responsables da infracción.

5.- O disposto na presente Cláusula enténdese sen prexuízo do dereito do Concello a reclamar a indemnización de danos e prexuízos ou a resolución do Contrato, así como sen prexuízo das sancións administrativas que procedan no seu caso.

Artigo 36.- APLICACIÓN DAS PENALIDADES E MULTAS POR INCUMPRIMENTO.

1.- No suposto de incumprimentos previstos no TRLCAP, que poidan dar orixe á resolución do contrato de concesión, a tramitación do correspondente expediente axustarase ó disposto no artigo 59 do mesmo.

2.- Noutro caso, a imposición das penalidades será acordada polo órgano de contratación, tras a instrución do correspondente expediente contradictorio, previa audiencia do contratista, por un prazo de quince (15) días.

3.- Para a imposición de penalidades por incumprimentos leves, unicamente será preceptivo o trámite de audiencia o contratista.

4.- En todos os casos, o Concello, con independencia da imposición da multa, poderá adoptar a custa do Concesionario as medidas necesarias para poñer fin á infracción, con dereito a repetir contra o Concesionario e no seu caso, contra o contratista ou subcontratistas responsables da infracción.

5.- O disposto na presente Cláusula enténdese sen prexuízo do dereito do Concello a reclamar a indemnización de danos e perdas ou a resolución do Contrato, así como sen prexuízo das sancións administrativas que procedan no seu caso.

TITULO IV

SECUESTRO, EXTINCIÓN DA CONCESIÓN E CESIÓN DO CONTRATO

Artigo 37.- SECUESTRO DA CONCESION.

1.- O órgano de contratación, co fin de manter o servizo público, previa audiencia do concesionario, poderá acordar o secuestro total ou parcial da concesión nos casos en que o concesionario non poida facer fronte temporalmente á xestión dos aparcadoiros por causas alleas ó mesmo. Así mesmo poderá acordar o secuestro cando se incorra en incumprimentos ou infraccións graves que poñan en perigo a correcta prestación do servizo público incluíndose neste aspecto a desobediencia a ordes de modificación.

2.- O acordo do órgano de contratación notificarase ó concesionario e se este, dentro do prazo que se houbere fixado, non corríxise a deficiencia, executarase o secuestro.

3.- En virtude do secuestro, a Administración Municipal encargarse directamente da xestión do servizo público e da percepción dos dereitos establecidos, utilizando para iso o mesmo persoal e material do concesionario, sen que se poida alterar as condicións da súa prestación.

4.- O órgano de contratación designará un ou varios Interventores que substituirán plena ou parcialmente ó persoal directivo do concesionario.

5.- A xestión e a subseguinte explotación efectuarase por conta e risco do concesionario a quen se lle entregará, ó rematar o secuestro, o saldo activo que resultase logo de satisfeitos todos os gastos, incluídos os haberes dos Interventores.

6.- O secuestro terá carácter temporal e a súa duración será a que determine o órgano de contratación sen que poida exceder, incluídas as posibles prórrogas, de tres anos. Acordarase de oficio ou a petición do concesionario o cesamento do secuestro cando desaparezan as causas que o motivaron e o concesionario xustifique estar en condicións normais de proseguir a xestión do servizo público. Transcorrido o prazo fixado

para o secuestro sen que o concesionario garantizase a asunción completa das súas obrigas, o órgano de contratación resolverá total ou parcialmente o contrato de concesión segundo o secuestro que se acordase con referencia a un ou a todos os aparcadoiros.

Artigo 38.- CAUSAS DE EXTINCIÓN.

1.- A concesión extinguirase polo transcurso do prazo, por resolución do contrato ou por caducidade da concesión.

2.- Serán causas de resolución do contrato de concesión as previstas no artigo 167 do TRLCAP.

Artigo 39.- CADUCIDADE DA CONCESIÓN.

1.- De conformidade co sinalado no art. 111.h) do TRLCAP procederá a declaración de caducidade da concesión (resolución especial) nos casos previstos no artículo 136 do Regulamento de Servizos das Corporacións Locais e nos supostos seguintes que se consideran a estos efectos infraccións gravísimas das obrigas esenciais do concesionario:

- a) Demorar en mais de dous meses o prazo de presentación dos Proxectos de Construcción dos Aparcadoiros sinalado no artigo 5.2 deste Prego.
- b) Incurrir en defectos graves na execución das obras, agás que sexan subsanados coas debidas garantías técnicas.
- c) Interrupción das obras, durante un prazo superior a 60 días naturais, sen causa xustificada.
- d) Impago dos cánones establecido durante tres semestres seguidos.
- e) Alteración ó alza polo concesionario, dos prezos das prazas de cesión de uso establecidos na adxudicación do concurso.
- f) Alteración ó alza polo concesionario das tarifas establecidas.
- g) Dedicación do aparcadoiro a usos distintos dos especificamente sinalados, sen previa autorización municipal, se procedese.
- h) Non atender, de xeito reiterado, coa debida dilixencia e coidado á conservación do aparcadoiro ou non cumprir as instrucións do servizo dictadas de xeito expreso polo Concello de Vigo sempre e cando tales conductas supoñan a paralización temporal do servizo.
- i) Non acomodar o aparcadoiro ás Ordenanzas Municipais que no sucesivo se poidan aprobar sempre e cando elo supoña a paralización temporal do servizo.
- l) Por destrución das instalacións, xa sexa total ou parcialmente, en máis dun 50% do valor das mesmas, sen que iso dea lugar a ningunha indemnización.

2.- A declaración de caducidade acordarase polo órgano de contratación e determinará o cese da xestión do concesionario, a incautación dos elementos do adxudicatario afectos ó servizo e a convocatoria de licitación para adxudicar novamente a concesión.

3.- Ós efectos anteriores seguirase o procedemento indicado no artigo 137 do Regulamento de Servizos das Corporacións Locais.

Artigo 40.- RESCATE DA CONCESIÓN.

1.- De conformidade co sinalado no art. 167.b) do TRLCAP o Concello de Vigo poderá extinguir a concesión de xestión do servizo público antes do vencemento do prazo estipulado, de xeito unilateral, por razón do interese público e mediante a correspondente indemnización, asumindo a xestión directa do servizo público por se o por medio dun ente dependente.

2.- Serán efectos do rescate:

- a) A transferencia das obras e instalacións ó Concello.
- b) O deber de indemnizar ó concesionario no valor das instalacións que houberen revertir ó Concello, tendo en conta o seu grao de amortización e os danos e perdas no seu caso irragados, incluídos os beneficios futuros que deixe de percibir.
- c) A determinación polo Concello da modalidade de xestión do servizo público o do destino das instalacións afectadas ó mesmo.

3.- *Procedemento.*

- a) *O interese público en que se basee o rescate da concesión terá que estar xustificado técnica e xuridicamente con anterioridade ó acordo que a Xunta de Goberno Local ordee o inicio do expediente.*
- b) *Dos informes técnicos e xurídicos emitidos darase traslado ó concesionario para que formule as alegacións que coide convenientes en defensa dos seus dereitos, nun prazo de quince días.*
- c) *O rescate da concesión deberá ser aprobado por acordo plenario que fixará un prazo de executividade non inferior a seis meses e instará ó contratista a que formule unha valoración da indemnización que coide que lle corresponda percibir.*
- d) *No mesmo acordo nomearase un Inteventor para que as obras e as instalacións afectadas pasen ó Concello nas condicións sinaladas neste prego ou no acordo plenario.*
- e) *Se o Concello aceptase a valoración, rematarase o expediente polo que respecta á indemnización. De houber desacordo, o trámite de determinación do prezo xusto seguirase en peza separada, consonte co procedemento de expropiación forzosa, non afectando á executividade do acordo de rescate.*
- f) *Unha vez executivo o acordo de rescate, o Concello prestará o servizo mediante calquera das formas de xestión directa que prevé a lexislación aplicable, sen prexuízo da posibilidade do suprimir.*

Artigo 41.- EFFECTOS DA EXTINCIÓN.

1.- *Producida a extinción da concesión do servizo público por calquera das causas recollidas no presente prego ou na lexislación vixente, revertirá á Administración a construción realizada e as zonas anexas, nos termos regulados na lexislación aplicable.*

2.- *No suposto de caducidade ou resolución do contrato, sexa cal fose a causa que dera lugar a extinción, e sen prexuízo das especialidades que para certas causas de resolución se establecen nesta cláusula, o Concello abonará o contratista o prezo das obras que, executadas por este, haxan de pasar a propiedade municipal, a tal efecto terase en conta o seu estado e o tempo que resta para a reversión.*

3.- *En ningún caso se abonarán indemnizacións por conceptos diferentes ós expresados, como poden ser: gastos de constitución da sociedade, estudos e proxectos, dirección de obra, gastos financeiros, etc.*

4.- *Cando o contrato se resolva por causa imputable ó contratista, o Concello concedente procederá de forma inmediata a incautar a fianza constituída e determinará, a seguir, o importe dos danos e perdas causados que deberán ser soportados polo contratista.*

5.- *Cando a resolución teña lugar por mutuo acordo das partes, estarase ó resultado do mesmo.*

6.- *No non contemplado neste artigo, en supostos de resolución, estarase ó disposto no art. 169 do TRLCAP.*

Artigo 42.- CESIÓN DO CONTRATO.

De acordo co artigo 114 do TRLCAP e demais normativa aplicable, o contratista, previa autorización expresa do órgano contratante e a partir do décimo ano de contrato, poderá acordar con terceiros, que reunan análogas características e garantías ás esixidas ó concesionario, a cesión dos dereitos e obrigas derivados do contrato. Ase mesmo, para que a cesión efectuada produza efectos fronte á Administración, deberanse cumprir igualmente todos os requisitos establecidos na citada normativa.

Artigo 43.- ACTA DA RECEPCIÓN FORMAL DAS INSTALACIÓNS.

1.- *Cinco anos antes de que conclua o periodo concesional o Concello de Vigo designará un Interventor Técnico o cal vixiará a conservación das instalacións construídas e informará á Corporación sobre as reparacións e reposicións necesarias para o seu mantemento nas condicións previstas. No caso de desobediencia do concesionario ou no caso de incorrecta execución das obras necesarias procederase ó secuestro da concesión.*

2.- *Doce meses antes de finaliza-lo prazo da concesión, o Concello comprobará se os bens e instalacións se atopan en estado de conservación e funcionamento adecuado para que poidan continuar prestando o servizo, entendendo como tal o estado en que se atopaban o día do levantamento da acta de comprobación definitiva.*

A este acto concorrerán:

- a) O Persoal Técnico municipal designado para o control da explotación.
- b) Un representante do contratista.

3. No caso de que se observase que as instalacións se atopan defectuosas ou en mal estado, farase constar na acta unha descrición pormenorizada dos defectos observados, sinalando as instrucións e o prazo para a súa subsanación, convocando nova data para a súa comprobación. No caso de que non se executen as instrucións no prazo indicado o Concello acordará a imposición de sanción por unha contía equivalente ó 125% do importe das obras a realizar.

Unha vez constatado o seu bo estado, e que está totalmente libre de ocupantes e resoltos os compromisos que o contratista adquirise, procederase a levantar a acta de recepción formal, momento no que o contratista fará entrega ó Concello da totalidade das instalacións obxecto de concesión, e, a partir do que se iniciará o prazo de garantía por un período de dous (2) anos, transcorrido o cal o contratista quedará extinguida da súa responsabilidade.

Os gastos que se orixinen como consecuencia da reversión e conseguinte entrega das instalacións serán, en todo caso, a cargo do contratista.

4.- Chegado o termo da concesión, entenderanse resoltos de pleno dereito todos os contratos concertados entre o concesionario e aqueles terceiros que en virtude de calquera contrato de arrendamento ou outro de natureza análoga desenvolvan actividades nas instalacións, non obstante si se extinguira a concesión antes de tempo polo que foi outorgada a Administración Municipal respectará os dereitos de tales terceiros.

TITULO V

EXECUCIÓN DE OBRAS

Artigo 44.- PRESENTACIÓN DOS PROXECTOS DE CONSTRUCCIÓN

O Concesionario deberá presentar e obter do órgano de contratación a aprobación dos Proxectos de Construcción dos diferentes aparcadoiros no prazo previsto no artigo 5.2 do presente prego.

Artigo 45.- REPOSICION DE SERVICIOS

1.- O concesionario deberá incluír nos correspondentes Proxectos de Construcción, as obras necesarias para a reposición de todos os servizos existentes afectados polas obras xa sexan estes públicos ou privados.

2.- Todos servizos afectados deberán reflectirse, de forma fidedigna, nos Proxectos de Construcción, recollendo todas as súas características e deseñando a súa reposición coa conformidade expresa da propiedade do servizo, sendo a cargo do concesionario tanto o proxecto das reposicións como a súa execución.

3.- Se durante a execución das obras, se observase a necesidade de modificar as reposicións inicialmente previstas nos proxectos de construción, ou xurdisen outras novas, o concesionario procederá, de igual modo e á súa costa, a realizar as obras necesarias para a súa reposición.

4.- En calquera caso, o Concello de Vigo, é competente para resolver sobre se as mesmas manteñen as características funcionais e técnicas dos servizos restituídos, quedando o concesionario obrigado a realizar as oportunas modificacións mesmo no caso de disconformidade. A aprobación dos proxectos de construción polo Concello non exime, en ningún caso, ó concesionario de cumprir con esta obriga.

5.- Habéndose aprobado recentemente o “Proxecto de Modificación da Rede de Saneamento das concas vertentes afectadas pola prolongación do túnel do Areal”, en donde está prevista a existencia dun colector de 1600 mm na rúa Pontevedra, así como outro de 1200 mm que procedente desta mesma rúa discorre

lonxitudinalmente pola rúa Areal, a interrelación dos aparcadoiros afectados (Areal e Policarpo Sanz) e os colectores sinalados será resolta entre a empresa concesionaria e o Concello de Vigo e deberá quedar reflectido no Proxecto de Execución.

Artigo 46.- DO PROXECTISTA E DIRECCIÓN FACULTATIVA.

1.- O Proxectista será responsable da redacción do Proxecto de Construcción do conxunto das instalacións. Os honorarios do Proxectista serán satisfeitos polo adxudicatario.

2.- Sen prexuízo da necesaria supervisión e coordinación que se leve a cabo polos técnicos municipais que expresamente se nomeen polo órgano de contratación, a dirección facultativa das obras obxecto do contrato corresponde ó adxudicatario do contrato a través do seu equipo técnico debidamente cualificado ou dos técnicos que se contraten a estes efectos. As súas funcións serán:

- a) O control e dirección da execución das obras descritas nos Proxectos Básicos e de Construcción, con fincapé nos aspectos técnicos, estéticos e urbanísticos, velando polo seu seguimento e solucionando os problemas de interpretación ou execución que se puideran presentar ó longo do proceso;
- b) A dirección da execución material das obras comprobando os replanteos de todas as unidades constructivas, a calidade e as características dos materiais, a correcta execución e disposición dos elementos constructivos e das instalacións, esixindo un estricto control xeométrico das unidades de obra, comprobando que todos os traballos estanse executando de acordo ós proxectos de execución e á normativa vixente.
- c) O mantemento do Libro de Ordes no que se farán constar as observacións que estime pertinentes a Dirección Facultativa ou as persoas por ela designadas así como os que expresen os técnicos municipais, mediante comunicación previa ó concesionario, momento a partir do cal presumirase o coñecemento total de ditas observacións por parte do adxudicatario. O libro constará de follas numeradas e seladas polo Concello e será aberto mediante dilixencia dun representante do mesmo.

Artigo 47.- COMPROBACIÓN DO REPLANTEO DO PROXECTO DE OBRA NOVA.

Dentro do mes seguinte á aprobación dos Proxectos de Construcción, procederase a efectuar a comprobación do replanteo do proxecto, a cal consistirá en comprobala realidade xeométrica da obra e a dispoñibilidade dos terreos precisos para súa normal execución, así como cantos supostos figuren nos proxectos aprobados e sexan básicos para a execución da obra. A este acto asistirán a Dirección Facultativa, un representante do concesionario e un representante da Administración asistido por un técnico municipal, extendéndose acta do seu resultado.

Artigo 48.- DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR ANTES DO INICIO DAS OBRAS DE CONSTRUCCION DA OBRA NOVA.

1.- Un (1) mes antes do inicio das obras de construción, o concesionario deberá presentar ó Concello, para a súa aprobación, o Plan de realización das Obras e o Plan de aseguramento da calidade que manterán durante a fase de construción e, que serán o resultado de completar os aportados polo adxudicatario na súa oferta.

2.- Así mesmo, o concesionario presentará o Plan de Seguridade e Saude, que aplicará o Estudio de seguridade e saude contido no proxecto aprobado, de acordo co disposto no Real Decreto 1627/1997, de 24 de outubro, polo que se establecen as disposicións mínimas de seguridade e saude nas obras de construción. O concesionario designará un Coordinador de Seguridade e Saude que desenvolverá as obrigas que estipula o artigo 9 do citado Real Decreto.

3.- A aprobación do Plan de Seguridade e Saude polo Concello concedente requerirá o informe previo do Coordinador.

4.- Estes plans, no suposto de que precisen modificación, en función do proceso de execución das obras, da evolución dos traballos e das posibles incidencias que poidan xurdir durante a súa execución, requirirán de novo a súa presentación e a correspondente aprobación por parte do Concello.

Artigo 49.- FORMA DE EXECUCIÓN DAS OBRAS. SUBCONTRATACIÓN.

1.- As obras de construción axustaranse estrictamente ó especificado nos proxectos aprobados polo órgano de contratación e ós prazos establecidos na oferta presentada polo adxudicatario.

2.- O concesionario poderá optar por realizar directamente as obras de calesquera fracción, ou subcontratar con terceiros a súa execución, axustándose neste senso ó previsto na súa oferta adxudicataria.

3.- Entenderase que o concesionario realiza as obras directamente cando a súa execución se encomende a empresas que se haxan agrupado para obter a concesión, ou ás empresas vinculadas a elas.

4.- No suposto de que o concesionario non realice as obras directamente, a contratación con terceiros realizarase, en base ós proxectos aprobados polo Concello.

5.- O concesionario deberá somete-los contratos que realice cun terceiro ás normas de publicidade establecidas no artigo 135.2 do TRLCAP, agás que mediere calquera das circunstancias seguintes:

c) Que o prezo do contrato sexa inferior a 5.278.227 €.

d) Que o procedemento utilizado para a súa adxudicación sexa xustificadamente o negociado sen publicidade.

6.- Serán de aplicación á subcontratación da execución das obras polo concesionario o disposto nos arts. 137, 140 e 141 de TRLCAP.

7.- O concesionario deberá comunicar anticipadamente e por escrito ó Concello a celebración dos correspondentes subcontratos, sinalando a parte da obra que pretende subcontratar e a identidade do subcontratista xustificando suficientemente a aptitude deste para realizala por referencia ós elementos técnicos e humanos de que dispón e a súa experiencia.

8.- O concesionario obrigarase a abonar ós subcontratistas e subministradores o pago do prezo pactado con uns e outros en prazos e condicións que non sexan máis desfavorables que os establecidos no art. 99 do TRLCAP.

9.- Os subcontratistas quedan obrigados só ante o concesionario que asumirá, polo tanto, a total responsabilidade da execución da obra fronte ó Concello, con arranxo estricto ó presente Prego e ó PPT. O coñecemento que teña o Concello de Vigo dos subcontratos celebrados non alterarán a dispoñibilidade exclusiva do concesionario.

Artigo 50.- MODIFICACIÓNS NA FASE DE EXECUCIÓN DAS OBRAS.

1.- Unha vez perfeccionado o contrato e antes do levantamento da Acta de Comprobación da obra executada, o órgano de contratación unicamente poderá introducir modificacións no proxecto aprobado por razón de interese público, sempre que sexan debidas a necesidades novas ou causas imprevistas, debidamente xustificadas. O concesionario poderá solicitar a resolución do contrato se as modificacións incrementan ou diminúen a obra nunha porcentaxe superior ó 20% del importe total das obras inicialmente previsto ou representan unha alteración substancial do proxecto inicial.

2.- Calquera modificación do Proxecto de Construción aprobado polo Concello requirirá unha proposta de modificación integrada polos documentos que a xustifiquen, describan e valoren, a súa autorización municipal, así como a presentación dun novo Proxecto de Construción polo concesionario que contemple as modificacións a realizar. Este proxecto deberá ser supervisado e aprobado polo Concello.

3.- Os efectos derivados do incremento ou diminución do presuposto do Proxecto de Construcción inicialmente aprobado, que sexan consecuencia das modificacións introducidas polo Concello, darán lugar ós axustes do Plan Económico-Financeiro da concesión.

4.- No suposto de que a modificación teña a súa orixe ou sexa consecuencia de deficiencias do proxecto elaborado polo concesionario, e xere un incremento do presuposto do proxecto aprobado éste no repercutirá no réxime económico financeiro do contrato.

Artigo 51.- RETRASOS NA EXECUCIÓN DAS OBRAS.

1.- Os retrasos por forza maior ou causa imputable ó Concello concedente, darán dereito ó concesionario a unha prórroga no prazo de execución das obras. Esta prórroga será como máximo igual ó retraso habido.

2.- No caso contrario, estarase ó disposto no réxime de penalidades contido neste prego, sen que o retraso poida supoñer a ampliación do prazo de concesión.

Artigo 52.- DO DIRECTOR DO PROXECTO

1.- O concesionario deberá propoñer, ó Concello, un Director de Proxecto, con anterioridade ó comenzo das obras, quen estará en posesión de titulación técnica superior (arquitectura, enxeñería, etc.) e contará con experiencia acreditada no exercicio das funcións que lle corresponden.

2.- Sen prexuízo do anterior, e simultaneamente á proposta do Director de Proxecto, o concesionario presentará ó Concello a relación do persoal, en particular, o Xefe de Obra, que, baixo a súa dependencia, asuman a responsabilidade en canto á dirección dos traballos de construción, o Concello poderá, en todo caso, esixir as titulacións profesionais que estime axeitadas para a natureza dos traballos a desenvolver polo mencionado persoal.

3.- Así mesmo, o Concello concedente poderá recabar do concesionario a substitución do Director do Proxecto e, no seu caso, de cualquier auxiliar do mesmo, cando así o xustifique a marcha dos traballos.

4.- As funcións do Director de Proxecto será a de coordinar os traballos de redacción do proxecto e de construción da obra colaborando en todo momento co proxectista, coa Dirección Facultativa e cos técnicos municipais que expresamente se nomeen polo órgano de contratación.

Artigo 53.- CONSTRUCCIÓN DAS OBRAS

1.- O órgano de contratación previo informe dos técnicos municipais responsables da supervisión, poderá dictar as instrucións que coide oportunas en relación coa execución das obras, para garantir a súa execución con estricte suxeción ó Proxecto de Construcción aprobado ou ás modificacións debidamente autorizadas, así como o seu axuste ó plan de realización das obras.

2.- En particular, poderá rexeitar as obras realizadas que non estean de acordo co proxecto aprobado, podendo esixir a paralización e rectificación das obras, así como a adopción das medidas correctoras precisas para a subsanación dos defectos observados.

3.- Así mesmo, poderá ordenar que se realicen os ensaios e análise de materiais e unidades de obra para asegurarse da adecuación de cada unidade de obra ós requisitos do proxecto, e que se recaben os informes específicos que en cada caso resulten pertinentes, asumindo o concesionario o custo dos citados ensaios e informes.

4.- O persoal debidamente acreditado do Concello concedente poderá acceder libremente ás obras e instalacións do concesionario.

Artigo 54.- LIBRO DE INCIDENCIAS DAS OBRAS. SEGURIDADE E SAUDE.

1.- O concesionario manterá permanentemente nas oficinas de obra, un Libro de incidencias a disposición da Dirección da obra de construción, para que faga consta-las observacións que estime pertinentes, momento a partir do cal se presumirá o total coñecemento por parte do concesionario.

2.- Unicamente poderá realizar anotacións no libro, a Dirección Facultativa ou as personas por él designadas mediante comunicación previa á sociedade concesionaria. O Libro de incidencias constará de follas numeradas e seladas polo Concello e será aberto mediante dilixencia dun representante do mesmo, tamén poderán efectuar anotacións baixo os mesmos requisitos os técnicos municipais nomeados polo órgano de contratación.

3.- Ós efectos do anterior, e en cumprimento da lexislación vixente en materia de Seguridade e Saude, o concesionario porá ó dispor do Concello un técnico competente, que será designado como Coordinador de Seguridade e Saude, cuxo cometido será o seguemento da aplicación dos principios xerais de prevención e seguridade.

Artigo 55.- USO DOS BENS DE DOMINIO PÚBLICO NECESARIOS PARA A CONSTRUCCIÓN.

O concesionario terá dereito, previa solicitude e autorización municipal a utilizar os bens de dominio público do Concello de Vigo necesarios para a construción da obra.

Artigo 56.- OBXECTOS ATOPADOS EN TERREOS UTILIZADOS DURANTE A CONSTRUCCIÓN.

1.- De acordo coa Lei 8/1995, de 30 de outubro, de Patrimonio Cultural de Galicia, o Concello de Vigo resérvase a propiedade dos obxectos de arte, antigüidades, moedas e en xeral, obxectos de todas clases que se atopen nas excavacións practicadas en terreos da súa propiedade, sen prexuízo dos dereitos que legalmente correspondan a terceiros.

2.- O concesionario ten a obriga de adoptar ou impoñer, á súa costa, todas as precaucións que para a extracción de tales obxectos lle sexan impostas pola Administración Municipal ou Autonómica.

Artigo 57.- CONDICIÓN PARA A POSTA EN SERVIZO

Non se poderá poñer en servizo ningunha parte das instalacións sen que previamente fora outorgada a Acta de Comprobación.

Artigo 58.- ACTA DE COMPROBACIÓN DAS OBRAS E AUTORIZACIÓN PARA APERTURA Ó USO PÚBLICO.

1.- Ó remate das obras, e, alomenos, un (1) mes antes da data prevista para a apertura das mesmas ó uso público da totalidade ou de cada unha da súas partes, o concesionario solicitará ó Concello a súa autorización.

2.- Previamente á súa autorización, o Concello procederá ó recoñecemento e inspección das obras e levantamento dun Acta de Comprobación, debendo comparecer ó acto o Director de Proxecto, un Técnico Municipal, a Dirección Facultativa e un representante do concesionario.

3.- Este recoñecemento extenderase á totalidade da obra e instalacións cuxa apertura se pretenda, ós sistemas de seguridade e, calquera outra determinación contida nos proxectos de construción aprobados polo Concello.

4.- Á Acta de comprobación achegarase un Documento de Valoración das obras executadas e das principais unidades da mesma, expedido polo órgano de contratación e no que se fará constar o investimento real realizado.

5.- A aprobación da Acta de Comprobación das obras polo Concello, levará implícita a autorización para a apertura ó servizo público do aparcadoiro. A súa posta en funcionamento requirirá o outorgamento previo da correspondente licenza municipal que autorice a actividade. A data de aprobación da Acta de Comprobación iniciará a súa fase de explotación do servizo público.

6.- Cando no recoñecemento das obras se observara que as obras ou instalacións se atopan incompletas ou defectuosas, farase constar na Acta de Comprobación unha descrición pormenorizada das omisións ou defectos observados, que serán reflectidas nunha Lista de Terminacións de obra, sinalando un novo prazo para o seu remate. Neste suposto, farase constar ademais cales de estas omisións ou defectos non son substanciais para o bo funcionamento da infraestrutura de xeito que non impidan a súa posta en SERVIZO.

7.- A lista de “Remates de Obra” incluída na Acta de Comprobación, co seu prazo de remate, que é improrrogable, será de obrigado cumprimento para o concesionario. Unha vez rematado o prazo, o Concello procederá ó recoñecemento dos traballos efectuados con obxecto de declara-la súa conformidade cos mesmos.

Artigo 59.- ESTADO DE DIMENSIÓNS E CARACTERÍSTICAS DA OBRA EXECUTADA.

1.- Realizada polo órgano de contratación a comprobación definitiva de que as obras se axustan ós proxectos e demais especificacións técnicas aprobadas, o concesionario procederá no prazo máximo de un ano, contado a partir do día da posta en SERVIZO, a elaborar un documento titulado “Estado de dimensións e características da obra executada” que definirá con detalle as obras tal como quedaron na data de entrada en servizo.

2.- Este documento deberá conter unha memoria explicativa das obras executadas, incluíndo, a xustificación das modificacións, se as houbera, con respecto ó proxecto de construción inicialmente aprobado, así como as medicións e valoracións reais. Asemesmo, deberá incluír o parcelario definitivo e os planos que definan con detalle as obras realmente executadas.

3.- A efectos de arquivo do correspondente documento, o concesionario deberá presentalo col contido e na forma e número de copias que determine o Concello de Vigo.

4.- Este documento, previa a supervisión correspondente e aprobación polo Concello no prazo dun mes dende a súa presentación, constituirá a base para a comprobación do estado da obra ou calquera das súas partes ou instalacións, así como para calquera futura actuación entre o Concello concedente e o concesionario, en relación coa explotación do servizo público obxecto de concesión.

TÍTULO VI.

PARTICULARIDADES DA PRESTACIÓN DO SERVIZO (USO ROTACIONAL).

Artigo 60. MODIFICACIÓNS FUTURAS.

1.- O Concello de Vigo poderá modificar libremente o réxime de circulación e de aparcadoiro nas inmediacións do estacionamento sen que o concesionario teña dereito a reclamación algunha.

2.- Se por modificación do sentido de circulación en algunha rúa fora preciso realizar obras complementarias nos accesos, estas serán abonadas polo Concello de Vigo.

Artigo 61.- USO DO APARCADOIRO PÚBLICO.

1.- Dedicaranse alomenos ó 80% das prazas de cada aparcadoiro a estacionamento público ó obxecto de que os vehículos o utilicen na medida que van chegando ó aparcadoiro, non permitíndose reserva nin discriminación, agás na forma indicada nos Artigos 83, 84, 85 e 86 do presente Prego. De conformidade co sinalado no artigo 2, no aparcadoiro da Avda. de Castelao as prazas que se dedicarán ó estacionamento público serán o 50% das existentes.

2.- Calquera outro uso que o concesionario pretenda establecer na zona de rotación do aparcadoiro deberá ser solicitado previamente axustándose a súa concesión ó establecido nas Normas Urbanísticas vixentes no momento da solicitude, prevalecendo estas PRESCRICIÓNs sobre o indicado no presente Prego.

Artigo 62.- CANON ANUAL DE ROTACIÓN

1.- O canon anual inicial por praza de rotación será de 15 € por praza disponible de rotación e ano.

2.- O canon anual proposto devengarase o primeiro día do exercizo natural, agás no ano de entrada en funcionamento que será o da data de posta en servizo do aparcadoiro. Será prorrateable dito canon anual por meses enteiros cando a posta en servizo ou o remate da concesión non coincidan coa data un de xaneiro. Para o prorrateo entenderase incluído o mes da data da posta en servizo ou o do remate da concesión.

- 3.- O canon adxudicado estará vixente sen revisión dende a data de adxudicación ata o 31 de decembro do ano no que se inicie o servizo.
- 4.- A un de xaneiro do ano seguinte ó do inicio da prestación do servizo, e o mesmo día de cada un dos anos sucesivos, o canon de adxudicación será obxecto dunha revisión que será de aplicación durante todo o ano
- 5.- O canon anual actualizarase o día 1 de xaneiro de cada ano na porcentaxe do IPC fixado para Galiza polo INE no ano natural inmediatamente anterior, ou por calquera outro índice que o substitúa.
- 6.- O canon anual farase efectivo en dous prazos semestrais por un importe do 50% da contía do canon anual. O período de pagamento de cada semestre será dentro dos 20 primeiros días do mes seguinte ó semestre natural vencido, é dicir, do 01 ó 20 de xullo e do 01 ó 20 de xaneiro. Se o 20 dos meses de xullo ou xaneiro, fose inhábil, extenderase o período ata o día seguinte hábil posterior.
- 7.- O concesionario etará obrigado a realizar declaración-autoliquidación, segundo impreso facilitado pola Administración Municipal, durante os períodos de pagamento sinalados anteriormente.
- 8.- O pagamento de canon anual rexerese polo establecido para o pagamento das débedas por ingresos de dereito público, en todo o non regulado por estes Pregos.
- 9.- A falla de presentación de declaración-autoliquidación ou o impago nos razos sinalados do canon anula poderá dar lugar, ademais do contemplado no Regulamento Xeral de Recadación para as débedas non ingresadas en prazo voluntario, a sancións por importe do 50% ó 100% do importe non ingresado. Con independencia do anterior a falla de pagamento do canon anual durante tres semestres consecutivos sancionárase coma falla moi grave e poderá dar lugar á caducidade da concesión.

Artigo 63.- TARIFAS

- 1.- As tarifas máximas a percibir dos usuarios pola utilización das prazas de aparcadoiro de uso público (prestación do servizo) serán as propostas polo adxudicatario na súa oferta coas actualizacións indicadas no artigo 28.3.
- 2.- O importe exacto das tarifas exhibirase mediante panel indicador en cada unha das entradas de vehículos.
- 3.- Dada a fracción de céntimo de € prevista na tarifa, o importe final da estancia, co fin de posibilita-lo seu pago a través dos caixeiros automáticos, terá un redondeo a fraccións de 5 cts. e os seus múltiplos en virtude da proximidade en menos ou en mais a esas cifras.
- 4.- O usuario aboará un importe equivalente a quince minutos polo mero feito de introducir o vehículo no aparcadoiro, inclusive no suposto que o período de estancia sexa inferior.

Artigo 64.- DEREITOS DOS USUARIOS DO SERVIZO.

- 1.- O usuario, unha vez no interior do aparcadoiro, tendrá, a modo de orientación, e sen que elo supoña exclusión, os seguintes dereitos:
 - a) Dispondrá dunha praza de aparcadoiro libre para o estacionamento do seu vehículo.
 - b) Utilización do servizo nas debidas condicións de seguridade.
 - c) Uso e disfrute dos servizos adicionais lavado que poida presta-lo aparcadoiro, mediante o seu correspondente abono económico.
 - d) Solicitar follas de reclamacións a fin de expresar a súa disconformidade coa prestación do servizo.
 - e) Devolución, no seu caso, da diferenza cobrada en exceso por perda da ficha ou ticket, unha vez éste apareza, cos condicionantes dos apartados 2 e 3 do artigo 87 deste Prego.

Artigo 65.- OBRIGAS DOS USUARIOS DO SERVIZO.

Polo mero feito de acceder ó interior dun aparcadoiro, todo usuario tendrá as seguintes obrigas:

1. *Abonar as tarifas correspondentes á estancia do seu vehículo antes da súa retirada, conforme ás tarifas que estiveran vixentes e coa particularidade sinalada no artigo 63.3.*
2. *Estaciona-lo seu vehículo nas dársenas habilitadas ó efecto, na forma establecida no apartado 1 do artigo 75 deste Prego.*
3. *Exhibir o xustificante ou resgardo do estacionamento ou acreditar no caso de extravío o seu dereito sobre o vehículo para proceder a o retirar.*
4. *Non causar danos a outros vehículos ou as dependencias e instalacións do propio aparcadoiro, en concordancia co apartado 3 do artigo 75 deste Prego.*
5. *Seguer as instrucións emanadas do persoal do aparcadoiro respecto ó uso e seguridade do mesmo en beneficio da boa marcha do servizo e da súa normal explotación.*
6. *Unha vez abonado o importe correspondente á estancia do seu vehículo, o usuario deberá abandona-lo aparcadoiro no prazo máximo de doce minutos. En caso contrario o Concesionario poderá cobrarlle o importe da fracción ou fraccións horarias que excedan de dito tempo ata efectua-la saída.*
7. *O usuario será responsable fronte ó concesionario e ós demais usuarios dos danos e perdas que lles cause por incumprimento dos seus deberes ou impericia na conducción do vehículo dentro do aparcadoiro.*

Artigo 66.- FOLLA DE RECLAMACIÓN.

- 1.- *As follas de reclamacións representan o medio de comunicación entre o usuario e o Concello de Vigo, cando éste observe deficiencias na presentación do servizo.*
- 2.- *O modelo será o que se establezca pola Oficina Municipal de Información ó Consumidor.*
- 3.- *O concesionario facilitará no momento que para elo sexa requerido a folla ou follas de reclamacións solicitada/as polo usuario, sen ningún tipo de excusas.*
- 4.- *As follas de reclamacións serán facilitadas polo Concello de Vigo ó concesionario a medida que se vaian cumprimentando as anteriores, debidamente secuenciadas e seladas.*
- 5.- *Unha vez efectuada a reclamación, o usuario levará a súa folla correspondente como comprobante, debendo o concesionario ademáis de quedarse cunha copia remiti-la ó Concello de Vigo, no improrrogable prazo de dez días desde que ésta se producíu, a súa co o correspondente informe de alegacións, que servirá de base para a resolución da reclamación.*
- 6.- *Nas caixas dos aparcadoiros, en lugar visible, existirá o modelo de cartel normalizado polo Concello de Vigo, indicador da existencia de Follas de Reclamacións.*

Artigo 67.-UTILIZACIÓN DO APARCADOIRO.

A fin de que os usuarios das vías públicas teñan coñecemento da oferta de prazas de aparcadoiro en cada zona así como nas inmediacións de cada aparcadoiro establecerase a sinalización mediante paneis de forma que:

- *Para poder acceder un usuario ó recinto do aparcadoiro, o sistema de control establecido polo concesionario deberá reflectir na súa sinalización a palabra LIBRE, indicando o número exacto de prazas nesta situación que deberá estar conectada ó panel indicador de aparcadoiro (P) situado na inmediación de cada un dos accesos de entrada.*
- *Unha vez cubertas as prazas sinalizaranse tódolos elementos coa palabra COMPLETO e ningún vehículo poderá acceder ó interior do aparcadoiro, baixo responsabilidade, no seu caso, do concesionario.*

- O concesionario poderá utilizar o procedemento previsto no artigo 71 do texto articulado da Lei sobre Tráfico, Circulación de Vehículos a Motor e Seguridade Vial cando permaneza un vehículo estacionado de xeito continuado no mesmo lugar de aparcadoiro por un período de tempo superior a seis meses de xeito que se presuma racionalmente o seu abandono, ben polo seu propio estado, polos desperfectos que teña e que fagan imposible o seu desprazamento, por non ter placas de matriculación ou, en xeral, por aqueles sinais externos que fagan presumir a falla de interese do propietario na súa utilización.

Artigo 68.- PECHE DE ACCESOS PEATONAIS E DE VEHÍCULOS.

Poderá autorizarse, por medida de seguridade, o peche dos accesos peonis e de vehículos, non obstante os peonis poderán utilizarse como saídas de emerxencia.

- O horario de peche e as condicións do mesmo, serán fixadas polos Servizos Técnicos correspondentes encargados da inspección da explotación do Concello de Vigo.

- Sinalizarase debidamente os accesos pechados,.

Artigo 69.- SINALIZACIÓN E CIRCULACIÓN INTERIOR.

1.- O Concesionario, a través do Proxecto de Construcción establecerá a correspondente sinalización interior horizontal e vertical mais axeitada en cada aparcadoiro, así como as direccións de circulación dos vehículos.

2.- Os pasillos de circulación interior e as correspondentes dársenas de estacionamento, polo feito de estar en solo de dominio público, a consideración de vía pública ós efectos de estacionamento indebido.

Artigo 70.- SINALIZACIÓN EXTERIOR.

1. Os Servizos Técnicos do Concello de Vigo establecerán a sinalización vertical exterior máis axeitada ó aparcadoiro.

Artigo 71.- MELLORAS NO SERVIZO.

1.- Os Servizos Técnicos do Concello de Vigo quedan facultados para propoñer, ó concesionario, a introducción de melloras na xestión, explotación e uso do servizo público de aparcadoiro, sen que por elo se altere o equilibrio económico-financeiro da concesión.

2.- Ditas melloras, que poderán consistir en cambio de sinalización, cambio de sentido de circulación, utilización de sistemas de información e control basados en novas tecnoloxías, etc., estarán debidamente razonadas e xustificadas, sendo executivas no seu cumprimento.

Artigo 72.- SEN CONTIDO

Artigo 73.- DATOS ESTATÍSTICOS A SUBMINISTRAR Ó CONCELLO DE VIGO.

1.- Durante o período concesional, o concesionario estará na obriga de facilitar ó Concello de Vigo, na forma que no seu momento se determine, cantos datos sexan solicitados sobre o uso do estacionamento e incidencias, así como calquera outro extremo de tipo estadístico, laboral ou fiscal que sexa requerido.

2.- Sen menoscabo do anterior, a información sobre o número de vehículos que entran e saen cada día, duración das estancias e grao de ocupaciónh deberá ser subministrada ó Concello en tempo real de tal forma que a Administración Municipal poida exercer un adecuado control da concesión e o encamiñamento de vehículos no municipio de acordo coa súa política de mobilidade.

Artigo 74.- INSPECCIÓN MUNICIPAL.

- 1.- O Concello de Vigo, a través dos seus Servizos Técnicos, inspeccionará a xestión, explotación e conservación do servizo público e do estacionamento, atendendo de maneira especial, no último período da concesión ó aspecto de conservación das obras e instalacións, con observancia do disposto no artigo 31 do Regulamento de Servizos das Corporacións Locais.
- 2.- A estes efectos e para a boa marcha do servizo prestado, o Concello de Vigo reservarase expresamente o exercizo das facultades que lle confire o artigo 127 do citado Regulamento.
- 3.- O persoal irá debidamente identificado e levantarase un Acta de Inspección efectuada segundo modelo que os Servizos Técnicos estimen conveniente.

Artigo 75.- APARCADOIRO DOS USUARIOS.

- 1.- Calquera usuario que acceda ó interior do aparcadoiro estacionará o seu vehículo nunha soa praza non interferindo as contiguas.
- 2.- Para dar cumprimento ó apartado anterior, o concesionario poderá tarifarse ó usuario que estacione o seu vehículo indebidamente o importe correspondente a tantas prazas como ocupe ou impida o aparcadoiro de outro vehículo en tales espazos.
- 3.- Calquera dano causado por un usuario ou o seu vehículo ó de outro ou as dependencias e instalacións do aparcadoiro, deberá ser comunicado de inmediato ó encargado ou calquera outra persoa da empresa concesionaria, sendo, en todo caso, responsable dos danos e perxuízos ocasionados.

Artigo 76.- SERVIZOS HIXIÉNICOS.

- 1.- Desde o punto de vista sanitario, o concesionario deberá manter estas instalacións en correcto estado de conservación, limpeza e desinfección, podendo autorizarse o cerre, para garantir ditos extremos, polo que calquera usuario que queira entrar en eles deberá solicitar, previamente, a correspondente chave na caixa.
- 2.- Así mesmo, tamén se poderá autorizar a instalación de pechaduras nas portas de acceso que unicamente permitirán a súa apertura mediante a introducción da correspondente moeda ou ficha, segundo o caso. O custo para o usuario deberá ser simbólico, destinándose ditos importes a unha mellora nas súas prestacións.
- 3.- Requerirase a previa autorización municipal á implantación do tipificado nos apartados 1 e 2.

Artigo 77. LAVADO.

Se os Proxectos de Construcción contemplan a posibilidade de instalacións do servizo de lavado, deberase cumprir os seguintes extremos, como mínimo:

- a) En ningún caso a súa existencia poderá minora-lo número de prazas de aparcadoiro previstas no artigo 2.3 do presente Prego.
- b) Posuir todas aquelas autorizacións, licencias e seguros que poideran ser necesarias.
- c) Instalar nos accesos sinalización suficiente, así como o horario de funcionamento,.
- d) A superficie dedicada a estes fins non será superior a do 3% da total do aparcadoiro. Sinalarase adecuadamente conforme ó modelo e criterios que establezcan os Servizos Técnicos do Concello de Vigo.
- e) Non se permitirá o aparcadoiro de vehículos fóra das dársenas.

Artigo 78.- CAIXEIROS MANUAIS.

- 1.- Cada aparcadoiro contará, alomenos, cun recinto destinado a caixa atendido por persoal do aparcadoiro durante as vinte e catro horas do día e durante todos os días do ano.
- 2.- Así mesmo, respecto ó tipo e cantidade de moedas admisibles, estarase ó disposto nas Leis 46/1998 e Orgánica 10/1998, así como ó resto de normativa vixente ó respecto.

3.- O concesionario deberá atender para o cambio de moedas a cantidade de vinte euros como máximo sempre e cando o importe a abonar sexa inferior a dita cantidade. En caso contrario a cantidade reducirase a dez euros sobre a última fracción da cifra anterior.

4.- Tanto nos caixeiros manuais como automáticos deberá admitirse o pagamento mediante tarxeta de crédito ou mediante a tarxeta que en cada momento facilite ós cidadáns o Concello para o uso do transporte público.

Artigo 79.- CAIXEIROS AUTOMÁTICOS.

1.- O concesionario podera instalar caixeiros automáticos nos aparcadoiros que ostentarán a correspondente homologación.

2.- O caixeiro automático deberá poder dar cambio nas mesmas condicións que as esixidas ós caixeiros manuais no apartado 3 do artigo anterior.

3.- Os caixeiros automáticos deben dispor de caixas para os billetes de cinco euros, dez euros e vinte euros. Para o cambio de billetes de superior denominación ós citados estarase ó indicado no Apartado 3 do artigo anterior.

Artigo 80.- CONSIGNAS AUTOMÁTICAS.

1.- A instalación de consignas automáticas no interior dun aparcadoiro requirirá a preceptiva autorización municipal.

2.- Non estarán á vista do público en xeral, debendo habilitarse nun cuarto pechado, no que a apertura se efectuará polo persoal do aparcadoiro a requirimento dalgún usuario da mesma.

3.- Sinalizárase adecuadamente nas caixas e demais sitios que estimen oportunos os Servizos Técnicos do Concello de Vigo, a existencia de dito servizo.

4.- O prezo pola utilización das mesmas será simbólico e se destinará a cubrir gastos do mantemento.

5.- Por medidas de seguridade, cando un usuario manifieste extraviar a chave da súa consigna, deberá facer, por escrito, unha relación exhaustiva do depositado nela, características, etc., que entregará ó persoal do aparcamento. Pasadas 24 horas, se procederá a abrir por parte do concesionario a consigna sen a presenza física do usuario a efectos de comprobar o seu contido de forma externa e verificar que a descrición corresponde co manifestado por escrito polo usuario. De ser correcta a descrición, farase entrega do contido ó usuario.

6.- O cumprimento do apartado anterior, non faculta ó concesionario á apertura dos artigos depositados no interior da consigna.

Artigo 81.- MÁQUINAS EXPENDEDORAS DE REFRESCOS OU OUTROS ARTIGOS.

1.- Poderá autorizarse a instalación de máquinas expendedoras, sempre e cando se cumprimenten os seguintes requisitos:

- a) Prohibición de calquera tipo de bebida alcohólica ou de tabaco nas mesmas.
- b) A súa localización efectuarase de tal xeito que non restrinxa o acceso dos usuarios ó aparcadoiro, tanto de entrada como de saída.
- c) Para a instalación destas máquinas requirírase a previa autorización municipal.

Artigo 82.- ABONO MULTIAPARCADOIRO

Os sistemas de pago preverán o sistema de abono multiaparcadoiro mediante a utilización dunha tarxeta de prepago, con validez para un determinado número de horas, que poderá ser utilizada indiferentemente en

calquera dos aparcadoiros municipais. O Concello poderá establecer un prezo bonificado de dita tarxeta sen afección ós ingresos do concesionario.

Artigo 83.- ABONOS DIURNOS.

- 1.- O concesionario poderá establecer dentro do ámbito das súas competencias, discrecionalmente, a conveniencia de dispor abonos diurnos como forma de prestación do servizo público que presta.
- 2.- O horario dos abonos diurnos deberá estar comprendido entre as 8,00 e as 21,00 horas. A duración do horario de abono non ten que ser necesariamente de trece horas, que é o máximo de horas que comprende, podendo o concesionario fixar diferentes duracións pero sempre comprendidas dentro dos límites anteriores.
- 3.- O número máximo de abonos diurnos, conxuntamente cos que poida establecerse como abonos vintecatro horas, no seu caso, non poderá exceder de un 25% da capacidade do aparcadoiro de que se trate excluindo as prazas adscritas en cesión de uso permanente (residentes).
- 4.- Un abono diurno non tendrá carácter de reserva de praza, pero o concesionario deberá garantir, en todo caso, que o usuario con abono unha vez que accede ó interior do aparcadoiro dispondrá de praza libre para estaciona-lo vehículo.
- 5.- O prezo que o concesionario percibirá polo abono diurno será inferior ó 70% do que resulte de aplicar tarifas normais vixentes.
- 6.- O concesionario facilitará mensualmente ós Servizos Técnicos correspondentes a relación de abonados en esta modalidade.
- 7.- O órgano de contratación, previa petición xustificada do concesionario, poderá incrementar, no suposto de que o funcionamento normal do servizo e o interese público o permita, a porcentaxe citada no apartado 3.

Artigo 84.- ABONOS NOCTURNOS.

- 1.- O concesionario poderá establecer dentro do ámbito das súas competencias, discrecionalmente, a conveniencia de dispor abonos nocturnos como forma de prestación do servizo público que presta.
- 2.- O horario dos abonos nocturnos deberá estar comprendido entre as 21,00 e as 08,00 horas e a totalidade do día de sábados e domingos. A duración do horario de abono non ten que ser necesariamente de once horas, que é o máximo de horas que comprende, podendo o concesionario fixar diferentes duracións pero sempre comprendidas dentro dos límites anteriores.
- 3.- O número máximo de abonos nocturnos, conxuntamente cos que poida establecerse como abonos vintecatro horas, no seu caso, non poderá exceder de un 60% da capacidade do aparcadoiro de que se trate excluindo as prazas adscritas en cesión de uso permanente (residentes).
- 4.- Un abono nocturno non tendrá carácter de reserva de praza, pero o concesionario deberá garantir, en todo caso, que o usuario con abono unha vez que accede ó interior do aparcadoiro disporá de praza libre para estacionar o vehículo.
- 5.- O prezo que o concesionario percibirá polo abono nocturno será inferior ó 50% do que resulte de aplicar tarifas normais vixentes.
- 6.- O concesionario facilitará mensualmente ós Servizos Técnicos correspondentes a relación de abonados nesta modalidade.
- 7.- O órgano de contratación, previa petición xustificada do concesionario, poderá incrementar, no suposto de que o funcionamento normal do servizo e o interese público o permita, a porcentaxe citada no apartado 3.

Artigo 85.- ABONOS 24 HORAS.

1.- O concesionario poderá establecer dentro do ámbito das súas competencias, discrecionalmente, a conveniencia de dispor abonos vinte e catro horas como forma de prestación do servizo público que presta.

2.- O número máximo de abonos vinte e catro horas, conxuntamente cos que poida establecerse como abonos diurnos, non poderá exceder de un 25% ou de un 60%, conxuntamente cos que poidan establecerse como abonos nocturnos no seu caso, respecto da capacidade do aparcadoiro de que se trate, excluindo as prazas adscritas en cesión de uso permanente (residentes). Estas porcentaxes, modificáronse nos suposto contemplados nos apartados 7 dos dous artigos anteriores.

3.- O concesionario debe garantir en todo momento que o abonado que disporá de praza libre.

4.- O prezo máximo que o concesionario percibirá polo abono vinte e catro horas será inferior ó 75% do correspondente de multiplicar o importe máximo por vinte e catro horas por o número de días de abono correspondente ó período de duración do mesmo.

5.- O concesionario facilitará mensualmente ós Servizos Técnicos correspondentes a relación de abonados en esta modalidade.

Artigo 86.- ABONOS CON RESERVA DE PRAZA.

1.- Únicamente tendrán reserva de praza aqueles abonados na modalidade de vinte e catro horas con esta característica adicional.

2.- O concesionario deberá garantir que o usuario comprendido na modalidade do apartado 1, unha vez que accede ó interior do aparcadoiro disporá da súa praza libre para poder estacionar o seu vehículo.

3.- As prazas que o concesionario deba reservar para os usuarios comprendidos no punto primeiro deberán convenientemente sinalizadas e agrupadas en áreas concretas do aparcadoiro.

Artigo 87.- PERDA OU EXTRAVÍO DE TICKET.

1.- En caso de perda da ficha ou ticket, antes ou despois do seu abono na caixa, o usuario deberá abonar, en concepto de depósito, o importe correspondente a vinte e catro horas, sempre e cando o vehículo no permanecera no aparcadoiro máis de vinte e catro horas, senón abonarase o importe de vinte e catro horas por cada día da súa estancia. Unha vez apareza o ticket, procederase a devolver, no seu caso, o importe cobrado en exceso.

2.- O concesionario emitirá un recibo, no que se reflexará o importe cobrado a tenor do apartado 1 e que servirá como documento xunto coa ficha ou ticket, cando apareza, para proceder á devolución do importe abonado en exceso, no seu caso.

3.- O prazo para canxear o ticket establécese en tres meses desde a emisión do recibo ó que fai mención o apartado 2.

Artigo 88.- PUBLICIDADE NO INTERIOR E NO EXTERIOR DO APARCADOIRO.

A instalación de paneis de publicidade estática no interior e no exterior do aparcadoiro, requerirá previa autorización do Concello de Vigo.

TÍTULO VII.

USO DAS PRAZAS DE RESIDENTES.

Artigo 89.- INFORMACIÓN ÓS RESIDENTES-CESIONARIOS

O Concesionario facilitará os titulares dos contratos de cesión de uso cumprida información das datas e prazos que teñan incidencia sobre tales contratos.

Artigo 90.- CESIÓN DAS PRAZAS DE RESIDENTES.

Sendo o obxecto primordial do Concello de Vigo o facilitar ós veciños residentes da zona de influencia unha praza de estacionamento para o seu vehículo é polo que:

- 1.- O concesionario estará na obriga de ceder a aqueles, mediante contrato, o dereito de uso das prazas a tal fin previstas, nas condicións prezos e prazos que fixa o presente Prego.
- 2.- O prezo definitivo de cesión de uso da praza de estacionamento será o fixado polo licitador na súa proposición actualizado mediante a aplicación do IPC para Galiza á data de formalización do contrato.

Artigo 91.- TITULARES DO DEREITO DE USO DA PRAZA.

1. Terán dereito á adquisición do uso das prazas, as persoas físicas que dispoñendo de vehículo, residan de feito e figuren empadroadas na Área de Influencia fixada para cada aparcadoiro nos anexos II deste Prego e acrediten a súa condición de tales cos documentos que esixa o Concello de Vigo.
- 2.- Non se poderá conceder unha praza de estacionamento ós residentes que xa tivesen concedida unha en outro aparcadoiro de residentes, salvo renuncia ó dereito de uso da anterior.
- 3.- Prohíbese a cesión do dereito de uso ás persoas xurídicas, aínda que tivesen a súa sede ou domicilio social na Área de Influencia.
- 4.- Reservaranse o 2% do número de prazas de estacionamento para os residentes con minusvalía no aparello locomotor ou minusválidos ó seu cargo, tamén terán preferencia na elección da praza de estacionamento.

Artigo 92.- SOLICITUDES.

- 1.- Doce meses antes da posta en servizo do aparcadoiro segundo previsión que neste senso formule a Dirección Facultativa o Concello de Vigo, a través de anuncio publicado en dous xornais dos de maior tirada no Municipio, no BOP e na súa páxina web dará publicidade da execución dos aparcadoiros, das condicións de adquisición do dereito de uso, e das datas a partires das cales se poden presentar as solicitudes.
- 2.- Os residentes que deseen adquirir o dereito de uso dunha praza de estacionamento, solicitaranno no Rexistro Xeral, a partir da mencionada data mediante a entrega, no Rexistro, da instancia que se lle facilitará na Oficina de Información.
- 3.- Para cada vivenda so se poderá solicitar, inicialmente, unha praza de estacionamento.
- 4.- O prazo para a presentación de solicitudes rematará transcorridos dous meses da publicación do anuncio no BOP a que fai referencia o apartado 1.

Artigo 93.- DETERMINACIÓN DO NÚMERO DE ORDE DAS SOLICITUDES.

Previa comprobación dos requisitos sinalados no artigo 91, o “número de orde” das solicitudes establecerase por sorteo público a realizar na Casa do Concello de Vigo. O resultado de este sorteo e a súa acta exporase ó público por un prazo de dez días no Taboleiro Municipal de Edictos e na páxina web do Concello.

Artigo 94.- NOTIFICACIÓN Ó SOLICITANTE.

1.- Transcorrido o prazo de exposición á público dos listados, estes enviaranse á empresa concesionaria á obxecto de formaliza-los contratos de adquisición do dereito de uso.

2.- A empresa concesionaria, polo “número de orde” dado ás solicitudes, comunicará ós petitionarios, mediante carta certificada con acuse de recibo, ou calquera outro medio legal que o garantice, a necesidade da comparecencia do petitionario á sede social para subscribi-los contratos, prefixándolle un prazo máximo de 15 días, contados a partires da recepción do comunicado, entendéndose que renuncia ó seu dereito de non o facer en dito prazo.

Artigo 95.- CONTRATO DE CESIÓN.

1.- O contrato de cesión do dereito de uso subscribirase entre o concesionario e o residente que o solicitase e resultase seleccionado polo Concello de Vigo. Formalizase no modelo que se adxunta como anexo IV a este prego. Os referentes ó aparcadoiro anexo a Rosalía de Castro formalizaranse segundo o modelo que aprobe o órgano de contratación.

2.- Na data de formalización do contrato, os usuarios elixirán a praza definitiva de acordo co “número de orde” dado a súa solicitude no sorteo realizado. O prezo definitivo a cobrar pola concesionaria será o que corresponda, según a súa oferta, na data de formalización do contrato.

3.- Simultaneamente á firma do contrato, a concesionaria facilitará ó comprador do dereito de uso unha copia do Título Explotación e Uso das Prazas de Residentes, do presente Prego, así como dos Estatutos polos que se rexirá a Comunidade de Usuarios no caso do aparcamento anexo ó de Rosalía de Castro.

4.- Dentro do prazo dun mes contado desde a data da posta en servizo a empresa concesionaria estará obrigada a por en coñecemento do Concello de Vigo a relación de persoas que subscribiron o contrato de cesión de dereito de uso de cada praza, que coincidirá coas incluídas nos listados do Concello de Vigo, así como documentos que xustifiquen a razón de non se formalizar os contratos entre a concesionaria e os solicitantes nos mesmos listados.

5.- Os contratos que se realicen sen a terse ó anteriormente exposto serán considerados nulos.

Artigo 96.- LISTA DE ESPERA.

Cos solicitantes que non poideran formaliza-los contratos de cesión de uso das prazas de estacionamento, confeccionarase unha lista de espera.

Artigo 97.- AMPLIACIÓN DA ÁREA DE INFLUENCIA.

1.- Se as peticións presentadas non foran suficientes ou se os contratos suscritos entre os solicitantes e a concesionaria non completasen a capacidade do aparcadoiro, o órgano de contratación, previa petición do concesionario, poderá autorizar a ampliación da Área de Influencia.

2.- O Concello de Vigo dará publicidade á ampliación da Área de Influencia, das condicións de adquisición do dereito de uso e a data a partir da cal se poden presentar as novas solicitudes.

3.- A partir do primeiro día hábil do mes seguinte da data do acordo que autorice a ampliación da Área de Influencia, abrirase un período dun mes para que os residentes da zona ampliada poidan efectuar as súas solicitudes, deste período darase conta a través de anuncio publicado nun dos xornais de maior tirada no Municipio.

4.- Para a determinación do “número de orde” das ás novas solicitudes admitidas realizarase un sorteo público no Concello de Vigo. Ordenadas segundo este sorteo, incorporaranse, no seu caso, ó listado xeral inmediatamente despois das admitidas para a primitiva Área de Influencia.

5.- Os residentes da zona ampliada terán os mesmos dereitos que os da zona primitiva.

Artigo 98.- SEGUNDA PRAZA POR VIVENDA.

1.- No suposto de que a ampliación da Área de Influencia non complete a capacidade do aparcadoiro o concesionario poderá solicitar que se autorice a cesión dunha segunda praza por vivenda.

2.- O número de orde a dar ás solicitudes de segundas prazas será o inmediatamente posterior ás solicitudes de primeira praza.

Artigo 99.-TRANSMISIÓN DO DEREITO DE USO.

1.- O titular do dereito de uso que desexe transmitilo, ou esté obrigado a elo, debe solicitalo ó Concello de Vigo. Este informará dita solicitude e dará traslado ó concesionario para que a xestione de conformidade co sinalado neste Prego.

2.- A transmisión do dereito de uso das prazas de estacionamento é obrigatoria nos seguintes supostos:

- a) Por perda do carácter de residente na Área unido á venda da vivenda.
O titular estará obrigado á transmisión do dereito de uso ó comprador da vivenda e en caso de renuncia deste, ó primeiro da lista de espera.
- b) Perda do carácter de residente na Área non unido á venda da vivenda.
O titular estará obrigado á venda do dereito de uso ó primeiro da lista de espera.
- c) Por venda da vivenda, sen perder o carácter de residente na Área de Influencia.
O titular non estará obrigado a ceder o dereito de uso, pero en caso de querer transmitilo, estaría obrigado á transmitilo ó primeiro da lista de espera.
- d) Por finamento do titular.
Se hai herdeiros residentes na vivenda á que se asignou a praza, seríalles asignado o seu dereito de uso.

Se non hai herdeiros residentes na vivenda á que se asignou a praza, éstos deberán ceder o dereito de uso ó primeiro da lista de espera.

3.- A transmisión voluntaria do dereito de uso só pode efectuarse:

- a) Entre familiares:
Sempre que estes residan na vivenda á que se asignou a praza.
- b) Entre non familiares; a preferencia na cesión será:
 - Ó primeiro da lista de espera.
 - Á persoa residente na Área de Influencia.

4.- Os prezos máximos a esixir polos titulares do dereito de uso ó transmitilo serán fixados polo Concello de Vigo, segundo indica o Artigo 101 de este Prego.

5.- Os cambios de titularidade que se realicen sen a autorización do Concello de Vigo consideraranse nulos, constituíndo falta grave que será sancionada coa perda do dereito de uso.

6.- No caso de que non existise ningunha persoa que reuna as condicións indicadas, o titular deberá seguir facendo fronte ós compromisos económicos concertados coa empresa concesionaria e cos gastos que ocasione o mantemento do aparcadoiro, podendo seguir utilizando por sí mesmo a praza, pero xamais a poderá ceder ou arrendar.

Artigo 100.-ARRENDAMENTO.

- 1.- Os titulares das prazas de estacionamento non poderán arrendar o uso das mesmas.
- 2.- A ocupación das prazas de estacionamento por vehículos distintos ós declarados será considerada como falta grave e sancionada coa perda do dereito de uso no suposto de que tal feito se produza máis de tres veces no período de un ano natural.

Artigo 101.-FÓRMULA DE REDUCCIÓN DE PREZOS.

Os prezos das prazas de estacionamento, desde a data da posta en servizo ata o fin da concesión, disminuirá linealmente en función dos anos transcorridos da concesión e se revalorizarán anualmente en función das variacións que sofra o IPC ou índice que o substitúa de acordo coa seguinte fórmula:

$$PN=PO. (1-(N:C).I)$$

Onde:

PN: Prezo da praza o ano “N” da concesión.

PO: Prezo da praza na data do comezo da concesión.

N: Número de anos de concesión transcorridos.

C: Número de anos da concesión (50)

I: Índice de prezos ó consumo entre o ano “N” e o ano “O” publicados polo INE ou organismo que o substitúa.

Artigo 102.-USO DAS PRAZAS.

En cada praza de estacionamento non poderá permanecer aparcado simultaneamente máis dun vehículo.

Artigo 103.-MODIFICACIÓN DAS INSTALACIÓNS DO APARCADOIRO.

- 1.- Calquera modificación que pretenda introducir o concesionario ou a comunidade de usuarios no aparcadoiro, deberá ser solicitada e autorizada previamente polo Concello de Vigo.
- 2.- Os titulares de dereito de uso non poderán realizar ningunha modificación na praza asignada nin nas zonas ou instalacións xerais.
- 3.- Concello de Vigo non custeará ningunha obra adicional no aparcadoiro durante o período de concesión do mesmo.

Artigo 104.-CANON DE RESIDENTES A SATISFACER POLO CONCESIONARIO

As prazas de residentes non devengarán canon ó Concello.

Artigo 105. COTAS TRIMESTRAIS

1.- Co obxecto de contribuir ós gastos do aparcadoiro relativos ó mantemento, limpeza, conservación, subministrados, seguros, vixilancia, e calquera outro similar ó titular do dereito de cesión de uso deberá satisfacer ó concesionario a cantidade trimestral que xustificadamente fixe o adxudicatario na súa oferta, que non poderá ser inferior a 56 € mailo IVE. O pago realizarase por anticipado. O importe que resulte será incrementado anualmente a data de 1 de xaneiro conforme a variación porcentual experimentada polo Índice Xeral de Prezos ó Consumo fixado polo Instituto Nacional de Estatística para Galiza no ano natural inmediatamente anterior ó da actualización.

2.- No suposto de producirse reparacións extraordinarias que excedan o mantemento habitual do aparcadoiro, o concesionario, previa autorización do órgano de contratación, poderá facturar adicionalmente estes gastos ó cesionario na proporción que corresponda e na contía que examinada a proposta do concesionario sinala o órgano de contratación no seu acordo de autorización.

Artigo 106.-IMPAGO DE COTAS.

- 1.- O impago das cotas ordinarias ou extraordinarias facultará ó Concello de Vigo para rescata-la praza de estacionamento, sempre que o titular do dereito de uso non fixera efectivo o importe do adecuado no prazo de un mes contado a partires da data do requerimento de pagamento que efectue fehacemente o concesionario.
- 2.- En tal suposto, do prezo do valor do rescate que pague o Concello deducirase a cantidade adebedada, os intereses legais devengados por dita cantidade, e os custos e gastos que se orixinasen pola reclamación.
- 3.- A praza rescatada será ofertada polo Concello a primeira persoa da lista de espera polo prezo que resulte de aplicar a fórmula prevista no artigo 101.

Artigo 107.- MODIFICACIÓN DO USO DO APARCADOIRO DE RESIDENTES.

- 1.- Se non se poidese completar a capacidade do aparcadoiro cos listados facilitados polo Concello de Vigo, o concesionario poderá solicitar e ser autorizado para dedicar as prazas sobrantes ó seguinte:
 - Abono mensual ou anual.
 - Uso público indiscriminado.
- 2.- En tódolos casos as tarifas serán, as máximas autorizadas e implantadas en cada momento para as prazas de rotación no respectivo aparcadoiro.
- 3.- Nos contratos de abono figurará unha cláusula, de aceptación por ámbalas dúas partes na que se indique a anulación do contrato no momento no que o Concello de Vigo facilite o listado de novos solicitantes.

Artigo 108.- COMUNIDADE DE USUARIOS E ESTATUTOS DO APARCADOIRO DE RESIDENTES DE ROSALIA DE CASTRO.

1. En data inmediatamente anterior á prevista para a posta en servizo do aparcadoiro, a empresa convocará ós adquirentes do dereito de uso das prazas de estacionamento para a constitución da Comunidade de Usuarios. A empresa presentará ó Administrador da Comunidade de Usuarios que permanecerá no seu posto, alomenos, seis meses, contados a partires da data de posta en servizo do aparcadoiro.
2. Transcorrido este período, a Comunidade de Usuarios poderá ratificar no seu posto ó Administrador ou nomear a outro.
3. El cargo de Administrador deberá recaer en Administrador de fincas urbanas colexiado en Vigo, sen que poida percibir polos seus servizos tarifas superiores ás autorizadas polo Colexio Oficial.
4. Concello de Vigo subministrará ó concesionario o modelo de estatutos polos que se rexirá a Comunidade de Usuarios que se formalice.
5. En ditos Estatutos se especificará que a Comunidade de Usuarios será responsable de custear e levar a efecto as operacións de conservación, limpeza, vixiancia e mantemento detalladas no Prego de PRESCRICIÓNs Técnicas sen menoscabo das obrigas do Concesionario durante o período de garantía e posteriormente no referido a vicios ocultos de construción.

ANEXO Nº 1

1. MODELO DE PROPOSICIÓN

D.en representación de, veciño de, con enderezo en, enterado do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares (PCAP) e do Prego de Prescricións Técnicas que regulan o concurso por procedemento aberto para a adxudicación dun CONTRATO DE XESTIÓN DE SERVIZO PÚBLICO MEDIANTE CONCESIÓN PARA A CONSTRUCCIÓN E POSTERIOR XESTIÓN DE TRES APARCADOIROS PÚBLICOS PARA VEHÍCULOS AUTOMÓBILES NAS RÚAS, E, (LOTE Nº ...) manifesta:

- Que acepta na súa integridade os pregos que regulan a contratación.
- Que achega os documentos e os Proxectos Básicos esixidos nos que se detallan as características técnicas e funcionais das instalacións a realizar.

- Que se compromete á execución do contrato indicado nas seguintes condicións:

1.- Que o prazo de concesión será de 50 anos dende a posta en servizo do aparcadoiro segundo se determina no artigo 5 do PCAP, sendo este prazo improrrogable.

2. Que o prezo de execución por contrata dos tres aparcadoiros obxecto de concesión, segundo se determina nos orzamentos dos proxectos básicos que se achegan, elévase á cantidade total de €.

3.- Que o importe das tarifas a percibir dos usuarios nas prazas rotatorias en cada un destes aparcadoiros referidas á anualidade 2006 será o seguinte:

Tarifa referida ás fraccións de uso de minuto::

- Aparcadoiro da rúa :cts. de euro.
-
- Aparcadoiro da rúa :cts. de euro.
- Aparcadoiro da rúa :cts. de euro.

4.- Que na urbanización da cuberta o concesionario, en virtude das previsións contidas na cláusula do Prego de PRESCRICIÓNs Técnicas, obrígase a investir a cantidade de Euros por cada metro cadrado da área de superficie a urbanizar delimitada nos planos do anexo nº 3..

5.- Que o importe do prezo para os residentes das prazas de cesión de uso en cada un dos tres aparcadoiros será, con referencia á anualidade 2006, o seguinte:

- Aparcadoiro da rúa : euros.
- Aparcadoiro da rúa : euros.
- Aparcadoiro da rúa : euros.

6.- Que de conformidade co previsto no artigo 25 do PCAP o concesionario obrígase a establecer un fondo de investimento para obras decenais e extraordinarias de mantemento dun importe anual equivalente ó % do orzamento de execución por contrata do proxecto definitivo.

7.- Que de conformidade co previsto no artigo 62 do PCAP comprométese a satisfacer á Administración Municipal de Vigo os seguintes cánones anuais:

- Por cada praza de aparcadoiro rotatorio:.....15 euros

8.- Que o prazo de execución das obras computado a partir da data da sinatura da acta de replanteo, será para cada un dos tres aparcadoiros o seguinte:

- Aparcadoiro da rúa : meses.
- Aparcadoiro da rúa : meses.
- Aparcadoiro da rúa : meses.

9.- Que o prezo a percibir polos abonos diurnos, nocturnos e de 24 horas previstos nos artigos 83.5; 84.5 e 85.4 do PCAP será inferior ás seguintes porcentaxes:

- Abonos diurnos:.....%
- Abonos nocturnos:.....%
- Abonos 24 horas:.....%

10.- Que o importe das cotas trimestrais de mantemento que aboarán os titulares das prazas de cesión de uso (art. 105) é o seguinte:

- Cota trimestral€

Así mesmo comprométese no cumprimento do lexislado ou regulamentado en materia fiscal, laboral e de Seguridade Social e calquera outra normativa de aplicación.

En Vigo, a de..... de 2006
(sinatura)

Asinado:

ANEXO II

Planos de elimitación da área de influencia de cada un dos aparcadoiros, páxinas do expediente números 89 á 94, ambas incluídas.

ANEXO III

Planos de delimitación da área de superficie a urbanizar en cada un dos aparcadoiros, páxinas do expediente dnúmeros 95 ó 100 e 100 bis, ambas incluídas.

ANEXO IV

CONTRATO DE CESIÓN DUN DEREITO REAL ADMINISTRATIVO ESPECIAL DE USO E DISFRUTE DUNHA PRAZA NO APARCADOIRO DE

En Vigo, a..... de.....200

REUNIDOS

Dunha parte, DON provisto de DNI....., actuando en nome e representación da Sociedade..... (en diante, o CONCESIONARIO), con domicilio en..... e provisto de NIF número.....

As súas facultades veñen determinadas polo.....

Doutra, DON....., provisto de DNI..... Actúa en nome e representación de, (en diante, o CESIONARIO), con domicilio en e provisto de NIF número

Coa capacidade e lexitimación que ambas partes manifestan e mutuamente se recoñecen

MANIFESTAN

I.- Que o concesionario é o titular dunha concesión para a construción e explotación dun servizo público de aparcadoiro subterráneo en Vigo, Rúa.....

II.- Que a concesión foille adxudicada en virtude do Acordo da Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo de..... de que se achega como Anexo I ó presente contrato.

III.- Que o cesionario está interesado na adquisición dun dereito real administrativo especial de uso e disfrute dunha praza de aparcadoiro, a cal atópase sinalada no plano que se achega ó presente contrato como Anexo II co número(en diante, a praza de aparcadoiro), cunha superficie de m2.

IV.- Que o cesionario declara coñecer e acepta-las condicións establecidas no Prego de Cláusulas Administrativas Particulares do concurso e no acordo de adjudicación da concesión.

As partes proceden a outorgar e subscribi-lo presente contrato de cesión de uso de conformidade ás seguintes:

CLÁUSULAS

Primeira.- Obxecto

O obxecto do presente contrato é a cesión dun dereito real administrativo especial de uso e disfrute da praza de aparcadoiro por parte do concesionario ó cesionario durante o prazo de tempo que dure a concesión administrativa, isto é, durante un prazo de 50 anos a contar dende a data da acta de comprobación das obras e autorización para a súa apertura ó uso público, data na que se realizará a entrega da praza.

Segunda.- Prezo

De conformidade coa oferta realizado no seu día polo concesionario e aprobada polo Concello de Vigo e de conformidade co sinalado no Prego de Cláusulas Administrativas Particulares o prezo que recibe neste acto o concesionario do cesionario pola cesión de uso da praza de aparcadoiro durante o período de tempo establecido na Cláusula Primeira é de XXX euros, incluída a porcentaxe de IVE, outorgándose en proba delo polo concesionario a correspondente carta de pagamento.

Terceira.- Gastos.

De conformidade co previsto de Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, o cesionario obrígase a contribuir ós gastos de aparcadoiro relativos ó mantemento, limpeza, conservación, seguros, subministrados, vixilancia e calquera outro similar que recaian sobre o aparcadoiro ou se deriven do exercizo de dereito de uso que se cede neste contrato.

O cesionario aboará ó concesionario como pagamento pola prestación do citado servizo de mantemento a cantidade de XXX euros trimestrais, mailo correspondente IVE. Este importe será incrementado anualmente a data 1 de xaneiro conforme á variación porcentual experimentada polo Índice Xeral Nacional de Prezos ó Consumo fixado polo Instituto Nacional de Estatística (ou organismo que lle substitúa) para o ano natural inmediatamente anterior ó da actualización. O pagamento realizarase nos primeiros quince días do trimestre mediante transferencia bancaria á conta que comunique ó concesionario.

No suposto de producirse reparacións extraordinarias que excedan o mantemento habitual do aparcadoiro subterráneo, o concesionario, previa a súa aprobación polo Concello, facturará adicionalmente estes servizos ó cesionario na proporción correspondente á súa praza de aparcadoiro.

O impago de calquera dos importes establecidos na presente cláusula no prazo de un mes a partir da data de requerimento de pagamento efectuado polo concesionario comportará a perda de dereito de uso da praza de aparcadoiro efaculará ó Concello de Vigo ó rescate da praza polo prezo indicado na Cláusula Sexta deste documento ó que se deducirá a cantidade adebedada, os intereses devengados por dita cantidade e os gastos que se orixinen pola reclamación.

No suposto que a praza de aparcadoiro estivese ocupada por un vehículo no momento de producirse a perda do dereito de uso, o cesionario autoriza ó concesionario a retirar dito vehículo e trasladalo ó depósito municipal que teña contratado o Concello para a garda e custodia de vehículos incorrectamente estacionados, circunstancia que comunicará fefacientemente ó cesionario.

Cuarta.- Transmisión do dereito de uso.

A transmisión dun dereito real administrativo especial de uso e disfrute da praza de aparcadoiro por parte do cesionario deberá ser autorizada con carácter previo polo Concello de Vigo, e deberá ser realizada a favor das persoas que se indican no Prego de Cláusulas Administrativas.

O prezo de transferencia dun dereito real administrativo especial de uso e disfrute da praza de aparcadoiro por parte do cesionario non poderá supera-los valores establecidos na Cláusula Quinta.

En caso de que o cesionario perda a súa condición de residente, deberá transmiti-lo seu derito real administrativo especial de uso e disfrute da praza de aparcadoiro.

Quinta.- Fórmula para o cálculo dos prezos das prazas de aparcadoiro.

O valor das prazas de aparcadoiro irá diminuindo de xeito liñal dende o momento da súa posta en funcionamento en función dos anos de concesión transcorridos e revalorizarase anualmente en función das variacións do IPC ou índice que o substitúa, de acordo coa seguinte fórmula:

$$PN=PO \times (1-(N/C) \times I)$$

Onde

PN = prezo da praza do ano N da explotación.

PO = prezo da praza na data de comezo da explotación.

N = número de anos de explotación transcorridos.

C = número de anos da concesión.

I = índice de actualización dos prezos ó consumo entre o ano N e o ano O, publicados polo Instituto de Estatística ou organismo que o substitúa.

Sexta.- Uso das prazas.

En cada praza de aparcadoiro non poderá permanecer aparcado simultaneamente máis dun vehículo, quedando expresamente prohibido que sobresaia ningún vehículo do espacio reservado a tal fin.

Séptima.- Remate do contrato.

O presente contrato rematará a tódolos efectos na data de finalización da concesión administrativa titularidade do concesionario para a construción e explotación do aparcadoiro.

Así mesmo o concesionario poderá resolve-lo presente contrato no suposto que o cesionario incumpra calquera das obrigas establecidas no presente contrato se, previa notificación do concesionario, o cesionario non procedese o seu cumprimento nun prazo máximo de tres meses. O cesionario expresamente renuncia a calquera indemnización que lle puidera corresponder por calquera concepto.

Oitava.- Gastos derivados da subscrición do presente contrato.

Serán por conta do cesionario tódolos tributos, gravames e gastos de calquera clase que se puideran orixinar como consecuencia da subscrición do presente contrato.

Novena.- Notificación

As partes sinalan como domicilio a efectos de notificacións os indicados no encabezamento do presente contrato.

Décima.- Aceptación da cesión do dereito de uso.

O cesionario acepta ó seu favor a cesión dun dereito real administrativo especial de uso e disfrute do aparcadoiro obxecto do presente contrato, nas condicións expresadas no mesmo, someténdose no momento da firma do mesmo a cantas normas contén, que declara reconecer e aceptar, acatando expresamente o réxime disciplinario particular que rexe a concesión.

Undécima.- Protección de datos.

A sinatura do presente documento supón o outorgamento do consentimento expreso para que os datos contidos no mesmo poidan ser tratados polo concesionario coa finalidade de proceder á cesión do aparcadoiro e facturación do mesmo, ademais das xestións administrativas necesarias para un correcto servizo e control.

Décimosegunda.- Xurisdicción competente.

As partes, de mutuo acordo e con renuncia expresa ó seu propio foro, acordan expresamente que toda cuestión litixiosa derivada do presente contrato será resolta polos Xulgados e Tribunais de Vigo.

Décimoterceira.- Aplicación subsidiaria.

Para todo o non disposto no presente documento será de aplicación o disposto no Prego de Cláusulas Administrativas Particulares:

PREGO DE PRESCRICIÓN TÉCNICAS QUE REXERÁ NO CONCURSO PARA A ADXUDICACIÓN POR PROCEDIMENTO ABERTO, DUN CONTRATO DE XESTIÓN DE SERVIZOS PÚBLICOS CON EXECUCIÓN DE OBRA PARA A CONSTRUCCIÓN E POSTERIOR EXPLOTACIÓN, EN DOUS LOTES DE TRES, DE SEIS APARCADOIROS MIXTOS (ROTATORIO E RESIDENTES) EN DIFERENTES LUGARES DA CIDADE DE VIGO.

ÍNDICE

REUNIDOS.....	3
MANIFESTAN QUE.....	3
CUARTA: A CONCELLERÍA DE DEPORTES APORTARÁ OS MEDIOS NECESARIOS PARA A COORDINACIÓN DAS NECESIDADES DERIVADAS DO CUMPRIMENTO DO PRESENTE CONVENIO, ASÍ COMO O SEGUIMENTO DAS TAREFAS DE ORGANIZACIÓN.....	4
OITAVA.- COMPATIBILIDADE.....	9
A CONCESIÓN DE SUBVENCÍONS Ó ABEIRO DA PRESENTE CONVOCATORIA SERÁ COMPATIBLE CON OUTRAS OUTORGADAS PARA A MESMA FINALIDADE POR OUTRAS ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS, SEMPRE QUE O SEU IMPORTE GLOBAL DAS MESMAS NON SUPERE O CUSTO TOTAL DO PROGRAMA OU ACTIVIDADE OBXECTO DA SUBVENCIÓN.....	9
NOVENA.- PAGAMENTO E XUSTIFICACIÓN.....	9
1.- O PAGAMENTO DAS SUBVENCÍONS EFECTUARASE MEDIANTE TRANSFERENCIA BANCARIA E TRAMITARASE UNHA VEZ REMATADAS AS ACTIVIDADES OU PROGRAMAS OBXECTO DA SUBVENCIÓN, TRAS A PRESENTACIÓN A TRAVÉS DO REXISTRO XERAL DA SEGUINTE DOCUMENTACIÓN XUSTIFICATIVA:.....	9

(CUBRIR UN PARA CADA ACTIVIDADE PROPOSTA, MÁXIMO TRES PROXECTOS).....	11
1.1 N° de asociados Nª Rexistro Xeral Asociacións Núm Rexistro Mpal. Asociacións...	12
9 MÓDULOS.....	15
2. OBXECTO DO PREGO.....	17
3. NATUREZA XURÍDICA E RÉXIME XURÍDICO.....	17
3.1 Natureza do contrato.....	17
3.2 Réxime xurídico.....	17
3.3 Interpretación do contrato e xurisdicción.....	18
4. CONDICIÓNS TÉCNICAS.....	18
5. PRAZO DA CONCESIÓN.....	18
6. FINANCIAMENTO.....	18
7. CANON.....	19
8. RETRIBUCIÓN CONCESIONARIO.....	19
8.1 Tarifas.....	19
8.2 Revisión de tarifas.....	19
9. PROCEDEMENTO E FORMA DE ADXUDICACIÓN DO CONTRATO..	19
10. DOCUMENTACIÓN DISPONIBLE PARA OS CANDIDATOS.....	20
11. DOCUMENTACIÓN CONTRACTUAL E CLÁUSULA XERAL DE CONTRADICIÓN.....	20
12. CAPACIDADE PARA CONCORRIR.....	20
12.1 Capacidade e solvencia das empresas e prohibicións para contratar.....	20
12.2 Clases de licitadores e forma de presentación das ofertas.....	20
13. LUGAR, PRAZO E REQUISITOS DE PRESENTACIÓN DAS PROPOSTAS.....	20
13.1 Lugar e prazo de presentación das proposicións.....	20
13.2 Requirimentos da documentación.....	21
14. GARANTÍAS PROVISIONAL E DEFINITIVA.....	21
15. CONTIDO DAS PROPOSICIÓNS.....	22
15.1 Sobre nº 1 – Documentación Administrativa.....	22

15.2 Sobre nº 2 – Proposición Económica y de Gestión.....	24
15.3 Sobre nº 3 – Proposición Arquitectónica e volumétrica.....	25
16. NOTIFICACIONES.....	26
17. MESA DE CONTRATACIÓN, CUALIFICACIÓN DE DOCUMENTOS E APERTURA DE PROPOSICIONES.....	26
18. PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN.....	26
19. ADXUDICACIÓN E FORMALIZACIÓN DO CONTRATO.....	26
20. CRITERIOS PARA A ADXUDICACIÓN.....	27
21 POLIZAS DE SEGUROS.....	28
22 RELATIVOS ÁS OBRAS.....	32
23 DEREITOS DO CONCESIONARIO.....	34
24 OBRIGAS DO CONCESIONARIO.....	34
25 POTESTADES DO CONCELLO.....	37
26 OBRIGAS DO CONCELLO.....	37
27 PROCEDEMENTO SANCIONADOR.....	38
28 PRAZO DE PRESCRICIÓN.....	38
29 FALTAS E SANCIONES.....	38
30 MODIFICACIÓN DO SERVIZO.....	40
31 SUBCONTRATACIÓN.....	40
32 CESIÓN DO CONTRATO.....	40
33 FORMALIZACIÓN DO CONTRATO ANTE NOTARIO.....	41
34 REGULAMENTOS ESPECIAIS REGULADORES DO SERVIZO QUE SEXAN DE APLICACIÓN.....	41
35 EXECUCIÓN DAS OBRAS.....	41
36 MODIFICACIÓN DO PROXECTO.....	41
37 LICENCIAS MUNICIPAIS.....	41
38 ENDEREZO E SUPERVISIÓN DAS OBRAS.....	41
39 REMATE, COMPROBACIÓN E RECEPCIÓN DAS OBRAS.....	42
40 CADUCIDADE.....	42

41 RESOLUCIÓN.....	43
42 INTERRUPCIÓN DA CONCESIÓN. SECUESTRO.....	43
43 REVERSIÓN DOS BENS.....	44
44 DA HIPOTECA DA CONCESIÓN.....	44
45 REGULAMENTO DAS INSTALACIÓNS.....	44
46 ORDES DE SERVIZO.....	44
47 RELACIÓNS COS USUARIOS.....	44
48 LEIS ESPECIAIS.....	45
49 FOLGA.....	45
50 GASTOS DO CONCURSO.....	45
1.2 O contrato inclúe os seguintes produtos e actividades de acordo coa nomenclatura da Clasificación de Productos por actividades 2002: 632124.....	69
TITULO I.....	86
CONDICIÓNS XERAIS DO CONTRATO.....	86
1.- O ADXUDICATARIO COMPROMÉTESE A CONSTITUIR EN CADA APARCADOIRO UNHA PROVISIÓN ANUAL, (A PARTIRES DO PRIMEIRO ANO DE PRESTACIÓN DO SERVIZO) PARA EXECUCIÓN DE OBRAS DE MANTEMENTO EXTRAORDINARIAS QUE SE LEVARÁN A CABO CADA 10 ANOS (ANUALIDADES NÚMEROS 10, 20, 30, 40 E 49). A PROVISIÓN ANUAL NON PODERÁ SER INFERIOR Ó 0,20% DO PRESUPOSTO DE EXECUCIÓN MATERIAL DE CADA APARCADOIRO. DITO IMPORTE, O DE INVESTIMENTO FINAL, ACTUALIZARASE ANUALMENTE MEDIANTE A APLICACIÓN DO IPC PARA GALIZA....	106
ARTIGO 30.- PRERROGATIVAS DA ADMINISTRACIÓN.....	108
ARTIGO 31.- DEREITOS DO CONCESIONARIO.....	108
ARTIGO 32. OBRIGAS DO CONCESIONARIO.....	109
ARTIGO 36.- APLICACIÓN DAS PENALIDADES E MULTAS POR INCUMPRIMENTO.....	112
ARTIGO 42.- CESIÓN DO CONTRATO.....	114
TÍTULO VII.....	128
ANEXO IV.....	134

REUNIDOS.....	134
MANIFESTAN.....	134
CLÁUSULAS.....	135
1. OBXECTO DO CONCURSO E CONDICIÓN XERAIS.....	142
6. CONDICIÓN TÉCNICAS XERAIS. PROXECTOS BÁSICO E DE CONSTRUCCIÓN.....	143
3.1. ACCIÓN.....	151
3.3. CONDICIÓN DE DURABILIDADE.....	152
3.3 COMPROBACIÓN A REALIZAR.....	152
3.4 NIVEIS DE CONTROL.....	152
9.1 ELECTRICIDADE.....	154
9.2 INSTALACIÓN DE VENTILACIÓN Y DETECCIÓN DE MONÓXIDO DE CARBONO.....	156
9.3 ILUMINACIÓN.....	157
9.4 . PROTECCIÓN CONTRA INCENDIOS.....	158
9.5 FONTANERÍA.....	159
9.6 SANEAMIENTO.....	160
9.8 OTROS DISPOSITIVOS.....	161
20. POSTA EN SERVIZO.....	164
21. CONDICIÓN DE PROXECTO E EXECUCIÓN DAS UNIDADES DE OBRA DE INTALACIONES E ACABADOS.....	164
21.1 albanería.....	164
21.2 revestimientos continuos.....	164
21.3 carpintería y cerrajería metálica.....	164
21.4 pintura en interiores.....	165
21.5 pinturas en exteriores.....	166
21.6 impermeabilizaciones.....	167
22 MANTEMENTO.....	167
22.1. Mantemento do inmovible.....	167

1. OBXECTO DO CONCURSO E CONDICIÓNS XERAIS

1.1. *É obxecto deste concurso:*

A redacción do proxecto dos seis aparcamentos subterráneos e da urbanización da superficie afectada por cada un deles e do ámbito establecido no ANEXO III do Prego de Condicións Administrativas Particulares (PCAP).

A construción dos seis aparcamentos subterráneos, para vehículos automóviles de visitantes e residentes.

A urbanización do espazo de dominio público, afectado polas obras de construción dos tres aparcamentos subterráneos e do ámbito establecido no ANEXO III do PCAP.

A explotación dos anteditos aparcamentos subterráneos.

1.2. *Ámbito de actuación*

No ANEXO I deste prego delimitase o ámbito máximo que poderían chegar a ocupar, no subsolo, cada un dos aparcamentos obxecto deste prego.

Os estacionamentos afectarán exclusivamente a terreos de dominio público municipal que se poñen a disposición do adxudicatario e estarán situados nas seguintes zonas:

- *No subsolo da rúa Areal.*
- *No subsolo das rúas Policarpo Sanz e García Barbón.*
- *No subsolo da rúa Pintor Colmeiro e da praza pública que xurde da Unidade de Execución I – 01 Villa Laura).*
- *No subsolo da Rúa Rosalía Castro (parte do ámbito atópase incluído na Unidade de Execución I – 06 Rosalia de Castro 2).*
- *No subsolo da rúa Jenaro de la Fuente.*
- *No subsolo da Avenida de Castelao.*

O Concello adoptará as medidas necesarias encamiñadas a deixar libres os terreos ocupados por quioscos, postos, veladores, etc., sempre que, ó seu xuízo, dificulten a realización das obras dos estacionamentos.

Sen prexuízo do referido no derradeiro párrafo, e da ocupación real do aparcamento dentro do ámbito establecido, o proxecto de urbanización recollerá a totalidade do ámbito de urbanización indicado no ANEXO I, ampliado no ámbito necesario para a disposición das rampas de acceso ou do desvío dos SERVIZOs que sexa necesario realizar na construción dos aparcamentos subterráneos.

En calquera caso, o ámbito definitivo de urbanización será fixado polo Excmo. Concello de Vigo e se recolle no anteprojecto de obras e explotación..

A execución das obras respectara os usos actuais en superficie das zoas de implantación, axardinadas ou non, coas que estas infraestruturas son compatibles, as cales serán melloradas nos correspondentes proxectos, entre outras razóns, o diminuírse a superficie adicada a aparcamentos de superficie.

1.3 *Modificacións futuras*

O Excmo. Concello de Vigo poderá modificar libremente o réxime de circulación e de aparcamento no entorno do estacionamento, sen que o concesionario tenga dereito a reclamación algunha.

Esta facultade municipal haberá de exercerse de xeito que en ningún caso quede impedida a libre e permanente entrada e saída de vehículos ó aparcamento.

Se pola modificación do senso de circulación nalgunha rúa fora preciso facer obras complementarias nos accesos, éstas serán abonadas polo Concello.

6. *CONDICIÓN S TÉCNICAS XERAIS. PROXECTOS BÁSICO E DE CONSTRUCCIÓN.*

2.1 *REDACCION DOS PROXECTOS.-*

As obras dos estacionamentos subterráneos realizaranse con estricta suxección ós proxectos básicos da proposta e ós de construción cos desenvolvan, aprobados polo Concello.

2.2- *DOCUMENTOS A PRESENTAR.*

Os concursantes deberán presentar para poder participar no presente concurso, ademáis da documentación esixida no PCAP, un proxecto básico para cada un dos aparcamentos previstos que deberá conte-la documentación que se indica a continuación.

Tanto nos proxectos básicos a presentar para participar no concurso coma nos proxectos de construción que desenvolvan os adxudicatarios deberá terse en conta, para el diseño estructural, el peso propio, las cargas permanentes y sobrecargas que en cada caso determinen las instrucciones actualmente vigentes de obligado cumplimiento.

2.3.- *PROXECTO BÁSICO*

2.3.1. Os concursantes deberán incluír nas súas propostas un proxecto básico para cada un dos aparcamentos, suscrito por técnicos titulados superiores competentes, que non poderán rebasa-los límites da zona de máxima ocupación definida na documentación do anexo III do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares.

2.3.2. Os proxectos básicos conterán, como mínimo, a seguinte documentación:

MEMORIAS

- *Memoria descriptiva das obras, instalacións e SERVIZOs.*
- *A memoria descriptiva incluírá cadro de superficies do aparcamento e da urbanización exterior e tamén o cómputo do número total de prazas.*
- *Na memoria recolleranse aqueles elementos catalogados ou protexidos existentes no ámbito de actuación e as medidas dispostas para a súa conservación, protección ou traslado segundo corresponda, tanto para elementos arquitectónicos coma para especies vexetais con algún grado de protección.*
- *Recollerase tamén se a zona se atopa dentro dun ámbito de protección arqueolóxica.*
- *Na memoria indicarse para cada un dos aparcamentos se existe calquera tipo de afección (estradas, costas, etc.).*
- *Deberase xustificar o cumprimento da Normativa Urbanística, atendendo especialmente ás condicións que para este tipo de equipamentos establece o PGOU, en todo aquilo non especificado neste prego.*
- *Xustificación parcial do cumprimento da NBE CPI-96 incluíndo plano xustificativo con saídas e percorridos de evacuación e distancias, sistemas de control e extinción previstos, etc.*
- *Xustificación do cumprimento da Lei de Accesibilidade (8/1997 do 20 de agosto) e do seu Regulamento (35/2000 do 28 de xaneiro) tanto para o aparcamento coma para as obras de urbanización de superficie.*
- *Xustificación dos criterios establecidos para a regulación do tráfico de vehículos indicando a súa situación actual antes do inicio das obras, as medidas previstas para garanti-lo acceso de vehículos á zona e os desvíos previstos durante a execución das obras e a ordenación do tráfico prevista tra-lo remate das mesmas.*
- *O Plan de Obra incluírá o prazo de execución da totalidade das obras e un cronograma de actuación por capítulos de obra.*

DOCUMENTACIÓN GRÁFICA

- Plano topográfico da superficie limitada pola línea de máxima ocupación e do emprazamento do aparcamento, acotando a distancia ós edificios e/ou puntos de referencia próximos, e as cotas de nivel do primeiro soto con relación ós espacios libres exteriores, rúas e fincas colindantes no seu caso.
- Planos acotados a escala 1:200 das plantas, alzados, e seccións, para a completa definición dos inmuebles proxectados.
- Plano de terminación da cuberta e da urbanización da totalidade do ámbito de urbanización establecido para cada un dos aparcamentos no anexo III do PCAP.
- Planos que definan a situación actual dos SERVIZOs urbanísticos existentes no subsolo da zona a urbanizar e planos das modificacións previstas para os mesmos.
- Planos nos que se recolla a xustificación dos criterios establecidos para a regulación do tráfico de vehículos indicando a súa situación actual antes do inicio das obras, as medidas previstas para garantir-lo acceso de vehículos á zona e os desvíos previstos durante a execución das obras e a ordenación do tráfico prevista tra-lo remate das mesmas.
- Sistema de execución dos muros perimetrais.
- Planos que recollan o establecido no Plan de Obra en canto ás fases de execución de cada un dos aparcamentos e a súa incidencia no tráfico de vehículos e peóns na zona.
- Sección constructiva indicando materiais e espesores estimados que recolla cimentación, soleira, muros de contención e forxados, cuberta e urbanización superficial.

ORZAMENTO

- Orzamento por capítulos incluíndo orzamento de execución material, gastos xerais (13%), beneficio industrial (6%), orzamento de contrata, e orzamento de contrata incluíndo o 16% de IVE.

2.4. SONDEOS E PROSPECCIÓNS

2.4.1. Previa a preceptiva solicitude, o Concello autorizará ós concursantes a realización dos sondeos ou prospeccións que estimen necesarias encaminadas o estudo do subsolo onde se construírán os aparcamentos.

2.5. APROBACIÓN DO PROXECTO BÁSICO

Estarase o que dispoña o PCAP.

2.6. PROXECTO DE CONSTRUCCIÓN

O concesionario deberá presentar o proxecto de construción, suscrito por técnico (ou técnicos) titulado superior competente, no prazo máximo de 3 meses, contados a partires da data de formalización do contrato

O Proxecto de Construción (que será un proxecto básico e de execución) axustarase ás especificacións contidas neste Prego. Nembargantes, previa xustificación, poderanse adoptar solucións distintas que melloren a funcionalidade e as características constructivas da obra e das súas instalacións. Calqueira variación deberá ser unha mellora sobre as características mínimas que se indican no presente Prego.

Unha vez seleccionado o concesionario, sexa persoa física ou xurídica, que resultaría adxudicatario do concurso, este deberá redacta-lo proxecto de construción, seguindo as seguintes directrices:

- Os textos escritos que integran o traballo que se concreta presentaranse en formato UNE tipo A-4.ou A-3.
- Os planos debuxaranse en formato tipo A-1 ás escalas convenientes.
- As copias de textos escritos realizaranse por sistema heliográfico ou outro de mellor calidade. As copias reducidas de planos obteranse mediante sistema offset ou outro que proporcione calidade similar.

Na presentación do traballo entregaranse:

- Orixinal en papel reproducíble dos planos en formato A-1.
- Catro copias do proxecto con formato A-1 para os planos, completos, encadernados, numerados en cuberta e en tódalas súas páxinas, todos eles asinados polo Técnico responsable que o será ademais da exactitude das transcripcións que neles se expresan e visado polo Colexio Profesional.

- *Unha copia en soporte magnético, CD, da memoria das medicións e dos planos en formatos DOC, BC3, DWG.*

Tódolos traballos de produción (mecnografía, delineación, reprodución, ordenación e similares), serán a cargo do concesionario

Este proxecto deberá axustarse no seu contido á documentación técnica necesaria de acordo co estipulado nos artigos 63 a 69 do Regulamento Xeral de Contratación do Estado. O citado proxecto virá asinado por técnico competente e constará, como mínimo, de ós seguintes contidos:

2.6.1. MEMORIA

A memoria do Proxecto de Construcción deberá conte-la totalidade da documentación presentada no Proxecto Básico, documentación axustada ás correccións que se introduzan no documento de concurso para adaptarse as esixencias e recomendacións dos Servizos Técnicos Municipais.

A memoria do Proxecto de Construcción constará, como mínimo, dos seguintes apartados:

- *Memoria descriptiva das obras, instalacións e SERVIZOs.*
- *A memoria descriptiva incluírá cadro de superficies do aparcamento e da urbanización exterior e tamén o cómputo do número total de prazas.*
- *Na memoria recolleranse aqueles elementos catalogados ou protexidos existentes no ámbito de actuación e as medidas dispostas para a súa conservación, protección ou traslado segundo corresponda, tanto para elementos arquitectónicos coma para especies vexetais con algún grado de protección.*
- *Recollerase tamén se a zona se atopa dentro dun ámbito de protección arqueolóxica. Neste caso, o proxecto deberá incluír un proxecto de Control Arqueolóxico redactado por técnico competente na materia.*
- *Na memoria indicarse para cada un dos aparcamentos se existe calquera tipo de afección (estradas, costas, etc.) e as xustificacións e autorizacións necesarias para a súa tramitación e aprobación.*
- *Deberase xustificar o cumprimento da Normativa Urbanística, atendendo especialmente ás condicións que para este tipo de equipamentos establece o PGOU, en todo aquilo non especificado neste prego.*
- *Memoria constructiva, tanto no que respecta ó edificio coma nos aspectos vencellados ca urbanización exterior.*
- *Memoria xustificativa ca descrición funcional, circulación interior, circulación exterior, desvíos de tráfico previstos, sinalización e sistema de control.*
- *Memorias Técnicas (RAMINP, CPI-96, Accesibilidade, CA-88, etc).*
- *Memoria de estruturas. Deberá facerse mención á normativa aplicable, á hipótese de cálculo, accións consideradas, comprobacións xerais da estabilidade e resistencia dos elementos de dita estrutura. Este anexo deberá ser presentado en forma clara e detallada, a fin de que poida ser realizada a completa revisión do mesmo. O equipo técnico responsable do proxecto de execución poderá xustificar, neste apartado, os criterios que xustifiquen no seu caso o non cumprimento dalgún dos aspectos contemplados na normativa preceptiva vixente, así como detallarán as normas e regulamentos que sexan de aplicación entre as recomendacións nacionais ou estranxeiras, que lle serven no seu caso de complemento. Deberán mencionarse as características dos materiais a empregar xustificarse os coeficientes de seguridade adoptados en función dos niveis de control esixidos.*
- *Memoria de SERVIZOs urbanísticos afectados e da súa reposición.*
- *Memorias de instalacións (electricidade, saneamento e drenaxe, abastecemento de auga, ventilación e detección de CO, detección e extinción de incendios).*
- *Memoria da urbanización de superficie incluíndo características da urbanización, instalacións previstas, axardinamento, etc.*
- *Plan de obra e cronograma con estimación de posibles fases de construción e prazos de execución por capítulos de obra.*
- *Estudio de Seguridade e Saúde segundo R.D. 1627/1997 que conteña memoria específica, documentación gráfica das medidas de seguridade previstas e orzamento detallado.*
- *Plan de control de calidade: En cumprimento do Decreto 232/93 da Xunta de Galicia, o técnico proxectista indicará en función do deseño, un esquema do futuro plan de control de calidade, onde quede reflectido sobre que puntos e de que forma ten que influír-lo plan, para una correcta execución da obra, de acordo co deseño.*

Establecerá as características e requisitos que deberán cumprilos materiais e unidades de obra integrantes do proxecto, de conformidade coas disposicións xerais vixentes de obrigado cumprimento.

Este plan de Control de Calidade constará de:

- * *Análise do proxecto, que comprenderá as fases de control seguintes:*
 - 1º.- *Control de materiais e de execución de:*
 - *Cimentación*
 - *Estrutura*
 - *Albanelería*
 - *Instalacións*
 - 2º.- *Control de recepción:*
 - *Probas finais de mantemento*
 - 3º.- *Control de mantemento:*
 - *Estableceranse sen valoración económica as pautas para o correcto mantemento da construción.*
 - 4º.- *Características do proxecto final (que comprenderá unha descrición da memoria e planos finais que acompañarán ó proxecto, a fin de que o usuario dispoña de planos axustados ó resultado final da execución, especialmente no relativo a estruturas e instalacións).*
 - *Normativa de obrigado cumprimento.*

2.6.2. DOCUMENTACIÓN GRÁFICA

Incluirase, como mínimo, a seguinte documentación gráfica para cada un dos aparcamentos tendo en conta que as escalas poderán variar en función da superficie de cada un dos aparcamentos pero garantindo en todo caso unha correcta lectura e comprensión dos mesmos para o que, si fai falla, o ámbito de actuación representarase en varios planos á escala axeitada:

- *Plano de estado actual (E: 1/200) con cotas topográficas e situación das bases de nivelación; planta de situación con referencia ás follas do PGOU (E: 1/2000).*
- *Plano topográfico (E: 1/200) da superficie limitada pola línea de máxima ocupación e do emprazamento do aparcamento, acotando a distancia ós edificios e/ou puntos de referencia próximos, e as cotas de nivel do primeiro soto con relación ós espazos libres exteriores, rúas e fincas colindantes no seu caso. Incluirase a definición completa nos eixos X,Y,Z de tódalas esquinas e trocos de dirección do perímetro da obra en tódalas plantas da mesma, sistema de eixos referido a bases de replanteo externas materializadas no terreo de xeito claro e inamovible.*
- *Planos acotados a escala 1:200 das plantas, alzados, e seccións, para a completa definición dos inmubles proxectados. Incluirán pendentes lonxitudinais e transversais previstas no edificio e na urbanización e acordos ca horizontal, gálidos, espesores de recrecidos, etc.*
- *Planos de acabados de cada un dos recintos.*
- *Plano de terminación da cuberta e da urbanización da totalidade do ámbito de urbanización establecido para cada un dos aparcamentos no anexo III do PCAP incluíndo ordenación acotada, tipos de pavimentos a empregar, axardinamento, etc.*
- *Planos que definan a situación actual dos SERVIZOs urbanísticos existentes no subsolo da zona a urbanizar e planos das modificacións previstas para os mesmos indicando, nos dous casos, tipo e características de cada un dos servizos, titularidade, distancias a edificacións, profundidade e, en xeral, tódolos datos precisos para a súa correcta localización e definición.*
- *Planos nos que se recolla a xustificación dos criterios establecidos para a regulación do tráfico de vehículos indicando a súa situación actual antes do inicio das obras, as medidas previstas para garantir o acceso de vehículos á zona e os desvíos previstos para vehículos e peóns durante a execución das obras e a ordenación do tráfico prevista tra-lo remate das mesmas. Prestarase especial atención ó acceso ás vivendas e locais comerciais existentes na zona e ó acceso de servizos de emerxencia indicando con todo detalle a sinalización horizontal e vertical necesaria.*
- *Planos que recollan o establecido no Plan de Obra en canto ás fases de execución de cada un dos aparcamentos e a súa incidencia no tráfico de vehículos e peóns na zona.*

- *Seccións e detalles constructivos de tódolos elementos necesarios para unha correcta comprensión e execución do proxecto incluíndo como mínimo os seguintes:*
 - a.1) *Detalle tipo de urbanización de superficie incluíndo tódolos volumes que xurdan do aparcamento (entradas, ventilacións, etc.). Detalle tipo da unión entre cuberta e muros de contención e destes últimos, onde quedará reflectido o sistema adoptado polo proxectista para expulsar as posibles humidades da cámara, sen que afecten ó interior;. Detalle tipo de tódolos puntos conflictivos da cuberta.*
 - a.2) *Situación das tabicarías e cerramentos con indicación dos seus anchos e dimensións exteriores, de modo que permitan o seu replanteo. Este plano deberá acompañarse da correspondente lenda, acerca da constitución de tabicarías e cerramentos, cos seus revestimentos e acabados superficiais.*
 - a.3) *Situación relativa dos elementos de distribución interior en relación cos elementos da estrutura, especificando os detalles necesarios para resolver os encontros entre ambas categorías de elementos.*
 - a.4) *Detalles de carpintería interior e exterior e da súa conexión coa tabicaría, indicando o tipo de vidrería empregado.*
 - a.5) *Detalles de formación de solados e rodapés e de revestimentos de teitos con indicación dos espesores das distintas capas que a integran e o seu porte.*
 - a.6) *Detalles sobre formación de cuberta e, especificamente, do tipo de impermeabilización, indicando o número e tipo de capas que a compoñen e o seu porte.*
 - a.7) *Detalles de constitución da escaleira, especialmente, no relativo á totalidade do seu desenvolvemento vertical, con aclaración específica da forma na que se resolven os encontros entre zancas e rellanos.*
- *Planos para a definición completa da estrutura con definición geométrica de tódolos elementos, cadros de características, detalles constructivos da estrutura, e en xeral tódalas definicións que se poidan precisar para a execución das obras.*

a.1) *Estruturas de formigón.*

Tódolos elementos da estrutura deberán quedar claramente identificados en todas aquelas plantas que se precise para a completa definición da súa posición na estrutura. En particular deberá figurar un plano de replanteo dos pilares da estrutura con indicación das caras que conservan nos cambios de sección correspondentes ás diferentes alturas de piso.

Os planos deberán estar acotados de forma que sobre os planos da estrutura non sexa necesario realizar medidas a escala.

Nos casos de elementos superficiais nos que os procesos de formigonado condicionan a disposición da capa superior de armadura, deberá preverse a armadura complementaria precisa para a correcta colocación, e o mantemento da mesma durante o proceso de formigonado.

Tódolos nós da estrutura, nos que a densidade de armadura o xustifique, detallaranse indicando a posición relativa das barras para un correcto formigonado e resolución tecnicamente correcta destes puntos.

En tódolos planos que reflecten as plantas de estrutura, indicaranse as accións consideradas no cálculo e especificamente a sobrecarga de uso nas diferentes zonas. Así mesmo acompañaranse notas específicas nos planos para unha mellor definición dos elementos reflectidos nos mesmos, e alusións ás contrafrechas que se prevé dotar ós encofrados e á previsión de xuntas de formigonado durante o proceso de execución. En particular nos planos de estrutura quedarán previstos tódolos pasos e ocos que deban deixarse para os condutores de instalacións e outros tipos.

En cada plano deberá figurar un cadro no que quedan reflectidas as características resistentes dos materiais empregados e os coeficientes de minoración das características dos materiais e de maioración de accións en función dos niveis de control e inspección adoptados. Este cadro terá unha localización preferente na zona inferior dereita do plano sen interferir co selo ou caxetín.

a.2) Estruturas metálicas.

Son de aplicación os criterios expostos no apartado precedente no que se refire á localización dos elementos da estrutura nas plantas xerais e con relación á necesidade de que se redacte un plano de replanteo.

Redactaranse tantos planos de detalle como sexa preciso para que queden definidas a totalidade das unións, tanto as de simple acoplamento como as de forza. Nos planos xerais acompañaranse referencias concretas ós planos de detalle que os complementan.

Tódalas costuras das unións deberán estar especificadas recomendándose o emprego das notacións convencionais indicadas nas normas M.V. 105 e M.V. 106, para roblóns e parafusos e norma M.V. 104 para soldaduras.

En particular os detalles deberán recoller cantos aspectos se prevexan para unha correcta realización dos procesos de montaxe, así como a correcta fixación á estrutura de cerramentos e elementos de revestimento.

Nos planos que reflicten as plantas de estrutura, indicaranse as accións consideradas no cálculo e especificamente a sobrecarga de uso nas diferentes zonas. Acompañaranse, así mesmo, as notas que se consideren oportunas para unha mellor definición dos elementos e alusións concretas ó proceso de montaxe e contrafrechas que se prevé dotar á estrutura.

Sínálase a necesidade de que nos planos de estrutura queden previstos os pasos e ocós que deben deixarse nos forxados para paso de condutos de instalacións e outros tipos.

En cada plano deberá figurar un cadro coa calidade do aceiro empregado, o tipo de electrodo recomendable para execución das unións e os coeficientes de minoración das características dos materiais e de maioración de accións en función dos niveis de control previstos. Este cadro terá unha localización preferente na zona inferior dereita do plano sen interferir co selo ou caxetín.

De todos estes planos facilitará copia en papel copiativo á empresa construtora adxudicataria, a fin de que esta poida proceder a elabora-los planos de estrutura finais, de acordo co plan de control de calidade.

- Planos de instalacións incluíndo plantas con cotas, detalles, dimensións, diámetros de condutos, e en xeral con tódalas definicións precisas para a súa correcta execución. Presentaranse plantas separadas por niveis para, alomenos, as seguintes instalacións: electricidade, alumbrado, saneamento e drenaxe, abastecemento, detección de CO e ventilación, detección e extinción de incendios, sinalización e sistema de control.*

Os planos de electricidade, fontanería e calefacción, estarán compostos polos esquemas de principio das respectivas instalacións completados polos planos de planta precisos onde quede claramente establecida a posición das máquinas, equipos, aparatos, mecanismos e sistemas de conexión entre eles, etc.

En particular quedarán detalladas as bancadas de máquinas que sexa preciso dispoñer e a súa conexión coa estrutura.

Así mesmo, deberán figurar uns esquemas de comunicación vertical das instalacións, con indicación da súa posición relativa fronte ós elementos da estrutura ou fronte ós elementos de distribución interior.

A totalidade dos elementos deberán quedar definidos mediante un código que exprese claramente as características das máquinas e as características das conducións co seu illamento ou protección, así como dos aparatos e mecanismos.

En cada plano deberá figurar un cuadro especificando as características máis sobresáintes da correspondente instalación e os seus condutos. Este cuadro terá unha localización preferente na zona inferior dereita do plano, sen interferir co selo ou caxetín.

De todos estes planos se subministrará unha copia en papel copiativo á empresa construtora adxudicataria, a fin de que esta poida proceder, no seu momento e seguindo o Plan de Control de Calidade, a redacta-los planos finais de instalacións.

2.6.3. PREGOS DE CONDICIÓNNS

Pregos de PRESCRICIÓNs Técnicas Particulares.

Será específico para cada obra, estando constituído por:

- a) *Especificacións de carácter xeral.*
- b) *Especificacións sobre instalacións.*
E para cada unidade de obra que apareza no presuposto:
- c) *Especificacións sobre o material.*
- d) *Especificacións sobre a súa execución.*
- e) *Criterios de medición e valoración.*

2.6.4. MEDICIÓNNS E ORZAMENTO

Acompañaranse os documentos de medicións e presupostos de acordo coas normas que continuación se expoñen:

- a) *Medicións.*

As medicións realizaranse tendo en conta exclusivamente os planos do proxecto de execución proposto e mediante a utilización das medidas acotadas nos mesmos.

Cada unidade de obra estará composta polos apartados que se considere precisos para defini-las partes que o integran.

En xeral recoméndase que se utilice unha referencia ó plano ó que corresponde a medición da unidade e incluso dentro de cada plano unha anotación específica do elemento medido.

As medicións deberán ser consecuentes coa forma de medición establecida no Prego de Prescripcións Técnicas particulares. Estarán expostos de forma ordenada e clara de modo que poida identificarse en calquera caso o elemento medido nos planos.

As medicións estableceranse por capítulos constituídos por unidades homoxéneas e de acordo cunha orde lóxica, segundo o proceso de execución.

As unidades a utilizar na realización das medicións serán, principalmente:

- *Lonxitude m*
- *Volumes m³*
- *Superficie m²*
- *Pesos Kgs*
- *Ud (casos especiais)*

- b) *Cadros de prezos.*

b.1) Un cuadro de prezos nº 1, no que figure o custo de execución material de cada unidade de obra. A cada unidade se lle asignará un número de orde de acordo co apuntado nas medicións.

Neste cadro de prezos deberán incluírse os seguintes aspectos:

- *Prezo en número asignado á unidade en euros.*
- *Descrición detallada da unidade de acordo coa definición adoptada no Prego e medicións.*
- *Prezo en letra asignado á unidade.*
- *Número de orde da unidade.*

O documento ó que se alude deberá incluí-las partidas alzadas.

b.2) Un cadro de prezos nº 2, que comprenderá un desglose de alúmenos:

- *Man de obra.*
- *Materiais.*
- *Medios auxiliares*

No epígrafe "materiais", incluíranse aqueles que conformen basicamente a unidade, determinando unha definición relativa do súa calidade.

competencias en materia de urbanismo e xestión do solo. Toda a actuación que desenvolva debe ir necesariamente a satisfacer unha finalidade pública e dirixida ó interese xeral (artigo 103 CE). O preámbulo da Lei 15/04, anticipa as medidas adoptadas para dar cumprimento o mandato constitucional de garantía dunha vivenda digna e regulación do solo de acordo co interese xeral para impedir a especulación (artigo 47 CE). Entre as medidas adoptadas, se encontra a regulación do alleamento do patrimonio municipal do solo a través do sistema de concurso, no que se valoren criterios como o prezo de venda ou alugamento das futuras vivendas e outros obxectivos de carácter urbanístico non especulativo. Polo tanto a natureza especial do contrato ten o seu fundamento no cumprimento destas finalidades previstas na lexislación e normativa sobre vivenda e urbanismo. A Xurisprudencia e a propia Xunta Consultiva de Contratación Administrativa, están extendendo a natureza administrativa a certos contratos de transcendencia patrimonial. Entre as consecuencias prácticas de calificar o presente contrato como de natureza especial, é que se aplica a lexislación sobre contratos das Administracións Públicas e as normas sobre urbanismo e vivenda con carácter preferente. En consecuencia, a Administración na tutela dos intereses que constitucional e legalmente lle ven atribuídos, pode utilizar todas as facultades de privilexio e superioridade na relación contractual que lle outorga a lexislación de contratos das Administracións Públicas. Entroutras o Concello poderá interpretar o contrato, resolvelo cando se dean certas condicións, impoñer sancións ou penalidades etc...sempre en todo caso respetando o dereito dos adxudicatarios á defensa dos seus intereses.

Segundo.- Procedemento e forma de adxudicación.- No prego de cláusulas administrativas, establecece como procedemento o aberto e a forma o concurso. Polo tanto, dase cumprimento ó previsto no artigo 177 da Lei 9/02, de 30 de xuño. Coa nova redacción dada pola Lei 15/04, se impide a monetarización do aproveitamento legalmente atribuído ó Concello, pese a redacción prevista no artigo 236 da Lei 9/02. Do incumprimento do procedemento establecido se pronunciou no ano 2002 o Tribunal Superior de Xustiza da Rioxá (193/2002-JUR 487/2000) declarando a nulidade dun convenio urbanístico no seguinte sentido: "(...) Los convenios urbanísticos constituyen una manifestación de la participación de los administrados en el ejercicio de las potestades urbanísticas que corresponden a la Administración. El carácter jurídico-público de estas potestades no excluye, en una concepción avanzada de las relaciones entre los ciudadanos y la Administración, la intervención de aquéllos en aspectos de la actuación administrativa susceptibles de compromiso (...) dichos terrenos del patrimonio municipal, ha de aplicarse el artículo 169 <los terrenos pertenecientes al patrimonio municipal del suelo con clauficación adecuada a los fines establecidos en el artículo anterior, serán enajenados en virtud de concurso> y por tanto el citado convenio urbanístico (...) sólo es posible cuando no sean contrarios a normas imperativas (...)". A citada Sentenza foi confirmada polo Tribunal Supremo.

Terceiro.- Criterios de adxudicación do contrato.- Os criterios de adxudicación contidos no prego de cláusulas administrativas consisten na valoración do prezo ofertado polo aproveitamento, o menor prezo sobre o máximo de alleamento das fincas resultantes, a participación no aproveitamento da parcela e o menor prezo de aluguer das fincas resultantes. Trátanse de criterios de adxudicación obxectivos que observan os principios básicos da contratación administrativa de concurrencia, igualdade e non discriminación, todo elo de acordo co previsto no artigo 86 do real decreto lexislativo 2/2.000. Considéranse como desproporcionadas as ofertas que incrementen o prezo de adxudicación nun 10% evitando deste xeito un alza excesivo do prezo do solo que poida despois ser repercutida no adquirente das vivendas.

Cuarto.- Contido mínimo dos pregos de cláusulas administrativas previsto no artigo 177 da Lei 9/02.- De acordo coa nova redacción dada pola Lei 15/04 ó artigo 177 da Lei 9/02, o prego de alleamento de patrimonio municipal do solo ten un contido mínimo. O mesmo é abordado no prego de cláusulas administrativas, con medidas tales como o establecemento dos prazos para o inicio e a terminación da obra -pese a que se trata dun aproveitamento municipal adxudicado en proindiviso con outros propietarios, o dereito de tanteo e retracto, establecemento de prezo final máximo da vivendas de resultado e do propio aproveitamento, regulación do prezo máximo de aluguer, regulación de certas causas de resolución dos contratos, imposición de penalidades etc... En relación coa proposta asinada polo Concelleiro delegado de urbanismo e o Xerente municipal de data 2.01.06, trae causa no presente prego na omisión do establecemento dun prezo máximo de alleamento das vivendas resultantse. Non obstante, si que se fixan certas limitacións e medidas para evitar alzas excesivas do prezo da vivenda. A proposta aludida basease primordialmente na inaptitude de determinado solo para o cumprimento das finalidades propias do patrimonio municipal do solo. Utilizando como referencia os índices máximos de repercusión do solo para a promoción de vivenda protexida tanto estatal como autonómica (real decreto 801/2005, de 1 de xullo, real decreto 3148/78, de 10 de novembro, Decreto da Xunta de Galicia 257/2004, de 29 d e outubro etc...), se fixan uns criterios para a xestión e alleamento do patrimonio municipal.

Quinto.- Valoración do aproveitamento atribuído ó Concello.- Tendo en conta o previsto no artigo 177.2 da Lei 9/02, o patrimonio municipal do solo non se poderá allear por prezo inferior ao do seu aproveitamento urbanístico. Consta no expediente informe de valoración do mesmo emitido polo arquitecto técnico municipal da oficina de planeamento e xestión de data 29.07.05. Valorase o mesmo en 432.906,68 €, máis o IVE que corresponda.

Sexto.- Necesidade de que a participación do Concello no aproveitamento da parcela esté depurado xurídicamente.- En atención ó disposto na lexislación patrimonial das Administracións Públicas, con carácter previo á aprobación do expediente de contratación, deberá depurarse física e xurídicamente o aproveitamento do Concello. O mesmo está inscrito no Rexistro da Propiedade, dada o acceso do proxecto de equidistribución ó mesmo.

Séptimo.-Destino dos recursos obtidos no alleamento do patrimonio municipal do solo.- Dada a súa condición de patrimonio afecto a unhas determinadas finalidades, o importe do alleamento deberá ir destinado ás finalidades previstas no apartado 1º do artigo 177 da Lei 9/02.

Séptimo.- Órgano de contratación.- De acordo co previsto nos estatutos da Xerencia Municipal de Urbanismo, o decreto de delegación de competencias na Xunta de Goberno Local nos órganos da XMU e o artigo 127.1.f da Lei 7/85, de 2 de abril (redacción dada pola Lei 57/03, de 16 de decembro), a competencia para a aprobación do expediente e a adxudicación do mesmo corresponde ó Consello da XMU. Non obstante, tendo en conta a ausencia de sesións do Consello da XMU e, en aras dunha axilización do procedemento de alleamento de aproveitamentos municipais que non son aptos para a finalidade primeira do patrimonio municipal do solo, non existe inconveniente na avocación da competencia para este acto concreto.

Por todo elo, en atención o previsto no artigo 67 do real decreto lexislativo 2/2.000, de 16 de xuño, propónse a adopción do presente acordo:

1.- Aprobar o prego de cláusulas administrativas contida no anexo do presenete informe e consecuentemente proceder á apertura do procedemento de adxudicación.

2.- Proceder á publicación de anuncio no Boletín oficial da provincia de Pontevedra e no Diario oficial de Galicia. Consonte o artigo 122.2 do real decreto lexislativo 781/86, de 18 de abril, a exposición do prego de cláusulas administrativas particulares e do anuncio para a presentación de proposicións realizarase conxuntamente, puidéndose presentar reclamacións contra o prego durante os 8 días hábiles seguintes á publicación do anuncio.

Xúntase ao informe o anexo que consta na parte dispositiva deste acordo.

Acordo

A Xunta de Goberno local, de acordo co precedente informe-proposta, acorda:

1º.- Aprobar o prego de cláusulas administrativas contida no anexo que de seguido se transcribe e consecuentemente proceder á apertura do procedemento de adxudicación.

2º.- Proceder á publicación de anuncio no Boletín oficial da provincia de Pontevedra e no Diario oficial de Galicia. Consonte o artigo 122.2 do real decreto lexislativo 781/86, de 18 de abril, a exposición do prego de cláusulas administrativas particulares e do anuncio para a presentación de proposicións realizarase conxuntamente, puidéndose presentar reclamacións contra o prego durante os 8 días hábiles seguintes á publicación do anuncio.

ANEXO I-PREGO DE CONDICIÓN ECONÓMICO-ADMINISTRATIVAS PARA O ALLEAMENTO DO APROVEITAMENTO URBANÍSTICO CORRESPONDENTE Ó CONCELLO INTEGRADO NA "UE V-E PERI Aragón-Travesía de Vigo" INTEGRANTE NO PATRIMONIO MUNICIPAL DO SOLO.

1. OBXECTO DO CONTRATO

Constitúe o obxecto do presente prego de cláusulas administrativas a regulación do procedemento licitatorio polo que se vai rexer o alleamento do aproveitamento urbanístico da parcela que a continuación se describe:

Emprazamento da parcela.- Aproveitamento atribuído ó Concello correspondente ó 10% derivado da aprobación do proxecto de equidistribución da UA V-E PERI IV-05 Aragón-Travesía de Vigo (expte. 4605/401). Participación proindivisa nunha parcela que representa un total 183,593 m2.

Porcentaxe de participación pertencente ó Concello.-10% dunha edificabilidade total de 1.835,93 m2 (183,59 m2)

Descrición urbanística.- Uso previsto residencial sendo a ordenanza de aplicación a 1.2 Edificación aberta-grado A e B.

As restantes circunstancias urbanísticas e relativas á propiedade e a depuración física e xurídica da parcela obran no expediente que se poderá consultar nas dependencias do servizo de xestión e planeamento desta Xerencia.

Para os efectos do presente prego de cláusulas administrativas, enténdese como anexo inseparable de cada vivenda, unha praza de aparcamento e un rocho, con independencia de que non se teñan en conta para os efectos de determinar o prezo máximo de alleamento (apartado 17.5.2).

No proxecto constructivo deberá procurarse que as fincas resultantes que deban estar sometidas ó réxime previsto no presente prego de cláusulas administrativas, teñan independencia con respecto o resto da propiedade.

2. NATUREZA XURÍDICA.

O contrato que regula o presente prego de cláusulas administrativas ten natureza especial de acordo co previsto nos artigos 5.2.b e 8 do real decreto lexislativo 2/2000, de 16 de xuño, polo que se aproba o texto refundido da lei de contratos das Administracións públicas, en adiante LCAP.

3. PROCEDEMENTO E FORMA DE ADXUDICACIÓN.

De acordo co previsto no artigo 177.2 da Lei 9/2002, de 31 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia (modificada pola Lei 15/04, de 30 de decembro), en adiante LOUG, o procedemento a utilizar é o aberto e a forma de adxudicación o concurso. De acordo coa proposta asinada polo Xerente municipal de Urbanismo e o propio Concelleiro delegado de urbanismo de data 02.01.05, descártase a utilización do presente aproveitamento para destinalo a vivenda sometida a algún réxime de protección.

4. TIPO DE LICITACIÓN.-

Segundo o disposto no artigo 177.2 da LOUG, o alleamento dos bens do patrimonio público do solo non será por prezo inferior ó do seu aproveitamento urbanístico, de xeito que as ofertas o serán polo tipo ó alza, sendo desbotadas as proposicións por debaixo do mesmo.

De acordo coa valoración realizada polos servizos técnicos municipal o tipo de licitación será o seguinte: 154.463,45 €. Dada a repercusión do solo no produto inmobiliario, óptase por realizar unha política de alzas inxustificadas de prezos, sen que sexa necesario someter o alleamento do aproveitamento nun réxime de protección diferente o previsto no presente prego de cláusulas administrativas.

O IVE engadirase ó prezo de adxudicación ó efectuarse a mesma.

5. GASTOS.

Serán de conta do adxudicatario todos os impostos e gastos de calquera tipo que deriven do presente contrato, incluídos os de publicación así como os de outorgamento da escritura pública e as súas copias e os correspondentes á inscrición no Rexistro da Propiedade. A acreditación do pago dos anteditos gastos deberá

xustificarse segundo o disposto na condición 12ª. O importe máximo dos gastos que deberá asumir o adxudicatario é de 1.000 €.

6. GARANTÍAS.

6.1. Garantía provisional.

Para poder concorrer ó concurso os licitadores deberán constituir unha garantía provisional, equivalente ó 2% do tipo de licitación incrementado polo IVE correspondente, por un importe 3.583,55 euros.

6.2. Garantía definitiva.

Unha vez adoptado o acordo de adxudicación será notificado ó interesado para que no prazo de quince días deposite a garantía definitiva correspondente ó 4% do importe de adxudicación incrementado polo IVE.

6.3. Formas.

As garantías serán prestadas nas formas previstas na LCAP e no do Real Decreto 1.098/2.001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas, en adiante RCAP.

Para a admisión de garantía provisional e definitiva, os avais deben ser solidarios respecto ó obrigado principal, con renuncia expresa ó beneficio de excusión e pagadeiro ó primeiro requerimento da Tesourería municipal. Así mesmo, deberá ser de duración indefinida, permanecendo vixente ata que se resolva expresamente a procedencia da súa devolución.

6.4. Devolución e incautación.

As garantías serán incautadas ou devoltas nos termos previstos no presente prego e na LCAP e no RCAP.

7. REQUISITOS DE CAPACIDADE

Poderán presentar proposicións as persoas naturais ou xurídicas, españolas ou extranxeiras que teñan plena capacidade de obrar e acrediten a súa solvencia económica e financeira e técnica ou profesional e non estean afectadas por ningunha das circunstancias que enumera o artigo 20 da LCAP e concordantes do RCAP.

Asemade poderán presentar proposicións as unións de empresarios nos termos previstos no artigo 24 da LCAP e concordantes do RCAP, a duración desta será coincidente ca do contrato ata a total extinción das obrigas previstas no presente prego.

8. EXPOSICIÓN SIMULTÁNEA DO PREGO DE CLÁUSULAS ECONÓMICO-ADMINISTRATIVAS E DO ANUNCIO PARA A PRESENTACIÓN DE PROPOSICIÓN.

Consonte o artigo 122.2 do real decreto legislativo 781/1986, de 18 de abril, a exposición do prego de cláusulas administrativas particulares e do anuncio para a presentación de proposicións realizarase conxuntamente, puidéndose presentar reclamacións contra o prego durante os 8 días hábiles seguintes á publicación do anuncio. A licitación suspenderase no suposto de que se formularen reclamacións contra o prego e reanudarase polo prazo que reste a partires do día seguinte ó da resolución daquelas.

9. PRESENTACIÓN DE OFERTAS.

9.1. Lugar e prazo de presentación.

As proposicións para tomar parte da licitación presentaranse en dous sobres pechados, no Rexistro Auxiliar da Xerencia Municipal de Urbanismo, de luns a venres de 9.00 a 13.30 e sábados no Rexistro Xeral do Concello, de 9.00 a 13.00.

O prazo de presentación será de 26 días hábiles contados a partires do seguinte ó da derradeira publicación, ben no BOP ou no DOG.

Cando as proposicións se envíen por correo, o empresario deberá xustificar a data de imposición do envío na oficina de correos e anunciar ó órgano de contratación a remisión da oferta por fax ou telegrama no mesmo día. Sen a concurrencia de ambos requisitos non será admitida a proposición se é recibida polo órgano de contratación con posterioridade á data de terminación do prazo. Transcurridos, non obstante, 10 días naturais seguintes á indicada data sen ser recibida a proposición, ésta non será admitida en ningún caso.

9.2. Forma.

Os licitadores presentarán dous sobres pechados e asinados por eles mesmos ou persoa que os represente, nos que se indicarán ademáis da razón social e denominación da entidade concursante, o título de "PROCEDIMENTO LICITATORIO DE ALLEAMENTO DO APROVEITAMENTO URBANÍSTICO CORRESPONDENTE Á "UE V DO PERI ARAGÓN-TRAVESÍA DE VIGO" INTEGRANTE NO PATRIMONIO MUNICIPAL DO SOLO". Estes sobres conterán: o primeiro, "SOBRE A", a documentación esixida para tomar parte na licitación; o segundo, "SOBRE B", a proposición económica e técnica axustada ó modelo que se inclúe neste prego e demais documentación que se detalla no ANEXO I.

1.2.1 A) "SOBRE A: DOCUMENTACIÓN ADMINISTRATIVA".

En dito sobre, deberán incluírse obrigatoriamente os seguintes documentos:

- a) *Capacidade de obrar dos empresarios que fosen persoas xurídicas acreditada mediante escritura de constitución e de modificación, se é o caso, inscritas no Rexistro Mercantil, cando este requisito fose esixible conforme á lexislación mercantil que sexa de aplicación. Se non o fose, a acreditación da capacidade de obrar realizárase mediante escritura ou documento de constitución, estatutos ou acto fundacional, no que consten as normas polas que se regula a súa actividade, inscritos, se é o caso, no correspondente Rexistro oficial. No suposto de concorrer un empresario individual acompañará o Documento Nacional de Identidade.*
- b) *Declaración responsable de non estar incurso o licitador nas prohibicións para contratar recollidas no artigo 20 de la Lei de Contratos, que comprenderá expresamente a circunstancia de atoparse ó corrente do cumprimento das obrigacións tributarias e coa Seguridade Social impostas por las disposicións vixentes. A acreditación desta circunstancia poderá facerse por cualquera dos medios sinalados na normativa de contratación pública.*
- c) *Poder debidamente bastateado ó efecto a favor das persoas que comparezan ou asinen proposicións en nome doutro. Se o licitador fose persoa xurídica, este poder deberá figurar inscrito no Rexistro Mercantil.*
- d) *Resgardo de depósito da garantía provisional ou aval polo importe previsto no presente prego.*
- e) *Os que xustifiquen os requisitos de solvencia económica, financeira e técnica ou profesional, e, de xeito preferente:*
 - *Informe de institucións financeiras ou, se é o caso, xustificante da existencia dun seguro de indemnización por riscos profesionais.*

- *Relación das principais actuacións ou promocións de edificacións de vivendas executadas nos anteriores anos.*

Non obstante esta acreditación poderase realizar por calquera medio establecido nos artigos 16 e 18 de la Lei de Contratos.

f) *Unha relación de todos os documentos incluídos neste sobre.*

1.2.2 B) "SOBRE B: PROPOSICIÓN ECONÓMICA-TÉCNICA".

Presentarase según o modelo incluído no anexo I e obrigatoriamente deberá ser asinada pola persoa que teña a representación que corresponda.

NOTA: O licitador poderá presentar a documentación esixida mediante orixinais ou mediante copias destes debidamente validados, ben por Notario ou ben compulsados por funcionario desta Administración habilitado para o efecto.

9.3. Vinculación do licitador ó presente prego.

A presentación de proposicións presume por parte do licitador a aceptación incondicionada das cláusulas deste prego e a declaración responsable de que se reúnen todas e cada unha das condicións esixidas para contratar coa Administración.

O feito de presentar unha proposición para o concurso constitúe o licitador na obrigaón de cumprir o contrato que lle fose definitivamente adxudicado.

10. CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN.

Para a adxudicación do concurso, terase en conta o contido mínimo do artigo 177 da Lei 9/02, de 31 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, que se describen a continuación, por orde decrecente de importancia, tal e como se prescribe no artigo 86 do real decreto lexislativo 2/2000, de 16 de xuño.

10.1.- *Maíor prezo sobre o tipo de licitación do aproveitamento urbanístico derivado da participación do Concello na parcela descrita na cláusula primeira do prego de condicións (de 0 a 10 puntos).*

Valorarase o presente punto en función da porcentaxe de incremento do prezo tipo de licitación, ata un máximo de 10 puntos. Quedarán excluídas as ofertas que propoñan a adquisición por un prezo superior ó 10% sobre o tipo de licitación.

10.2.- *Menor prezo sobre o prezo máximo de alleamento das fincas resultantes correspondentes ó aproveitamento urbanístico do Concello por metro cadrado útil (de 0 a 5 puntos).*

Valorarase o presente punto en función da porcentaxe de rebaixa do prezo estimado de alleamento de metro cadrado de superficie útil. Quedarán excluídas as ofertas que propoñan o alleamento dos pisos resultantes por un prezo inferior ó 10% sobre o estimado e contido na cláusula 17.5.2 do presente prego.

10.3 *Participación no aproveitamento da parcela (de 0 a 5 puntos).*

Naquel caso que o licitador sexa titular dun dereito sobre a parcela que supoña unha porcentaxe sobre o aproveitamento materializable maior ó 50%, asignaráselle unha puntuación de 5 puntos. Cando a porcentaxe de participación é inferior ó 50% pero superior ó 20%, outorgaráselle unha puntuación de 2.5 puntos. Para particións inferiores ó 20%, corresponderalle unha puntuación de 1 punto.

10.4.- *Menor prezo de aluguer das fincas resultantes correspondentes ó aproveitamento urbanístico do Concello (de 0 a 2 puntos).*

Será obxecto de valoración cunha puntuación máxima de dous puntos, en función do porcentaxe de rebaixa do prezo máximo de aluguer contido na cláusula 17.5.3.

11. MESA DE CONTRATACIÓN.-

A Mesa de contratación estará composta polos seguintes membros:

Presidente: O Vicepresidente da XMU.

Vocais: O Secretario da XMU.

O Interventor da XMU.

O Xerente da XMU.

Un/unha arquitecto/arquitecta municipal da oficina de planeamento e xestión urbanística da XMU.

O Xefe dos servicios centrais da XMU.

Secretario: Un/unha funcionario/a administrativo/a da Secretaría da XMU.

12. ACTO DO CONCURSO.

A Mesa de licitación constituirase no salón de xuntas da XMU ás 12 horas do décimo día hábil seguinte ó que finalice o prazo de presentación de proposicións, estimándose inhábiles a estes efectos os sábados. Non obstante, a Mesa poderá constituirse dúas horas antes para os efectos de apertura do sobre A.

Dada lectura do anuncio, a Presidencia advertirá ós que concorran que poden examinar as plicas presentadas, cotexas cos respectivos asentos do Libro de Rexistro, solicitar as aclaracións e formular as observacións que estimen pertinentes ata o momento en que comece a apertura dos sobres, unha vez comezado este acto non se admitirá interrupción ningunha.

A Presidencia abrirá, en primeiro lugar, o sobre A, examinará a documentación esixida para concursar asistido do Secretario e rexeitará aquelas propostas que non reúnan os requisitos establecidos para concursar, procedendo segundo o establecido no artigo 81 do RCAP.

En segundo lugar, abrirá o sobre que contén a proposición económica e demais criterios fixados no presente prego, procedendo segundo o establecido nos artigos 83 e 84 do RCAP.

A existencia de defectos subsanables na documentación esixida para concorrer non suspenderá a apertura do sobre "B", salvo a daqueles licitadores que fosen excluídos por adolecer de defectos non subsanables.

Se como consecuencia das protestas formuladas resultase excluído o mellor oferente, proporase a adxudicación do concurso á seguinte mellor oferta.

Se resultase empate entre as mellores ofertas, seleccionarase aquela que prevea un menor prezo de venda e aluguer sobre o máximo establecido. En caso de persistir o empate procederase por sorteo.

A proposta de adxudicación quedará condicionada a que o licitador proposto acredite no prazo de cinco días hábiles a contar dende a recepción da notificación do requirimento que se lle faga de estar ó corrente do cumprimento das súas obrigas tributarias e da Seguridade Social. Asemade, en igual prazo, achegará o xustificante de pago do importe dos anuncios derivados da licitación.

Se da documentación achegada resultase que o licitador proposto está incluído en prohibición de contratar, farase nova proposta de adxudicación a favor do licitador que obtivese a seguinte mellor puntuación.

Poderá a Presidencia establecer un ou varios periodos de descanso na celebración do acto cando por razóns de diversa índole o estime convinte.

13. RECLAMACIÓNS.

Se algunha solicitude ou documentación fose rexeitada por non axustarse ó prego de condicións e se formulase proposta ou reclamación polo autor da mesma, reservará a Mesa a documentación presentada para que á súa vista poida o órgano competente acordar o que proceda.

14. ACTA.

A acta de licitación extenderase polo Secretario, que fará constar necesariamente: o lugar, día e horario en que se celebre o acto, a composición da Mesa, o número total da documentación presentada co nome dos licitadores, expresión das admitidas, relación das rexeitadas, consignando as protestas ou reclamacións formuladas durante o acto de licitación e o nome dos que as promovesen, uníndose tamén á acta as ofertas que se realizasen e a proposta de adxudicación.

A Acta conterá, se é o caso, as propostas ou reclamacións que exclusivamente sobre o seu contido ou redacción fíxesen ós interesados, será asinada polos membros que constitúen a Mesa, así como polos licitadores reclamantes. Por razóns de funcionalidade, materiais ou de tempo, a acta poderá redactarse en momento posterior ó levantamento da sesión.

15. DEVOLUCIÓN DA DOCUMENTACIÓN.

A documentación dos licitadores, a excepción da que corresponda ó sinalado como mellor oferente e a daqueles que promovesen protestas, devolverase ós interesados no prazo de 3 meses, a contar dende o seguinte ó da notificación da adxudicación definitiva, asinando o retirei da mesma o pé do escrito solicitando tomar parte no concurso. Estes escritos e todos aqueles en que se consignaron as posturas promovidas, uniranse ó expediente do concurso.

Transcorrido o prazo dun ano dende a presentación da documentación achegada polos licitadores sen que procedesen á súa recollida, a Administración poderá dispoñer a súa destrución.

16. APROBACIÓN.

A acta da Mesa de contratación coa proposta de adxudicación, previa fiscalización pola Intervención municipal, xunto co informe-proposta sobre as reclamacións ou protestas plantexadas elevarase ó órgano competente para a súa resolución. O acordo de adxudicación notificarase a todos os licitadores.

17. OBRIGAS DO ADXUDICATARIO.

17.1. Constitución e devolución da garantía definitiva.

O adxudicatario deberá constituir a garantía definitiva no prazo improrrogable de quince días, contados desde que se lle notifique a adxudicación do contrato nos termos que se recollen no presente prego.

A garantía definitiva será devolta unha vez sexan comunicadas a esta Administración as primeiras vendas de todas as vivendas construídas, en todo caso nunca será devolta antes de ser obtida a licenza de primeira ocupación. No caso de que se produza a cesión do contrato, o cesionario deberá constituír nova garantía definitiva.

17.2. Pago do prezo.

O importe do prezo que o adxudicatario abonará ó Concello será o que figure no acordo de adxudicación definitiva, de conformidade co resultado da adxudicación.

O pago do prezo poderá realizarse en dous prazos:

a) Nun prazo de 30 días contados desde a notificación da adxudicación definitiva achegarase o importe do 50% do total do prezo incluída a parte correspondente ó IVE.

b) O resto farase efectivo no mesmo día de formalización da escritura pública.

Os pagos faranse mediante talón bancario ou transferencia ó número de conta 20800000770040254209 (titular XMU do Concello de Vigo, CIF P 8605706D).

17.3. Elevación a pública da escritura.

O contrato formalizarase en escritura pública no prazo de tres meses a contar dende a notificación ó interesado do acordo de adjudicación definitiva. A estes efectos o adxudicatario deberá concorrer o día e hora sinalado a tales efectos e perante o notario que por turno de reparto corresponda.

17.4. Variacións na parcela obxecto de alleamento.

A venda realízase en concepto de "corpo certo", polo que non caberá reclamación ningunha por posibles variacións, tanto na superficie como no volume edificable que puideran xurdir a consecuencia da aplicación das ordenanzas vixentes, nin como consecuencia das condicións xeolóxicas, topográficas, arqueolóxicas ou calquera outra análoga que puidera encarecer ou limitar a construción.

17.5. Condicións especiais esixidas ó abeiro do artigo 177 da LOUG.

17.5.1 Prazo de edificación.

- a) Deberá solicitarse licenza de construción nun prazo máximo de 1 ano.
- b) A obra deberá iniciarse no prazo improrrogable de seis meses a contar desde a notificación do outorgamento da licenza.
- c) A obra deberá finalizarse no prazo improrrogable de tres anos a contar desde a notificación do outorgamento da licenza.

17.5.2. Prezo final máximo de venda das vivendas resultantes e índice de referencia para a súa actualización.

Con posterioridade á formalización da declaración de obra nova ou en construción, ou en todo caso, da obtención da licenza de primeira ocupación, o alleamento das fincas resultantes da constitución da propiedade horizontal estará suxeito ó seguinte réxime de prezos:

O prezo final máximo por metro cuadrado de superficie útil vendrá dado pola aplicación á cuantía de 2.210 €/m² a seguinte porcentaxe:

- No caso do primeiro alleamento, a porcentaxe de variación do precio básico nacional previsto no artigo 2.11 do real decreto 801/2005, entre a data de adjudicación e a de formalización en escritura da compravenda.
- En sucesivos alleamentos, a porcentaxe de variación entre do precio básico nacional previsto no artigo 2.11 do real decreto 801/2005, entre a data do último alleamento e a de formalización en escritura de compravenda.

Enténdese no presente prego por superficie útil a do solo, delimitado polo perímetro definido pola cara interior dos cerramentos externos ou dun elemento dun edificio. Inclúese a metade da superficie do solo dos seus espazos exteriores de uso privativo cubertos (tales como terrazas, balcóns, tendedeiros, muelles de carga, voladizos, etc...) medida baixo a proxección horizontal da súa cuberta. Sen embargo, nesta superficie non se inclúe a ocupada en planta polos cerramentos interiores fixos, por elementos estruturais verticais, por canalizacións ou conductos con sección horizontal superior ós 100 cm² e a do solo cuxa altura libre sexa inferior a 1,5 metros. Tampouco se inclúen a ocupada polos espazos exteriores non cubertos. O prezo de alleamento dos anexos inseparables (rochos e prazas de garaxe), non poderá exceder do 60% do prezo máximo de venda por metro cuadrado de superficie útil de vivenda.

Previamente á determinación das fincas que estarán sometidas o presente réxime, deberá fixarse o número de vivendas que corresponde en función da porcentaxe do aproveitamento enaxenado. Procurarase que a porcentaxe de aproveitamento enaxenado sexa equivalente a un número enteiro de vivendas e sempre en uso residencial. Con ocasión do outorgamento da licenza de construción se determinarán as vivendas que están sometidas o presente réxime e incluso o Concello poderá dirixirse á promoción co gallo de que reaxuste o

número de vivendas ó aproveitamento enaxenado. A determinación concreta das fincas que estarán sometidas o presente réxime se realizará a proposta do promotor/es coa conformidade do Concello.

17.5.3. Prezo final máximo de aluguer e índice de referencia para a súa actualización.

O prezo máximo de aluguer será o seguinte: a renda anual non poderá superar o 4 % do prezo da vivenda e anexos inseparables ou inferior proposto polo adxudicatario. A renda será revisada cada dous anos no 50% da modificación que nese período experimente o índice 3.1 "vivendas de alugueiro" publicado polo INE.

17.5.4. Prohibicións doutras percepcións.

Queda prohibida a percepción de calquera sobreprezo, prima ou cantidade distinta á que legal e regulamentariamente corresponde satisfacer ó comprador de vivendas.

17.5.5. Condicións que impiden posteriores alleamentos por prezo superior ao de adquisición.

A. Cesión do contrato.

O adxudicatario non poderá transmitir o obxecto do contrato sen autorización do Concello, de tal xeito que deberá ser quen promova a edificación, e no seu caso, a venda das fincas resultantes. Naquel caso de que se pretenda o exercicio da facultade de retracto prevista no artigo 1522 do Código civil, o Concello tomará razón da transmisión, quedando o adquirente na posición do adxudicatario en todas as obrigas contidas no presente prego. No presente caso será de aplicación igualmente o apartado e) do seguinte párrafo.

Excepcionalmente, o Concello poderá autorizar o alleamento do aproveitamento que lle corresponda sempre que se den as seguintes circunstancias:

- a) Sometemento á autorización municipal previa á formalización do alleamento.
- b) Que o transmitente teña executadas un 20% das unidades de obra contidas no proxecto de execución.
- c) O adquirente deberá ter capacidade para contratar coa Administración e a solvencia esixida nos artigos 15 a 20 do Real decreto lexislativo 2/2000, de 16 de xuño.
- d) A transmisión do contrato deberá formalizarse en escritura pública, na que necesariamente se fará mención a que o cesionario quedará subrogado en todos os dereitos e obrigas que correspondan o cedente.
- e) En ningún caso o prezo de cesión do contrato será superior o prezo de adxudicación incluído IVE, sen prexuízo da súa actualización en proporción ó Índice correspondente publicado polo INE.

O Concello poderá acordar a autorización da cesión ou exercitar o dereito de tanteo e retracto previsto no apartado C. do punto 17.5.5.

B. Prazo de suxeición dos alleamentos e alugueres das vivendas ós prezos máximos establecidos no presente prego.

O alleamento e aluguer das vivendas resultantes estará suxeito ós límites dos prezos máximos establecidos no presente prego durante un prazo de quince anos a contar desde o día seguinte á notificación do outorgamento da licenza de primeira ocupación.

C. Dereitos de tanteo e retracto.

Sen prexuízo do previsto no presente prego para a cesión do contrato, o Concello resérvase por un prazo de quince anos dende o día seguinte á notificación da licenza de primeira ocupación, un dereito de tanteo e retracto das posteriores transmisións onerosas das fincas resultantes. Xustifícase a mesma en base o previsto nos artigos 177 e seguintes da LOUG para a protección-ampliación do patrimonio municipal do solo e das súas finalidades.

Esta facultade deberá ser expresamente recollida na escritura pública e contida no Rexistro da Propiedade.

Os propietarios das fincas gravadas co dereito de tanteo e retracto, deberán notificarlle ó Concello a decisión de allealas, con expresión do prezo e forma de pagamento proxectados e restantes condicións esenciais da

transmisión, para o total da vivenda (incluíndo os anexos inseparables que se mencionan nas obrigas específicas), así como os tributos que legalmente correspondan o comprador, os efectos do posible exercicio do dereito de tanteo, durante un prazo de sesenta días naturais, contado dende o seguinte ó da notificación.

De acordo co previsto na Lei 4/2003, de 29 de xullo, de Vivenda de Galicia, en ningún caso poderá impoñerse o comprador como parte do prezo de venda os gastos correspondentes ó outorgamento da declaración de obra nova e división horizontal, cancelación de cargas e outros análogos que as disposicións legais aplicables atribúen ó vendedor.

Estarán suxeitas o dereito de tanteo e retracto as primeiras e sucesivas transmisións inter vivos, sexan estas gratuitas ou onerosas, voluntarias ou como consecuencia dun procedemento de execución patrimonial. Non existirá tal dereito, nas donacións ou apartamentos sucesorios entre ascendentes e descendentes, ou nos casos de liquidación da sociedade de gananciais.

O Concello poderá exercitar o dereito de retracto cando non se lle fisexe a notificación aludida con anterioridade, se omitise nela calquera dos requisitos esixidos ou resultase inferior o prezo efectivo da transmisión ou menos onerosas as restantes condicións desta. O Concello poderá exercitar o dereito no prazo de sesenta días naturais contados dende a notificación da transmisión efectuada, que o cesionario deberá facer ó Concello mediante copia da escritura ou documento no que se formalizase. Non se poderán inscribir no Rexistro da Propiedade as transmisións efectuadas sen a acreditación da realización das notificacións consideradas con anterioridade.

Calquera operación societaria de fusión, escisión, ampliación de capital etc...da persoa xurídica que no seu caso sexa adxudicataria do contrato, será comunicada á XMU, de tal xeito que a XMU tome coñecemento da mesma e valide a vixencia do contrato.

17.6. Requirimentos.

O adxudicatario deberá dar debido cumprimento ós requirimentos que se lle fagan dende o Concello, tanto derivados do presente concurso, como os necesarios para a obtención da licenza de obra.

17.7. Obrigación de información ós adquirentes ou arrendatarios sobre as condicións específicas derivadas do presente prego.

Nos contratos de alleamento de vivendas de futura construción ou terminadas, deberá incluírse unha cláusula na que se informe á parte adquirente que a parcela pertenceu ó Patrimonio Municipal do Solo, e que está gravada cunha serie de condicións contidas no prego de condicións.

17.8. Obrigación de notificar ó Concello do depósito da fianza e inscrición do arrendamento.

Naquel caso que se pretenda o aluguer das vivendas suxeitas ás estipulacións do presente prego de condicións, o arrendador ou subarrendador deberán depositar a fianza no Instituto Galego da Vivenda e Solo e inscrición do arrendamento no Rexistro de Contratos de arrendamento de vivendas e fincas urbanas do IGVS. Tanto do depósito da fianza como da inscrición aludida, con anterioridade, darase conta de xeito inmediato ó Concello. As limitacións para o alugamento vencen ós 15 anos dende a notificación da obtención da licenza de primeira ocupación.

18. CAUSAS DE RESOLUCIÓN DO CONTRATO.-

Serán causa de resolución do contrato, ademais das previstas no artigo 8.3 e 111 do real decreto legislativo 2/2000, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos das Administracións Públicas, as seguintes:

- a) Demora no cumprimento dos prazos por parte do adxudicatario. En concreto, os seguintes:
 - Incumprimento do prazo dos ingresos do prezo de adxudicación previstos no apartado 2º do artigo 17.
 - Incumprimento do prazo previsto para o depósito da garantía definitiva.

- b) *Non comunicación da primeira transmisión das vivendas resultantes da edificación.*
- c) *Incumprimento do prezo máximo de aluguer cando sexa o arrendador sexa o adxudicatario do presente contrato.*

Os efectos da resolución do contrato, serán os previstos no artigo 113 do rdlex. 2/2000. En todo caso, a parcela licitada e as súas accesións, revertirán automaticamente ó Patrimonio Municipal do Solo do Concello de Vigo, para o cal poderá inscribi-la o seu nome no Rexistro da Propiedade, acreditando o cumprimento da condición resolutoria por calquera dos medios admitidos en dereito, así como o acordo que poña fin ó expediente de resolución do contrato.

En caso de que o adxudicatario renunciara en cualquier momento á parcela, produciranse as seguintes consecuencias:

- a) *Se a renuncia con anterioridade á adxudicación definitiva deberá ingresar na caixa da Corporación o 10% do prezo ofertado en concepto de danos e perdas.*
- b) *Se a renuncia se producira con posterioridade á adxudicación definitiva serálle incautado como mínimo o 15% do prezo da adxudicación como penalidade polos danos e perdas ocasionados á Corporación.*

19. CONSECUENCIAS DE NON SOLICITAR A LICENZA DE CONSTRUCCIÓN NO PRAZO ESTABLECIDO NO PRESENTE PREGO.

Naquel caso que o adxudicatario non solicite a licenza de construción no prazo dun ano dende a notificación da adxudicación do contrato, o Concello promoverá a inscrición da totalidade da parcela no futuro Rexistro municipal de solares de edificación forzosa, tal e como se establece nos artigos 188 e seguintes a LOUGA e o D. 635/64, de 5 de marzo. Transcurridos dous anos sen que se lle dea cumprimento o deber de edificar, a Administración decretará a edificación forzosa do soar, de maneira directa o por medio de axente edificador.

20. INTERPRETACIÓN.-

A Administración convocante se reserva a facultade para interpretar as dúbidas que poidan surdir na interpretación do presente prego de condicións.

21. LEXISLACIÓN APLICABLE.-

O alleamento rexirase, en canto ao non previsto neste prego de condicións sobre a súa preparación, competencia e adxudicación, polas disposicións do ordenamento xurídico-administrativo que lle sexan aplicables, e polo dereito civil no referido o seu contido substantivo e efectos.

22. XURISDICCIÓN COMPETENTE.-

Dada a natureza especial do contrato, a xurisdicción competente para coñecer as controversias derivadas dos actos de preparación, adxudicación, efectos e extinción é a contenciosa-administrativa. Todo elo sen prexuízo da potestades que legalmente lle

ASUNTOS FORA DA ORDE DO DIA

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto legislativo 781/1986 de 18 de abril.

17(1075).- REPOSICIÓN DO CESPED DO TERREO DE XOGO DO ESTADIO MUNICIPAL DE BALAIIDOS.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

En relación co informe emitido polo enxeñeiro encargado da asistencia técnica do terreo de xogo do Estadio Municipal de Balaídos no que se fai constar a necesidade de reposición do cesped como consecuencia da existencia dun determinado hongo, a Xunta de Goberno local, tendo en conta a urxencia das actuacións, acorda:

1º.- Ampliar o obxecto do contrato formalizado no seu día coa mercantil CESPÁ para o mantemento do terreo de xogo do Estadio municipal de Balaídos, para cumprir a proposta realizada polo enxeñeiro encargado da asistencia técnica do terreo de xogo do Estadio municipal de Balaídos .

2º.- Instar o inicio dun expediente de modificación de créditos para facer fronte á obriga económica derivada da ampliación contractual acordada.

18(1076).- ROGOS E PREGUNTAS

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, a Sra. presidenta rematou a sesión ás nove horas e corenta e cinco minutos. Como secretaria dou fé.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Lucía Molares Pérez